Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 02/09/2022 09:19:12
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 74

Sesión plenaria
22 de marzo de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DíA

Punto 1. Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia (doc. núm. 1475, 11/SCNP-000003)
(Publicación do ditame e do voto particular BOPG nº 291, do 14.03.2022)

Punto 2. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para una lei de saúde mental de Galicia (doc. núm. 15778, 11/PPLI-000002)
Publicación da admisión a trámite e constitución da comisión promotora, BOPG nº 144, do 26.05.2021
Publicación da proposición de lei, BOPG nº 269, do 02.02.2022

Punto 3. Comparecencia

32138 (11/CPP-000079)
Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar sobre a preocupante situación do sector gandeiro galego polo incremento dos custos de produción
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

Punto 4. Mocións

4.1 32063 (11/MOC-000088)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención integral da saúde das mulleres (Moción consecuencia da Interpelación nº 15953 publicada no BOPG nº 140, do 19.5.2021, e debatida na sesión plenaria do 8.3.2022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

4.2 32129 (11/MOC-000089)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 (Moción consecuencia da Interpelación nº 30681, publicada no BOPG nº 282, do 24.2.2022, e debatida na sesión plenaria do 8.3.2022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

4.3 32155 (11/MOC-000090)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo
Sobre o aumento das verteduras ás rías galegas (Moción consecuencia da Interpelación nº 30758, publicada no BOPG núm. 282, do 24.2.2022, e debatida na sesión plenaria do 8.3.2022)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 14760 (11/PNP-001461)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para regular a Tarxeta Básica e configurala como unha axuda de emerxencia que sirva de ponte cara a outras prestacións sociais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

5.2 25249 (11/PNP-002278)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música
Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 01.12.2021

5.3 28282 (11/PNP-002482)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da regulación por lei do dereito ao acceso da poboación á enerxía
Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 26.01.2022

5.4 30850 (11/PNP-002668)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para manter as medidas de apoio económico dirixidas ás persoas traballadoras autónomas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 281, do 23.02.2022

5.5 31299 (11/PNP-002706)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España das actuacións necesarias para reducir o prezo dos combustibles
Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

5.6 31576 (11/PNP-002726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da convocatoria de axudas aos programas de vivenda estatal 2022-2025
Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 6. Interpelacións

6.1 30608 (11/INT-001514)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre o incremento dos prezos e o seu impacto na economía e nos fogares
Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

6.2 31413 (11/INT-001559)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis
Sobre a promoción de fábricas de compoñentes para a automoción
Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

6.3 31431 (11/INT-001560)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis
Sobre a política da Consellería de Política Social respecto do sector das residencias de maiores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 32216 (11/POPX-000061)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque para facer fronte á situación económica derivada da guerra provocada por Rusia tras invadir Ucraína
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

7.2 32217 (11/POPX-000062)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as medidas que vai impulsar o Goberno galego ante a escalada de prezos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.129411 (11/POP-004436)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e nove deputados/as máis
Sobre a información de que dispón a Xunta de Galicia sobre a situación na que se atopa a planta de Alu Ibérica na Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8.2 31606 (11/POP-004651)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as previsións do Goberno galego respecto das ofertas presentadas polas empresas que optan á compra do estaleiro de Barreras
Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

8.3 32215 (11/PUP-000243)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín
Sobre a opinión do Goberno galego do inminente comezo da construción das fragatas F110 en Ferrol contratadas polo Ministerio de Defensa
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

8.4 32192 (11/PUP-000241)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do proxecto de lei de vivenda estatal que se tramita no Congreso dos Deputados e a súa invasión das competencias autonómicas exclusivas nesta materia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

8.5 31245 (11/POP-004616)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e dous deputados/as máis
Sobre a execución da conexión do eixo de comunicación A 52, fronteira de Portugal
Publicación da iniciativa, BOPG nº 286, do 02.03.2022

8.6 29516 (11/POP-004426)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para reverter a situación de precariedade laboral das persoas acompañantes no servizo de transporte escolar nas liñas concesionadas á empresa Monbus na comarca de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

8.7 28818 (11/POP-004276)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e dous deputados/as máis
Sobre as medidas necesarias para a mellora da sanidade pública da comarca da Mariña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

8.8 29541 (11/POP-004433)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do seu sistema de atención á dependencia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 275, do 10.02.2022

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8.9 32205 (11/PUP-000242)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre a situación crítica na que se atopa a frota pesqueira galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 292, do 16.03.2022

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia do deputado D. Juan Carlos Francisco Rivera e a delegación de voto, con base no artigo 84.7 do Regulamento, no deputado D. Luis Manuel Álvarez Martínez. (Páx. 11.)

A señora Rodil Fernández (BNG) solicita a palabra e intervén para propoñer a inclusión dun novo punto na orde do día, con base no artigo 73.1 do Regulamento, cuxo contido sería a incorporación do documento número 32.178, presentado polo seu grupo parlamentario, no que solicita a comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 11.)

A respecto desta cuestión o señor presidente abre unha rolda de grupos parlamentarios na que intervenen o señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 11.) *e o señor Puy Fraga (P)* (Páx. 12.), *que apoian esta proposta. O señor Puy Fraga propón que substitúa a comparecencia e a rolda de control ao señor presidente previstas na orde do día.* (Páx. 12.)

O señor presidente aclara que a orde do día desta sesión quedaría modificada da seguinte maneira: debate dos textos lexislativos e debate das comparecencias. (Páx. 12.)

Novamente intervén a señora Rodíl Fernández (BNG), que non está de acordo en que o debate das comparecencias implique o decaemento da sesión de control. (Páx. 12.)

O señor Puy Fraga (P) aclara que a súa proposta é para os efectos de ordenar o debate e que as preguntas ao señor presidente tratan do mesmo tema que as comparecencias. (Páx. 12.)

O señor presidente comunica que a orde do día da sesión deste día queda modificada da seguinte maneira: debate dos textos lexislativos e comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 12.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica o voto particular formulado ao ditame. (Páx. 13.)

Presentación do Ditame da Comisión: *Sr. presidente da Comisión non permanente especial de Estudo sobre a Seguridade Viaria en Galicia (Carballo Páez) (P).* (Páx. 13.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 14.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 18.) *e Sr. Ferro Iglesias (P).* (Páx. 21.)

O señor presidente saúda o grupo de alumnos de primaria e os seus docentes presentes na tribuna, procedentes de Lugo. (Páx. 24.)

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre o voto particular: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 24.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 25.) *e Sr. Ferro Iglesias (P).* (Páx. 28.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia

Votación do voto particular formulado ao ditame polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitado por 19 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 30.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 30.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para unha lei de saúde mental de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. representante da Comisión promotora da Proposición de lei, de iniciativa popular, para unha Lei de saúde mental de Galicia (González Novás).* (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 35.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 38.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 41.)

Rolda de réplica: *Sra. representante da Comisión promotora da Proposición de lei, de iniciativa popular, para unha Lei de saúde mental de Galicia (González Novás).* (Páx.45.)

Votación da Proposición non de lei, de iniciativa popular, para unha lei de saúde mental en Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 41 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 46.)

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da escalada de prezos e as consecuencias sociais e económicas que está a ter para as traballadoras e traballadores pequenas e medianas empresas e os principais sectores produtivos de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente saúda o grupo de alumnos de primaria e os seus docentes presentes na tribuna, procedentes de Santiago de Compostela. (Páx. 47.)

Intervención do Goberno: *Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 47.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 61.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 64.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 68.)
Réplica do Goberno: *Sr. presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 71.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 79.) *Nesta rolda interveñen a señora Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 79.), *o señor Álvarez Martínez (S)* (Páx. 81.), o *Sr. Puy Fraga (P)* (Páx. 83.) *e o señor presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo).* (Páx. 85.)

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención integral da saúde das mulleres. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 90.)
Intervención do grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 93.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 97.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 101.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 103.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx.1 04.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 107.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 110.)

A señora Díaz Varela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 113.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre o aumento das verteduras ás rías galegas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 115.)
Intervención do grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 118.) *e Sr. Calvo Pouso (P).* (Páx. 121.)

Nova intervención do señor Arangüena Fernández (S). (Páx. 124.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención integral da saúde das mulleres: r*exeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 126.)

A señora Díaz Varela (S) solicita a palabra e intervén para ler o texto transaccionado sobre a moción que se somete a votación a continuación. (Páx. 126.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021: *aprobado por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 127.)

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre o aumento das verteduras ás rías galegas: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 127.)

Proposición non de lei, do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para regular a tarxeta básica e configurala como unha axuda de emerxencia que sirva de ponte cara ás outras prestacións sociais. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 127.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 128.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 130.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 134.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 137.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 140.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 142.) *e Sr. Rodeiro Tato (P).* (Páx. 145.)

Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 148.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da regulación por lei do dereito ao acceso da poboación á enerxía. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 150.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 151.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 154.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 157.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 161.)

Suspéndese a sesión ás oito e dezaseis minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 17 de marzo de 2022, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificou a inasistencia e a delegación de voto, conforme o disposto no artigo 84.7 do Regulamento, don Juan Carlos Francisco Rivera, e delega o seu voto no portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas, don Luis Manuel Álvarez Martínez.

(A señora Rodil Fernández pide o uso da palabra.)

E sen máis, señora Rodil, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Rodil. Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día.

En base ao artigo 73 do Regulamento, presidente, queriamos solicitar desde o Grupo Parlamentario do BNG a modificación da orde do día deste Pleno para incorporar a comparecencia do presidente da Xunta de Galiza diante da situación social e económica na que se atopa o noso país, froito, entre outras circunstancias, desa escalada brutal de prezos, o impacto que está tendo nos fogares e nos sectores económicos e produtivos do noso país. Cremos que a situación é o suficientemente grave para que se modifique con carácter de urxencia esta orde do día e que se incorpore o documento 32.178, no que solicita o noso grupo a comparecencia do presidente da Xunta, que ademais temos a sorte de que hoxe está aquí. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Bueno. Grazas.

De acordo ao que se recolle no Regulamento, faremos unha rolda sobre esta cuestión que vostede plantexa.

Entón, o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista. Señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Bo día.

Tal e como xa se manifestou na Xunta de Portavoces, apoiamos a petición presentada polo BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Grupo Parlamentario Popular? *(Pausa.)*

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PUY FRAGA: Ben. Moitas grazas, señor presidente.

Estamos de acordo en que a situación desde que celebramos a Xunta de Portavoces se ten deteriorado enormemente e que estamos nunha situación de emerxencia. E cremos, polo tanto, razoable admitir a modificación da orde do día para a comparecencia do presidente.

E eu, dado que imos modificar a orde do día e tendo en conta que no Pleno está prevista unha comparecencia do Goberno, así como o turno de control ao presidente, eu suxeriría que se substanciase no momento en que estaba prevista a comparecencia do Goberno. É dicir, substituír a prevista na orde do día por isto, dando por entendido que a comparecencia do presidente tamén implica que non hai turno de control mañá.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Murmurios.)

Non, a ver, é que, tal como se expresou agora, iso significa que fariamos a comparecencia logo do debate dos textos lexislativos e no turno, realmente, que é o que corresponde ás comparecencias. Entón isto queda así. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Perdón. É que non a escoito. Déanlle voz ao escano da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: É que o señor Puy dixo que implicaba directamente... que decaía, digamos, a sesión de control e non é certo. Iso pode ser un acordo dos grupos, pero o Regulamento da Cámara non prevé en ningún caso a substitución automática. As comparecencias non teñen nada a ver coa sesión de control ordinaria.

O señor PRESIDENTE: Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Non tiña por que decaer a outra comparecencia, é simplemente para ordenar o debate. As dúas cuestións que estamos a suxerir que se substitúan pola aceptación da comparecencia do presidente van precisamente sobre o impacto na gandería e no mundo rural, da crise; e as preguntas tamén van sobre o mesmo tema. Polo tanto, eu creo que, como proposta de acordo da Cámara de aceptar a petición que fai o grupo nacionalista, de tal maneira que despois do debate da Lei de iniciativa lexislativa popular compareza, e que, evidentemente, substitúe as dúas presenzas do Goberno que estaban previstas na orde do día, a min paréceme que é razoable, e creo que non debería de haber ningún problema dado que, insisto, compartimos que desde que celebramos a Xunta de Portavoces a situación se ten deteriorado e que o presidente nos ten manifestado que está disposto a asistir hoxe mesmo a comparecer agora mesmo se é necesario. E incluso, se queren, agora mesmo, non hai ningún inconveniente porque, efectivamente, a situación é o suficientemente grave como para que o presidente compareza nesta Cámara.

O señor PRESIDENTE: Bueno, pois paréceme ben. Eu creo que o debate entón queda ordenado máis ou menos. Claro, porque, se non, serían os textos lexislativos, a comparecencia do presidente; e as preguntas de mañá, evidentemente, non se formulan.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E entón, se lles parece a todos vostedes, comezamos porque aínda imos ter un debate longo. ¿E cal é o problema? Quedou todo substanciado, é un feito histórico que se producira esta aceptación. Tamén de todo debemos de... *(Murmurios.)* polo menos no tempo que levo eu aquí. *(Murmurios.)*

Bueno, entón comezamos. Veña, ¡vamos alá!

Primeiro punto.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai un voto particular formulado ao ditame polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

E para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra o señor Ramón Carballo.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN NON PERMANENTE ESPECIAL DE ESTUDO SOBRE A SEGURIDADE VIARIA EN GALICIA (Carballo Páez): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

A Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia creouse por solicitude dos grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia por acordo da Mesa, logo da audiencia da Xunta de Portavoces na reunión do 15 de setembro de 2020.

A devandita comisión e a súa mesa constituíronse o 8 de outubro de 2020. As normas de funcionamento aprobáronse na sesión da Comisión do 16 de novembro de 2020 por unanimidade. No artigo 1 das normas de funcionamento establécese que a Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia se crea co obxecto de pór en marcha un instrumento institucional na Cámara galega que sirva de foro de estudo e debate, e ofreza propostas de solución para mellorar a seguridade viaria en Galicia e reducir a sinistralidade co fin de rematar os traballos realizados na 9º e na 10º lexislatura.

Para a consecución do obxectivo fixado, a Comisión na sesión do 18 de xaneiro de 2021 aprobou o Plan de traballo por unanimidade. Na primeira fase do plan de traballo, relativa á documentación e comparecencias, inclúese toda a documentación recibida prevista no plan de traballo, así como a documentación achegada polas persoas comparecentes. Saliéntase neste punto que nas comisións correspondentes da 9ª lexislatura se celebraron 31 sesións de traballo, nas que compareceron 72 persoas. Na 10ª lexislatura, 8 sesións de traballo, nas que compareceron 14 persoas. E, por último, na presente lexislatura, unha sesión de traballo, unha persoa comparecente.

Ademais, posibilitouse a participación cidadá, entre outros mecanismos, coa habilitación dunha plataforma dentro da páxina web do Parlamento para que a cidadanía puidese trasladar suxestións, inquedanzas e reflexións respecto da materia desta comisión.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Posteriormente, a Comisión na sesión do 22 de abril de 2021 designou a ponencia encargada de elaborar o proxecto de ditame integrada polos seguintes membros: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia: don José Luis Ferro Iglesias, titular; e don Ramón Carballo Páez, suplente. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: don Xosé Luís Bará Torres, titular; e don Pablo Ríos Santomé, suplente. E polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: dona Patricia Otero Rodríguez, titular; e dona Paloma Castro Rey, suplente.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o 22 de abril de 2021, presidida por min na condición de presidente da Comisión, e coa asistencia da ponente e dos ponentes titulares: don José Luís Ferro Iglesias, don Xosé Luís Bará Torres e dona Patricia Otero Rodríguez. Posteriormente, a ponencia nas 11 reunións seguintes —tendo en conta a documentación, informes e comparecencias, así como as distintas propostas formuladas polos grupos parlamentarios— elaborou o proxecto de ditame que emitiu con data 26 de xaneiro de 2022. A Comisión, na sesión do 22 de febreiro, logo do debate e votación do proxecto do ditame, xunto coas seis emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, aprobou o ditame por 56 votos a favor e 19 abstencións, en aplicación do sistema de voto ponderado.

A Mesa da Comisión do pasado 10 de marzo admitiu a trámite o voto particular formulado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O ditame da comisión que estou a presentar divídese en tres partes: a primeira, de antecedentes xerais; a segunda, relativa á constitución, composición e reunións da ponencia; e, a terceira, coas propostas de solución para mellorar a seguridade viaria en Galicia e reducir a sinistralidade; agrupadas nas seguintes áreas temáticas: 1, coordinación e participación; 2, técnicas de difusión, promoción e prevención; 3, propostas de formación e educación; 4, propostas normativas; 5, factor humano; 6, infraestruturas; 7, empresas de transporte profesional e vehículos agrícolas; 8, vítimas, resposta aos accidentes; 9, investigación e xestión; e, por último, o anexo sobre a planificación, avaliación e seguimento.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste ditame da Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia coa súa aprobación, se é o caso, polo Pleno do Parlamento de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Carballo.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender o voto particular formulado. *(Pausa.)*

Comeza o Grupo Parlamentario Socialista. E para iso ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois hoxe estamos a debater o ditame sobre o proxecto elaborado pola ponencia da Comisión non permanente de estudo e sobre a seguridade viaria. Quero recordar que xa o PSdG dende os comezos pedía que esta comisión fora unha comisión de estudo e non só unha comisión de control, como pedía o Grupo Parlamentario Popular nun principio.

Quero agradecer o traballo feito por tantas e tantos compañeiros ao longo de todas estas lexislaturas porque non podemos pasar por alto que esta comisión foi constituída no ano 2013. Polo tanto, participaron neste documento final que hoxe traemos a aprobación, pois participaron moitos e moitas compañeiras de distintos grupos parlamentarios. Pero permitiré-desme que hoxe, en nome do Grupo Parlamentario do PSdG, teña un recordo especial para o noso xa que non está entre nós, para o noso compañeiro Raúl Fernández, *(Aplausos.)* que foi membro desta comisión de estudo. *(Aplausos.)* E grazas, Raúl, polo traballo feito nesta comisión e que por desgraza, como todos e todas sabemos, pois precisamente sufriu en primeira persoa na súa familia as consecuencias desastrosas destes accidentes de seguridade viaria. Polo tanto, o agradecemento a todas e todos os compañeiros que traballaron neste documento.

E tamén quero agradecerlle persoalmente á letrada Puri o traballo feito e todo o que nos ten axudado para poder sacar a adiante este ditame; que, como dicía, é froito do traballo de moita xente, porque esta comisión foi constituída no ano 2013. Empezaron as comparecencias no ano 2014 e remataron as comparecencias no ano 2021. É verdade que na X lexislatura tivo pouco impulso por parte do Grupo Parlamentario Popular e celebráronse poucas comparecencias. Pero a verdade é que quero tamén agradecer aos membros do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, ao señor Ferro e ao señor Bará, o entendemento e poder ter chegado... porque é verdade que foi un traballo con moito consenso. A verdade é que me chamou un pouquiño tamén a atención ese non voto afirmativo do ditame na Comisión de seguridade viaria por parte do Bloque Nacionalista Galego despois de que foramos quen de chegar a tantos puntos de encontro. Porque é verdade que o Grupo Parlamentario Socialista presentou máis de 50 propostas para este ditame e moitísimas delas están incluídas neste documento final.

Eu creo que hoxe ademais é un día moi acaído tamén para traer a votación este ditame. Temos que recordar que onte entraba en funcionamento a reforma da Lei de tráfico, que se trata dunha norma esta de tráfico e seguridade viaria estatal que mira cara ao futuro, cunha mobilidade máis segura, máis eficiente e respectuosa con todas as persoas. Unha lei que se adapta aos novos tempos e que dá un paso máis para seguir avanzando na mellora da seguridade viaria en España.

É verdade que, revisando esta Lei de tráfico que onte se puxo en funcionamento, estamos a ver como moitas das recomendacións e moitas das propostas que están contempladas neste ditame que hoxe estamos a debater, xa tamén están reflectidas nesa norma estatal de tráfico. Polo tanto, vemos como as nosas propostas deste ditame tamén van cara a un futuro incluíndo novas formas de mobilidade, que tamén temos na nosa comunidade autónoma, como pode ser, por exemplo, o tema dos patinetes, algo que está tan en voga; ou quero dicir os accidentes *in itinere,* ou os accidentes de todos eses traballadores que prestan os seus servizos.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, un documento que, como se dicía, consta de 9 apartados, que esperamos [...] todas as administracións que teñen competencia en tráfico e en seguridade viaria, pois se teñan en conta as recomendacións que nel se contemplan.

Eu quero tamén pedirlle á Xunta de Galicia que sexa un pouquiño máis áxil á hora de aprobar ese plan de seguridade viaria de Galicia. Temos que recordar que o anterior plan de seguridade viaria de Galicia era do ano 2016 ao ano 2020, polo tanto levamos todo o ano 2021 sen un novo plan de seguridade viaria en Galicia e o que levamos de ano 2022. Polo tanto ese plan de seguridade viaria xa tiña que estar aprobado por parte da Xunta de Galicia, un documento que levaba por título Plan de seguridade viaria 2021-2025, que a propia Xunta de Galicia pola súa inacción [...] crucial, que é un tema importantísimo da seguridade viaria; polo tanto, levamos xa máis de 14 meses sen ese plan de seguridade viaria en Galicia e pedímoslle á Xunta de Galicia axilidade para poder ter ese documento. Ademais temos que ter en conta que Galicia xa foi unha das comunidades autónomas que tivo maior retraso á hora de ter un plan de seguridade viaria. Ata o ano 2006 non contabamos cun plan de seguridade viaria. Quero recordar que ese plan de seguridade viaria foi posto polo Goberno bipartito da Xunta de Galicia.

Como dicía, presentamos máis de 50 propostas, moitas delas foron admitidas, foron consensuadas, foron negociadas cos outros grupos parlamentarios e están incluídas nese ditame que hoxe estamos a presentar.

Cousas como a coordinación entre as distintas administracións públicas para seguir avanzando na redución da sinistralidade nas estradas galegas; seguir a desenvolver actividades como xa se veñen facendo noutros ámbitos, sobre todo tamén nos centros escolares, orientadas a fomentar condutas responsables nas vías de comunicación, porque cremos que é fundamental que dende idades temperás, xa na propia escola, se lle dea estas nocións sobre seguridade viaria.

Seguimos crendo que é necesario que nos medios de comunicación públicos se sigan a poñer estas campañas para concienciar a xente, para concienciar os usuarios das estradas; e da necesidade tamén de utilizar e empregar todos os elementos que sirvan para protexer as nosas vidas e para que sirvan tamén para protexernos en caso de accidentes nas estradas. Porque comentabamos na única comparecencia que houbo nesta lexislatura nesta comisión que aínda a día de hoxe eran moitísimos os cidadáns que non empregaban o cinto de seguridade. Parece incrible na época na que estamos, pero dicíannos que o tanto por cento de xente que sufriu accidentes e que non tiña posto o cinto de seguridade aínda era moi amplo.

Hai propostas en materias de formación e educación, propostas en materia normativa, hai moitas propostas no factor humano, porque aí coincidiamos, en que o factor humano é relevante, é moi importante á hora de que se produzan eses accidentes, esas distraccións ao volante. Pediamos que se incrementaran as sancións, por exemplo, polo uso de, por exemplo, do teléfono móbil, que produce bastantes distraccións ao volante. E vemos como tamén nesta Lei de tráfico que se puxo en funcionamento onte tamén van contempladas medidas nese senso.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Son moitas as medidas que presentamos de cara a mellorar as infraestruturas para que esas infraestruturas sexan máis seguras. Non só llo pedimos á Xunta de Galicia, tamén llo pedimos ao Goberno do Estado nas estradas que sexan da súa competencia ou tamén ás entidades locais naquelas estradas que sexan de competencia das entidades locais.

Cremos tamén fundamental seguir planificando e eliminando no prazo máis breve posible de tempo todos eses tramos de concentración de accidentes que temos detectados na nosa comunidade autónoma, cunha priorización, cunha temporalización e, dende logo, con orzamento.

Hai que seguir traballando de cara tamén a que aquí en Galicia todos e todas coñecemos os riscos que temos á hora de atoparnos con animais nas nosas estradas; nese senso tamén van recomendacións. Ou algo que tamén afecta moito na nosa comunidade autónoma, como é o tema dos vehículos agrarios; estamos a ver por desgraza moitas veces aínda na prensa eses accidentes que se producen con vehículos agrarios. Seguimos pensando que seguen sendo necesarias esas campañas de concienciación, esas campañas de revisión, esas campañas para potenciar a formación e a reciclaxe destes profesionais.

Cremos moi necesario, e así nolo teñen trasladado as asociacións de vítimas, articular mecanismos para darlles maior visibilidade e voz ás vítimas, de cara a que se coñezan e se recoñezan os seus dereitos. É preciso revisar e mellorar os protocolos de atención e apoio ás vítimas de accidentes de tráfico e, dende logo, ás súas familias, tanto no momento do accidente como despois do mesmo.

Temos que lamentar que non foramos quen de meter neste ditame unha proposta que acadara unanimidade, unha proposta do PSdeG que acadara unanimidade na Comisión 5ª, de que a Xunta de Galicia coordinara unha mesa de traballo interinstitucional co fin de revisar e de mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente de tráfico dalgúns dos seus membros.

Propostas en materia de investigación e de xestión e, dende logo, tamén recomendacións.

Polo tanto, esperamos que, como dicía ao comezo da miña intervención, estas propostas sexan tidas en conta polas distintas administracións que teñen competencia na materia, porque dende logo é o traballo de moitos e de moitas compañeiras; incluso dalgúns compañeiros que hoxe están aquí como deputados nesta Cámara xa tiveron tamén a ocasión de participar neste traballo como comparecentes ao longo destas distintas lexislaturas. Polo tanto, esperemos que este traballo non caia nun saco roto e, polo tanto, que as administracións públicas á hora de lexislar e de poñer normas encima da mesa pois teñan en conta recomendacións deste ditame.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

O titular deste debate podería ser: «Sen tempo non era». Sen tempo non era, porque unha comisión que empezou sendo como comisión non permanente, unha comisión especial, acabou converténdose case nunha comisión permanente. Entón, o primeiro que temos que facer —penso— é autocrítica. Autocrítica porque os traballos desta comisión comezaron en marzo do ano 2014 e estamos en marzo do ano 2022. É dicir, levou 8 anos, nada máis e nada menos, que sacar este ditame; e penso que estamos diante dun fracaso, dun fracaso estrepitoso deste Parlamento en canto aos ritmos de desenvolvemento dos traballos, un fracaso do partido do Goberno que presidía e tiña que liderar e impulsar esta comisión; e un fracaso tamén, hai que dicilo, recoñecelo, de todos os grupos, porque somos tamén parte desta tardanza, deste atraso inxustificado por sacar este ditame.

Aínda que tamén hai que dicir que hai comisións que levan aínda máis tempo sen rematar os seus traballos, como, por exemplo, a das caixas, que xa tamén vén sendo hora de que remate os seus traballos. E tamén isto é responsabilidade do Partido Popular. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, quero facer un recoñecemento, creo que é de xustiza, expresar a gratitude en nome do BNG a todas as persoas que participaron nos traballos desta ponencia, que participaron ao longo de todo este proceso e fixeron achegas. E tamén me gustaría facer unha lembranza especial a Raúl Fernández, deputado do Grupo Socialista, que foi na pasada lexislatura membro moi activo desta comisión e que *(Aplausos.)* é desas persoas que deixa pegadas profundas. En primeiro lugar, polo seu talante e tamén polas súas obras, e as súas obras estamos agora tamén sendo conscientes delas.

En terceiro lugar, con respecto á proposta, quero destacar o clima positivo de traballo na ponencia, tanto neste caso desta lexislatura como da pasada. O documento da proposta é un documento longo, extenso, prolixo, que pode parecer tamén a lista da compra, porque ten nada máis e nada menos que 117 propostas en 9 ámbitos, e que é certo que recolle moitas achegas formuladas por todos os grupos e chegouse a un alto nivel de acordo na proposta final. Pero tamén queremos deixar claro que hai diferenzas, que hai diverxencias, que hai algunhas discrepancias que poden ser nalgúns casos de matiz e noutros casos diferenzas de fondo. E por iso nós mantivemos ese voto particular precisamente para dar o debate aquí, creo que é algo absolutamente democrático de reflectir as distintas visións que temos, por iso deixamos claro que temos outras propostas a maiores das que aparecen recollidas na ponencia.

Desde o BNG, desde logo, consideramos que o texto recolle propostas útiles, propostas de interese que deben ser asumidas polas distintas administracións que teñen competencias; temos que ter en conta neste sentido o contexto, tanto europeo como estatal, e hai que recoñecer unha cousa: que a Unión Europea está á cabeza do mundo en canto ás políticas de seguranza viaria e aos resultados desas políticas. Iso é innegable.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén é certo que non todos os países van ao mesmo ritmo. O Estado español tivo unha evolución moi positiva desde principios deste século, pero tamén é certo que estamos nunha fase de estancamento desde o ano 2013, onde se manteñen practicamente inalterables tanto as cifras de vítimas, de persoas feridas graves, que andan en Galiza nas 600-700 todos os anos, como de mortes.

Polo tanto, hai marxe de mellora, temos que facer máis e hai países que son referencia en Europa e no mundo, como Noruega, como Suecia, como Irlanda, como Suíza, como por exemplo tamén o Reino Unido, que deben ser o noso espello á hora de desenvolver políticas máis eficaces neste sentido. Políticas que teñen que estar aliñadas cos obxectivos marcados desde a ONU e desde a OMS para o ano 2030 e 2050.

E estas propostas que se recollen nesta ponencia teñen que ser tamén tidas en conta polo Goberno galego. En primeiro lugar, na súa política xeral de mobilidade, e máis alá da mobilidade, porque esta é unha cuestión absolutamente transversal, que é unha política que podemos cualificar como deslavazada, como fragmentaria, como parcial, que está practicamente, exclusivamente centrada nas vías interurbanas e ten unha visión excesivamente motorizada da cuestión da mobilidade. E isto hai que cambialo radicalmente.

Tamén se deben ter en conta no novo plan de seguridade viaria, efectivamente, que leva caducado desde o ano 2020; estamos en marzo de 2022 e levamos sen plan desde o ano 2020. Isto reflexa cando menos un certo desleixo, unha certa pasividade por parte do Goberno; sabemos que agora están descentrados da acción de goberno porque andan despistados con outras preocupacións; están aí co traslado para Madrid. Pero hai que centrarse, hai que gobernar, hai que traballar, hai que poñerse á tarefa, non se poden adiar estas cuestións tan importantes.

E con respecto, por certo, a ese plan, queremos facer pública aquí unha advertencia que nos parece que é moi importante porque non se poden facer trampas ao solitario, non se poden falsear as cifras. E vostedes nese documento poñen que a cifra de vítimas mortais do ano 2020 son 75, cando iso, sábese xa desde xullo do ano pasado que a cifra real con datos do Imelga de mortes a 30 días, que é como se teñen que contabilizar, son 104. E vostedes fixeron aí unha artimaña para intentar cadrar as cifras e que lles deran os resultados dos obxectivos para 2020, pero a realidade é que non os cumpriron, que estamos, cando tiñamos que estar en 34 vítimas por millón, estamos en 48 vítimas por millón, persoas mortas. Polo tanto, non se pode falsificar así a realidade.

Miren, con respecto ao debate, a algunhas cuestións que teñen tamén que ver co noso voto particular: Primeira cuestión, hai que ter en conta a gravidade deste problema, non pode haber relaxación, non pode haber conformismos, non pode haber menos triunfalismo. Eu coincido moito cos enfoques e coas declaracións e coa preocupación que mostra a este respecto o director xeral de Tráfico, Pérez Navarro, que lle hai que recoñecer a súa valentía, a súa coraxe e o seu impulso para liderar en España políticas, no Estado español, políticas que deron resultados. Pero, xa digo, agora estamos nunha fase de estancamento.

Parécenos positivo, porque foi unha proposta ademais nosa, que se introducise o concepto de violencia viaria, porque é unha realidade, hai que falar de violencia viaria, hai que sinalar

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha porcentaxe de usuarios das vías que son auténticos kamikazes, auténticos homicidas, e iso hai que desterralo das vías públicas. Hai que falar tamén dos custos dos accidentes de tráfico, como nos está chamando a atención STOP Accidentes.

En relación coa gobernanza, hai que ir a unhas políticas integrais onde se impliquen todas as administracións e onde haxa un alto nivel de participación social, e temos que contar con todas as competencias desde Galiza. Por iso nós tamén nese voto particular facemos fincapé na necesidade de que teñamos a transferencia de tráfico e seguridade viaria; volvemos insistir sobre iso, cuestión que foi vetada polo Partido Popular.

Tamén temos que falar da percepción subxectiva da seguridade viaria, non só das cifras, non só das estatísticas. Cando falamos da percepción subxectiva, estamos falando de moitas persoas usuarias das vías que non son as condutoras que viven no contorno das estradas e que senten a súa vida ameazada cada vez que teñen que saír ao contorno dunha estrada ou que teñen que cruzar unha estrada, sobre todo as persoas máis vulnerables. Temos que poñer máis atención no medio urbano.

Mire, eu quería falarlle sobre isto dun lugar que seguro que todos vostedes coñecen, que é este, que temos xusto aquí á saída do Parlamento, este paso de peóns que está na rúa do Hórreo. Este é un exemplo de como non hai que tratar os espazos públicos; seguro que todos levamos xustos ao cruzar este paso de peóns. É polo tanto imprescindible actuar no espazo público, actuar nas vías urbanas e cambiar o funcionamento da mobilidade das zonas urbanas. E iso pódese facer, xa se conseguiu en moitas cidades europeas, como Oslo, como Helsinki, que son referencias, cidades nórdicas que conseguiron cero mortes nas zonas urbanas, nas cidades. Pero é que temos tamén a nosa cidade nórdica en Galiza e en España, temos a cidade de Pontevedra, que é un referente internacional das políticas de coidado do espazo público *(Aplausos.)*, da mobilidade e de políticas que están evitando feridas graves e persoas mortas nas estradas.

Polo tanto, hai publicacións, ademais, xa lle entreguei esta publicación á conselleira nunha das súas comparecencias: *Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable*, e a Xunta ten que apuntarse a esta tarefa, ten que seguir o testigo de Pontevedra, ten que liderar, non pode desentenderse destas cuestións, porque o Goberno galego, hai que poñerse á fronte destas cuestións.

E, por último, quérome referir á cuestión da necesidade imprescindible de introducir a perspectiva de xénero nas políticas de mobilidade e seguridade viaria, tamén hai no voto particular unha referencia a este respecto. E quero empezar, ademais agora, facendo unha condena firme das declaracións da xefa da policía de Pontevedra, que son absolutamente intolerables cando dixo nun acto público da policía que xa lles gustaría a moitas mulleres ser violadas pola Policía Nacional. Isto é absolutamente intolerable, esta persoa xa foi cesada do seu posto, pero foi cesada porque se publicou a noticia, non polas súas declaracións, que foron pronunciadas nun acto público da Policía Nacional o pasado 11 de marzo.

Hai que facer estudos sobre a cuestión da seguridade viaria coa perspectiva de xénero, por exemplo, para desterrar algo que pode parecer secundario pero que é moi importante: a si-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nalización absolutamente machista dos espazos públicos e da seguridade viaria; como peóns aparecen os homes, sobre todo cando están en actitudes activas, as mulleres sempre como acompañantes, en posicións secundarias, e tamén conducindo sempre aparecen as imaxes dos homes. Isto debería formar xa parte do pasado, pasar esta páxina do machismo que está presente tamén na sinalética urbana.

E falar, como fai este estudo que fixo o Goberno vasco, das distintas condutas que teñen os homes e as mulleres cando son persoas condutoras, que non ten que ver tampouco con eses debates simplistas, se conducen mellor ou peor, en fin... O que di este estudo entre outras cousas é que hai diferenzas significativas á hora de entender en que consiste unha boa condución; mentres que gran parte das mulleres priorizan elementos sociais como a precaución, unha condución cooperativa e a empatía,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ... unha parte importante dos varóns se centran en elementos persoais como o autocontrol ou como o tempo do traxecto ou chegar ao punto de destino canto antes. Claro, e aí está un dos grandes problemas, que é a velocidade. Ou os estudos da Fiscalía que sinalan que hai unha porcentaxe de condutores que son auténticos potenciais homicidas e as consecuencias que está tendo isto e a necesidade de atacar isto que algúns analistas tamén consideran que é unha peaxe do machismo, unha peaxe dos comportamentos da masculinidade hexemónica.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: Neste sentido, permítame, señor presidente, que faga aquí tamén a unha referencia ao asasinato machista con violencia viaria que se produciu recentemente, esta fin de semana en Barro, e o noso apoio a familia da vítima de Jennifer *(Aplausos.)*, unha rapaza de 29 anos que tiña toda a vida por diante e por vivir.

Polo tanto —señor presidente, remato—, temos que ir a un cambio profundo de modelo, temos que ter esa visión integral, queda moito camiño aínda por recorrer, e temos unha grande responsabilidade en facer posibles outras políticas de mobilidade e seguridade viaria que o que teñen que conseguir é salvar vidas, salvar centos, miles de vidas para os próximos anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días a todos e a todas, señorías.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En primeiro lugar, quero poñer en valor o ditame da Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia, un ditame elaborado por todas as forzas políticas representadas neste Parlamento e, sobre todo, poñer en valor os nosos acordos e entendementos, o que lle agradezo directamente ao señor Bará e á señora Otero.

Tivemos un gran consenso. Quedan asuntos no tinteiro, por suposto, pero quédanlles a vostedes, aos seus grupos, e tamén lles quedan ao meu grupo; todos tratamos de ceder para sacar adiante un documento moi amplo e un documento que fora de todos para que non tivera, como non tivo, ningún voto en contra na comisión. Esas cuestións que quedan no tinteiro, que quedan pendentes, presentarémolas por outros condutos nas comisións correspondentes, tanto vostedes como o noso grupo. Penso que entre todos elaboramos un bo documento, baseado nas comparecencias de moitos expertos e colectivos relacionados dun ou doutro xeito coa seguridade viaria. Un traballo en parte herdado, como vostedes recordaban nas súas intervencións, herdado das dúas lexislatura anteriores. Por iso, debemos estender, como fixeron vostedes, tamén os nosos agradecementos aos compañeiros que iniciaron e percorreron este traballo xa dende o ano 2014.

As comparecencias foron moitas: axentes de tráfico, policías locais, xefaturas provinciais de tráfico, autoescolas, axencias de seguros, talleres, a Consellería de Infraestruturas, Federación de Ciclistas, concellos, deputacións, sindicatos agrarios, Cruz vermella, STOP Accidentes, Colexio de Enxeñeiros, Colexio de Médicos, xornalistas, Plataforma de Moteros, centros psicotécnicos, transportistas de mercadorías, transportistas de viaxeiros, asociacións de cazadores, asociacións do Camiño de Santiago e moitos máis que quedan sen mencionar.

Todas estas comparecencias o que deixan claro é que a seguridade viaria é transversal e toca moitos elementos do noso entorno, seguramente moitos máis dos que descubriríamos cunha análise simple e superficial. É, polo tanto, un documento de consenso e nada improvisado. Entre todos chegamos a importantes conclusións e fixemos propostas agrupadas en distintas áreas temáticas, xa mencionadas por vostedes e na presentación do presidente da comisión.

Ademais, as nosas propostas xa foron valoradas pola consellería de infraestruturas á hora de elaborar o novo Plan de seguridade viaria 2022-2025, que é certo que se retrasou, pero tamén querían ter en conta o noso ditame desta comisión despois de tantos anos traballando nel. Ese novo plan está a punto de ver a luz.

Certamente, os homes somos seres sociais por naturaleza, por iso debemos aprender a vivir en sociedade. Este é un tema recorrente ao longo da historia da humanidade, pero ás veces o noso comportamento dista moito da sociabilidade, do civismo, da deferencia e da cortesía, e poñemos facilmente de manifesto o noso egoísmo e egocentrismo. É o que o filósofo Immanuel Kant definía á perfección como «a insociable sociabilidade humana».

A vía pública é un inevitable lugar de socialización, un espazo onde os intereses de cada cidadán non sempre coinciden. A educación viaria en sentido amplo trata de conseguir un adecuado comportamento viario que se materialice nun correcto uso e desfrute das vías públicas. O comportamento viario é unha faceta máis do comportamento do cidadán. Por iso,

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en seguridade viaria, como en moitos ámbitos da sociedade, debemos educar en convivencia e para o civismo.

Grazas á formación viaria, todos os que estamos aquí conseguimos adquirir uns coñecementos, unhas actitudes e unhas habilidades para poder conducir un vehículo polas vías públicas. Pero unha cousa é a formación e outra a educación viaria. Esta é un concepto moito máis amplo, porque non só abarca o coñecemento de normas, senón que trata de promover actitudes positivas no eido do tráfico.

A seguridade viaria é unha parte da educación viaria, por iso podemos definir a seguridade viaria como a non produción de accidentes de tráfico. O fundamental sería concienciar a poboación da problemática dos accidentes de tráfico, do mesmo xeito e ao mesmo nivel que o traballo que se está a desenvolver en moitos eidos da nosa sociedade. Poño por exemplo, e esperando non ser mal interpretado, a implicación na recollida do lixo, na preocupación polo cambio climático, na violencia de xénero, na igualdade, na accesibilidade, nas guerras, nos suicidios ou incluso tamén no tabaquismo.

Conseguir esa concienciación tamén no tráfico é responsabilidade de todos, na mesma medida que os demais ámbitos que acabo de mencionar; responsabilidade de todas as administracións públicas, dende o Goberno central, autonómicos, concellos, deputacións, empresas privadas, institucións educativas, familias tamén; en definitiva, de toda a sociedade. Xa se teñen dado moitos pasos, grazas a Deus, pero aínda queda moito camiño por facer. Dende a implantación do permiso por puntos naquel 1 de xuño do ano 2006 —pronto fará dezaseis anos— e as distintas modificacións e leis de seguridade viaria, precisamente como recordaba a señora Otero, onte entrou en vigor a última aprobada polo Congreso dos Deputados, os accidentes de tráfico e as súas consecuencias fóronse reducindo dun modo importante e significativo.

Aínda así, as previsións da Organización Mundial da Saúde sitúan para o ano 2030 os traumatismos por accidentes de tráfico no quinto lugar entre os factores que contribúen á carga mundial de traumatismos. As mortes causadas polo tráfico supoñen moitos anos potenciais de vida perdidos debido á morte prematura en función da esperanza de vida; e os traumatismos causados por accidentes de tráfico tamén supoñen anos condicionados pola discapacidade que inclúen os anos de vida sa perdidos por algunha discapacidade, por mala saúde ou con secuelas físicas ou psicolóxicas tras os accidentes de tráfico.

Segundo tamén a OMS, para o ano 2030 os traumatismos por accidente de tráfico suporán a terceira razón de anos de vida condicionados por unha discapacidade. Seguimos estando, polo tanto, ante un problema importante, non só para a sociedade de hoxe en día, senón con toda probabilidade para as xeracións futuras.

Durante o ano 2020 en plena pandemia, co que iso conlevou da baixada drástica da redución do tráfico, en España perderon a vida 1.370 persoas e 6.681 tiveron que ser hospitalizadas como consecuencia dun accidente. En Galicia as vítimas mortais por accidentes de tráfico en porcentaxe foron un 73 % homes e un 27 % mulleres. Polo tanto, lévanos a pensar que a condución das mulleres é moito mellor que a dos homes. E o 33 % dos falecidos eran persoas vulnerables, é dicir, nenos, peóns, ciclistas e motoristas.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Realmente, estamos a falar das mellores cifras desde que se teñen rexistros. A evolución é claramente decrecente desde hai moitos anos, desde o ano 1989. Todas as medidas correctoras axudaron a conseguir estes datos. Aínda así, a pesar da tendencia positiva, non podemos esquecer que estes números non son só cifras, senón que fan referencia a vidas de persoas. E, polo tanto, a única cifra positiva debería ser cero.

Ademais do drama e sufrimento que esconden as cifras, non podemos tampouco pasar por alto o impacto económico que supoñen os sinistros de tráfico; e só quero dar un dato, que dá, que recolle a Dirección Xeral de Tráfico: os gastos anuais en España para paliar as consecuencias que producen os accidentes de tráfico aproxímanse a 10.300 millóns de euros; por hospitalizacións, gastos de xestión de accidentes, traslado de feridos, gastos persoais, gastos sociais por perda de produtividade, indemnizacións, reparación de vehículos, etc.

Tamén debemos destacar que os accidentes de tráfico afectan en boa medida á poboación máis vulnerable, aos nenos, aos adolescentes, aos mozos e ás persoas maiores, que lles producen importantes secuelas que moitas veces os acompañan ao longo do resto das súas vidas.

A pesar de todo isto, moitos condutores parecen ou parecemos non ser conscientes destas graves consecuencias sociais e da necesidade da nosa implicación persoal para evitar os accidentes. Esta pouca concienciación dos condutores pode deberse a que se considere o accidente como un fenómeno atribuído ao azar, como un suceso fortuíto, incontrolable, froito do destino e da casualidade, e, polo tanto, como algo inevitable. Pero esta concepción e esta crenza sobre os accidentes de tráfico é totalmente falsa: detrás de cada accidente están moitos factores e circunstancias que provocan o suceso.

Pola miña parte, nada máis. Aproveitar que vexo escolares aquí, creo que a seguridade viaria ten que empezar desde aí, desde a educación, desde os máis pequenos, porque así soamente poderemos conseguir esa sensibilización e esa concienciación en relación a este tema tan importante e tan preocupante para a sociedade galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pois eses escolares que ve aí son alumnos de 5º de Primaria do Centro Sagrado Corazón de Lugo, que hoxe nos visitan e a quen lles damos a benvida a este Parlamento e tamén aos invitados os que temos na tribuna do Parlamento.

E agora entramos na rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre o voto particular formulado ou no turno de réplica. Neste caso correspóndelle ao Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pois na miña primeira quenda non tiñamos a oportunidade de que nos estiveran a escoitar todos estes escolares, e coincido co que dicía o voceiro do Grupo Parlamentario Popular, o señor Ferro, que é fundamental xa dende épocas temperás a concienciación e a sensibilización coa educación viaria. E dicía tamén na miña primeira quenda que nese senso van varias das propostas que incluímos os distintos grupos parlamentarios neste ditame que hoxe estamos a debater, e que espero que saia por unanimidade.

A verdade é que tamén coincido co voceiro do Grupo Parlamentario Popular en que este documento é un documento de consenso en que todos, para chegar a puntos de acordo, todos tivemos que deixar de lado algunhas das nosas propostas, que é verdade que temos outros cauces parlamentarios para podelas levar adiante, pero tamén o Grupo Parlamentario do PSdeG pois tivo que deixar algunhas das súas propostas á marxe. Pero cremos que o fundamental, o prioritario e o máis necesario e acuciante pois está recollido nese ditame, nesas 117 medidas, que é verdade que é un documento con total consenso por parte dos tres grupos parlamentarios. Ademais, teremos ocasión, porque así o introducimos tamén nese ditame, nun anexo que leva por título *Planificación, avaliación e seguimento*, pois teremos a oportunidade de que, coincidindo coa metade da vixencia dese plan de seguridade viaria que aprobe a Xunta de Galicia, pois teremos ocasión nesa metade da vixencia dese plan de analizar e de ver tamén o grao de desenvolvemento e cumprimento dese plan, así como tamén das propostas que hoxe están incluídas neste ditame desta Comisión de seguridade, de estudo de seguridade viaria que sae do Parlamento de Galicia.

Polo tanto, nós imos manter o noso posicionamento. Dende logo imos votar a favor do ditame. Ímonos abster nese voto particular presentado polo Bloque Nacionalista Galego, que entendemos que hai outros cauces tamén parlamentarios para levalo adiante, pero nós fixemos ese posicionamento tamén na Comisión e mantémolo agora no Pleno.

Eu volvo, acabo como empezaba a miña intervención, esperando que este traballo arduo de moitos compañeiros e compañeiras teña reflexo nas administracións públicas competentes na materia de seguridade viaria, que as teñan en conta, dende logo, pois a Xunta de Galicia, tamén o Goberno central e as entidades locais. Dende logo as administracións públicas teñen aínda moito traballo por diante, porque, se é certo que se melloraron os datos no tema de sinistralidade viaria, queda moito camiño aínda por percorrer, pero dende logo nós como usuarios tamén das estradas, coa nosa actitude tamén temos moito que dicir para poder reducir esta sinistralidade viaria.

Pola miña parte nada máis e, dende logo, volver a agradecer o traballo de todos e todas as compañeiras que participaron neste ditame.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Bará.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

E a nosa benvida tamén ao alumnado que está presente na tribuna para escoitar este debate, que creo que tamén ten moito que ver coas súas vidas e co seu futuro.

Se nós tiñamos algunha dúbida sobre a oportunidade de presentar este voto particular, disipámola con este debate porque pensamos que si que hai que introducir determinadas cuestións e, evidentemente, temos unha base de acordo importante, pero tamén temos diferenzas e téñense que plasmar aquí.

E unha das cuestións que queremos poñer de manifesto é que non é certo iso que dixeron aquí reiteradamente da evolución favorable e decrecente tanto de accidentes como de vítimas, porque as estatísticas non din iso, as estatísticas, téñoas aquí, aparecen no borrador no Plan de seguridade viaria de Galicia, din que desde o ano 2013 hai unha estabilización do número tanto de accidentes como de persoas feridas graves como de vítimas mortais.

Fíxense, as feridas graves, que como dixo vostede teñen unhas secuelas importantísimas e condicionan para sempre a vida das persoas, e uns custos enormes, andan entre as 650-700 todos os anos desde o ano 2013. Polo tanto, a evolución positiva, tan positiva non está sendo. E as mortes a 30 días estamos por riba de 100 en todos os anos desde o ano 2013. Baixaron abruptamente ata o ano 2011 e 2012 pero despois mantivéronse estábeis en 132, 139, 123, 141, 144, 127, e o ano pasado, que foi un ano totalmente atípico, non se pode utilizar como referente, con 104 vítimas porque sabemos que durante varios meses houbo un confinamento e reduciuse de maneira drástica a mobilidade motorizada. Polo tanto, non pode ser un ano tomado como referencia.

Polo tanto, isto débenos levar a ter unha posición continua de alerta, de alarma, de chamada de atención, de mensaxes non conformistas, de mensaxes e de campañas e discursos que chamen a atención de toda a poboación, sobre todo dos usuarios das vías, sobre a gravidade desta situación. Sobre a necesidade de facer unhas políticas integrais non só centradas na seguranza viaria, na velocidade, nas causas humanas, senón sobre todo o conxunto da mobilidade e todo o conxunto do espazo público. E nós aquí chamamos a atención sobre aquel espazo público onde se están producindo máis accidentes e máis vítimas, que son os espazos urbanos, que son as cidades; pero non só as cidades, as zonas urbanas. Tres cuartas partes da poboación galega viven en zonas urbanas, e aí é onde está neste momento o maior risco, o maior número de accidentes, o maior número de vítimas.

E hai concellos, como dixen, como o de Pontevedra que conseguiu atallar este problema, que conseguiu cero vítimas e un número case insignificante de vítimas graves. E ¿como se fai iso? Basicamente con dúas medidas, refírome ás zonas urbanas. A primeira, que ten que ver coa transformación do espazo público, as persoas primeiro, nos espazos públicos, redución do tráfico motorizado, non con esa medida equivocada que está intentando implantar o Goberno central das zonas de baixa de emisións, que é un erro, restrinxindo o acceso dos coches de todo tipo de vehículos ao espazo público, sobre todo nas zonas centrais das vilas e das cidades. E, en segundo lugar, reducindo a velocidade, non queda outra. E hai que tomar medidas físicas se é necesario para reducir a velocidade porque iso comporta, aínda que haxa molestias, salvar vidas, que é a gran prioridade.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E eu, cando tiñamos este debate, fun concelleiro de Mobilidade en Pontevedra e había queixas porque instalabamos isto que se chaman os lombos, que son molestos para os vehículos, sempre dicía que era mellor que fose alí unha ambulancia a recoller unha persoa vítima dun accidente leve ca que fose un coche fúnebre a recoller unha vítima mortal. Polo tanto, esas medidas son eficaces, e salvan vidas, e hai que aplicalas con coraxe e con valentía.

Miren, con respecto ao voto particular, voulles ler algunhas das propostas que nós incluímos para dar aquí o debate e para que se teñan en conta. Desde logo, imos mantelas noutros debates pero quixemos tamén traelo aquí:

1. Crear un foro anual de estudo e debate sobre a mobilidade e seguranza viaria. Pensamos que é unha proposta construtiva e positiva.

2. Crear un banco de experiencias e boas prácticas en materia de mobilidade.

3. Estudar a creación dun distintivo para cidades e vilas seguras, para tamén animar as cidades a avanzar neste camiño.

4. Crear unha rede galega pola mobilidade amable e a seguranza viaria.

5. Fomentar a coordinación e a cooperación entre administracións.

6. Demandar a transferencia a Galiza, como dixen, das competencias en materia de tráfico e seguridade viaria e creación da policía galega, porque cantas máis competencias teñamos nesta materia máis coordinación e máis amplitude das políticas haberá.

Tamén temos un apartado específico con medidas no ámbito da educación e da formación:

- Introdución de contidos de seguridade viaria no currículo escolar. Isto parécenos especialmente relevante porque se ten que facer de maneira sistemática, de maneira transversal e de maneira integral. Non pode ser que dependa da iniciativa de cada centro ou dun profesorado ou dunha dirección concreta; ten que ser unha política pública, integral e transversal que non ten que estar só centrada na seguranza viaria, senón na mobilidade e na xestión do espazo público como espazos seguros; por exemplo, para que o alumnado se implique na elaboración de plans de mobilidade das súas vilas e tamén na transformación do espazo público que rodea os seus centros, que moitas veces, e seguro que o viven...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ... cada día os alumnos e alumnas que están aquí, son espazos hostís, son espazos inseguros, son espazos onde hai riscos. Eses espazos hai que cambialos igual que en toda a contorna dos equipamentos públicos.

Promover ordenanzas reguladoras de mobilidade, en fin, propostas como por exemplo —remato, presidente— crear un programa formativo público sobre a mobilidade sustentábel, por certo, como xa está facendo outra institución que é referente en Galiza nesta materia,

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que é a Deputación de Pontevedra co seu programa Ágora, que está traballando nesta dirección e que é unha experiencia tamén que pode a Xunta de Galiza copiar para ser un referente a nivel europeo e mundial...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ... nestas políticas avanzadas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente, de novo.

Estou seguro de que todas estas nosas conclusións e propostas deste ditame van ser moi efectivas se as imos levando a cabo e as imos pondo en práctica. Por iso faremos un seguimento da súa implantación e aplicación, para ir mellorando a seguridade viaria da nosa comunidade galega.

Mire, o último Observatorio Nacional de Seguridade Viaria, elaborado pola Dirección Xeral de Tráfico, dependente do Ministerio de Interior, resalta uns datos moi importantes. É un observatorio realizado hai uns meses, en agosto do ano 2021, e refírese ás cifras do ano anterior, do ano 2020, que non son cifras relacionadas coa circulación por iso teñen validez independentemente da pandemia. E di que os factores que máis interveñen e concorren nos accidentes con vítimas mortais, con falecidos, neste ano 2020 foron nun 31 % por condución distraída e desatenta; nun 25 %, velocidade inadecuada; e nun 27 % por ter consumido alcohol. Todo isto suma o 83 % dos accidentes con vítimas mortais que teñen unha influencia directa co factor humano, co condutor. Eu creo e sígoo dicindo, e así o defendín na comisión diante dos meus compañeiros moitas veces, que este é o verdadeiro problema.

Desde o ano 2016 as distraccións son a primeira causa dos accidentes mortais. O 25 % das vítimas mortais en accidente de tráfico a día de hoxe, no século XXI, seguen sen portar o cinto de seguridade. ¿Non sabían que o había que levar?; por suposto que o sabían, todos sabemos que temos que utilizar o cinto de seguridade. Pero o que non eran conscientes, non tiñan unha percepción do risco que supón non levar o cinto de seguridade.

Por iso creo que o necesario é concienciar, sensibilizar, e iso pódese conseguir a través das autoescolas dun modo presencial, creo que é un elemento esencial e necesario. A relación entre o alumno e o profesor, a relación directa creo que é insubstituíble. As novas tecnoloxías permítennos facer tests de tráfico dende as casas e evitan que o alumno vaia alí e aprende igual os coñecementos para tratar de superar o exame teórico de tráfico. Pero ¿onde queda

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a relación co profesor, que pode, é o único que pode transmitir esa sensibilización sobre a importancia da seguridade social?

Os meus compañeiros de comisión, o señor Bará e a señora Otero, xa saben da miña querenza ao sector das autoescolas, porque creo sinceramente que son uns importantes axentes de seguridade viaria, que teñen contacto directo cos nosos mozos e que talvez estamos desaproveitando a oportunidade de implicalos aínda máis en beneficio da seguridade viaria, pois son unha rede moi importante que xa está implantada en todo o territorio, en todos os recunchos de Galicia e de España, e xa está aí, formada e construída.

A importancia do que acabo de expor vese claramente ao analizar o programa reeducador do permiso de puntos, que é obrigatorio e presencial. Dende a instauración do permiso por puntos, 2006 que nomeaba antes, 850.000 condutores pasaron por un curso de recuperación de puntos. Deses 850.000 só houbo 1.850 reincidentes. Taxa de éxito: 99,8 %, algo terá que ver. Creo que son moi necesarios eses programas de sensibilización e concienciación.

Creo que tamén debemos facer aquí no Parlamento de Galicia algo para sensibilizar e visibilizar esta problemática; de feito, somos a única comunidade de toda España que ten agora, hoxe en día, unha comisión sobre seguridade viaria vixente. ¿Como quedarían vostedes se lles dixese que hoxe á noite, cando xa esteamos na nosa casa ceando ou deitados, se sumamos os quilómetros de todos os que estamos aquí, do persoal da Cámara e de todos os deputados, percorremos tranquilamente no día de hoxe máis de 10.000 quilómetros? A distancia que separa Santiago de Compostela da capital da Arxentina, de Bos Aires, que non se pode realizar en vehículo. Para que vexan a importancia da condución viaria nas empresas e tamén neste Parlamento. Porque as persoas somos as que decidimos e moitas veces decidimos erroneamente. Decidimos circular por encima dos límites de velocidade, decidimos circular despois de ter consumido alcohol, os peóns á veces deciden cruzar por un paso de peóns ou cerca del, ou lonxe del, etc.

Creo que isto é algo que depende de nós e só me gustaría que esta comisión que hoxe remata despois de aprobarse este ditame sirva para que entre todos consigamos visibilizar esta problemática da seguridade viaria de Galicia porque só así a poderiamos e a imos poder mellorar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rematado o debate, procedemos á votación.

Votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia

Comezamos votando o voto particular formulado ao ditame polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

O señor PRESIDENTE: E votamos, agora si, o Ditame da Comisión sobre o tema da seguridade viaria en Galicia. Votamos.

Votación

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame da comisión.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto segundo da orde do día.

Prégolle ao vicepresidente se pode acompañar a quen vai formular a petición aquí na tribuna.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, para unha lei de saúde mental de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei pola persoa designada pola comisión promotora, ten a palabra, por un tempo de 15 minutos, dona Ana Lucía González Novas, que despois poderá permanecer no escano logo da súa intervención.

A señora REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA DA PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, PARA UNHA LEI DE SAÚDE MENTAL DE GALICIA (González Novás): Buenos días. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Buenos días.

Soy Ana González, presidenta de la Fundación Salma y promotora de esta ILP para una Ley gallega de salud mental.

Soy hija, hermana y madre de personas con un problema grave de salud mental. No sé si alguna de las personas presentes tiene un problema de salud mental. Las estadísticas dicen que sí. No sé si alguien de los presentes tiene un familiar con esquizofrenia, o con trastorno bipolar; o un amigo que se haya intentado suicidar; o una compañera de trabajo que lleva tiempo con una depresión.

No sé si alguien de las personas aquí presentes tiene algún hijo o hija con algún trastorno de alimentación o con autismo, o con déficit de atención. No sé si alguien de los aquí pre-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sentes tiene una madre o un padre con demencia, algún sobrino o alguna hija o hijo de algún allegado con graves problemas de conducta o enganchados a las drogas. Las cifras dicen que sí, que están ustedes ahí.

Y no sé si saben cómo ayudarles con los recursos públicos de los que disponemos actualmente, porque yo no.

No estamos aquí para buscar culpables, hace tiempo que no estamos en ese punto ya, créannos. Estamos aquí para buscar soluciones y las soluciones empiezan por reconocer que hay un problema, y por saber dimensionar ese problema. Y en mi experiencia en salud mental los problemas que no se atienden van a peor.

Los servicios especializados de salud mental no son accesibles. Más de un 43 % de personas con trastornos graves no utilizaron ningún tipo de atención sanitaria; y más de un 72 % de personas con trastornos moderados tampoco. Ni son suficientes. Las listas de espera para una primera cita con el psiquiatra supera de los 3 a 4 meses, a veces más. Y el tiempo de atención del facultativo no supera los 15 minutos. Imposible realizar un diagnóstico acertado y garantizar una continuidad terapéutica eficiente con esos tiempos de espera y de consulta. Quien no tenga recursos para pagar los 150-200 euros por consulta del psiquiatra o los 60 del psicólogo queda expuesto a que su enfermedad se agrave por no ser atendido a tiempo.

Esto genera varios problemas.

La exclusión social y la marginación.

Muchos problemas de salud mental no atendidos o mal atendidos derivan a menudo en otros problemas como el alcoholismo, el consumo de drogas o el aislamiento y la desconexión con la comunidad, que a su vez generan más problemas sociales.

También conllevan dificultades para encontrar un empleo estable para las personas que tienen ese problema y para sus entornos familiares, cuando tienen que compatibilizar su horario laboral con los cuidados.

La inclusión hay que trabajarla en origen, no permitiendo que se produzcan situaciones de vulnerabilidad que dejen a las personas fuera del sistema.

Segundo, la cronificación de las patologías y el consumo de fármacos.

La tasa de personas con depresión crónica en Galicia es el doble que en el resto del Estado. La falta de accesibilidad a los recursos asistenciales se está supliendo con fármacos y se desatiende el abordaje integral desde una perspectiva vía psicosocial necesaria en las enfermedades mentales.

En Galicia el consumo de antidepresivos y estimulantes es un 71 % superior a la media estatal. Y somos la comunidad autónoma con mayor consumo de tranquilizantes, relajantes y

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

somníferos. Y estas cifras ya son anteriores a la pandemia. Arrastramos déficits estructurales desde décadas.

Tercero, la dependencia.

Las patologías se cronifican y se agravan por la falta de una atención adecuada y terminan en grandes dependencias que repercuten en toda la sociedad, requieren más recursos y más cuidados permanentes que a menudo recaen en los entornos familiares. Las personas que cuidan de dependientes por problemas de salud mental son en su gran mayoría mujeres y la mayoría viven en el rural.

Esta estructura de cuidados voluntarista va a colapsar con el cambio demográfico, porque cada vez quedan menos madres, hermanas e hijas que puedan y estén dispuestas a renunciar a una vida laboral para hacerse cargo de sus familiares dependientes. Por eso es necesario profesionalizar los cuidados. Hay que crear una red eficiente y suficiente de cuidados profesionalizados y continuados.

Y, por último, las muertes. Galicia encabeza con Asturias el índice de suicidios en España y el número de personas que fallecen por causas relacionadas con la salud mental es un 50 % superior a la media estatal. Detrás de estas cifras se esconden problemas y fallos en el sistema en los cuales tenemos que empezar a trabajar con urgencia.

Por eso estamos aquí, para alertarles de que el problema no se va solucionar solo. Hacen falta cambios para revertir la situación actual, y estos cambios empiezan por reconocer su gravedad y la gravedad de sus consecuencias, sobre todo si atendemos al cambio de la pirámide poblacional. Estos cambios son fundamentales para permitir el desarrollo de la sociedad en su conjunto. Los problemas de salud mental sin solucionar se llevan cada año vidas, años saludables, talento y oportunidades de muchas gallegas y gallegos, y generan mucho sufrimiento y lastran nuevas opciones para ser una sociedad mejor a nivel humano, social y económico.

Los cambios que necesitamos exigen de ustedes, de todos, los más altos niveles de compromiso con el largo plazo, con las generaciones venideras. Las personas con familiares dependientes hemos aprendido por la fuerza a pensar solo en el futuro, en el qué pasará mañana cuando yo no esté. No estamos aquí para buscar culpables, sino soluciones, y es por eso que ha surgido esta iniciativa legislativa popular, porque los planes de salud mental no han alcanzado para atender nuestras necesidades. Han dejado y siguen dejando a muchas personas de lado y fuera del sistema; por falta de un compromiso duradero no se han dado soluciones estables y a largo plazo. Muchas personas afectadas y familias siguen en situación de desamparo. Necesitamos una seguridad jurídica y presupuestaria de la que carecen los planes y que establezca de una forma clara las obligaciones y responsabilidades de la Administración pública. Y es que, aun en el caso de que el actual Plan 2021-2024 se llegase a ejecutar al cien por cien, ni siquiera se estarían cumpliendo los objetivos marcados por la propia Xunta como urgentes y necesarios hace ya unos 30 años.

En 2025 tendríamos once unidades de salud mental menos que las previstas como necesarias en el año 1997, así como once hospitales de día menos, cinco unidades de salud

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mental menos de infantojuvenil, nueve unidades de alcoholismo y otras adicciones menos, tres unidades de psicogeriatría menos. También tendríamos unas 24 camas menos en las unidades de hospitalización psiquiátricas de agudos que las recomendadas en 1987. Y seguirían faltando camas en las unidades de agudos de infantojuvenil, porque, a pesar de haberse prometido y presupuestado 20 camas en el 2006, a día de hoy solo tenemos 7. Y en el nuevo plan no se especifica cuántas camas va a haber en el Álvaro Cunqueiro. Se habla en la prensa de 6 habitaciones que podrían ser dobles; o sea, seguiríamos sin llegar a las 20 camas 15 años después. En definitiva, seguiríamos en números rojos, seguiríamos en precario.

Hemos conseguido más de 17.000 firmas en época de pandemia e de restricciones por el Covid, y sin poder contar con un sistema que permita la recogida de firmas digitales. Hemos hablado directamente con miles de personas, hemos organizado debates por toda Galicia; reuniones con asociaciones, con representantes de la Administración local, provincial y autonómica, y con especialistas y profesionales de todas las especialidades. Nunca una iniciativa legislativa popular había contado con la colaboración de tantos fedatarios y fedatarias.

Con la recogida de firmas en todas estas conversaciones hemos detectado que la sociedad civil está concienciada y convencida, mucho más de lo que ustedes piensan. Seamos claros, el nivel de exigencia ha subido. Nosotros estamos aquí para hacérselo saber. Con lo que se ha hecho hasta ahora no es suficiente, no basta. Esto es lo que nos han contado, lo que hemos aprendido y lo que queremos transmitirles. No hay salud sin salud mental, y la salud mental es un tema de salud pública, y corresponde a la Administración pública velar por su buena gestión, y no debe depender del esfuerzo voluntarista de los familiares y de los profesionales, ni de la capacidad de sufrimiento de las personas afectadas.

Uno de los principales atascos tiene que ver con el funcionamiento en departamentos estancos de la Administración. Se debe consolidar el trabajo interdisciplinar, interdepartamental. Las Consellerías de Sanidad, Política Social y Educación deberían estar coordinadas y trabajando de forma conjunta para la prevención, la asistencia y la integración. Deben existir mecanismos estables que permitan el abordaje psicosocial y no estrictamente sanitario que requieren las enfermedades mentales.

Debemos poner el foco en la prevención. La mitad de los trastornos mentales aparecen antes de los 14 años y alrededor del 75 %, antes de los 18. Es fundamental y urgente disponer de especialistas en infantojuvenil y poner los recursos necesarios que permitan que nuestros niños y niñas tengan un futuro y no queden descolgados de la sociedad por no recibir la atención que necesitan.

Hoy en día se están ingresando menores de 13, 14 y 15 años en unidades de agudos para adultos, y esto es muy grave. Tenemos que garantizar la escolarización y la formación profesional de los menores con algún problema de salud mental. Tenemos que formar a los pediatras de atención primaria y a los profesores para que sepan detectar y canalizar a tiempo los problemas que aparecen en las aulas. Tenemos que darles más recursos para que se puedan ocupar de nuestros hijos e hijas como se merecen, en vez de ahogarlos con protocolos y burocracia que al final no se cristalizan en una atención rápida y efectiva de los menores.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hay que profesionalizar los cuidados, crear una red y una infraestructura habitacional suficiente, porque los casos graves se están olvidando. La solución no es cerrar centros sin más, es ofrecer alternativas más humanas y adaptadas a la diversidad de las casuísticas, para las personas que necesitan más apoyo en su recuperación y en su integración sociolaboral. No se pueden eliminar los servicios por ser deficitarios, y no ofrecer a sus usuarios ninguna alternativa residencial más humana y más adaptada a las tecnologías y a los cuidados del siglo XXI.

Hay que integrar de manera efectiva la salud mental en la atención primaria, la salud mental tiene que ser accesible, y la mejor manera es llevar su atención a los centros de salud, al entorno más próximo y cotidiano en el que la persona encuentra habitualmente la atención que necesita. Es también en ese entorno en el que se naturaliza el tener un problema de salud, aunque sea mental, luchando así contra el estigma. Esto ya está sucediendo, ya que una de cada tres consultas que se realizan en atención primaria tienen que ver con la salud mental. Sin embargo, los médicos de familia no tienen el tiempo ni la formación específica necesaria para abordar estas problemáticas.

Hay que incrementar los ratios de profesionales dedicados a la salud mental. Aunque se incorporasen los 241 nuevos profesionales previstos en el nuevo plan, seguiríamos por debajo de los previstos por la propia Xunta como necesarios en el año 1997.

También se deben crear comisiones interdepartamentales que favorezcan la coordinación de profesionales en áreas diferentes, desde la medicina de familia hasta la atención especializada, pasando por los servicios sociales y de integración y la comunidad educativa.

Seguimos muy alejados de los parámetros y de maneras de funcionar de otras comunidades y países europeos, y la atención a la salud mental sigue siendo insuficiente. Es imprescindible implementar mecanismos de control, de la calidad del servicio, de evaluación continuada para detectar los problemas y proponer soluciones que permitan la mejora progresiva del sistema, tanto sanitario como de cuidados.

Debe existir una evaluación periódica continuada y objetiva, ajena a intereses políticos, que permita saber si se están cumpliendo o no los objetivos de los planes y programas, y que propongan soluciones a los problemas que no estén siendo atendidos.

Y ya voy terminando.

Nosotros con la ILP, con mejor o peor acierto, hemos intentado reflejar todas estas cuestiones. Si no somos nosotros, serán otros después; si no es esta ley, será otra; esperemos que todavía mejor, más adelante. Pero, como muestra la actualidad y como demuestran las cifras, no es algo que se vaya a poder ignorar.

La sociedad civil, en definitiva, sus votantes, estamos esperando una respuesta efectiva y duradera a esta situación. Las gallegas y gallegos somos un pueblo resiliente con una gran capacidad de trabajo y sacrificio y merecemos lo mejor por parte de los gestores y gestoras políticas.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por nuestra parte, estamos concienciados y convencidos de que es imprescindible un compromiso serio y duradero con la salud mental. Es lo que esperamos de todos ustedes. No queremos ni necesitamos más promesas vacías, ni más compromisos rotos, ni más planes incumplidos. Queremos una ley que nos garantice nuestro derecho a una asistencia sociosanitaria en salud mental.

Muchas gracias por habernos oído, ojalá que también nos hayan escuchado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Novás.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios, Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Bo día a todas e a todos.

Señor conselleiro.

Bo día a Ana, xente que nos acompañan dende a tribuna, cos que teño conversado en numerosas ocasións. Non vexo a David, pero seguramente tamén nos estará seguindo. Está David, bo día.

Hai un problema, creo que foi, probablemente, se me permite, Ana, introducirme na súa intervención, a frase máis significativa: «temos un problema». Un problema que a política non soubo solucionar e un problema que a política non vai poder ocultar, e esta é unha realidade.

Hai un problema que non por falar demasiado del vimos resolvelo se non poñemos os medios adecuados. Temos en Galicia un problema, dende o noso punto de vista é un problema en dúas vertentes. En primeiro lugar hai un problema de recursos e en segundo lugar hai un problema de modelo; necesitamos máis, pero necesitamos mellor.

Hai un problema de recurso porque temos, somos ou estamos no triste podio das comunidades autónomas de España con peor ratio de profesionais, non de agora, senón acumuladamente durante todos, todos os anos. En todas as categorías, en psiquiatría, en psicoloxía clínica, en enfermeiras especialistas en saúde mental. Hai un acordo deste Parlamento, promovido polo Partido Socialista no ano 2021, que comprometía e que o Goberno, o Partido Popular asinou convocar 120 prazas novas para o ano pasado. Incumpriuse, convocáronse menos, ninguén deu ningunha explicación. Falouse aquí da incorporación da saúde mental en atención primaria, que nós levamos defendendo, non como un sistema único en primaria, senón como unha conexión do servizo de saúde mental coa primaria. A única aportación en recursos é un psicólogo clínico de media por 400.000 habitantes. Insuficiente.

Hai un problema de modelo, hai un problema sobre se debemos ou queremos ou sabemos o que temos que facer sobre concentrar os recursos, sobre todo aqueles que son para hospitalización ou unidades de internamento, en espazos grandes e únicos, como agora practi-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

camente temos Conxo, ou debemos atomizar ou difundir en centros máis pequenos, máis próximos tamén á realidade e ao contexto das persoas, ao contexto social das persoas.

Hai un acordo neste Parlamento, nese que citaba de 2021, sobre as melloras no centro de Conxo; van tres avaliacións seguidas do mesmo mecanismo público, do Defensor do Pobo, que di que non hai ninguén facendo o que debe facer. E os profesionais merecen que se lles dean os recursos.

Hai un acordo neste Parlamento sobre a incorporación de unidades, a creación de novas unidades de hospitalización de infantoxuvenil, anunciouse, anunciouse; a realidade é que non é real. E, por tanto, o que necesitamos é que pasemos como se nos dixo das palabras aos feitos. Porque todo isto, deriva, resulta nunha cuestión clave, que somos unha das comunidades autónomas con maior consumo de psicofármacos, perdemos, ademais, capacidade terapéutica noutras vías si que son positivas.

Temos unhas das peores taxas de suicidio de España nunha triste competencia con Asturias, constantemente. Temos un aumento clarísimo en casos diagnosticados en adolescencia e xuventude. E temos, o que é peor, unha inaccesibilidade tremenda no sistema. Hoxe non é real o dereito dun galego ou dunha galega á saúde mental, non é real. Porque se un galego ou galega necesita ser atendido por un psicólogo ou psicóloga —por poñer ese caso— todos pensariamos que estamos falando dun psicólogo ou psicóloga privado, porque é irreal, imposible e absolutamente inaccesible ter un tratamento de saúde mental no sistema público de Galicia coas medias de atención, coas demoras e coa ineficiencia de recursos que existen; a pesar de ter grandísimos profesionais é imposible facelo con esas esperas. Hoxe a saúde mental en Galicia non é un dereito real, non o é. *(Aplausos.)*

Hai cousas boas, suceden cousas boas. Hoxe en día vivimos unha maior visibilización dos problemas de saúde mental; non é grazas a política, é grazas a unha sociedade que os visibiliza, persoas coñecidas que os expoñen, que os dan a coñecer, que intentan transmitir certa normalidade dentro da situación, que intentan transmitir que poden ocorrer, que a realidade está aí. Iniciativas como esta conseguen trasladar a necesidade de que entendamos que a visibilización tamén é un elemento importante. Non o fixo a política, non o fixo a política.

Polo tanto, o que debemos aprender tamén é saber cales foron os erros cometidos. A saúde mental estivo e nós vímolo defendendo hai tempo e, a pesar diso, eu creo que recibimos algunhas valoracións ou comentarios bastante negativos. Foi sempre a irmá pequena e olvidada do resto do sistema sanitario, por diversas razóns, pero foi, probablemente aínda siga sendo. A cidadanía está tirando da política para saír desa situación, pero aínda están os problemáticos.

¿É a solución unha nova lei? Sabe a comisión e sabe o equipo que estivo traballando nisto que a nosa posición é non estar convencidos de que a lei sexa de por si a solución fabulosa que necesitamos. Non é un problema de marco de dereitos. Nunca vai ser un problema, probablemente, pero non é un problema de cuestión de lei, non é fundamentalmente unha cuestión de marco regulatorio. O problema non está en como se regula, o problema está en como se goberna. O marco regulatorio ofrece oportunidades enormes para desenvolver políticas

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reais e efectivas en saúde mental que dean resposta aos problemas reais que ten a cidadanía. Non se fai porque non se quere, pero existe o marco regulatorio, existe.

Nós cremos, ademais, que o sistema sería ou caería nunha lixeira dificultade de xestionar se incorporamos unha lei específica sobre saúde mental, que tería cousas positivas, que tería algunha cousa negativa ou podería telas, por exemplo, estigmatizar; por exemplo, desmembrar a saúde mental do resto do sistema cando necesitamos integrala, porque hoxe en día está apartada incluso fisicamente, que é unha proposta que nós levamos moitos anos defendendo, que se incorporen os servizos de saúde mental a onde están o resto dos servizos sanitarios, pero están afastados, en guetos. De feito, algúns deles, a Xunta de Galicia nin os asume como servizos sanitarios, deixa en mans dos concellos algúns tipos de servizos que se atenden con profesionais sanitarios porque nin sequera os asume como propios. Ata aí chegamos. E nós defendemos esa integración. E, por tanto, lexislar sobre isto, podería desmembrar.

E cremos que pode perder eficiencia pola dificultade despois de combinar dous servizos que se rexen por leis distintas. Como instrumento temos algunhas dúbidas. Ten algunhas vantaxes: focaliza, da relevancia, evidencia un problema, e ademais, sobre todo busca unha solución. Claro, que esa é unha vantaxe, busca unha solución este mecanismo. Por tanto, nós temos algunhas reservas sobre que a lei como tal, como formato legal, sexa o camiño. Do que non temos ningunha dúbida é de que esta chamada de atención significa que a cidadanía está entendendo que hai un problema; que quen ten a responsabilidade de exercer todo o que sabe para buscar solucións non o está facendo; que este é un problema que non vai aparecer e desaparecer facilmente, senón que nunca vai desaparecer, senón que vai incrementarse; e ademais comprobamos que a cidadanía moitas veces vai por diante dos gobernos nas necesidades que se detectan.

Pode ser este un espazo onde realmente teñamos a voz máis clara. ¿Por que? Porque houbo que chegar ata aquí para evidenciar aquilo que levamos outros dicindo durante moitos anos con pouco éxito —algunha culpa teremos— para chegar ata o punto no que necesitamos demandar que máis recursos e repensar o noso modelo non é un xogo floral de retórica parlamentaria, é unha necesidade urxente. E, por tanto, iso si que é unha vantaxe que ten esta iniciativa, que cremos que, ademais, o que pon enriba da mesa é un problema que non estabamos sabendo dende a política, e asumo en primeira persoa tamén, tamén os que estamos na oposición seguro, que, se non somos quen de conseguir algún cambio, tamén seremos parte dos culpables. Pero si que cremos, indiscutiblemente, que quen goberna ten a súa responsabilidade primordial. Esta lei o que trae aquí é a evidencia dun problema que non estamos sabendo resolver.

A lei non sería a nosa primeira solución, non sería o noso instrumento, pero si a análise e si a realidade é a nosa motivación. Nós non imos opoñernos, se este é o mecanismo que decidimos entre todos. Para nós o mecanismo —dicimos— non é óptimo, pero non é o principal, o principal é solucionar a situación. E, por tanto, nós non imos estar en oposición ao mecanismo, non poderíamos tampouco, non tería sentido. O que si invitamos ao Partido Popular a que decida, ten a súa maioría lexítima, exérzaa. Decida como queremos afrontar esta situación: mediante esta lei, aceptémola, traballémola, mellorémola no que sexa posible, combinemos esas conversas coa sociedade que está aí fóra, con toda a mobilización que esta

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comisión vén de producir. Utilicemos este mecanismo se o deciden. Se deciden non utilizar este, utilicemos outro. O que non podemos aturar e non podemos asumir é que non utilicemos este mecanismo pero se nos diga que está todo ben e que xa están traballando, porque a realidade é outra. Podemos escoitar o que queremos escoitar pero se escoitamos a realidade, falou aquí, e fala moito aí fóra, que non estamos procurando as solucións necesarias. Por tanto, está na man do Partido Popular. Nós amosamos, como amosamos nos acordos anteriores, a nosa vontade de construír; aquí nos teñen para o que nós poidamos aportar, daremos o mellor de nós. Se este é o mecanismo, estaremos. Nós non nos imos opoñer; pero, se este non é o mecanismo, polo menos aprendamos.

Di un vello dito que contan os vellos na miña zona que ás veces se gaña e ás veces se aprende. Se esta lei gaña hoxe e vai adiante, gañará; se non, que sirva para que todos aprendamos, e por tanto mañá busquemos outra solución. Se esta non é, ten que ser outra; o que non vale é que esta non sexa e lle digamos que xa estamos traballando porque a realidade é que, se alguén está traballando, non o está facendo ben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Quero agradecer antes de máis o traballo realizado polas persoas promotoras desta ILP, especialmente a persoa que veu aquí a defendela en nome da comisión promotora, a señora González. E agradecerlles ás 17.597 persoas que asinaron, o que a Xunta Electoral deu por válidas, esta iniciativa lexislativa popular, porque é unha mostra desa preocupación que existe en Galiza sobre a situación da atención á saúde mental, unha mostra de que cada vez hai máis persoas que son conscientes da situación e que lle exixen medias. Polo tanto, agradecer ese esforzo de poñer, contribuír a poñer en axenda, en traer á actualidade a situación da saúde mental e as graves carencias e necesidades de recursos e organización.

Unha situación e unha preocupación que comparte o Bloque Nacionalista Galego, que levamos anos denunciando que a saúde mental é unha das grandes damnificadas das políticas sanitarias do Partido Popular, deses recortes e falta de atención ás necesidades de sanidade e dos galegos e das galegas, unha situación que, se xa era grave antes da pandemia, a pandemia non veu máis que agrandar e magnificar. Hai moitísimos expertos e expertas que están xa advertindo que é a gran pandemia tras a Covid-19.

E, diante desta situación, eu teño que volver a repetir, en nome do BNG, que o Partido Popular na Xunta de Galiza —e tamén saúdo o conselleiro que está hoxe aquí, non o vira

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

antes— que non ten actuado, non ten atendido as necesidades, non planificou e non adicou o orzamento preciso. Consecuencia diso é ser esa gran esquecida.

E levamos anos insistindo na necesidade desa atención, na necesidade de actuar, na necesidade dun plan estratéxico da saúde mental, xa que o Partido Popular meteu no caixón o Plan de saúde mental 2006-2011, e anos demandando un plan específico para a prevención do suicidio. Tivemos que agardar até o ano 2017 para que a Xunta de Galiza publicara o Plan de prevención do suicidio, e ao ano 2020 para que fixera o propio co Plan de atención á saúde mental, apremiados polas consecuencias da Covid: Plan de saúde mental poscovid 2020-2024. Dous elementos planificadores que non deixan de pasar, que non dan pasado do papel á realidade. No caso do Plan de prevención ao suicidio na súa concreción e medidas de dotación de recursos é máis que insuficiente, recursos insuficientes; un aumento do persoal realmente moi deficiente; e non hai seguimento nin avaliación; ou cuestións como a que denunciamos de que na área sanitaria de Pontevedra do Salnés se abre unha unidade de prevención do suicidio que se pecha de alí a unhas semanas deixando tiradas as persoas que tiña que atender. Ou no caso do Plan de saúde mental poscovid 2020-2024, que teoricamente estaba dotado con 83 millóns de euros, mais que logo na concreción orzamentaria, ano tras ano, non vemos que eses 83 millóns de euros se vaian concretando na realidade. Esquécense de ir poñendo as partidas precisas no orzamento, non hai memoria onde se avalie e cuantifique o grao de consecución dos obxectivos, nin o calendario dos mesmos. Un plan que o persoal que contempla estaría na metade do preciso e, segundo a avaliación que o propio Sergas fixo hai 25 anos, no ano 96, ao que tamén fixo referencia a señora González. As 241 prazas que contempla o plan en vigor do Partido Popular non chegarían nin á metade do contemplado hai 25 anos, co que aumentou a necesidade de atención á saúde mental, xa digo, anterior á Covid, e coa Covid multiplicouse, co cal é unha evidencia de que non é unha prioridade para o Partido Popular.

Igual que levamos anos demandando, facéndonos eco das denuncias de vulneración dos dereitos das persoas con diagnósticos psiquiátricos ingresadas en centros sanitarios; denunciando o que acontecía ou o que acontece nestes centros, como suicidios evitábeis, ingresos en dispositivos asistenciais que non son os axeitados, medidas de illamento como castigo, ou a cuestión da contención mecánica inaceptable en pleno século XXI. Denuncias que levamos personalizando na situación do Hospital Psiquiátrico de Conxo; denuncias que contemplou o mecanismo nacional de prevención da tortura, dependente do Defensor del Pueblo —porque é español—, que fixo unha visita no ano 2017, e que aí recoñeceu a situación inaceptable que se vivía no hospital de Conxo, que a Xunta de Galiza e o Partido Popular minimizou, que apenas rectificou e que catro anos despois, no ano 2021, volveu realizar visita e que practicamente volve a recoller no seu informe presentado no Congreso dos Deputados que as cousas están practicamente iguais. Isto —e aproveito que está presente, señor conselleiro— non é aceptábel. Non é aceptábel que esta situación se manteña e, polo tanto, o BNG coincide coa diagnose que hoxe aquí se expuxo; coincidimos cunha cuestión que fixo referencia a señora González de que as solucións empezan por recoñecer que hai un problema, e o Partido Popular ten que recoñecer que hai un problema gravísimo en Galiza referido á saúde mental. Un problema gravísimo que afecta a miles de persoas e que non poden botarlle ao lombo das familias a súa solución. Non poden botarlle ao lombo das familias, e que cando falamos das familias falamos, como tamén dixo a defensora desta ILP, funda-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentalmente ao lombo das mulleres, que son as que se fan cargo de todas as persoas con problemas de saúde mental. Non poden facelo, non poden facelo. *(Aplausos.)*

Trasladou aquí a defensora desta ILP toda unha serie de datos que o BNG vén trasladando aquí a este Parlamento, exixindo que se tome nota desa realidade para poñerlle remedio. Vimos demandando, evidenciando que hai un marco global en Galiza, que é dun aumento moi importante da prevalencia dos problemas de saúde mental; que un de cada cinco galegos e galegas mostra un problema de saúde mental ao longo da súa vida; que a pandemia está a agravar esa situación; que hai dificultade para acceder aos servizos de saúde mental; que os propios datos da Xunta de Galiza os últimos publicados, que son de xuño do ano 2021, en canto ás listas de espera do Sergas, tería que ter publicado en decembro do ano 2021, estamos practicamente en abril e seguen sen publicarse eses datos, pero os últimos de xuño do ano 2021 establecían que había 7.020 persoas agardando por unha primeira consulta de psiquiatría en Galiza. Iso é brutal porque a atención á saúde en xeral, pero á saúde mental en particular, é útil cando se fai en tempo e forma, cando se atenden esas demandas e esas necesidades en tempo e forma e non cando se tarda meses en atendelas, nin cando se tardan meses logo nas segundas consultas, que esas xa non se publican e que son de meses. Un problema de saúde mental non pode tardarse meses na primeira consulta, nin meses nas consultas sucesivas. Iso non é atención, señor conselleiro.

Igual que o preocupante número de mortes por suicidio. Estamos á cabeza no Estado español en mortes por suicidio. O que é gravísimo é que esa situación non se reverte, senón que se mantén durante anos esa posición á cabeza. E o que é gravísimo é que estamos vendo un aumento en persoas moi novas, en nenos, e suicidios de persoas que o conseguen, e outras moitas que o intentan e sabemos que detrás de cada persoa que o consegue hai como mínimo 20 que o intentan. Iso é un auténtico drama ao que hai que poñer remedio con recursos, con recursos de dispositivos e con recursos fundamentalmente de persoal.

Igual que levamos denunciando moito tempo neste Parlamento a sobrediagnose de enfermidades mentais nas mulleres, que moitas mulleres con diferentes patoloxías o que están é tratadas con psicofármacos, o cal non é dende logo unha solución, o único que fai é enmascarar os problemas e retardar a súa solución.

Coa atención primaria colapsada, cos hospitais con listas de espera na dimensión que veño de dicir, é evidente que os galegos e as galegas non teñen unha atención á saúde mental digna de tal nome. E o resultado é o estancamento na evolución e seguimentos moi distanciados no tempo que non dan resposta ás patoloxías, que a xente acode aos servizos de urxencia colapsando eses dispositivos. E toda esta falta de atención tradúcese nun drama para as persoas doentes e para as súas familias e os seus entornos; que as que poden acoden á sanidade privada e as que non quedan literalmente tiradas. E con esta situación e estes datos, é imprescindible tomar medidas, actuar e tomar en serio o problema.

O BNG vai votar a favor de que se tome en consideración esta iniciativa lexislativa popular, non porque concordemos con todo o que nela se recolle, xa llo expresamos tanto a Ana como a David, que nos reunimos con eles; mais que, se se admite a trámite, o BNG presentará propostas para mellorala, no sentido de garantir que a saúde mental estea inserida plenamente

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dentro dunha atención sanitaria pública, dunha atención sanitaria pública de calidade e gratuíta, non que pague ou que sexa atendido quen máis recursos ten, senón que sexa atendido quen máis necesidades de atención ten. É a nosa prioridade. Inserido totalmente na sanidade pública e dentro dos dispositivos públicos para que iso sexa unha garantía. E mellorar o que é a garantía de reforzo do recoñecemento dos dereitos das persoas con problemas de saúde mental, das persoas con discapacidade, que os seus dereitos sexan plenamente recoñecidos, e que os dereitos diante de ingresos involuntarios sexan recoñecidos ou na dirección da eliminación xa das contencións mecánicas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Son algunhas das cuestións que nos parecerían fundamentais á hora de abordalo e fundamentalmente á hora de implementar orzamento, como vimos facendo xa nos últimos anos, e persoal, que son os elementos claves para esa atención de calidade; igual que unha atención primaria onde a saúde mental teña persoal e equipas multidisplinarias para atender esas necesidades, porque —repito e tamén o dixo a proponente—, se o 30 % das consultas en atención primaria teñen a ver coa saúde mental, ten que haber recursos suficientes para atender esas persoas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Saúdo tamén a Asociación Salma e, particularmente, a súa presidenta, Ana González.

Dicir que a saúde mental é algo máis que a ausencia de trastornos mentais, é un estado completo de benestar físico, mental e social, clave para acadar os nosos obxectivos e ser capaces de facer fronte ao estrés da vida e traballar de xeito produtivo para así contribuír ao noso benestar e ao da nosa comunidade.

Todos debemos de implicarnos nesta patoloxía, xa que soamente cando esta nos toca de cerca somos capaces de valorala na súa xusta medida. Lamentablemente, as crenzas e as actitudes negativas cara ás persoas que teñen algunha patoloxía relacionada coa saúde mental son habituais nas nosa sociedade.

Dito isto, quero, en primeiro lugar, agradecer á Fundación Salma, promotores desta proposición de lei, o esforzo e o compromiso amosado no impulso desta iniciativa, e o traballo que fan a diario no ámbito da saúde mental, que así nos consta, que é moito e continuado.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Concordamos na necesidade de que dende todas as administracións públicas...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, escóitaselle mal. Se pode acercar os micrófonos máis... A ver así.

A señora AMIGO DÍAZ: Concordamos na necesidade de que todas as administracións públicas, institucións e gobernos nos esforcemos por mellorar a situación, a atención, o tratamento e o coidado das persoas con enfermidade mental; por incrementar os recursos de apoio para eles e para as súas familias; e por evitar o estigma asociado a estas enfermidades, tan inxusto e que moitas veces compórtase como un obstáculo para recibir o tratamento axeitado.

Con todo, creo que o Goberno galego ten avanzado notablemente neste ámbito, como tratarei de explicar de seguido, por iso cremos que o seu tratamento, neste caso lexislativo, non debe ser diferencial.

Estes pacientes deben contar cos mesmos dereitos que todos os demais, e así aparece recollido na lexislación xeral, como por exemplo na Lei de saúde de Galicia. Os mesmos dereitos e tamén a mesma calidade asistencial.

Pero antes e como cuestión previa quixera poñer en valor o feito de que hoxe esteamos aquí a debater unha iniciativa lexislativa popular, un instrumento de participación cidadá directa nos procesos lexislativos que, lonxe de restar protagonismo político ao Parlamento de Galicia, contribúe a reforzar a centralidade desta Cámara como a casa común de todos os galegos e galegas, e a capacidade do Parlamento de achegarse dun xeito máis eficaz ás demandas e inquedanzas sociais. Ata tal punto é así, que foi o Grupo Popular cunha acción política decidida quen rachou co modelo anterior facendo posible que o debate de toma de consideración destas iniciativas lexislativas populares non dependera só da maioría política de turno, senón que, como mínimo, todas as iniciativas populares son obxecto de debate directo neste Pleno unha vez que cumpren os requisitos de sinaturas e demais previstas no regulamento.

Poderemos estar a favor ou en contra do contido das propostas de lei que cheguen co referendo da cidadanía a esta Cámara, pero, grazas á reforma impulsada polo Partido Popular dende a Cámara galega, non se pon ningún obstáculo para o debate. E isto é todo un exercicio de respecto polos promotores das iniciativas de transparencia coa cidadanía e de compromiso democrático. Todos lembramos como o bipartito deixaba no limbo moitas leis por razón de conveniencia ou de oportunidade.

E, xa entrando no que hoxe debatemos sobre a ILP, reitero que a saúde mental para o Goberno da Xunta de Galicia é unha prioridade. O presidente Feijóo, no seu discurso de investidura, anunciou que nesta lexislatura se desenvolvería o maior plan de saúde mental da nosa historia, e así está a acontecer. E no Consello da Xunta do 26 de xuño do ano 2020 aprobouse o novo Plan de saúde mental de Galicia, un plan que está perfectamente adaptado á nova realidade que nos marcou a pandemia e que estamos a vivir. Conta con 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega, ade-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mais da implementación de melloras na asistencia sociosanitaria ás persoas que padecen un trastorno mental e aos seus familiares, dun xeito comprometido coa sostibilidade do sistema sanitario. Dotado cun presuposto de 83 millóns de euros e que ten como obxectivo incrementar o número de profesionais e dispositivos asistenciais, como o desenvolvemento de programas para a recuperación das persoas con trastornos mentais severos e fomentar a investigación destas patoloxías.

Eu hoxe non vou entrar en debates partidistas, estamos afeitos a que valoren a sanidade galega no nivel máis baixo, pero penso que, por respecto á iniciativa que hoxe trae aquí a Asociación Salma, non debemos entrar en polémicas que non teñen interese. Soamente concretar o que dixo a señora Prado de Conxo; é importante dicir que a Xunta xa fixo efectivas a implantación de boa parte das medidas indicadas polo Defensor del Pueblo, como a modificación dos modelos de ingreso, o inicio dun plan de calidade do centro con perspectiva de xénero ou as melloras nos rexistros e nos dispositivos de vixilancia das contencións mecánicas. E en outubro do ano pasado o Sergas emitiu unha instrución para regular o rexistro das medidas de contención que se apliquen a pacientes con saúde mental.

Sigo xa co debate porque non quero entrar en polémicas, como dicía. O mellor exemplo da prioridade que lle dá o Goberno a este plan é que está no máximo documento de control da xestión do sistema sanitario galego. O mesmo conselleiro de Sanidade que hoxe nos acompaña e a conselleira de Política Social, como dicía no anterior pleno, informábannos dos acordos de xestión que o Sergas asinou coas 7 áreas sanitarias, nos que se recollen os indicadores e obxectivos específicos de cumprimento do Plan de saúde mental.

Eu vou informar dos programas porque, como non se fai nada, vamos informar dos programas que están en marcha, que son moitos, na mellora e na procura da mellor atención na saúde mental. Están funcionando xa os hospitais de día infanto-xuvenís de Vigo, Santiago e Ourense; o desenvolvemento da rede de atención infanto-xuvenil é unha absoluta prioridade neste plan e, de feito, a súa posta en marcha reforzou as unidades de saúde infanto-xuvenil das principais áreas metropolitanas, onde a incidencia de casos é maior. Tamén están en marcha as cinco novas unidades ambulatorias, tres de adulto —Ordes, Oleiros e Tui— e dúas infanto-xuvenís na Coruña e en Vigo. A nova unidade de psicoxeriatría en Ourense, que está funcionando. Ampliouse tamén o persoal de hospitalización a domicilio de saúde mental en 3 áreas: Santiago, Pontevedra e Ourense. Isto implica unha maior cobertura tanto territorial como horaria.

E hai reforzos en todas as áreas nos programas sociosanitarios, dos que tanto se fala e tan importantes son no contido de saúde mental, que dan un servizo ás residencias de maiores permitindo aos profesionais de psiquiatría atender de xeito coordinado con política social as necesidades dos residentes que contan con patoloxía de saúde mental. Gobernanza, coordinación e transversalidade, diso se trata. Froito diso estanse xa levando a cabo proxectos concretos, como o programa Vida coa Consellería de Política Social; ademais en Galicia nos últimos anos, estruturáronse diferentes comisións de participación interdepartamental sobre ámbitos de especial relevancia, como a Comisión Interdepartamental para a Prevención do Suicidio ou a Comisión Interdepartamental de Sanidade e de Educación, da que deriva un Comité Sanitario Educativo en Benestar e Saúde Mental constituída xa en maio do ano 2021. In-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

corporáronse psicólogos clínicos de enlace de atención primaria, un novo programa que ten como obxectivo mellorar a coordinación entre a primaria e a saúde mental, e tamén se contan todas as áreas con psicólogos clínicos de enlace para atención hospitalaria. Destaca o programa Cóidate para coidar, que dou acompañamento e apoio psicolóxico a decenas de profesionais do Sergas.

En canto á prevención do suicidio, no ano 2021 pasouse dunha única unidade, a de Ourense, que foi a pioneira, a ter seis unidades, e neste 2022 estenderase o modelo a sete áreas. E ademais actualizouse o protocolo para a prevención do suicidio no eido educativo.

Se falamos de persoal ou presuposto, as 163 prazas creadas no ano 20, 21 e 22 supoñen xa un investimento de 7,7 millóns de euros máis en persoal de saúde mental do que había no ano 2019. O obxectivo final do plan é ter incorporadas esas 241 novas prazas, co que o reforzo anual en investimento de persoal chegará aos 11 millóns de euros.

Ademais, é importante destacar a colaboración coas entidades do tecido asociativo sociosanitario, que tamén contan cun incremento orzamentario tanto na licitación de contratos de novas prazas como na convocatoria de axudas a estas entidades. Ano a ano estanse incrementando as prazas en centros de rehabilitación, en pisos protexidos ou en centros residenciais.

No ano 2022, destináronse 8,1 millóns, o que supón máis dun 30 % da contía que había en 2020. Para 2024, a consellería ten como obxectivo chegar a un orzamento neste eido un 55 % maior que no 2020. Isto supón 320 novas prazas logrando superar as 1.500.

No que respecta ás axudas para financiamento de programas a entidades sociais relacionadas cos pacientes con trastornos mentais, este plan supuxo en 2020 a primeira orde de axuda de 500.000 euros, no ano 21 superou os 800.000 e anunciouse no último Consello da Xunta celebrado en Lugo o pasado xoves, no que se adiantou en tres meses a convocatoria para este ano 2022, a dotación de 841.177 euros para facilitar a execución dos fondos por parte das entidades.

En definitiva, Galicia conta cun plan de saúde mental sólido, cun equipo de xestión que o respalda e cun presuposto orzamentario firme, que apoia todos e cada un dos pasos que se están dando para desenvolvelo. Este plan marca o camiño cara a unha asistencia no ámbito da saúde mental máis integrado, máis coordinado e mellor dotado.

O plan responde, ademais, a unha realidade, a da pandemia, que incrementou estas patoloxías e identifica a saúde mental como unha das prioridades para o Goberno da Xunta de Galicia.

Con todo, nós non renunciamos a seguir mellorando o sistema e agradecemos todas e cada unha das achegas que se fagan.

Máis nadas e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de réplica, señora González Novás.

Son cinco minutos. Cinco minutos é o tempo que ten.

A señora REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA DA PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, PARA UNHA LEI DE SAÚDE MENTAL DE GALICIA (González Novás): Yo he terminado mi intervención diciendo que gracias por habernos oído y ojalá que también nos hubiesen escuchado.

Lamentablemente, después de la intervención del Partido Popular tengo que decir que no nos sentimos escuchados. No les voy a repetir todas las cifras que ya he mencionado anteriormente, pero sí ustedes las cifras las conocen mejor incluso que nosotros. Hemos puesto de manifiesto que el plan actual que ustedes presentan como una solución maravillosa no está llegando a la gente, no está cubriendo las necesidades básicas de la gente. Y aun en el caso de que se cumpliera al cien por cien, como ya he dicho, estaríamos en números rojos y en precario; ni siquiera estaríamos alcanzando los objetivos que se pusieron como urgentes y necesarios hace ya más de 30 años. Entonces, nada que celebrar, señora Amigo. Nada que celebrar y mucho que trabajar. Lamento realmente que no hayan tomado el guante, que no hayan aprovechado esta oportunidad para hacer un poquito de autocrítica y ver que realmente las cosas no se están haciendo bien. Perpetuarnos en políticas que no están dando respuesta a las necesidades de las familias, de las personas es un error. ¿A qué nos conduce esto? ¿A seguir esperando a que se aumenten las cifras y los dramas familiares y personales? Los planes no han funcionado y siguen sin funcionar. Necesitamos nuevos planteamientos, nuevas políticas, nuevas estrategias y necesitamos un control objetivo y una evaluación continuada que realmente eso se está haciendo bien, no porque nos los digan ustedes, con todos mis respetos.

Muchas gracias al PSOE y al BNG por haber estado abiertos a explorar nuevas vías para salir de esta situación de emergencia en la que nos encontramos y buscar nuevas fórmulas que pudieran servir a la ciudadanía. Lamentablemente, si no revierte esta situación de emergencia en la que nos encontramos, miles de familias van a seguir sufriendo, y eso va a repercutir en el crecimiento de toda la sociedad. Porque cuando hay un diagnóstico de salud mental no solo afecta a la persona diagnosticada, arrastra toda la familia consigo.

No sé si le parece a usted humano tener que esperar tres o cuatro meses para una primera cita cuando a lo mejor tu hijo ha tenido un intento de suicidio hace una o dos semanas. Cuando el facultativo solo le dedica quince minutos, y la próxima visita es a los tres meses y lo vuelve a ver otra persona. Realmente, ¿ustedes están contentos con esa atención?, ¿se puede llamar eso atención sociosanitaria? Es que hay en día ni siquiera pagando encontramos una atención sociosanitaria en salud mental digna. Hoy en día, incluso las clínicas privadas tienen lista de espera. ¿Usted le diría a alguien con un cáncer terminal o a alguien con una angina de pecho que se espere cuatro meses? ¿Por qué no le estamos dando el valor y la atención que se necesita la salud mental? Necesitamos una sociedad fuerte; para ser una sociedad de progreso, tenemos que ser una sociedad sana, y no hay salud sin salud mental,

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

señorías. Tómenselo en serio. Igual ustedes, como empecé mi intervención, seguramente que ustedes mismos o algún familiar o algún allegado tiene algún problema y esto no se va a resolver solo con el privado, con la intervención privada, tiene que haber recursos. No es digno que en el siglo XXI, que estamos presumiendo de tener una de las mejores sanidades, se esté desatendiendo a una gran parte de la población. Porque hacerles esperar meses para una consulta, que no haya recursos de continuidad terapéutica, que nuestros jóvenes queden descolgados del sistema escolar porque no hay ni siquiera especialistas para tratarlos. Eso no es del siglo XXI y eso no es de un país civilizado miembro de la Unión Europea.

Lamento mucho que no hayan sabido escucharnos, pero espero que en un futuro lo hagan y que entre todos y todas consigamos revertir esta situación tan dramática en la que se encuentra la salud mental en Galicia.

Muchas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Novás.

Os servizos da Cámara poden acompañar a señora González Novás.

Grazas.

Rematou este debate. Procedemos á votación da toma en consideración da proposición de lei de iniciativa popular para unha lei de saúde mental e Galicia.

Votación da toma en consideración da Proposición non de lei, de iniciativa popular, para unha lei de saúde mental en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei e non se toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: ¿Para que quere a palabra, señora Amigo?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Perdón?

¿Algún voto máis?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

E que non me enterei moi ben, que foi o que pasou, estaba...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Estaba dentro de onde?, ¿do hemiciclo? ¿non estaba dentro?

Pois se estaba dentro creo que ten o dereito a votar. Se estivera fóra non, pero se estaba dentro...

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración da Proposición de lei de saúde mental en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao seguinte punto da orde do día; tal e como se acordou, é o de comparecencias.

Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego diante da escalada de prezos e as consecuencias sociais e económicas que está a ter para as traballadoras e traballadores pequenas e medianas empresas e os principais sectores produtivos de Galicia.

E, antes de darlle a palabra ao presidente, saudamos os alumnos de sexto de primaria do centro Pío XII de Santiago de Compostela. Benvidos ao Parlamento, a eles e tamén aos seus profesores que os acompañan.

E agora si, cando queira o presidente da Xunta, ten a palabra para a comparecencia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, súmome ao saúdo aos alumnos e ás alumnas do colexio Pío XII de Santiago de Compostela, así como aos seus profesores.

Señorías, comparezo nesta Cámara porque coincido en que a situación que está a vivir o conxunto de España e, por tanto, Galicia é moi preocupante. En consecuencia e como representante ordinario do Estado na comunidade autónoma, estou de acordo con vostedes en que este é un momento histórico e, en consecuencia, neste momento se require que cada un traslade as súas reflexións.

Que vivimos nunha situación crítica é unha evidencia, calquera pode comprobar tamén que se está a rexistrar un empeoramento intenso nos últimos días. A gran incerteza que existe a moitos niveis fai probable que aínda se siga agravando máis nos próximos días.

Cando a maioría das familias observan angustiados o futuro, cando os sectores esenciais da nosa economía sofren tantas dificultades e inquedanzas, a obriga de calquera Goberno, de calquera Administración, de calquera grupo político é reaccionar e facelo coa maior dilixencia posible. Señorías, estou hoxe aquí porque creo que diante dunha situación de crise como a

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que vivimos, un gobernante responsable debe ofrecer explicacións, garantir medidas que dependan dun e exixir con firmeza as que corresponden ao resto das administracións públicas.

En calquera momento, pero neste máis aínda, os cidadáns precisan de gobernos proactivos que non se escondan. Que non se escondan máis, deben de dar a cara, e que non se inhiban cando máis se necesitan. O noso primeiro deber como cidadáns é tentar responder as súas preguntas, as preguntas dos cidadáns, cun diagnóstico o máis certo e completo posible. E tamén respectuoso co sufrimento das familias e do conxunto dos traballadores que están nunha situación especialmente delicada na maioría dos sectores de Galicia.

Señorías, as queixas de tantos traballadores nestes días son comprensibles e merecen, en primeiro lugar, respecto e —na miña opinión— solidariedade. É compatible condenar, sen dúbida, as actuacións reprobables dunha minoría con entender que todos aqueles que imploran lexitimamente medidas para algo tan elemental como poder traballar sen perder diñeiro. Sinalar como inimigos —e ás veces incluso como delincuentes— cidadáns que están preocupados e desesperados por unha situación é unha gran equivocación e creo que debe ser rectificada de forma inmediata. Porque son milleiros os gandeiros que están tirando o leite e preguntándose se terán que sacrificar as cabezas de gando en días vindeiros ante a carencia de pensos. Porque son milleiros os mariñeiros que teñen os seus barcos amarrados porque non poden repercutir o prezo do gasóleo no peixe, ou nin sequera teñen quen llelo recolla nas lonxas. Son milleiros os transportistas que garantiron a subministración dos bens básicos durante o estado de alarma en pleno confinamento e hoxe non poden saír a repartir porque non lles dan as contas. Son milleiros os integrantes da industria, conscientes de que o seu traballo pende dun fío, porque moitos dos que estaban ao seu carón xa perderon o traballo. E son milleiros os traballadores da construción que están a cancelar obras que tiñan contratadas porque a alteración dos prezos fai inviable os contratos que tiñan asinados. Son milleiros no sector do turismo e do comercio que se preguntan se volveremos atrás agora que se comezaba a iniciar un tímido repunte despois da pandemia.

Señorías, son millóns os que teñen serias dificultades para encher o depósito dos seus vehículos. Son millóns os que temen a chegada da factura da luz e da calefacción. E todos eses milleiros e todos eses millóns non son afiliados cun carné dun partido político ou doutro, son persoas que queren vivir, que queren traballar e que queren solucións aos seus problemas. *(Aplausos.)* ¿Como se lles pode pedir a todos eles comprensión os mesmos que non atenden as súas queixas? ¿Como se lles pode dicir que as secuelas en España son moito menores os mesmos que privan esta nación de medidas que si implementan dende hai días ou semanas outros países da Unión Europea?

Eu quero manifestarlle á xente que o está a pasar mal o meu respecto, todo o meu respecto. E iso empeza —como dicía— por transmitirlle á nosa xente a verdade do que ocorre, e exactamente coa mesma transparencia tamén as incógnitas que o Goberno galego como tal ten. Sabemos que a guerra de Ucraína —que aproveito para volver condenar sen medias tintas— deixará secuelas importantes en toda Europa e, por tanto, tamén en Galicia. Pero non sabemos aínda por canto tempo nin con canta intensidade. Sabemos que a atención aos refuxiados procedentes do conflito implicará Galicia —e esa é a nosa vontade— pero descoñecemos

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o volume e a axuda coa que imos contar para esta situación extraordinaria. Sabemos que as novidades en materia de política exterior —que coñecemos polos medios a pasada semana— entrañan enormes riscos para a subministración enerxética en España, pero ignoramos a magnitude porque carecemos de calquera información ao respecto. Sabemos que a situación política no noso país engade máis inestabilidade e desconfianza ante a gran división no seo do Goberno central e cos partidos que o apoian, pero non sabemos que consecuencias terá esta división. E o que si sabemos —e sabémolo sen ningún xénero de dúbidas— é que moitos dos problemas que temos xa existían con anterioridade á invasión desatada ilexítima de Putin sobre unha nación soberana. Isto por moito que se pretenda agochar é innegable, eu mesmo lle advertín dalgúns deles ao presidente do Goberno nunha carta remitida o 10 de novembro do pasado ano. Pero é que, ademais, calquera persoa pode comprobar nas súas facturas domésticas a evolución do custo da vida, en xeral, e dos prezos da enerxía, en particular. Insistir en que o diagnóstico do que nos pasa se retrotraia a un ano atrás como mínimo non é ningún capricho persoal, senón unha necesidade colectiva. *(Aplausos.)*

Como diría Ortega, «toda realidade ignorada prepara a súa vinganza». Tentar afrontar calquera dificultade partindo da súa negación é o primeiro paso para non sermos capaces de solucionala. E exactamente iso, ocultar o diagnóstico dunha crise, é algo que xa vivimos en España nun pasado non moi afastado, gobernaba o Partido Socialista Obreiro Español, e que nos foi moi mal a España e ao Partido Socialista Obreiro Español. Sería moi recomendable non caer dúas veces na mesma pedra en tan curto espazo de tempo. Aceptemos, por tanto, que, por mais que a guerra agrave a situación —por descontado—, a economía en España estábase recuperando sobre grandes debilidades; que, por certo, presidentes de todas as cores lle advertimos ao Goberno central. Algúns deses lastres eran sobrevidos e inevitables, sobre todo os derivados da pandemia; pero outros, señorías, poderían terse evitado porque responden a decisións propias do Goberno de España que deberiamos ter modificado. En efecto, España leva anos sendo vítima dun proceso de encarecemento progresivo da enerxía, os prezos da electricidade multiplicáronse por 5 desde o ano 2018, de 57 euros o megavatio ao entorno de 300 euros o megavatio actualmente; e en determinadas horas do día os prezos do megavatio incrementáronse por 10. Loxicamente, isto está a ter efectos demoledores para as familias, para o sector primario, para a industria; especialmente as electrointensivas —todos os traballadores de Alcoa A Coruña, Alcoa San Cibrao e Alcoa Avilés sábeno ben— e, por tanto, para a inmensa maioría dos cidadáns.

Desde hai demasiados anos tamén o noso país está vivindo unha ruptura enerxética desordenada e inxusta que moitos pedimos non acometer de forma tan abrupta. En Galicia coñecemos mellor que ninguén os efectos que isto ten na industria —como refería— e agora, ademais, a nosa vulnerabilidade quedou ao descuberto porque somos totalmente dependentes dunha única enerxía de respaldo, que é o gas.

A inflación. Señorías, a inflación non comezou a semana pasada, nin o mes pasado. Ao peche do ano 2021 tiñamos unha inflación do 6,5 % de incremento dos prezos, a maior dos últimos 30 anos; e ao peche do mes de febreiro deste ano chegamos a ter unha inflación do 7,6 % de incremento, a maior sen dúbida da serie histórica das tres últimas décadas. Tamén dende hai meses algún dos nosos sectores produtivos comezou a notar con maior intensidade os efectos da crise de subministracións, ameazando a reactivación da economía. Sen ir máis

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lonxe, Stellantis e a súa rede de auxiliares estivo dúas semanas parada, posto que á crise de semicondutores sumouse a crise doutros compoñentes.

Igualmente, Galicia defendeu dende hai meses que se reconsiderara a suba de impostos, suba de impostos decidida a nivel nacional, e que se optara por rebaixar a presión fiscal —como fixemos dende a Xunta—. Lamentablemente, non se aceptou a proposta e a última rebaixa fiscal consolidada na Lei de presupostos deste ano actual, 2022, foi votada en contra por toda a oposición.

E tamén advertimos do risco de incrementar a débeda sen control —recordarán— durante moito tempo, de forma constante. As consecuencias de ignoralo tamén as vemos agora coas previsibles políticas monetarias que deixarán de comprar débeda e incrementarán os tipos de interese. E farán que todas as administracións suframos para pagar as débedas doutras administracións que se endebedaron de forma incontrolada. Afortunadamente, Galicia en moita menor medida, xa que é a segunda comunidade autónoma da nación con menor débeda por habitante.

Insisto, da maioría disto levamos falado meses, semestres neste Parlamento. E advertímosllo ao Goberno central —reitero— na carta, que está á súa disposición, datada o 10 de novembro do 2021, o pasado ano; onde lle trasladei ao presidente do Goberno todas estas inquedanzas descritas de forma concreta e coa maior das aportacións. Por iso creo que afirmar agora que é a Unión Europea a que vai tarde, cando hai meses que o Goberno central debería tomar medidas no ámbito nacional, é unha auténtica provocación aos cidadáns que creo que non merecen. Loxicamente, desde as últimas semanas, e especialmente nos últimos días, a situación agravouse: impacta a guerra —como non pode ser doutro xeito—, impacta —falta saber con que consecuencias— o volantazo dado na política exterior de forma unilateral polo Partido Socialista e polo Executivo estatal. Todos os españois nos enteramos a través dunha nota do Goberno de Marrocos que decidimos en España en relación coa nosa postura histórica sobre o Sáhara e a nosa relación histórica e consensuada sobre Marrocos e Alxeria.

Pero tamén impacta na paciencia dos cidadáns a inacción do Goberno central. Señorías, non se entende que ante o que estamos a vivir se nos diga que agardemos ata o 29 de marzo. Onte mesmo houbo unha reunión do Goberno central co transporte, certamente un récord histórico: reúnense tres ministras, confederacións de transporte que non estaban en folga, e finalízase a reunión con todas as federacións de transporte en folga. É algo francamente para anotar no manual de negociación e de razoamento.

Señorías, houbo tamén unha reunión da vicepresidenta económica con todas as comunidades autónomas. ¿Novidades? ¡Ningunha! «Que esteamos tranquilos», repito literalmente o que me trasladaba o vicepresidente económico e o conselleiro de Facenda, iso foi o que se nos dixo; pero nin un paso adiante respecto ao acordado na Conferencia de presidentes na Illa da Palma hai unhas fins de semana.

Preguntas: ¿que máis ten que pasar para que o Goberno reaccione? ¿Que máis se necesita para que o Goberno dea a cara? ¿Que máis se necesita para que o Goberno actúe e tome decisións?

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En efecto, desconcerta e preocupa a parsimonia coa que desde o Goberno central se están a afrontar os problemas de España; e, por tanto, tamén os problemas de Galicia. Cada día que pasa supón un día máis de perda de emprego, un día máis de empobrecemento colectivo, un día máis de destrución económica, un día máis de conflito social. Tampouco se comprende o enfoque co que se está a abordar esta crise, como se a solución ao 100 % dos problemas estivera só en mans da Unión Europea. Señorías, moitos países da nosa contorna —os nosos veciños de Portugal, os nosos veciños franceses— tomaron decisións no marco das súas competencias. Francia descontou 15 céntimos o litro do carburante, que se suma á consideración das tarifas do gas. Portugal aprobou un sistema de reembolso de 10 céntimos por litro de combustible, que aumenta no caso de autobuses e taxis; ademais suspendido o imposto ao carbono e reducido o imposto sobre produtos petrolíferos.

Italia: aprobado o pasado venres un decreto que reduce 25 céntimos por litro os impostos do gasóleo e a gasolina.

Bélxica: baixada do IVE do gas, da electricidade e do combustible, pero tamén tarifas sociais e cheques de 200 euros para consumidores con calefacción de gasóleo.

Polonia: reducido o IVE dos combustibles dun 23 % ao 8 % e ampliadas estas baixadas a produtos de primeira necesidade, como os alimentos, o gas e os fertilizantes.

Se todo isto é posible para os nosos aliados europeos, ¿por que para España non? Se todo isto é posible para outros países, agora sen agardar ao 29 de marzo, ¿por que en España non? Calquera pode cometer equivocacións, pero o que non podo entender é que non se tomen decisións, iso é un erro asegurado, co 100 % de probabilidade.

Lamentablemente estase a reproducir por parte do Goberno central a mesma actitude que observamos durante a pandemia e que tantas veces denunciamos na Cámara. Na pandemia o Goberno central escudouse nas comunidades autónomas e agora escúdase na Unión Europea. A emerxencia realmente era diferente, pero a resposta nacional é a mesma, é dicir, ningunha.

Ocorre, sen embargo, que mentres as comunidades tiñamos competencias claras que nos permitían afrontar a crise do coronavirus e paliar en boa medida a inacción do Executivo estatal, neste momento a marxe de manobra autonómica é realmente moi escasa.

Señorías, en todas as situacións difíciles que vive o noso país, a actitude da Xunta de Galicia está marcada pola mesma pauta, o noso mandato e a nosa convicción obrígannos a colaborar co Goberno central, o que estea, debémonos aos mesmos cidadáns. Pero colaborar non implica calar. *(Aplausos.)* Colaborar, señorías, non implica calar cando a situación é tan grave como esta con sectores económicos que están a piques de colapsar debido a unha serie de circunstancias concatenadas nas que a invasión rusa de Ucraína é un elemento determinante, pero dende logo non é o elemento mollar.

Igualmente colaborar non implica asumir responsabilidades que non se corresponden co Goberno autonómico. E farían mal os partidos da oposición neste Parlamento se aceptan que

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desde aquí suplamos o traballo que compete ao Executivo estatal á custa de exercer en peores condicións as tarefas que si nos son propias.

Señorías, Galicia está á disposición do Goberno para axudar nun momento crítico como o que vivimos. E, de feito, nós xa adoptamos medidas para aliviar cargas a moitas familias e sectores produtivos.

A semana pasada avanzamos o despregamento dun plan de choque autonómico que se complementará na reunión do Consello pasado mañá, o próximo xoves. Porque nós entendemos que a nosa xente non pode esperar e moito menos sen saber exactamente a que, a que se está esperando. Por iso a semana pasada axilizamos o lanzamento do bono social térmico. Unha medida que chegará a 66.000 fogares, con axudas que van dende 128 a 373 euros para pagar as facturas da calefacción, da auga quente ou a cociña. Saben que esta axuda decidimos complementala con outra de 100 euros a cada familia para contribuír a sufragar os recibos da luz.

En segundo lugar, tamén a semana pasada decidimos inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento ao circulante e de anticipo das axudas, especialmente os 200 millóns da Política Agraria Común.

Ademais, reclamamos que o Banco de España autorice ás entidades financeiras a concesión dunha moratoria dun ano no pago das amortizacións dos préstamos a longo prazo que teñen vivos neste sector.

En terceiro lugar, para o sector do mar artellamos unha subvención que sirva para compensar os profesionais do pago de dous meses de taxas portuarias, susceptible de ampliarse en caso de persistir a situación de escalada de prezos e de bloqueo das lonxas.

En cuarto lugar, aprobamos unha inxección extraordinaria para todo o transporte público de viaxeiros por estrada, fronte á suba dos carburantes. Estamos traballando na fórmula que permita estender este compromiso —anuncio— ao sector de transporte sanitario urxente e non urxente, así como ao sector do transporte sociosanitario e, se é necesario, ao educativo.

Estas son as medidas xa adoptadas, pero, por suposto, seguimos traballando. E, neste sentido, comunícolle novas liñas de actuación nesta semana. Para axudarlles ás pequenas e medianas empresas, como as novas liñas de avais do Igape destinadas a cubrir as necesidades de liquidez e realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte á actual situación.

En sexto lugar, activar un programa de préstamos directos para a industria manufactureira que está a sufrir o maior impacto. Ambas as liñas suman 70 millóns de euros que suporán unha mobilización de 140 millóns de euros no tecido produtivo galego. *(Aplausos.)*

Adicionalmente, señorías, para as empresas que están a atravesar dificultades e xa contan con préstamos directos da Xunta ou avais, habilitaranse mecanismos para flexibilizar estes.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En oitavo lugar, no eido enerxético activamos o bono enerxía peme. Dirixido a comercios, á hostalería e a pequenas e medianas empresas para que equipamentos que reduzan o consumo enerxético cunha axuda de ata 6.000 euros e cunha intensidade por axuda do 80 % do investimento. Así, estaremos sumando máis de 65 millóns de euros que a Xunta de Galicia está destinando á industria, ás pemes, para que reduzan o consumo e os custos enerxéticos dos seus procesos, só no relativo á enerxía.

Outro dos sectores máis afectados é o turístico pola incerteza da situación nacional e internacional, polo incremento dos prezos do transporte e, por tanto, vimos de activar o bono turismo como efecto dinamizador do consumo interno, como medida a medio prazo e na consecución dun turismo máis eficiente e máis sustentable. Reforzamos as axudas para a dixitalización e eficiencia enerxética no sector turístico con outros 7,8 millóns de euros máis.

E para axudar e seguir axudando ás familias para facer fronte á luz, a Xunta reforza as medidas que xa tiña activadas, máis de 23 millóns de euros, solicitando ao Goberno fondos para duplicar o impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas: calefacción e auga quente.

Señorías, non nos inhibimos, levamos preocupados por este asunto desde hai semestres. Notificamos ao Goberno central, directamente ao presidente e ao Goberno por escrito, o pasado 10 de novembro de 2021. Intentamos convencer o Goberno de España na Conferencia de Presidentes e arrincamos o compromiso de baixar os impostos que gravan as enerxías e o resto de sectores especialmente aludidos por esta crise.

Señorías, non nos inhibimos, tomamos decisións no Consello da Xunta, anunciamos hoxe máis decisión e volveremos a seguir tomando decisións nos consellos da Xunta. *(Aplausos.)*

Pensamos que as decisións que adoptamos fóra incluso das nosas competencias ou bordeando as nosas competencias, é o coherente e é o que nos dá lexitimidade para seguir insistindo en que as medidas nacionais que son imprescindibles se adopten xa.

O Goberno central ten competencias para afrontar o conflito de transportes de mercadorías. O Goberno central é de quen depende a política enerxética do noso país, que está comprometendo o futuro da maioría. É o Goberno central a única Administración que ten capacidade para baixar os impostos que gravan a electricidade e os carburantes. É o Goberno central quen decide a política exterior e, polo que se ve agora, ademais sen consultar nin co Goberno e rachando corenta anos de consenso parlamentario. Polo tanto, é o Goberno central quen debe poñer solucións en todo isto e quen ten que facelo canto antes.

As secuelas do que estamos a vivir, lamentablemente, non se poden solucionar de inmediato, dun día para outro, nin sequera no caso de que o conflito de Ucraína se detivera en días ou na hipótese pouco probable de que a nova relación de España con Marrocos non tivera ningunha consecuencia no ámbito enerxético para España. Por iso creo que a nivel do conxunto de España tamén debemos ser capaces de tomar medidas a curto, medio e longo prazo sen máis aprazamentos. Os gobernos responsables non buscan culpables nin delegan tarefas propias nos demais. Os gobernos responsables buscan solucións e asumen o traballo que lles

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

corresponde. Con este convencemento gustaríame aproveitar tamén esta comparecencia para trasladar as propostas que desde Galicia entendemos que son necesarias e urxentes que tomemos todos a nivel nacional. Unha batería de medidas para as que lles pido o seu apoio, se lles parece ben. —Xa estou vendo nos escanos do Bloque dicindo que non antes de anuncialas, *(Murmurios.)* como vén sendo habitual e normal na política actual galega—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Paso a concretarllas, por se a alguén lle interesa. En dous bloques, por un lado, para dar resposta á crise económica e, en consecuencia, á crise social. E, por outro, sobre as respostas específicas para os refuxiados que acolla España. Tentarei ser conciso, creo que é moi importante que sexamos executivos.

A nosa economía —insisto— non pode agardar máis porque as empresas e os traballadores non o merecen e a nosa xente non o merece. O Goberno central ten que tomar exemplo e tomar decisións de maneira inmediata. E por iso a Xunta propoñémoslle un decálogo de medidas urxentes que se poden, que se deben impulsar hoxe mesmo no Consello de Ministros. Dez medidas excepcionais, dez medidas para mitigar a grave crise que estamos a sufrir, dez medidas inmediatas para deter o peche de empresas e as enormes perdas que xa causou esta situación. Se avaliaramos as perdas producidas pola soberbia do Goberno central durante estes últimos días e semanas, son maiores que a perda de recadación fiscal na que insiste o Goberno de España cun incremento masivo das bases impoñibles e, en consecuencia, da recadación. *(Aplausos.)*

É urxente que o Goberno central aprobe un plan de continxencia para garantir a subministración de produtos básicos á poboación. Non é unha opción para non facer nada mentres hai alimentos que non saen dos produtores nin chegan aos consumidores. Negar este problema tampouco debería ser a alternativa. Afirmar que nas estradas hai normalidade e que a maioría dos transportistas están a traballar cando os lineais dos supermercados se están a resentir é un insulto á intelixencia dos galegos.

Débese afrontar a situación con todos os instrumentos ao alcance do Executivo central. As forzas e corpos de seguridade sen ningunha dúbida e, se isto non é suficiente para garantir corredores seguros en alimentos perecedoiros, que nos axude o Exército para garantir que o leite, a carne e o peixe sae dos seus lugares de orixe ata os lugares de destino.

Igualmente, máis aló do paro do transporte destas semanas, propoñemos impulsar un plan nacional de produtos estratéxicos, que ademais de fixar reservas estratéxicas priorice no curto prazo de xeito temporal a produción no mercado interior para afrontar de maneira máis ordenada e posible a carencia de materias primas e compoñentes. Tamén é conveniente que o Goberno central solicite ante a Comisión Europea que se revisen as condicións de importacións de produtos para poder cubrir con garantías o que ata agora se adquiría en Ucraína e Rusia.

A segunda proposta, que nunca vén mal, señorías, é que o Goberno non pode vivir nunha torre de marfil mentres tantos sectores están nunha situación desesperada; debe escoitar, gústelle ou non lle guste. Debe escoitar a todo o mundo, e iso pasa por se sentar tamén coa

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

plataforma convocante do paro, a plataforma convocante do paro no transporte para intentar achegar posturas e chegar a unha solución.

En terceiro lugar, insistimos, é imprescindible unha resposta nacional contra a emerxencia enerxética. E debe incluír a revisión do enfoque e, sobre todo, do ritmo de transición enerxética. Non podemos seguir cun ritmo de transición enerxética antes da crise, incluso antes da guerra, e non mudalo. Iso é unha temeridade e unha irresponsabilidade que estamos pagando.

Debe apoiarse unha baixada de impostos da enerxía xa. É un compromiso adquirido na Conferencia de Presidentes de Palma polo propio presidente cando consensuamos polo menos unha declaración. E ninguén entende que aínda non se dera nin un só paso neste sentido.

Detallo a nosa proposta exactamente: O Goberno central debe estender ata final de ano as seguintes medidas fiscais xa en vigor que vencen en xuño, estendámolas ata final de ano. A suspensión de impostos sobre xeración do 7 % e a redución do imposto especial eléctrico do 5,1 % ao mínimo legal 0,5 %.

Igualmente en relación coa fiscalidade do gas e dos carburantes, propoñemos: Que se leve á Unión Europea unha consulta para poder reducir de xeito análogo o IVE aos hidrocarburos, para situalo tamén neste exercicio no tipo reducido ou súper reducido ou ben establecer axudas ao consumo.

Que de forma inmediata se reduza o imposto especial de hidrocarburos aos tipos mínimos establecidos pola directiva europea de fiscalidade.

Que complementariamente se inste a Comisión Europea a que con carácter excepcional e transitorio acorde a suspensión temporal destes tipos mínimos. Primeiro, reducir os tipos mínimos, que non o fixemos; e agora insistir na suspensión temporal deses tipos mínimos para así poder limitar de xeito significativo o impacto do imposto no prezo final do gas e dos carburantes.

En quinto lugar, que se estude a posibilidade de establecer un mecanismo para dar estabilidade no prezo eléctrico ás familias. É necesario reducir a afección da volatilidade dos prezos nos fogares.

Dentro do decálogo a cuarta medida, señorías, refírese a explorar todas as vías á súa disposición para alixeirar a carga que están a padecer ámbitos especialmente afectados polos prezos, e entre eles abordar a exención temporal das cotizacións á Seguridade Social nos casos máis extremos. Loxicamente, debería ser capaz de que a normalidade se recupere para non chegar a este límite, pero, no caso de seguir así, esta é unha medida de moito menos impacto para as arcas públicas que a de facer fronte á destrución de emprego e, por tanto, financiar as cotas da Seguridade Social e financiar os subsidios de desemprego.

A crise derivada da pandemia deixou as reservas financeiras de moitas empresas moi minguadas ou esgotadas. É urxente a posta en marcha dun fondo extraordinario para contra-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rrestar esta situación, así como para adoptar máis medidas. Estamos no quinto apartado do decálogo. Por exemplo, solicitar unha moratoria dun ano aos préstamos ICO, medidas de apoio para a ampliación dos ERTE ou acelerar a tramitación dunha nova lei concursal con figuras preconcursais que favorezan o refinanciamento das empresas en dificultades.

Sexta proposta, aprobada nesta Cámara e recorrida ante o Tribunal Constitucional: a eliminación das trabas e dos custos desproporcionados é unha demanda esencial a de adaptar o marco normativo ao contexto actual, dicía, a flexibilización dos contratos vixentes no que ten que ver coa revisión dos prazos e coa revisión dos prezos. Axilizar os procesos de contratación das administracións públicas.

Desde Galicia, sempre amosamos o noso convencemento de que os fondos europeos son unha ferramenta fundamental para a recuperación, non só para a transformación e a modernización e o impulso da competitividade da nosa economía, senón agora tamén para, engadimos, a viabilidade das empresas.

Neste contexto é imperativo que o Goberno axilice na medida do posible os proxectos xa anunciados e que impulse definitivamente, como acaba de facer no caso da automoción, outros PERTE en sectores claves, como o agroalimentario, a medicina personalizada, aeronáutica, o naval...

Pero tamén vemos primordial, como lle adiantamos na Conferencia de Palma, que se cree unha nova figura de proxecto tractor autonómico como ferramenta para xestionar os fondos de forma pegada á realidade de cada territorio e cada sector con verdadeiros efectos transformadores para as comunidades autónomas que o propoñen.

Ademais das sete medidas xenéricas para o conxunto da cidadanía, cada un dos sectores afectados necesita un apoio do Goberno central.

Para o noso agro, unha redución dos custos de produción drástica, bonificacións para o gasóleo e os fertilizantes, unha redución do IVE ao 4 % para compras para os produtores ou redución dos índices de rendemento aplicables no método de estimación obxectiva do imposto de rendas de persoas físicas.

No caso do mar, medidas análogas á rebaixa de impostos aos combustibles e xerando axudas en base ao marco temporal excepcional no ámbito europeo, alén de atinxir rebaixas noutros elementos dos custos operativos como as taxas portuarias, nas dársenas de interese xeral, é dicir, dos portos de interese xeral do Estado.

Unha das principais dificultades que están a vivir algún dos sectores afectados é a dependencia dos países en conflito para o abastecemento de materias primas. E aquí entra o noveno apartado do decálogo. Ademais de facilitar a procura de novos mercados en orixe, como comentabamos, débese traballar a medio prazo na identificación e no acceso a novos mercados potenciais que resulten adecuados para redirixir as exportacións dos produtos que poidan verse afectados polas posibles restricións no comercio debido ao conflito. Nisto tamén terá a man tendida da Xunta de Galicia, facilitaremos a interlocución dos sectores e poñemos

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

á disposición toda a nosa experiencia de internacionalización de determinados produtos importantes na nosa economía.

E, por último, señorías, transparencia nas negociacións internacionais. Necesitamos saber o que está a negociar o Goberno en Bruxelas. Necesitamos saber cales son os plans do Goberno e o que está reivindicando concretamente nas institucións europeas. Necesitamos saber que efectos vai ter o acordo con Marrocos. Cal é ese acordo, cal é o seu contido. Necesitamos saber que é o que estamos a facer. Necesitamos, por suposto, amplificar as nosas relacións diplomáticas con Alxeria. Necesitamos seguir respectando o noso veciño e aliado Marrocos. Necesitamos unha resposta para o pobo sahariano e necesitamos, sen ningunha dúbida, que este Goberno non nos minta.

É urxente que o Goberno compareza e dea respostas. Sorprendente que o Partido Socialista pida a comparecencia do presidente da Xunta, aceptada. Sorprendente que o presidente do Goberno non queira comparecer no Congreso dos Deputados. É unha coherencia moi propia do actual socialismo. *(Aplausos.)*

Por outra banda, señorías, a consecuencia máis directa e humanamente máis dolorosa da invasión rusa de Ucraína é a enorme corrente de persoas que están a escapar da guerra cara á Unión Europea. ACNUR, a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados, indica que poden ser, perdón, non é que poidan ser, senón que son máis de 3,3 millóns de mulleres e nenos ucraínos que xa abandonaron a súa casa. Outros dous millóns de persoas abandonaron as súas casas nas zonas máis castigadas pola guerra para refuxiarse en cidades occidentais de Ucraína. Polo tanto, se a guerra se desprazase cara ao oeste, o número de persoas que saen do país podería incrementarse exponencialmente. Para poñer en perspectiva este drama humano, abonda dicir que é o movemento de refuxiados máis intenso e rápido en calquera lugar do mundo dende o remate da Segunda Guerra Mundial. O éxodo masivo de ucraínos son un dolorosísimo recordatorio para todo o mundo.

A paz, señorías, non pode darse por feita. O respecto aos dereitos humanos non pode darse por feito. A orde mundial que coñecemos desde hai décadas non pode nin debe darse por feita. Galicia foi sempre unha comunidade solidaria e acolledora, xamais esquivamos as nosas responsabilidades para coas persoas que fuxían dunha crise humanitaria, tanto cando isto sucedía en Siria, como en Afganistán, como nas propias fronteiras da nosa nación. Con Ucraína non será diferente, Galicia está e estará á altura das nosas responsabilidades. Galicia volve ser unha terra aberta para os que necesitan da nosa axuda. *(Aplausos.)*

Señorías, a Delegación do Goberno trasladounos o pasado venres que tiña coñecemento oficial de que en Galicia viven xa 150 ucraínos pero que a cifra real fose probablemente maior. As entidades que están xestionando a primeira acollida destes refuxiados apuntan xa que no noso territorio hai máis de 800 persoas recén chegadas de Ucraína. Necesitamos coordinación, necesitamos organización, necesitamos que o Goberno central tome dunha vez as rendas desta situación e que se aclaren varias preguntas. ¿Vai existir un plan nacional de recepción e acollida a persoas desprazadas, ou cada comunidade seguirá estando obrigada a facer o que considere oportuno? ¿Cando se nos van concretar os fondos extraordinarios que as comunidades autónomas, os concellos e as entidades sociais precisamos para exercer as

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nosas funcións de acollida?, e que, por certo, foi pactado en Palma, do cal aínda non sabemos nada.

E, sobre todo, ¿como e cando vai empezar a comunicarnos cantos refuxiados chegan cada día a Galicia?, ¿cantos viven xa aquí hoxe?, ¿cantos se chaman e que idades teñen e onde están residindo? Non creo que sexa moito pedir, necesitamos saber o que temos que facer para facelo.

A Administración encargada da seguridade interior das migracións e do control de fronteiras é o Goberno central e, polo tanto, debe dar respostas porque, sen ter datos concretos e fiables, non podemos prestar en condicións óptimas a acollida ás persoas que o necesitan. Pedímosllo ao presidente do Goberno na Conferencia de Palma, pedímosllo ao delegado do Goberno e a única resposta foron evasivas. Espero, sinceramente, que non remate esta semana sen que contemos coas canles de información fluída en tempo real que levamos reclamando desde o inicio da crise.

Está habendo avances, como o Comité de Emerxencia que convocou a Xunta a pasada semana na que participou a delegación do Goberno e a Federación de Municipios e Provincias de Galicia, e as entidades sociais que están actuando no ámbito da protección internacional, do apoio á infancia e da colaboración ao desenvolvemento. Foi unha xuntanza frutífera que serviu para poñer en común retos pendentes. A Xunta de Galicia está preparada, está preparada para actuar no ámbito das nosas competencias, que son os servizos públicos, sanidade, educación, políticas sociais, políticas de emprego.

No ámbito sanitario, as xerencias das sete áreas contan con indicacións claras de prestar asistencia inmediata a todos os refuxiados que o precisen. Ofrecemos ao Goberno xa hai semanas máis de 400 camas, das cales máis de cen son camas pediátricas e unha parte delas oncolóxicas. No ámbito educativo, xa emitimos unha instrución para posibilitar a escolarización inmediata dos ucraínos menores de idade tanto en escolas infantís como en colexios ou institutos. No ámbito social, comunicouse ao Goberno central unha relación de centros de acollida que suman 1.400 prazas. No ámbito do traballo, as persoas refuxiadas xa contan con acceso a oficinas de emprego para poder inscribirse nelas e poder acceder a cursos e ofertas das empresas.

Seguiremos habilitando novos recursos para adaptarnos ás próximas fases da acollida. Porque, ademais de recibilos, darlles un teito e a atención urxente, é necesario avanzar na integración dos refuxiados para intentar que se sintan como un galego máis. Por iso imos poñer de forma inmediata un paquete de medidas á súa disposición.

A primeira, atención psicolóxica aos ucraínos que estean afectados polo estres postraumático, con especial atención aos menores de idade.

Segunda, programas de orientación e adaptación curricular que axuden aos alumnos a integrarse canto antes na educación galega.

A terceira, un plan de formación prelaboral que teña como prioridade a aprendizaxe do castelán ou do galego para poder acceder a un emprego o antes posible.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En paralelo vimos de remitirlle á Delegación do Goberno un listado de decisións mínimas que entendemos que debe tomar o Executivo central no ámbito das súas competencias:

Máis concreción sobre as medidas de protección específicas para os menores non acompañados, especialmente a cobertura xurídica das acollidas temporais.

Permitir que as persoas acollidas ao réxime de protección temporal poidan acceder con axilidade ao ingreso mínimo vital para teren os medios económicos por unha subsistencia digna namentres non poidan traballar; tanto se o Goberno cumpre este punto como se non, a Xunta xa ten habilitada a Risga para que poidan acceder a ela os refuxiados.

Terceiro lugar, criterios claros para a homologación dos títulos de ensino medio e superior, que poidan ter as mulleres ucraínas que chegan á nosa terra. Sería inxusto que non puidesen continuar a súa carreira educativa ou os seus estudos porque o Goberno non establece equivalencias da súa formación anterior.

E apoios aos concellos galegos no labor de inventario ao material recollido e almacenado nas diferentes instalacións.

E primeiro de todo isto, como condición necesaria para ofrecer a mellor acollida, a información puntual, unha información puntual sobre o número, as circunstancias dos refuxiados que chegan, como diciamos antes. Cada día enterámonos pola prensa da chegada de novas persoas refuxiadas. Ante a falta de claridade das canles oficiais, chegan por vías irregulares a través da boa vontade dos cidadáns.

Sempre dixemos que a resposta a unha situación como esta non pode basearse exclusivamente nas boas intencións da xente. Pero á xente, á xente que quere axudar non se lle pode dicir «non axudes», senón que lles hai que explicar cal é a mellor forma e a máis fácil e eficaz para axudar. Para facilitarlles o traballo —xunto coa lista de tarefas que lle acabo de enumerar— vimos de enviar á Delegación do Goberno unha proposta de documento con preguntas e respostas frecuentes sobre a acollida dos refuxiados para distribuír a toda a cidadanía galega e que saiban que deben, que poden e a quen teñen que pedir autorización. Claridade, transparencia e información e información, son os piares que entendemos que debe seguir esta acollida de refuxiados. Debemos dar certezas ás persoas que viron como a súa vida se derrubaba pola guerra. A man da Xunta —insisto— está tendida, os servizos públicos autonómicos, competencia constitucional e estatutaria da comunidade autónoma, están preparados. *(Aplausos.)*

Señorías, creo que as necesidades e as posibles solucións que veño de relatar demostran que a tarefa que temos é inxente, que é urxente e que require de todos. É inxente porque a situación que vivimos inflúe en numerosas frontes e obriga a unha reorientación das decisións que criamos consolidadas. É urxente e as medidas non poden agardar a fin de mes porque moitos milleiros de galegos e de españois non van chegar a fin de mes. É urxente e require que todos, digo todos, porque cada un no ámbito das súas responsabilidades, cada Administración ten que dar a cara e dar as respostas que a cada un lle compete.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, esta comparecencia responde, efectivamente, á unha necesidade, da evolución dos acontecemento cada día con maior intensidade, vendo que o Goberno central non achega máis información nin máis novidades polo momento, crin que o meu deber era non agardar por el, e compartir con este Parlamento o que nós desde a Xunta xa fixemos, e o que sabemos, aínda que esta información recibida sexa moi incompleta, o que probablemente teñamos que seguir facendo. Non lles oculto que me preocupa a ausencia de políticas de Estado que considero imprescindibles para este momento. As políticas de Estado non son o mesmo que as políticas de Goberno, algo que no noso país se confunde con demasiada frecuencia. Pois ben, tristemente en España non hai política de Estado neste momento, hai políticas de Goberno —en plural—. Nin sequera se pode falar de cuestións esenciais da política de Goberno en singular, porque ¿cal é a política do Goberno? ¿É que acaso o Goberno pensa o mesmo sobre os temas fundamentais de España? Non. ¿É que acaso non teñen diferenzas evidentes? Si. ¿É que acaso cando o presidente fala automaticamente é emendado por unha vicepresidenta? ¡Tamén! ¿É que acaso os presidentes autonómicos non están de acordo, incluído de todas as cores políticas, sobre a falta de decisións, as divisións e as contradicións do Goberno central? Si. Vímolo con especial profusión estes días a respecto das novidades coñecidas polos medios en materia de política exterior, é dicir, nun Parlamento democrático. Que nos enteraramos polos medios de comunicación, a través do Goberno de Marrocos, cal é o posicionamento de España en relación co Sáhara é unha cuestión que nunca ocorreu no noso país, xamais. *(Pausa.)*

Señorías, un asunto ao que tamén quixera referirme expresamente —para finalizar— dadas as súas consecuencias. En primeiro lugar, para insistir —espero que co seu apoio— en que a política exterior é unha política de Estado, non lle pertence ao presidente Sánchez, non lle pertence ao Goberno actual; e, desde logo, non lle pertence ao Partido Socialista actual, que rompeu os acordos do Partido Socialista anterior.

En segundo lugar, para sumarnos desde Galicia á solicitude de explicacións detalladas, concretas e transparentes sobre esa decisión. ¿En que consiste a decisión? ¿Que é o que se pactou? ¿Cal é o contido e alcance da mesma? ¿Como afecta a Ceuta e a Melilla esta decisión? ¿Como afecta ao pobo sahariano? ¿Como afecta, en definitiva, ao Magreb? ¿Como afecta ao sur da Unión Europea? ¿Como afecta a España? ¿E como afecta ao norte de África?

E, en terceiro lugar, para pedir que se confirme con toda claridade e contundencia que o Goberno central ten perfectamente medida a reacción alxeriana, e que existen certezas respecto da subministración de gas a España no curto prazo. Quero crer que é así, quero crer que a preocupación en relación co gas de Alxeria é unha preocupación infundada. Pero, loxicamente, ademais de querer crelo, necesitamos que nolo confirmen.

Señorías, despexar as dúbidas xeradas a nivel internacional, defender a nosa postura en Europa, decidir a política exterior débese facer con maior consenso. Reformular as políticas para que a economía e, consecuentemente, o benestar dos cidadáns se manteñan, tamén. Organizar a atención aos refuxiados, igualmente. Trátase de sumar e acordar para ser máis fortes ante as dificultades. Desde logo, nós estamos a buscar ese traballo conxunto cos sectores afectados, con todos, sen excepción e sen escusas. É o noso deber escoitar as posicións de todos para tentar convertelas, na medida do posible e sempre que sexa posible, en medidas concretas.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Igualmente, tamén nos gustaría o acordo co Goberno central. Estamos tentando facelo con propostas, con medidas que poñemos á súa disposición polo ben de todos; de momento, a resposta que atopamos é decepcionante. Nesta actualidade dominada pola desconfianza e polas incertezas, España está en mans de dous gobernos, orfa de políticas de Estado, creo que é o peor xeito de afrontar os retos que temos por diante. Quero garantirlles aos galegos que iso non ocorrerá en Galicia; con total independencia das decisións persoais que todo o mundo sabe que debo adoptar, a nosa terra preservará a súa estabilidade. Porque coñezo este Goberno, porque coñezo o partido que o sustenta, porque coñezo a maioría parlamentaria desta Cámara, e por iso sei que para todos Galicia está por riba de todo. E por iso a todos vostedes moitas grazas pola súa atención.

(Aplausos.)

(Pausa.)

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, señor Feijóo.

Hoxe é martes, señor Feijóo, estamos en Santiago de Compostela, e isto é... esta Cámara é o Parlamento de Galiza, non é o Senado. *(Aplausos.)* E dígolle isto, señor Feijóo, porque vostede leva tantos días de campaña interna do Partido Popular que igual pensa que isto é un mitin do PP; e, desde logo, os galegos e as galegas non están para os seus mitins. *(Aplausos.)* E dóenos que vostede use a Galiza, que use os galegos e galegas nun momento tan duro para facer campaña polo Partido Popular; desde logo, os galegos e as galegas non merecen isto, señor Feijóo. E eu lamento que non sexa capaz de estar á altura de Galiza nin no tempo de desconto porque realmente o seu legado, señor Feijóo, é deixar Galiza ao pé dos cabalos deixándonos un país peor que o que había hai 13 anos. *(Aplausos.)*

Falou vostede na súa intervención de provocación. E nós cremos que provocación é que, mentres hai unha crise que está empobrecendo as familias, que está afogando as empresas, que pon en risco miles de empregos no noso país e que mesmo temos en risco de colapso sectores que son estratéxicos da economía galega, teñamos o presidente da Xunta de turismo, de campaña electoral do Partido Popular. *(Aplausos.)* Porque, mire, a crise leva moito tempo aquí e o problema dos prezos non empezou hai tres semanas; eu mesma en novembro do ano pasado lle pedía medidas para enfrontar a crise. E o que vemos é un presidente que fai o que mellor se lle dá, que é botar balóns fóra, buscar culpables, e que é incapaz de aportar solucións. Vostede vén aquí co de sempre, con propaganda. *(Aplausos.)*

E permítame, señor Feijóo, que lle recolla algúns titulares destes días; 11 de marzo: «*As fortes subidas dos carburantes lastran a familias e a empresas. Conserveiras, loxística, metalurxias e depuradoras ultiman suspensións de emprego*»; ¿e que facía e que dicía mentres vostede? «*Arranco*

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

campaña en Valencia cun ambiente espectacular en plenas Fallas. Grazas, Murcia, polo caloroso recibimento». *(Aplausos.)* 12 de marzo: «*Galiza entre as comunidades nas que máis soben os prezos, cun 8 % de inflación*»; e mentres vostede: «*Hoxe en Canarias, que nos recibiu cun día radiante*». 14 de marzo: «*Armadores e confrarías alertan do colapso na pesca se non se toman medidas*»; e mentres vostede: «Espérovos en Palma de Mallorca e Barcelona». 15 de marzo: «*Confrarías e armadores barallan o amarre xeral. A frota galega abocada a un amarre histórico, haberá desabastecemento*»; e mentres vostede, «*Zaragoza, Madrid, Toledo, ¿nos vemos hoy*?». E ese día engadía un titular, señor Feijóo: «*Madrid ama la liberdad, y por eso quiero volver a Madrid*». ¡Menuda confesión, señor Feijóo! *(Aplausos.)* E menuda falta de respecto aos galegos e galegas que confiaron na súa palabra. *(Aplausos.)* 16 de marzo: «*Folga e amarres custan cada día 2 millóns á frota galega. Lamento dos gandeiros: hai reservas para alimentar os animais unha semana*»; e mentres vostede: «*esta tarde vémonos na casa, en Galicia*». Fíxense, o presidente da Xunta de Galicia, de visita en Galicia. *(Aplausos.)* Ese é o seu retrato, señor Feijóo. *(Aplausos.)* ¡Menudo disparate! *(Aplausos.)* 17 de marzo: «*A industria deixa de recoller leite. O sector agrario en estado crítico pola falta de cereais*»; e mentres vostede: «*¡Grazas Cantabria por tanta ilusión!*». 18 de marzo: «*Empresas de leite, peixe e carne teñen que tirar os seus produtos. Empresarios galegos alertan dun colapso da economía*»; e mentres vostede: «*Amigos de Castilla y León, Andalucía, Ceuta y Melilla, nos vemos mañan*».

E prefiro, señor Feijóo, aforrarlle a esta Cámara outros titulares, como ao que xa lle respondeu unha nai que perdeu o que máis quería e que demostrou ter a dignidade que lle falta a vostede, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Porque, mentres o señor Feijóo estaba centrado nas súas ambicións políticas e persoais, neste país tirábanse toneladas de leite e toneladas de peixe. Empresas e sectores ao límite, e os galegos e galegas loitando para poder pagar a factura da luz, dos carburantes, e a cesta da compra. E sabemos que xa antes desta crise máis da metade dos galegos e galegas non chegaban a fin de mes, ¡imaxínese como teñen que estar a día de hoxe!

E hoxe o que temos é un exercicio máis de propaganda que non vén poñer ningunha medida real sobre a mesa nin axudar a saír desta crise.

E nós temos moi claro que todos os gobernos, incluída a Xunta de Galiza, teñen que actuar, cadaquén ten as súas responsabilidades, pero o que non vale é poñerlles deberes aos demais cando ten os seus sen facer, señor Feijóo. Porque a día de hoxe o que temos é propaganda. E eu invito a todos e todas a que vaian á información da Xunta, dese Consello da Xunta do 17 de marzo, onde non se aprobou nin unha soa medida. Vostede levou alí un informe, señor Feijóo, non levou nin unha soa medida. *(Aplausos.)* Propaganda, propaganda e propaganda.

A primeira propaganda, agora, claro, que temos unha situación da luz absolutamente desorbitada, e vostede di que vai reforzar o bono social. Pero é que lle debería caer a cara de vergoña, porque este domingo acabou o inverno e as familias deste país non tiveron as axudas dese bono social eléctrico, señor Feijóo, porque vostede non as convocou a pesar de que tiña recursos desde o mes de decembro. *(Murmurios.)* É unha vergoña, esa é a propaganda que temos todos os días por parte da Xunta. Por iso a primeira propaganda foi o bono social.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A segunda propaganda foron axudas aos gandeiros. Non hai nin unha soa nova axuda, o que lles di é que lles vai dar o que lles corresponde, señor Feijóo. É que non poden tratar así a xente deste país.

A terceira propaganda, as axudas á pesca. A cuarta as axudas ás pemes. E todo así, señor Feijóo, propaganda, propaganda e propaganda. Díganos, se non, en que DOG están publicadas estas axudas. *(Aplausos.)* Porque vostede dicíao moi ben: a xente que non pode pagar as súas facturas non pode seguir esperando ante a súa incompetencia.

E teño que dicirlle que isto é unha tomadura de pelo a todos os galegos e galegas que están nun momento de moitísima dificultade. E botamos de menos que actúe. Porque, eu pregúntome, señor Feijóo, ¿que lle impide a vostede sentarse co sector do transporte para reclamar que haxa medidas que permitan eses corredores dos que vostede fala? ¿Por que non se senta a negociar, por que non quere falar con eses sectores? Iso estaría na súa man facelo porque tamén sabemos que isto está afectándolle moito máis a Galiza que a outras zonas.

E nós, desde logo, o que temos moi claro é que non se pode quedar cruzado de brazos. Temos un problema moi grave porque realmente Galiza está nunha situación peor, e está nunha situación peor porque durante estes anos vostede o que fixo foi arruinar este país. Si, si, é curioso que nos fale de futuro alguén que o único que fixo foi facer que o agro fora a menos, que a pesca fora a menos, que teñamos 200.000 mozos e mozas na emigración, que pecharan empresas sen que vostede movera nin un dedo. Porque, señor Feijóo, ¿que fixo vostede para que as cubas non se pararan en Alcoa? Estaría moi ben que nolo dixera. ¿Sabe que fixo? Vetar unha tarifa eléctrica galega. *(Aplausos.)* Esa é a súa contribución á industria deste país.

A súa receita é, efectivamente, desmantelar o público, esa é a súa receita.

E, desde logo, señor Feijóo, *(Murmurios.)* nós queremos deixar aquí unha mensaxe moi clara. Desde o BNG imos seguir traballando para darlle esperanza a este país, imos deixarnos a pel para sacar adiante a clase traballadora; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* as persoas autónomas; os gandeiros e as gandeiras que traballan moi duro nas súas explotacións e que grazas a eles temos alimentos de calidade; a xente do mar, que sae todos os días a baterse e que é un traballo moi difícil; os traballadores e traballadoras do transporte, que foron —vímolo— esenciais na pandemia e que fan que todo funcione. Imos seguir dándolles a man a eses homes e mulleres que cada día abren o negocio, o seu negocio, e tamén a todas as familias que están sufrindo para poder chegar a fin de mes. Que saiban que poden contar co BNG para saír adiante e superar esta crise. E temos medidas no curto e no medio prazo, pero cremos que nun momento de emerxencia como esta, señor Feijóo, hai que aplicar algunhas de inmediato.

A primeira, o sector agrario está lanzando un SOS, e o que ten que facer este Goberno é que se cumpra a Lei de cadea alimentaria e impedir a venda a perdas no sector. Definan cales son os prezos e deixen de botar balóns fóra.

En segundo lugar, garantirlle o abastecemento de pensos a prezos razoables. ¿Por que non unha compra pública que o faga viable neste momento?

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Terceiro. Hai que defender que hai que fixar un prezo máximo para a electricidade en todo o sector primario, e que todo este sector primario, desde o gandeiro ao pesqueiro, o que necesitan neste momento son axudas extraordinarias, que é posible poñelas sobre a mesa se hai vontade política.

Pensamos que é fundamental manter as bonificacións ao combustible da frota pesqueira. Que hai que garantir tamén unha intervención pública para que os prezos dos hidrocarburos e da luz non sigan subindo. Que hai que rebaixar —si— de maneira temporal os impostos aos carburantes e tamén á electricidade, e que vostede ten na súa man, por exemplo, axudar aos transportistas deste país. ¿Por que non rebaixa as peaxes das autoestradas? Estou segura de que si aplaudirían esa medida, pode aínda anuncialo e, o máis importante, pode facelo.

Hai que actuar de inmediato sobre o mercado enerxético deste país. Porque é curioso, ¿non?, a dereita di baixar os impostos, pero non quere entrar a baixarlles os beneficios ás grandes eléctricas que se forraron nesta crise. *(Aplausos.)* ¿Vai vostede defender que se poña fin a eses beneficios caídos do ceo e deixar de vetar unha tarifa eléctrica galega? Sería, señor Feijóo, unha boa contribución.

E, por último, tamén hai que axudar a quen peor o está pasando nesta crise. Nós pensamos que hai que subir as pensións e os salarios da xente. E vostede ten na súa man axudar ás persoas que teñen as pensións máis baixas deste país. ¿Por que non lles subimos no medio desta crise o complemento autonómico ás pensións non contributivas en 100 euros ao mes? Seguro que as persoas que o pasan peor agradecerían...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...moitísimo esta medida.

Como ve, señor Feijóo, hai moitas cousas que vostede podería estar facendo. Lamentablemente hoxe veu aquí a perder unha oportunidade e a faltarlles ao respecto aos galegos e ás galegas, porque isto non é un mitin do Partido Popular nin o Senado, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta de Galicia, para a súa tranquilidade, porque o vexo particularmente tenso con ese asunto, o presidente do Goberno do Estado ten previsto comparecer o próximo mércores 30 para dar conta dos acordos que se tomen no Consello Europeo, o xoves e venres, e tamén para falarlle da política, que o vexo moi preocupado tamén con respecto á política exterior do Reino de España con respecto ao Sáhara. Alí recibirá vostede e recibiremos todos as explicacións pertinentes por parte do presidente do Goberno. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor Núñez Feijóo, 4/5 partes da súa comparecencia —e estou sendo particularmente flexible e bondadoso con esa proporción— foron lamentablemente dun candidato á Presidencia do Goberno do Estado, foron lamentablemente dun presidente do Partido Popular que, por certo, o felicito por esa reñidísima contenda na que vostede estivo implicado estes últimos días, en todo caso, felicítoo, pero 4/5 partes desa comparecencia foron para poñer deberes ao Goberno do Estado.

E alégrome de velo aquí despois de varias semanas de campaña percorrendo España. Por certo, e compártoo coa señora Pontón, cando entrei, entrei pola rúa do Hórreo e cando o escoitei a vostede pensei que estaba na Praza das Cortes. Certo é que mirando para o presidente deime conta de que non era a señora Batet e dixen, non, sigo no Parlamento de Galicia.

Pero, señor Feijóo, tiña vostede a posibilidade de comparecer neste Parlamento solicitando unha comparecencia urxente ou mesmo solicitando a convocatoria dun pleno extraordinario. Pero non, houbo que traelo aquí, tiveron que aceptar unha petición da oposición para que se levase a cabo esta comparecencia. ¿E iso por que? Porque vostede non estaba aquí. A urxencia non apareceu este martes, a urxencia efectivamente xa estaba desde hai meses e, particularmente, agravada desde hai semanas.

E o certo é que o Partido Popular, na Xunta de Portavoces que se levou a cabo a semana pasada, dixo que non era necesaria esta comparecencia porque abondaba coa comparecencia do señor conselleiro do Medio Rural, ao que lamento que non teña ocasión de explicarnos a grave crise do sector e as medidas concretas que estou seguro de que vostedes teñen deseñado para facer fronte a esa particular situación.

En definitiva, un tempo crítico no que a Xunta de Galicia poucas medidas tomou, algunhas delas cosméticas. Vostede sabe perfectamente que as medidas que anunciou no Consello da Xunta da semana pasada están ben, non o vou negar, pero practicamente non teñen un impacto económico para a Xunta de Galicia. E, nese sentido, o nivel de compromiso é bastante cuestionable. É dicir, non houbo nin unha medida contundente, seria, ben planificada, que forme parte dun contexto harmónico, máis alá destas que vostede vén tamén de anunciar que van aprobar no Consello da Xunta desta semana. Todo o demais foron deberes para o Goberno do Estado. Porque, claro, vostede e o seu Goberno non teñen ningunha competencia. O Estatuto de autonomía está cheo de palabras baleiras de contido, porque na práctica todo o seu discurso, todas as solucións pivotan única e exclusivamente sobre un axente externo, que é o que fai vostede sempre coa política da Xunta de Galicia. Responsabilidade do Estado sempre cando —iso si— o Estado non estea gobernado polo Partido Popular, porque, se non, hai un ámbito de corresponsabilidade que vostede nega sempre.

Señor Núñez Feijóo, cómpre facer unha política económica para acertar no destino máis eficiente e dinamizador dos recursos públicos, cousa que creo que compartimos, porque é necesario garantir niveis razoables de equidade e de benestar social. Cómpre, polo tanto, unha política económica á altura do momento. Temos que acertar entre todos, e cando digo entre todos falo da Unión Europea, falo do Goberno do Estado —si, tamén, pero tamén da Xunta de Galicia—, para acertar e afondar nunha liña de recuperación sostible e positiva.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nestes momentos son relevantes os acordos e pactos de rendas para distribuír custos e beneficios, pero tamén para apostar por políticas de oferta no eido industrial e por reformular aspectos de política tributaria nun novo contexto; e aí tamén hai corresponsabilidade da Xunta de Galicia.

E agora que o Goberno do Estado marcou un novo tempo nas decisións das institucións europeas á hora de apostar por grandes paquetes de investimento, con programas como Next Generation, etc.; ou un Goberno que subiu o salario mínimo interprofesional, que estableceu o ingreso mínimo vital, que desenvolveu os ERTE, a cidadanía sabe que non é o mesmo cando goberna a esquerda que cando goberna a dereita. Porque neste momento, señor Núñez Feijóo, *(Aplausos.)* vostede acaba de poñer sobre a mesa un decálogo de medidas para o Goberno do Estado e acaba de anunciar 5 ou 6 —se non tomei mal nota, e, se non, descúlpeme vostede, xa me corrixirá, estou seguro de que me corrixirá en todo caso diga o que diga—, pero practicamente nada para a Xunta de Galicia.

E nós vimos de propoñer tamén un decálogo, un decálogo de medidas que se deben tomar: como a redución das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica. ¿Vano facer vostedes? ¿Si ou non?

Un plan de axudas dirixidas a autónomos e profesionais para compensar o aumento dos custos do transporte, ámbito no que todos, absolutamente todos estamos de acordo e estamos extraordinariamente preocupados. Non vaia pensar vostede que polo feito de que o Partido Socialista estea gobernando no Estado, non compartimos a preocupación á que vostede acaba de facer referencia. Evidentemente, hai un sector estratéxico que está nunha situación derivada entre outras cousas da alza dos combustibles, que require unha actuación tamén coordinada, por suposto que si, do Goberno do Estado. Imos demandarlle ao Goberno do Estado que adopte medidas para flexibilizar esa situación, para minimizala. Pero, por certo, esa axuda que vostedes acaban de anunciar de 3 millóns e medio de euros para blindar o transporte público por estrada, de verdade cre que vai resolver dunha forma eficiente o problema?, ou é unha cifra para contentar o sector e dar a entender á poboación que se están a adoptar medidas?

Cremos tamén que é necesario impulsar un cambio na regulación do mercado eléctrico, e aí tamén está o Goberno do Estado, claro que si. Porque é necesario desvincular o prezo da enerxía eléctrica para as familias e as empresas do prezo do gas, facendo posible unha rebaixa significativa do custo da electricidade e demandar a redución das peaxes na rede eléctrica e de gas.

Temos que ser quen de dar un impulso lexislativo, logo de identificar os proxectos estratéxicos da comunidade autónoma, dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética a baixo custo, tanto para o ámbito doméstico como para o aprovisionamento industrial.

Tamén poderán vostedes, entendo eu, reducir dalgunha maneira o tramo autonómico do IRPF para aquelas persoas que non están obrigadas a presentar declaración da renda pero que teñen ingresos que si están suxeitos a retención, e negociar tamén, tamén, si, co Estado unha rebaixa paralela.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Convertan vostedes o Igape nun instrumento eficaz que habilite un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade das empresas afectadas particularmente polo peche dos mercados de Rusia e Ucraína, sempre, iso si, que non estea desvinculado do mantemento do emprego.

E fixo vostede, cousa que tampouco nos sorprende o máis mínimo, toda unha serie de críticas ao Goberno do Estado, pero creo que non poderá negar nin vostede tan sequera, e xa é difícil, que o Goberno do Estado estaba actuando e segue actuando no ámbito da enerxía, impulsando a implantación de enerxías renovables, tomando medidas lexislativas para trocar o sistema que estableceu o Partido Popular que dá beneficios inmerecidos ás empresas eléctricas ou con medidas urxentes para a redución e incluso a eliminación de impostos vinculados á xeración.

Onte anunciouse, que a vostede parece ser que lle provocou unha certa graza ou lle dou pé a un certo argumento, perigoso por certo, porque aquí ao mellor dentro de pouco tempo hai algunha conselleira ou algún conselleiro que vai ser interpelado sobre unha folga que tiñan convocados determinados colectivos de traballadores, nun ámbito que depende exclusivamente da Xunta de Galicia. Entón, claro, facer bromas cun asunto tan serio como é o sector do transporte, que evidentemente está vinculado ao abastecemento, en moitos ámbitos, pero que ten a súa complexidade, logo de que o Goberno anunciase un investimento de 500 millóns de euros, por certo, cen máis dos que vai poñer o Goberno francés, ao que vostede tanto admira, que vai implementar unhas medidas que tampouco entraron en vigor, se non estou mal informado, van entrar en vigor o día 1 de abril. Pero iso é irrelevante para vostede.

Ríase vostede porque outra patronal do sector do transporte convoca folga ou súmase á folga logo de ter unha reunión co ministerio. A vostede iso faille moitísima graza. Ou na gandería, cando temos un problema co prezo do leite estrutural, porque o problema da gandería, agravado evidentemente pola situación actual, non apareceu onte, e non apareceu en novembro cando vostede lle remitiu esa célebre carta dentro do seu hábito postal cara ao Goberno do Estado, ese problema xa existía e vostede leva trece anos gobernando a Xunta de Galicia. Polo tanto, algo terá que ver coa grave crise que está a pasar a gandería neste momento. E anuncian medidas anecdóticas para o sector agrario. Que nos parece ben, que nos parece ben que adianten as axudas da PAC, é un tema no que estamos evidentemente de acordo, ou que dean axudas para a liquidez, pero sabe vostede que iso non vai resolver os graves problemas que ten. Ou no ámbito da pesca, onde por certo, onte a iniciativa do Goberno do Estado a comisión Europea anunciou que nos próximos días se activará o mecanismo de crise contemplado no Regulamento de fondo europeo marítimo de pesca e acuicultura. Outro erro manifesto do Goberno do Estado.

Señor Feijóo, en definitiva, veu vostede hoxe a anunciar todas estas medidas que dixo unha vez que acabou o seu periplo por España. Medidas que lle levou anunciar estirando o chicle considerablemente aproximadamente dez minutos da súa intervención, o resto foi facer público un decálogo de obrigas para o Goberno do Estado, e a min xórdeme unha dúbida importante con respecto a ese decálogo, e é se o está facendo o presidente da Xunta de Galicia ou o está facendo o presidente do Partido Popular empregando o Parlamento de Galicia para

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha proxección a ámbito nacional que de momento non ten, porque evidentemente *(Aplausos.)* que vostedes aceptasen esta comparecencia hoxe non é froito da casualidade —ata aí chegamos incluso nós—. É dicir, vostede necesita un foro de proxección mentres non ten outro, veremos a ver a quen sacan vostedes do Senado ou...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... ese é un problema de vostedes, aí non me vou meter. Pero vostede necesita un ámbito de proxección que de momento non ten e emprega o Parlamento de Galicia, para desgraza das galegas e dos galegos, para proxectar a súa imaxe para todo o Estado. E iso, señor Núñez Feijóo, é bastante feo. Deixa en bastante mal lugar esta comunidade autónoma e deixa e bastante mal lugar a...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... —si remato, señor presidente— e deixa en bastante mal lugar o presidente da Xunta de Galicia.

Quixera facer unha última reflexión, que me parecen moi ben todas as medidas que vostedes acaban de anunciar para facer fronte á crise dos refuxiados de Ucraína pero, sen negar a importancia e conveniencia desas medidas, teño que dicirlle que tampouco por unha vez están sendo vostedes pioneiros, porque moitas desas medidas se están a adoptar, afortunadamente, noutras comunidades autónomas, porque evidentemente, debe darse unha resposta coordinada e leal entre o Estado e as comunidades autónomas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Permítame comezar dándolle as grazas ao presidente da Xunta por aceptar a comparecencia solicitada pola oposición. Como xa dixemos, parécenos que é un *(Aplausos.)* momento extraordinario que exixe certamente que o presidente dea a cara.

A nós, evidentemente, non nos sorprende que o presidente compareza nesta Cámara e dea a cara, fíxoo durante a crise económica financeira que tivemos a partir do ano 2009; fíxoo, por suposto, nesta Cámara por acordo con todos os grupos durante a crise do Covid; e, por suposto, faino agora que estamos a vivir outra crise posiblemente de efectos inmediatos peores que todas as anteriores no ámbito económico.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, en segundo lugar, gustaríame dicir que hai exactamente un mes que comezou a guerra de Ucraína. Esta invasión, esta agresión criminal do Goberno de Putin —que quero aproveitar para voltar a condenar sen letra pequena, sen medias tintas— porque esta guerra é un atentado contra a liberdade, a democracia, a legalidade internacional, e por suposto non só a condenamos senón que apoiamos aqueles que están a defender a democracia, a legalidade internacional e a seguridade; é dicir, os países que son os nosos aliados a través da Unión Europea e a través da organización do Tratado do Atlántico Norte. *(Aplausos.)*

Nunha situación semellante á que estamos a vivir hoxe, pouco despois en novembro do ano 39, pouco despois da invasión de Polonia polas tropas nazis, Camus no seu diario anotou unha entrada que di: «Giselle e a guerra», e na entrada di: «Non, non leo os diarios, só me interesa o tempo. O domingo farei unha excursión ao campo e levarei o parasol».

Se lemos a prensa de hoxe, a do día que está aquí o presidente comparecendo, o que vemos é que, por exemplo, os primeiros peches de gasolineiras por falta de combustibles, os consumidores fan acopio ante un maior risco de desabastecemento. A lei da cadea que debería saír, sacar a flote o campo vólvese contra o Goberno. Calvo, a empresa pecha tres días. Estrella de Galicia sortea o paro escoltada. A industria reséntese en Galicia, falta metal e os prezos son excesivos. Metalúrxicas galegas con aceiro para só dous meses. Na web *online* podemos ler desta mesma maña: Ferroatlántica pecha produción por falta de material. Danone acaba de parar a súa produción tamén. Por suposto, o boicot aos matadoiros pon en risco a subministración de carne. Hai riscos de colapso inmediato das granxas. E incluso no ámbito público, problemas de subministracións que poderían atrasar as obras do novo CHUAC, e medidas tamén de abastecemento de material sanitario aos hospitais. A lonxa da Coruña cun millón de perdas e falta de subministración nas fábricas. E así sucesivamente, collamos o diario que collamos, incluso nos diarios parte da flota galega permanece e porto mentres os paros chegan ás conserveiras. Toda a prensa de todas as cores dan titulares moi semellantes.

Pois ben, o resultado é como consecuencia dunha invasión que recae sobre unha situación previa que é a que provoca o que estamos a vivir. Sabemos que co Covid houbo colos de botella, crises de oferta, falta se subministracións, falta de enerxías, subida dos prezos, de demanda polo aforro tamén crece. Como consecuencia interrómpese e non chega a produción. Hai inflación con efectos devastadores tanto no que son as rendas como o que son os impostos, co efecto da inflación en frío, que é un imposto que beneficia as autoridades que recadan e nomeadamente neste caso a que queda coa recadación, que é o Goberno central. E, por suposto, nunha situación comprometida o Banco Central Europeo cando a reserva federal sobe os tipos de xuro e o Banco Central Europeo ten o obxectivo do 2 % de inflación.

Pois ben, antes da guerra xa tiñamos unha inflación do 7,6. Dous meses antes da guerra xa eramos un dos países máis caros da Unión europea; dous meses antes da guerra os españois xa pagabamos a factura da luz máis alta da nosa historia; e dous meses antes da guerra o gas e os hidrocarburos xa estaban disparados, superando todas as series históricas.

Certamente, a guerra veu engadir máis desesperación; os titulares demostran desesperación, unha desesperación porque a situación que era mala agravouse como consecuencia dunha

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

invasión ilexítima e ilegal. Podemos considerar que é unha actuación estúpida ou mesmo, por volver a Camus, que é absurda. Camus, noutra entrada, xa cando a guerra estaba moito máis avanzada no 43, escribiu no seu diario: «Plantexar a cuestión do mundo absurdo é preguntar: ¿imos aceptar a desesperación sen facer nada? Supoño que ningunha persoa honrada pode contestar que si». Pois esa é a cuestión. Ante unha situación que non entendemos que é absurda e que é ilegal, a cuestión é quen fai algo e quen non fai nada.

E certamente na comparecencia do presidente quedou claro, quedou meridianamente claro, aínda que algúns parecen non escoitar as comparecencias que solicitan, o contido das mesmas, quedou claro que o Goberno da Xunta está a actuar. Primeiro, está a actuar con lealdade co Goberno de España, nesa axenda que a señora Pontón pois tivo a ben narrar, omitiu, por suposto, todas as cuestións oficiais; por exemplo, que na viaxe a Canarias o presidente promoveu e conseguiu un acordo de todos os presidentes autonómicos, incluídos os nacionalistas, e do presidente de España, do presidente do Goberno de España, na que se decidiu que todas as administracións respaldaban o Goberno na súa posición diante do Consello Europeo. Pediuse e pactouse impulsar a execución dos fondos europeos, xestionar de forma coordinada a acollida de refuxiados ucraínos ou poñer en marcha un plan nacional de resposta ás consecuencias da guerra de Ucraína en España; un plan aberto e dinámico que se irá configurando a través do diálogo e que desenvolverá coas comunidades autónomas, as forzas parlamentarias, cos servizos sociais tendo en conta os colectivos máis vulnerables.

Ben, dez días despois, non hai nada, absoluta inacción. Houbo inacción cando todos os países decidiron enviar armas e o Goberno foi detrás. Hai inacción con respecto aos refuxiados, porque están as ONG e as persoas privadas indo por diante do propio Goberno e, por suposto, tamén estamos por detrás na adopción de medidas económicas.

Este Goberno, claro, que non fai nada, contrasta aínda que vostedes non o queren escoitar, co que dixo o presidente da Xunta.

O presidente da Xunta, e quero agradecer ao portavoz do PSOE, que polo menos dixo que as medias que se adoptaron no último consello están ben, pois aprobou o bono social térmico, inxectar líquido ao sector gandeiro, subvencionar como compensación os profesionais do pago dos dous meses das taxas portuarias, inxección extraordinaria de algo máis de 3,5 millóns para blindar o trasporte público. Hoxe acaba de anunciar varias medidas máis: unha nova liña de avais do Igape, un programa de préstamos directos por 70 millóns de euros; adicionalmente para as empresas que están a atravesar dificultades e xa contan con prestamos directos da Xunta ou avais mecanismos para flexibilizar o seu pago; no eido enerxético activouse o bono enerxía peme, neste caso dirixido a comercios, hostalaría e pequenas e medianas empresas, para equipamentos, 65 millóns de euros. Outro dos sectores máis afectados, o turístico, conta cunha nova activación do bono turístico, case 8 millóns de euros. E para axudar ás familias e facer fronte á factura da luz a Xunta reforza as medidas que xa ten activadas por máis de 23 millóns de euros, solicitando fondos para duplicar o autoconsumo eléctrico e as renovables. A Xunta non se inhibiu, a Xunta actuou.

Curiosamente, a señora Pontón veu aquí cunha serie de medidas alternativas e pídellas á Xunta. Hai dúas que son clásicas, a clásica tarifa eléctrica galega, cando todos sabemos que

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia —que está no mercado ibérico, non no español— ten unhas tarifas máis altas como consecuencia non de que haxa unha tarifa eléctrica galega —que non podería ser moi distinta, como vimos coas empresas públicas que se quedaron ao respecto noutras cidades, nalgunha cidade pola esquerda— senón que incluso podería ser contraproducente polo custo da distribución da enerxía en Galicia, e tráenos medidas... E a segunda a intervención pública, por suposto —parece que todo se arranxa se hai intervención pública—; *(Risos.)* e tráenos a Lei da cadea alimentaria, rebaixar impostos, marcarlles impostos ás empresas eléctricas mais beneficios, pensións, salarios... É dicir, todo aquilo que é competencia do Estado. E critica que o presidente, que presentou varias medidas de competencia autonómica, e vén vostede con propostas que basicamente algunhas xa están debatidas —e sabemos que son irrealizables e contraproducentes— pero outras que son do Goberno do Estado. Por certo, o Goberno do Estado que vostede votou e vostede apoiou, *(Aplausos.) (Murmurios.)* co que vostede asinou un acordo. *(Aplausos.)*

Por suposto, queda un terceiro bloque de propostas construtivas por parte do BNG. O BNG ten convocadas o 3 de abril manifestacións en toda Galicia, pero non para protestar contra o Goberno de España, *(Murmurios.)* senón para protestar contra a Xunta, que, como ela mesma sabe, non ten competencias nos ámbitos nos que cómpre actuar prioritariamente segundo ela. E precisamente por iso nós tamén apoiamos as peticións das 10 medidas urxentes do Goberno de España que acaba de presentar o presidente. Medidas que hoxe mesmo o Consello de Ministros podería aprobar. Medidas que reducirían moi notablemente as dificultades polas que están a pasar milleiros de profesionais, milleiros de empresas, e abriría unha porta á saída progresiva desta crise.

E precisamente aí —se vostedes analizan as propostas ao Goberno de España— non hai medidas ideolóxicas, como, por exemplo, facelo todo público. O que hai son medidas prácticas, directas, urxentes e de aplicación inmediata, paliativas que contribuirían a minimizar ou a reducir os danos da crise e para empezar a traballar na solución. E a pregunta é ¿por que temos que esperar? A situación é cada vez máis complexa e dramática.

E volvo ao inicio. Diante dos problemas que, como no mito de Sísifo, lles xorden ás persoas ao longo do tempo, caben —como dicía Camus— dúas actitudes: actuar mesmo errando pero abordando os problemas con responsabilidade e con interese por solucionalos; ou, como fai a Giselle de Camus, prescindindo da realidade, collendo o parasol e marchando ao campo. Desgraciadamente, para aqueles que vexan o tempo dos próximos días, non hai que levar un parasol, hai que levar un paraugas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica. Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías.

Confeso que nunca pensei que puideran chegar a criticarme por facer o que me piden, pero despois de trece anos neste Parlamento e catro na oposición aínda se pode aprender algo. Se piden que compareza e non o fago, critícanme; *(Murmurios.)* se piden que compareza e comparezo, aínda peor; *(Murmurios.)* se din que non estou en Galicia e non dou explicacións, critícanme; e se estou neste Parlamento anunciando novas medidas, tamén me critican. *(Murmurios.)* Creo que vai sendo hora de que se poñan de acordo, ¿non? Comprendo que iso é moi difícil porque a culpa de todo o que ocorre en España é do señor Feijóo e do Partido Socialista, que xustamente é con quen goberna o BNG.

Supoño, señorías, que todo o que escoitamos aquí —salvo algunha manifestación ponderada do portavoz do Partido Socialista— pois probablemente os que o manifestaron pois non creo que sexa o mellor turno de intervencións da súa carreira parlamentaria.

Sería conveniente que se puxeran de acordo consigo mesmos, os nacionalistas entre si —xa sei que é pedir moito—, fíxense que a portavoz do BNG nin sinalou un mínimo sobre os refuxiados ucraínos. *(Murmurios.)* Este asunto humanitario non existe. *(Murmurios.)* Dado que existe a OTAN, non existe o problema dos refuxiados ucraínos. Por iso digo que sería bo que se puxeran de acordo consigo mesmos os nacionalistas e que o noso amigo Álvarez, home, vir aquí botar peito porque o presidente do Goberno de España vai comparecer —parece ser— o día 30. E sinalarme porque non comparezo de forma urxente, ¡será unha broma, señor Álvarez! Será unha broma que o primeiro ministro español non compareza ata o día 30 nas Cortes e vostede lle diga aquí un presidente autonómico que ¿como é que non comparece antes? Comprendo, señoría, que lle pasaron ese teletipo e vostede non o reflexionou, pero terá tempo de reflexionalo na réplica. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Bueno, pois non pasa nada, *(Murmurios.)* non o reflexione, siga vostede dicindo que comparece moi pronto o presidente do Goberno e moi tarde un presidente autonómico. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, eu levo efectivamente traballando, como comprenderán, non me vou poñer nervioso despois de certo tempo por algúns comentarios que creo que non son xustos, honradamente o digo, pero vostedes saberán. Mire, nese periplo do que fala a nacionalista de que parece que isto é unha Cámara do Senado; se isto fora o Senado, o BNG non podería falar porque non ten representación. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Por tanto, señoría, menos mal que no Parlamento de Galicia o BNG ten representación. *(Aplausos.)* Comenta un deputado amable do BNG que lle faltou pouco para ter representación, pero é que non a teñen. *(Murmurios.)* A nós faltounos un escano para a maioría absoluta e gobernou o BNG, imaxine se estamos acostumados a que nos falte pouco. *(Murmurios.)*

Mire, con todos os respectos, efectivamente, collendo o calendario, o señor Feijóo estivo tres días fóra de Galicia. *(Risos.)* Comprendo que saír fóra de Galicia para un nacionalista é unha ultraxe á nación, *(Murmurios.)* pero para un galego saír fóra de Galicia é algo normal. *(Murmurios.)* É algo normal porque é bo que se pacten cousas fóra de Galicia que benefician a Galicia, como, por exemplo, que haxa unha coordinación para acoller refuxiados; como, por exemplo, apoiar o Goberno de España, o Goberno tamén do BNG, porque o Goberno de España é o Goberno do BNG, *(Murmurios.)* non só porque son aliados, senón porque ademais é

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o Goberno da nación e, por tanto, é o Goberno de todos os galegos, gústenos ou non —ao BNG gústalle, a nós non—. *(Murmurios.)* Pero, bueno, pois manifestámonos a favor do Goberno de España no seu posicionamento, nos plantexamentos da Unión Europea e da OTAN. Prestámoslle apoio ao Goberno de España nesas saídas á que vostede se refire.

E lideramos, efectivamente, un acordo para baixar os impostos. Pódolle asegurar que custou moito; como non se quixo concretar que imposto se baixaba non houbo acordo e houbo unha declaración institucional, porque na declaración institucional si aceptaban incluír un incremento da rebaixa dos impostos. Por tanto, ¿como que non traballamos? ¿É que acaso baixar os impostos non lle interesa ás familias galegas? ¿Non lle interesa á nosa industria? ¿Non lle interesa aos mariñeiros? ¿Non lle interesa ao sector da conserva? ¿Non lle interesa aos gandeiros? E que me veñan pedir aquí vostedes que baixe os impostos do Goberno de España é algo moi sorprendente. Comprendo que vostedes xa non sei como me ven, pero son o presidente de Galicia; non podo baixar os impostos do Goberno de España, señor Álvarez, nin podo plantexar unha tarifa eléctrica que prexudique a Galicia, señora Pontón.

A pregunta que se deben estar facendo a meirande parte dos galegos é ¿onde está o presidente do Goberno de España? Iso si. Onde está a oposición de Galicia sabemos sempre onde está. Desde que comezou a invasión de Ucraína o único que sabemos do BNG é que obstaculizou a Declaración institucional do Parlamento de Galicia contra a guerra de Rusia contra Ucraína. Iso sabémolo e forma parte, por suposto, da historia do BNG. E o PSOE sabemos que presenta iniciativas pedíndolle á Xunta todo o que non está disposto a facer o Goberno de España. Todo aquilo que o Goberno de España nin fixo nin se lle espera pídello á Xunta de Galicia con ese decálogo do que falaremos posteriormente, señor Álvarez, dado que vostede o trouxo a colación.

Di a señora Pontón que nós non plantexamos ningunha medida. Non, plantexamos ningunha medida, non, nós plantexamos 10 medidas, ¡10 medidas!, están aquí expostas unha por unha e concretadas, 10 medidas. Eu vou propoñer as medidas que plantexou o Goberno de España —isto é fácil—, *(Risos.)* estas son as medidas que plantexou o Goberno central despois de 26 días que empezou a guerra de Ucraína, 26 días, un folio en branco.

Polo tanto, axilizar o bono térmico social, di que se non pagamos o bono térmico social no inverno; señoría, nós levamos pagado un bono térmico dende o ano 2014, por riba dos bonos eléctricos do Goberno central: no ano 14, no ano 17, o pasado ano, e este ano. É lamentable que vostede trate a Galicia así, 26.000 persoas cobraron o bono da Xunta de Galicia no ano 2014. O tícket eléctrico no ano 2016 volvemos incrementalo. No ano 2017 fomos pioneiros na Lei de eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade da enerxía eléctrica e no ano 2018 fomos a primeira comunidade autónoma en incrementar o bono eléctrico estatal. ¿Por que di que non se cobra o bono eléctrico en Galicia, cando somos a comunidade autónoma que inclúe máis medidas que o Goberno central e que fomos pioneiros nesta medida?

¿Que foi o que fixo o bipartito en relación coa enerxía? ¡Cero! Incluso desde o punto de vista de expedientes abertos, o bipartito abriulles 9 expedientes ás eléctricas e multounos con 97.000 euros. Este Goberno abriulles 3.194 expedientes ás eléctricas e multámolos con 26 millóns de euros. ¿Quen é o que está de acordo coas eléctricas cando incumpren, señoría? Dende logo, o Partido Popular de Galicia non. *(Aplausos.)* O bipartito, non o sei. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, ademais, recordaremos que estes mesmos grupos que hoxe dan lecciónns do que hai que facer cos temas eléctricos, cando en España o megavatio estaba a 50 euros, estes mesmos convocaban minutos de silencio pola pobreza enerxética. Agora que sobrepasa os 200 euros, non escoito o BNG falar nada de enerxía, salvo botarlle a culpa ao presidente da Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* Iso forma parte tamén da historia do nacionalismo galego; por tanto, cada un ten a súa propia historia e é bo por poder reflectila.

Mire —con todos os respectos—, que o BNG propoña medidas a favor da industria, despois de que está a favor do peche das térmicas, e despois de que insiste e persiste no peche de Ence antes da guerra de Ucraína, durante a guerra de Ucraína —e estou convencido de que despois—. Pero, ¿de que industria falan vostedes?, ¿da que queren desmantelar ou da que queremos conservar? Señorías, dicir que non nos sentamos co sector do transporte; señora Pontón, se houbera un detector de mentiras teríalle soado de forma constante e continua, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A conselleira de Transporte sentouse co sector do transporte o martes día 15. A conselleira de Transportes, o conselleiro de Medio Rural e a conselleira do Mar volveron sentarse o venres día 25. E a conselleira de Transportes volveu sentarse o domingo día 27. ¿Como que o Goberno da Xunta non traballa? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, os domingos tamén falamos, señoría. *(Murmurios.)* Perdón, o domingo pasado... —perdóeme pola data, ¿que día foi o domingo pasado?— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, o día 20, efectivamente, trabuqueime de semana, non hai problema para volver presentarse esta semana, señorías. Por tanto, ¿como que non falamos co sector do transporte? Os corredores seguros foi unha proposta da Xunta de Galicia a este sector. Os corredores seguros para sacar o leite, para sacar o peixe e sacar a carne foi unha proposta da Xunta de Galicia a este sector *(Aplausos.)* que fixemos de forma clara e explícita. *(Aplausos.)*

Señorías, sorpréndeme que vostedes teñan tan mal concepto do que Galicia é capaz de facer, pero pódolles asegurar que nós seguimos traballando todos os días con independencia de que haxa cousas que non convén explicitar, porque falar é unha obriga dun Goberno, e facer que se fai é xa unha política distinta que nós non compartimos.

En todo caso, o certo e verdade é que estamos nun momento de extraordinaria dificultade que nós traemos aquí propostas concretas e que traemos unha serie de medidas explícitas, que ten custo para a comunidade autónoma de forma directa. E hai unha medida moi sorprendente para todos, ¿non? Que é: o señor Feijóo só lle pide propostas ao Goberno central. ¿Rebaixar o IVE é unha proposta ao Goberno central? Se rebaixa o IVE o Goberno de España vai repercutir ou non á baixada de recadación nas comunidades autónomas? Si. Se o PSOE xa di que nos vai quitar cartos, ¿resulta que esta proposta é do PSOE? Se nós renunciamos ao 50 % da recadación incrementada pola base impoñible durante todo este tempo, será unha proposta da comunidade autónoma. Porque o 50 % é para o Goberno central e o 50 % é para as comunidades autónomas. Por tanto, ¿como que non plantexamos medidas? Plantexamos medidas dende a responsabilidade, plantexamos medidas que tocan directamente ao peto dos galegos. Plantexamos medidas que impactan tanto na política central como na política autonómica, e esas son as primeiras medidas que plantexamos nós ante unha absoluta inoperancia e soberbia do Goberno central que nin sequera, como é unha proposta do Partido Popular, nin sequera está disposto a estudar. Se esas medidas se implementaran hai semanas, non teriamos este caos que temos neste momento no noso país.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por tanto, señor Álvarez, pídolle un pouco de respecto pola Facenda autonómica. Entendín que a proposta do PSOE era: imos rebaixar o IVE e non imos repercutir esa baixada nos ingresos da comunidade autónoma. Se agora a proposta dos socialistas e dos seus socios é rebaixar o IVE e impactar o 50 % da recadación na Facenda da comunidade autónoma, ¿que importancia ten esa medida? Asumimos a responsabilidade, así llo trasladamos aos ministros na Conferencia de Presidentes. E non fomos soamente nós, foron a maioría dos presidentes autonómicos.

Na situación na que estamos, se un litro de gasolina tiña un custo dun 1 euro e recadabamos o 21 %, e agora está a piques de 2 euros, imos recadar o dobre. Se o presuposto xeral do Estado se fixo cunha previsión de ingresos do barril de petróleo de 60 euros e o barril de petróleo está cerca dos 120 euros, parece razoable facer un axuste impositivo. E fixémolo dende a responsabilidade de comunidade autónoma. Polo tanto o nó mollar das medidas son propostas por unha comunidade autónoma que vai ter tanto impacto que o Goberno central.

Señor Álvarez, señora Pontón, lamento outra vez volver confirmar que aquí non se vén falar, senón que simplemente que se vén criticar. Pero, como é lóxico, levamos bastante tempo nesta situación e sorprenderíame que neste momento non cambiaran vostedes a súa proposta. Aínda que creo que sería o máis razoable, porque neste momento cambiar a proposta é o máis razoable que a xente está esperando.

Señor Álvarez, dicir que hai que baixar os impostos, cando vostedes desde que chegaron ao Goberno só os subiron. Mire, vostedes soben o imposto de sociedades, soben o imposto aos propietarios de vivendas, subiron o imposto ao diésel, subiron o imposto de matriculación dos vehículos, incrementan a cota anual ou plantexan unha cota anual de peaxes en todas as autovías nacionais, subiron o imposto dos plásticos, un novo imposto aos billetes de avión, eliminación do beneficio fiscal dos plans de pensións, subiron as bases máximas de cotización, subiron o IRPF e varias veces se amagou con harmonizar o imposto de sucesións e patrimonio. E aquí estannos impedindo, de acordo co dereito civil galego, que as herdanzas en vida non tributen. Ata iso fan, señoría, invaden as competencias fiscais da comunidade autónoma en base ao dereito civil galego. E unha nai ou un pai non pode deixar un piso en vida a un fillo ou a unha filla porque vostedes o teñen recorrido.

Por tanto, isto de rebaixar os impostos que piden ao Partido Popular de Galicia exactamente ¿que quere dicir? Primeiro, vostedes sóbenos todos, invaden as nosas competencias tributarias, fiscais no ámbito do dereito civil, e agora dannos lecciónes de baixar os impostos. Non sería, señoría, algo inaudito o que estamos escoitando neste momento. E dígollo coa máxima cortesía.

Mire, o decálogo das súas medidas. É curioso. Eu propoño un decálogo de medidas ao Goberno de España despois de presentar un decálogo de medidas aprobadas pola Xunta e critícaseme. E, sen embargo, o representante do Partido Socialista proponlle a unha comunidade autónoma un decálogo de medidas dado que el non está disposto a adoptar ningunha. Pero comprenderá que é unha cousa cando menos simpática se non fora pola situación dramática que estamos vivindo.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu teño que pedirlle desculpas ao señor Caballero porque moitas veces critiqueino porque era simplemente un portavoz do señor Sánchez, pero no pouco tempo que leva, señor Álvarez, faime pedirlle desculpas ao señor Caballero porque vostede lle ten gañado simplemente nunha semana, realmente gáñalle por goleada. Bueno, algo hai que gañar, iso está claro.

Pero reducir as peaxes das autoestradas autonómicas, menuda proposta do Partido Socialista. Son as peaxes máis baratas de España. Máis dunha década aplicando bonificacións aos usuarios recorrentes, 25 % viaxes de ida e volta. Hai dez anos. Levan o 50 % na segunda volta e están vixentes desde o ano 2010. Desde o ano 2019 aplicamos bonificacións do 50 % do horario nocturno e dende o ano 2021 bonificamos o 100 % das viaxes de volta ás familias numerosas. Escoitou vostede aos transportistas dicindo que este non era o problema: a rebaixa das peaxes das autoestradas autonómicas, que non era o problema. Que iso comprenderán que son céntimos, señoría, pero céntimos que cando se fan as mercadorías pola noite quedan absolutamente xa rebaixados.

Segunda proposta: rebaixar as taxas da ITV. Pero realmente un Goberno que non rebaixa o IVE ao gasóleo e á gasolina proponlle a un Goberno autonómico que rebaixe as taxas da Inspección Técnica de Vehículos, que hai que facela a partir dun ano de antigüidade do propio vehículo. ¿Pero pensaron realmente esta proposta? Pero ademais é que nin sequera saben que non imos incrementar os prezos da ITV e que non os imos incrementar o 7,6 % que lle correspondería como consecuencia do IPC. Polo tanto, xa os estamos rebaixando.

Terceira proposta. Plan de axudas dirixidas a autónomos para compensar os aumentos do custo do transporte. Xa dixemos que o transporte que depende de nós, o transporte de viaxeiros por carretera, o transporte sanitario e urxente, e estamos avaliando o transporte educativo, estamos adoptando medidas. ¿Pregúntelle vostede ao transporte de viaxeiros por carretera se lles parece que é unha medida inaxeitada a que acabamos de concretar? Mire, trátase de manter o equilibrio concesional, aí están as medidas.

Unha moratoria para a amortización dos créditos gandeiros, eliminar as taxas portuarias nos portos da comunidade autónoma; e vostedes non as queren eliminar nos portos de interese xeral do Estado, e vannos plantexar diminuír os custos dos autónomos.

Cuarta medida. Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico. ¿Pero non saben vostedes que iso é unha competencia exclusiva do Estado? ¿Realmente vostedes creen que nós podemos impulsar o cambio do mercado eléctrico? Pero é que é a proposta que me fan para desvincular o prezo da enerxía eléctrica para as familias, as empresas do prezo do gas, etc. Bueno, nós non nos opoñemos a isto, pero isto non é unha medida nosa, como vostede sabe. É unha medida proposta de baixar o IVE que si afecta á facenda autonómica. E se nós estamos de acordo e o 50 % da carga o asumimos nós, ¿por que non se asume o 50 % da carga por parte do Goberno central?

Identificar un impulso lexislativo para proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética. Pero se xa existen. A Lei de reactivación económica para o incentivo de proxectos industriais estratéxicos, que vostedes votaron en contra. Pero se o 74,3 da enerxía eléctrica que se produce en Galicia é con fontes renovables, superando o obxectivo de España

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no ano 2030. Se cada vez que intentamos meter máis enerxía renovable temos unha plataforma auspiciada polos nacionalistas, co visto e prace lamentablemente en moitos lugares dos socialistas. ¿Esa é a que vostedes cren que debe ser a política enerxética de Galicia?

Redución das tarifas portuarias nun 75 %. Señorías, non as imos reducir un 75 %, xa as reducimos un 100 %. Dous meses prorrogables. ¿Pero cre vostede que é necesario facelo moito máis tempo? ¿Cre que non vai solucionar ningún problema o Goberno que temos actualmente en España? Home, comprendo que non é vostede moi optimista sobre o seu propio Goberno. Eu espero ser un pouco máis optimista que vostede, porque, se non podemos sacar o peixe en máis de dous meses, como comprenderá que iso das taxas portuarias será unha propina.

Mire, modificar os orzamentos da Xunta para aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables. Pero se acabamos de triplicar o bono social eléctrico, bono social eléctrico que está dende o ano 2014 vixente. Pero se realmente somos das comunidades autónomas máis solidarias coas familias vulnerables e deberían sabelo e non vir aquí simplemente a dar un titular.

Reformulación da tarxeta básica da Xunta para a prestación dos refuxiados a Ucraína. Pero se estamos a disposición a renda de integración social, que esperemos se financie co plan de refuxiados que, segundo o Goberno de España, estará financiado con fondos europeos.

Polo tanto, todo ese decálogo —e levamos 8— baixar o IRPF, esta é unha proposta interesante dos socialistas. Mire, señoría, vostedes sempre, sempre, sempre votaron en contra de rebaixar o IRPF, sempre. Acabamos de baixar o IRPF hai uns meses, en contra. Dende que chegamos ao Goberno baixamos os impostos por un valor de 1.000 millóns de euros. Págase menos IRPF nas rendas baixas en Galicia que no resto de España. Eliminouse o imposto de sucesións para o 99,9 % dos galegos. Impostos cero dende o ano 2016 no ámbito rural. Ningunha comunidade autónoma de España o ten. Baixamos o imposto de transmisións patrimoniais, o imposto de actos xurídicos documentados. Cero impostos para mercar solo industrial na man da Administración pública. Menos IRPF e menos imposto de patrimonio para rehabilitar os cascos históricos. E volvemos facelo no ano 2022, todas estas medidas en contra da oposición.

Agora que falamos tanto da xente, agora que nos preocupa tanto o poder adquisitivo da xente, agora que nos damos conta de que a xente necesita solucións e non describir problemas, agora dámonos conta de que hai que baixar os impostos, efectivamente hai que baixar os impostos.

Galicia é a cuarta comunidade autónoma con menor presión fiscal no imposto da renda ás persoas físicas para o 68 % dos contribuíntes. Por tanto, dicir que este Goberno ten que baixar impostos... Mire, cando agora un galego paga de media 403 euros menos no imposto da renda que cando gobernaban vostedes no ano 2009, trece anos despois. *(Aplausos.)*, iso é baixar impostos, señoría.

Por tanto, con todos os respectos, señor Álvarez, estudamos con moito interese o seu decálogo, o 70 % está cumprido e o restante é competencia do Goberno central. A ver se quere

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostede mandar outro, podemos mandar outro. Sería bo que mandara vostede un decálogo para un Goberno autonómico e, de paso, nos pasara copia do decálogo do Goberno central para así poder complementalo e poder coordinalo.

Eu remato a quenda, é moi sintomática a actitude da oposición no Parlamento de Galicia nesta comparecencia. Primeiro pídena para criticarnos se non a aceptásemos, e despois critícannos por aceptala.

Díxome un compañeiro do grupo parlamentario: oe, ten coidado non aceptes a comparecencia non vaia ser que che digan que o queres facer é a política xeral, política estatal. E eu pregunto: ¿pero é que acaso o presidente de Galicia non pode comparecer no seu Parlamento a proposta da oposición? ¿Iso é un tic antidemocrático? Comprendo que como nunca se fixo por parte do bipartito poida parecer algo sorprendente. Comprendo, señoría, que este grupo durante catro anos coa maioría absoluta menos un escano só podiamos interpelar unha vez ao presidente, unha vez cada pleno. Vostedes interpelan todas as veces, como debe ser. E así seguirá.

Por certo, o grupo da Cámara non interpela ao presidente en pregunta oral para non facer o ridículo como facía o BNG e o PSOE durante todos os anos do bipartito. *(Aplausos.)*

Pero, en fin, unha vez máis acabamos de ser criticados por unha cousa e pola contraria, e empregamos para cargar contra unha Administración que está tomando medidas, e ocultar o pacto do PSOE co BNG e do BNG co PSOE.

Mire, na miña primeira intervención propúxenlle ao Goberno central unha serie de medidas despois de concretar as medidas que nós activamos previamente. Pero, canto menos, quero recoñecerlle ao señor Sánchez que é moi creativo á hora de buscar responsables, e as súas ministras moito máis. Resulta que todos estes autónomos cos que o BNG nos di que nos reunamos pois resulta que eran todos de extrema dereita, segundo as ministras do Goberno de España, si. E por iso aínda non se reuniron agora. Temos un conflito en todas as estradas do país e nin sequera se reúnen coas persoas autónomas que iniciaron o conflito. Aquí a oposición teno máis fácil, aquí toda a culpa é de Feijóo e xa está. Non hai que ser moi creativo.

Eu supoño que como a señora Pontón non quere me que vaia, porque vai entrar nunha crise de ansiedade... *(Murmurios.)* Con que sigan vostedes de forma constante e continua minusvalorando que o presidente de Galicia poida falar no seu Parlamento, creo que hai un mínimo de dignidade da Cámara que deberíamos de manter. E teño unha grande oportunidade nesta segunda intervención. Se por unha vez queren ser construtivos, desde logo nós imos escoitalos. E se por unha vez queren poñer os intereses de Galicia por riba dos intereses do seu partido, é o momento de facelo, porque estamos nunha situación límite, e realmente ¿cales son as propostas do Partido Socialista? ¿E cales son as propostas dos nacionalistas? Ademais de criticar un Goberno que está capeando un temporal onde non ten ningunha responsabilidade, nin responsabilidade no incremento dos prezos, nin responsabilidade na débeda, nin responsabilidade no incremento dos impostos. Señoría, se por unha vez se queren poñer ao carón dos milleiros e milleiras dos galegos que o están a pasar mal, súmense ás propostas, pódolles asegurar, léanas, valórenas e verán como esas propostas teñen todo o sentido común. Aproveiten a oportunidade, porque a inmensa maioría dos galegos llelo van agra-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

decer. Por tanto, estas son propostas asumidas polo Goberno, financiadas polo Goberno e creo que falar de como podemos tratar os refuxiados deberiamos pactalo e concretar as propostas e intensificar as medidas, despois de 26 días da guerra de Ucraína, sen medidas en España; e despois dun índice de prezos ao consumo, 7,6 de incremento antes da guerra de Ucraína, creo que non merecen reprobar ou criticar un Goberno responsable.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións. Grupo Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu non vou entrar na súa indignidade. Non, non. Se vostede foi capaz de dicirlle o que dixo a nais que perderon o que máis querían, xa vexo; pensaba que vostede tiña límites, pero xa vexo que vostede é unha persoa que non ten límites e, desde logo, eu non vou entrar na súa indignidade nin na descualificación, nin no insulto, nin o ataque persoal. Desde logo, as mulleres estamos moi fartas de certas insinuacións en política e de certos adxectivos, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Si, si.

Porque mire...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

¡Silencio!

¡Silencio, por favor!

A señora PONTÓN MONDELO: ... a violencia vicaria é machismo, claro que si, señora Prado, claro que si. *(Aplausos.)* E o grave é que é moi importante que as persoas que están aí fóra pasándoo mal, que teñen problemas, que non chegan a final de mes, pero que xa non chegaban antes desta crise que está desbocando os prezos, vexan que aquí hai algo máis que palabras, e un Goberno ten que dar resposta. E, claro, é incrible ver o señor Feijóo reclamándolles aos demais que asuman as súas competencias, el que constantemente vén aquí dicirnos que nunca ten competencias en nada. A vostede o problema non é de competencias, *(Aplausos.)* é de incompetencia, e esa incompetencia págana os galegos e as galegas, 200.000 mozos e mozas na emigración; miles de persoas que perderon os seus empregos sen que vostede movera un dedo. Vémolo tamén cando temos menos industrias, cando pecharon a metade das explotacións lácteas deste país, baixo o seu Goberno; e cando medra a pobreza, cando se deterioran os servizos públicos. E todo isto, señor Feijóo triplicando a débeda pública, o gran xestor, *(Aplausos.)* en que endebedou Galicia se está deixándolle un futuro peor aos mozos e ás mozas, ás mulleres e ao conxunto da sociedade galega.

E, mire, eu insistíalle. Eu creo que vostede debe ter límites, o BNG fai unha condena clara e rotunda da invasión de Rusia a Ucraína e é lamentable, señor Feijóo, vendo a vostede utilizar a dor

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do pobo ucraíno para atacar con mentiras o BNG, lamentable señor Feijóo. *(Aplausos.)* E sabe que desde o primeiro momento os concellos do BNG teñen as portas abertas para acoller todas as persoas, e nós temos esas portas abertas para Ucraína pero tamén para os refuxiados doutras guerras. Porque, señor Feijóo, ese debe ser o espírito que impere sempre, e a nós desde logo é no que imos traballar e, insisto, creo que é lamentable que intenten utilizar isto para atacar o BNG.

Este Parlamento e os galegos e as galegas merecen que esteamos á súa altura e merecen que traballemos para sacalos adiante. Non merecen ver o presidente da Xunta utilizando esta tribuna para facernos un mitin do Partido Popular, unha parada máis nesa campaña electoral na que vostede está envolto. E por iso volvo a dicirlle, señor Feijóo, ¿en que DOG publicaron as axudas para o sector da pesca, para o sector do mar, para o sector do transporte?, ¿onde están esas axudas, señor Feijóo? *(Aplausos.)* Porque non poden seguir agardando a súa propaganda, non se vai solucionar esta crise con propaganda. E eu creo que hai temas nos que debería medirse un pouco. Porque, mire, neste país temos cifras moi graves de pobreza. O último informe o que nos di é que está medrando a pobreza e que medran as persoas en pobreza severa. Concretamente, hai máis de 44.000 persoas en situación de pobreza severa, e as súas axudas do bono eléctrico, non chegan nin a 4.000, imaxínense o que teñen que estar pasando eses 40.000 fogares. *(Aplausos.)*

E dígame, señor Feijóo, en que DOG publicaron as axudas para o bono eléctrico, porque vostede ten na Xunta de Galiza 13,4 millóns de euros, que é case o que cobra o señor Ignacio Galán nun ano, destinados a axudarlle á pobreza das familias, e non se convocou aínda esas axudas, señor Feijóo. Polo tanto, axilice esa convocatoria e que isto, señor Feijóo, non se volva repetir.

E é curioso que falou moito de impostos, pero, señor Feijóo, non nos falou se quere entrar nos grandes beneficios das eléctricas. ¿Quere poñerlles fin a eses beneficios caídos do ceo, quere subirlle a fiscalidade ás empresas eléctricas? Díganos se si ou se non, porque esa é a gran pregunta, pero, claro, alguén que se abraza ao señor Ignacio Galán na súa toma de posesión está claro de que lado están. *(Aplausos.)*

E, miren, a min paréceme estupendo, señor Feijóo, que vostede inventara os corredores seguros, a clave é aplíquenos en Galiza e negócienos co sector do transporte porque houbo moitas cooperativas e empresas que estiveron negociando elas directamente cos transportistas para que puideran chegar ao que necesitaban. ¿Onde estaba a Xunta de Galiza? ¿Onde estaba o presidente? De mitin, seguramente, señor Feijóo, *(Aplausos.)* en vez de estar centrado nos intereses deste país.

E nós dicímolo con moita claridade, hai que actuar por exemplo na carga impositiva, si, pero é que vostedes, a dereita, están aproveitando esta crise para levar adiante un desmantelamento do público...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... —remato— as rebaixas dos impostos teñen que ser temporais nunha situación de crise e, desde logo, facer o contrario do que vén facendo o señor

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Feijóo na Xunta de Galiza, porque o que vostede fai é rebaixarlles máis aos que máis teñen, esa é a súa política fiscal mentres recortan na sanidade, nos servizos públicos e na educación *(Aplausos.)* e iso xa lle digo que non é o modelo do BNG.

Mire, nós imos seguir traballando para sacar este país adiante para darlle futuro á mocidade, aos sectores produtivos, á xente que peor o está pasando neste momento. E temos propostas —xa sei que é máis importante atender a señora Candia, señor Feijóo— Si, si, eu relateille algunhas que cremos que hai que adoptar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ... no curto prazo —e remato, señor presidente— pero permítame tamén, señor Feijóo, deixarlle un *dossier* con todas as propostas que nós cremos que hai que adoptar neste momento de crise, e o único que lle pido con toda humildade é que como mínimo o estude antes de irse para o Senado e que lle dea solucións a este país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, de novo, señor presidente.

Señor Núñez Feijóo, *nihil novum sub sole*, non hai lamentablemente ningún cambio no seu discurso, todo é buscar culpables fóra, negando as súas competencias que ten establecidas estatutariamente. Iso si, teño que lamentar o uso de descualificacións persoais. Xa me gustaría ver algunha persoa do Grupo Popular se eu fixera algunha referencia á ansiedade dalgunha deputada. *(Aplausos.)* Xa me gustaría.

Así que, señora Pontón, lamento que teña vostede que escoitar estas cousas porque me parecen absolutamente indignas dun debate público, medianamente educado. A isto, temos que engadir naturalmente —agradezo as súas sempre ponderadas intervencións— *(Risos.)* a ridiculización permanente das propostas que fai a oposición, coas que se pode estar ou non de acordo, pero polo menos un mínimo de respecto político leva a non considerar absolutamente ágrafos, ignaros e analfabetos todos os integrantes da oposición.

Señor Feijóo, un pouco máis de respecto, porque vostede pide diálogo coas forzas políticas que vostede non practica aquí. Vostede non practica aquí, porque de momento as medidas que coñecemos foron unilateralmente adaptadas pola Xunta de Galicia. E recoñecín antes que estamos de acordo nalgunhas delas, considerámolas insuficientes pero non desacertadas.

Pedíuselle unha xuntanza por parte do secretario xeral do Partido Socialista de Galicia. Rexeita vostede todo tipo de axuda. Ten vostede a certeza de que non necesita ningunha colaboración externa? ¿Están vostedes en posesión da verdade absoluta e da solución indubitada

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de calquera crise? Eu creo que un pouquiño máis de humildade tampouco estaría de máis para facer fronte a unha situación de crise como na que estamos.

Señor Feijóo, ten vostede un problema creo que de escoita activa, porque non se enterou vostede de que en varias fases da miña intervención falei da necesaria implicación do Goberno do Estado na solución desta problemática. E vostede iso, por algún tipo de motivo, non o escoitou.

Mire, señor Feijóo, está moi ben esa broma do folio en branco, a ver se o saca na tele —se non xa fará que llo saquen— *(Aplausos.)*, pero a Xunta de Galicia non é que presente folios en branco; iso si, presenta uns programas extraordinariamente ben maquetados que nunca cumpre nin avalía. Polo tanto, tampouco serve de moito encher folios e folios e folios de propostas inútiles que non van ir a ningunha parte. Pero, bueno, creo francamente que a situación require unha seriedade e unha resposta á que todos debemos estar á altura, vostedes, o BNG e tamén o PSdG. Desde logo, conte coa colaboración do PSdG no momento en que vostede, se así o considera, nos chame para reunirnos.

Quédame pouco tempo porque podería falar de propostas concretas, como adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2021-2030 ao novo tempo que vén por diante como consecuencia da guerra de Ucraína e a situación económica que xerou; acordar cos axentes sociais de Galicia as bases da política económica da Xunta de Galicia ante un novo escenario de crecemento de prezos; apostar por unha nova política industrial que faga fronte aos retos da industria galega no novo contexto internacional da crise; desenvolver plans económicos de acción sectorial e axudas directas para protexer as empresas e sectores especialmente afectados; desenvolver políticas polo lado da oferta e dos custos para axudar á situación do sistema produtivo nun posible escenario desta infracción, etc. Temos propostas. Se vostede considera que non serven para nada, é vostede moi dono de ter esa opinión e actuar desde o punto de vista da acción gobernamental en consecuencia. Desde logo, nós ofrecémoslle propostas, ofrecémoslle ideas e ofrecémoslle colaboración para enfrontar xuntos esta situación.

E vanme permitir —porque estou a piques de rematar o tempo— que teña que facer referencia necesariamente ás ocorrencias que tivo vostede por aí adiante dentro da campaña electoral que vén de protagonizar. *(Murmurios.)* Se Madrid é a terra da liberdade, ¿que é Galicia? ¿Un gulag? *(Pausa.)* ¿Quen creou esa situación de falta de liberdade comparativa con Madrid? O follón no que se meteu vostede co tema da violencia vicaria, asumindo un discurso radical de extrema dereita que humilla as mulleres que son vítimas dese tipo de violencia pero tamén humilla a sociedade. Dixo vostede que o Goberno de España se forraba cos combustibles, menos mal que na súa segunda intervención recoñeceu que unha parte importantísima dese... é que me sae forraxe —pero, claro, forraxe, con perdón do señor conselleiro do Medio Rural, non é—, é dicir, esa cantidade de cartos tamén beneficia as comunidades autónomas. Dixo vostede que era absolutamente criticable e inasumible que un político inaugurase hospitais que non estaban pagados. ¿Por que non se dá unha volta por Vigo a ver que lle contan dese hospital que está sen pagar? *(Murmurios.)*

E remato, señor presidente...

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—remato, si— cunha cuestión que me doe particularmente. Dóeme particularmente porque coñezo casos, porque son pai, porque son unha persoa razoablemente decente, e tamén como docente pídolle, por favor, que nesta Cámara retire a referencia a un Goberno autista, empregando un problema extraordinariamente grave para as persoas que o padecen e as súas familias para facer referencia... se quere vostede ata, mire, lexitimamente empregar adxectivos grosos, pode ser ata razoable, depende da política e da dinámica dialéctica de cadaquén. Pero, por favor, pídolle...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... como última intervención, últimas palabras, que retire esa referencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... ás persoas autistas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ... no seu debate político.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, eu saben que me gusta que no Parlamento haxa cordialidade entre os deputados, pero non podo deixar de admirarme da sensibilidade que teñen algúns deputados que, por exemplo, o presidente pouco despois da violación múltiple que se fixo en Navarra, pois dixeron que había manadas na política para dirixirse ao presidente; ou que é submiso, ou que é un terminator, ou que é mentireiro. Todo iso escoitámolo nesta Cámara e, polo tanto, eu creo que é bo que cada un intente corrixir a súa linguaxe porque a realidade é que moitas veces se queixa quen menos motivos ten para queixarse. En fin. *(Aplausos.)*

Tamén lle chamaron mentireiro e que daba mitins. Bueno, eu a verdade é que formato de mitin pareceume máis a intervención da señora Pontón que a do señor... ademais incluso polo recurso ás cuestións habituais. Ás cuestións das eléctricas, o interese das eléctricas, a compra pública de pensos... como se iso fose fácil e como xa vimos con algunha experiencia da capacidade que teñen as administracións públicas para comprar algo que as cooperativas

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Galicia compran todos os días, e saben onde pedir. Cando sabemos que o problema de pensos é un problema que hai que mirar coa Unión Europea para ver de onde se poden importar. Tamén intervir os prezos e, bueno, a parafernalia habitual; incluída a de chamar mentireiro polo tema de Ucraína.

O problema non é que que ninguén lle dixo ao Bloque, nin aos seus concellos nin á organización galega que non queira acoller refuxiados, que lle abran as portas aos refuxiados. O problema que lle dicimos algúns —e neste caso tamén o Grupo Socialista— é que vostedes a quen lle queren abrir a porta é a Putin cando piden a disolución da OTAN, porque a OTAN é a que garante a seguridade de Galicia, de España e de todo Occidente. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza. *(Aplausos.)* Entón resulta que hai quen se está entregando por defender e evitar que pase noutros países de Europa o que está a ocorrer con Ucraína por non pertencer á OTAN, e vostedes pois tamén lle queren abrir as portas. En definitiva, como sempre, describíronnos un país masoquista que leva 12 anos castigándose a si mesmo e elixindo un Goberno e unha maioría, cada vez con máis apoio, que polo visto está a estragar o país. Ben, isto, eu intentaría facer unha análise un pouquiño máis rigorosa porque as conclusións ás que se chegan son distintas.

Esta mañá cando viña para o Parlamento escoitei na radio un ilustre socialista, o señor Madina, que, falando de se o Goberno podía facer cousas ou non podía facer cousas, dicía: «o importante non é falar das dificultades que pode ter o Goberno para aprobar medidas, o importante é falar das necesidades da xente». E se partimos dese punto de vista —que eu creo que é moi bo— e vemos que é o que está facendo cada Goberno para ver cales son as necesidades da xente e resolvelas, pois creo que o contraste no debate de hoxe pois foi bastante evidente. Eu creo que o presidente presentou unha primeira batería de medidas —como recoñeceu o Grupo Socialista, a señora Pontón non quere escoitar isto— que foron unhas medidas acertadas, que tiñan vixencia de forma inmediata, áxiles, de choque. Unha primeira cobertura social para minorizar o impacto en milleiros de familias e empresas. Por suposto, hoxe ten ampliado ese listado de medidas, ten actuado con lealdade co Goberno de España —como demostrou na Conferencia de presidentes que houbo hai 10 días—. E, certamente, as medidas que toma a Xunta non son suficientes porque é necesario que actúen todas as administracións, ten que actuar o Estado, o Goberno de España e ten que actuar tamén a Unión Europea. Certamente, o que non podemos facer é non facer nada ata o día 30, porque o día 30 é o día que vai falar o señor Sánchez. Eu creo que iso nin o están a facer todos os gobernos, nin sequera as actuacións que está a facer a Xunta o demostran.

E, curiosamente, non hai ninguén —nin sequera os nacionalistas criticaron o Goberno de España—, vese que o pacto é firme e duradeiro para toda a lexislatura porque parece que non poden nin sequera facer unha mínima crítica ao Goberno de España, cando moitas das cousas que lle piden son competencia do Goberno de España. E, bueno, e o único que fan é criticar o único Goberno que dentro das súas competencias está a tomar medidas. Para vostedes —como dicía o presidente— a culpa sempre é do Goberno galego, non importa que o Goberno galego leve advertindo desta situación desde hai meses, non importa que semana tras semana reclamemos medidas. Non importa que sexamos os únicos que estamos desenvolvendo actuacións para minimizar os danos. Ao final vostedes sempre están no mesmo.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E é unha lástima que hoxe nos vaiamos de aquí sen saber se apoian o que está a facer a Xunta. Se hai algunha medida máis que pode facer a Xunta que sexa no ámbito das súas competencias, non nacionalizar a rede de distribución eléctrica, por exemplo. E se apoian o que lle pide ao Goberno de España porque beneficiaría a Galicia. E o certo é que ao final foron vostedes os únicos que non deron ningunha medida, nada máis que criticar o presidente, cando España e Galicia están atravesando unha situación de extrema gravidade.

E eu quero concluír dándolle as grazas á señora Pontón, sinceramente as grazas. Porque creo que no debate de hoxe se puido ver un contraste claro entre un modelo de Goberno, que é o Goberno do señor Sánchez, que se inhibe das súas responsabilidades, que non comparece, que non dá explicacións ata o día 30, que se nega a tomar medidas ou que retrasa inexplicablemente durante semanas as medidas que hai que adoptar. E o modelo do Goberno presidido polo señor Feijóo, que dá a cara, que comparece, que toma medidas urxentes e de aplicación inmediata, que pon o Goberno ao servizo das persoas, dos sectores económicos, das familias afectadas. A señora Pontón en certa ocasión —repetindo un discurso que xa escoitaramos da outra voceira do Bloque— trouxo á Cámara a Oscar Wilde e *O retrato de Dorian Grey*. E como lle gusta Oscar Wilde, eu quero rematar cunha cita de Oscar Wilde: «*Ten coidado co que desexas porque se pode converter en realidade*». Desexou que comparecera o presidente, fíxose realidade, *(Murmurios.)* e eu doulle as grazas por telo solicitado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(Aplausos.)

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da comparecencia. Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, efectivamente, señora Pontón, a señora Candia estábame pasando unha información dunhas declaracións do conselleiro delegado de Lactalis que di literalmente: «*Se apela en todo momento al diálogo por parte de las partes para tratar de desbloquear este contexto de colapso...*» —y reconoce— «*...la sensibilidad de la Xunta es total. Están en contacto con nosotros las 24 horas. Gracias a su apoyo hemos logrado contactar con huelguistas que nos han permitido un corredor sanitario para introducir algo de material en las fábricas para darnos este margen de 24 horas*». *(Murmurios.)* Supoño, señorías, que isto vostedes o felicitarán. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Pero, evidentemente, dá igual, se aquí non se vén falar dos problemas de Galicia, vense exclusivamente descualificar aquel que atende unha comparecencia solicitada pola oposición. *(Murmurios.)* E ademais descualificala con palabras grosas e cunha demagoxia bastante impropia, e mire que estou acostumado a insultos... Se collen vostedes o *Diario de Sesións* poden facer vostedes unha listaxe de insultos, que non os vou pronunciar aquí por respecto á Cámara. Pero vir dar aquí lecciónns de dignidade da Cámara e de respecto, con todos os respectos aos dous portavoces, creo que mirarei cara a outros exemplos, porque este non é.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Soy machista por utilizar el término ansiedad. ¿Quere dicirme vostede que a ansiedade só a poden ter as mulleres? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿De verdade que si? Mire, este tipo de demagoxia constante e continua poñendo en discusión o noso compromiso contra o machismo, poñendo en discusión que somos unha das poucas comunidades autónomas que activamos e modificamos a lei para acreditar a violencia vicaria, é unha forma lamentable de utilizar a violencia machista en favor de e en contra de. *(Aplausos.)* Miren, señorías, alá vostedes, sigan vostedes por ese vieiro. Eu non me vou apartar dos consensos que asinamos nesta Cámara, nin me vou apartar das leis que aprobamos, nin dos plans de igualdade, alá vostedes se lle vale todo e de todo, todo e de todo. Como dicir que non pagamos o bono eléctrico. Iso si, primeiro di que o diñeiro do ano 2021 se remitiu no Nadal do ano 2021, e agora dinos que por que non se pagou o que se nos remitiu no Nadal do ano 2021. É dunha demagoxia extrema. En vez de responsabilizar a quen remite os últimos días do exercicio o que hai que pagar durante o exercicio, resulta que a culpa a ten quen o recibe fóra de prazo.

Pagamos dende o ano 2014, iso si que non o di. Pagamos aos galegos dende o ano 2014 con bonos eléctricos e con tíckets eléctricos superiores á media do Estado. Iso hai que omitilo. ¿Por que non se vai omitir se iso ao mellor beneficia o Goberno? Pero a nós non nos interesa beneficiar o Goberno, a nós o que nos interesa é beneficiar os galegos, porque está descontado isto. Nós non estamos aquí nun período electoral nin nos imos... *(Risos.)*

Non sei se a vostede lle fai graza ou non, pero de momento aínda queda moita lexislatura e a vostede quédalle moito tempo na oposición. *(Aplausos.)* Pódolle asegurar, señoría, que non debería rirse de todo isto, pero parece ser que si, parece ser que se vai falar o presidente da Xunta vamos facerlle unha emenda á totalidade do que dixo fóra de Galicia, con independencia do que faga en Galicia. Pero ¿que máis dá?, ¿verdade, señor Álvarez, que máis dá? Que máis dá se aquí estamos falando dos galegos e vostedes me está falando de cuestións que os galegos, a verdade, é que teñen moi pouco interese en coñecer algunhas consideracións que vostede fai.

Di que o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia quere falar co presidente. Sempre que quixo, sempre que quixo falamos. Incluso moitas veces chameino eu para falar confidencialmente. Dende que é secretario xeral do Partido Socialista non porque... Bueno, ten outro status e ao mellor non quere falar. Pero, se quere falar comigo, por suposto.

Non, digo, señoría, debería vostede ser un pouco máis prudente e falar con el para saber se intercambiamos ou non intercambiamos información. Porque, se non, vén á Cámara e di unha cousa que eu me vexo na obriga de desmentila con feitos. Cousa que non vou facer.

Polo tanto, debería vostede ser un pouco... en fin, non lle vou dar lecciónns eu de cortesía pero, home, permítame que aceptalas tampouco. Dicir aquí que non recibo o secretario xeral do Partido Socialista creo que non o merezo, porque cada vez que ten un problema estou á súa disposición, eu e o Goberno sen necesidade de recibimentos e sen necesidade de protocolos. Simplemente cunha chamada, cun SMS. Por iso creo que non merezo ese trato por parte de vostede, probablemente é que non estea informado, pero debería vostede estar informado antes de lanzar unha acusación desta natureza. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Agora resulta que as políticas económicas do BNG, que estiven ollando ese decálogo que ve, máis ou menos é a confirmación do ideario político do BNG en relación a determinados sectores e a intervención da economía, e tamén nos concreta a inflación. Si, concrétasenos a inflación pero, verán vostedes, nunca nesta sesión o BNG falou do Goberno central. Non, isto é todo un problema de inflación, esta inflación é un problema do Goberno da Xunta de Galicia. Que mal tratan a Galicia os nacionalistas. Hai nacionalistas que concretan que hai determinados problemas que hai que resolver no ámbito das Cortes Xerais, no ámbito da lexislación básica do Estado, no ámbito da política fiscal e tributaria do Goberno central. E hai outros nacionalistas que toda a culpa a teñen os que xestionamos o país sen esas ferramentas. É un nacionalismo moi sorprendente, é un nacionalismo moito máis ideolóxico que de interese do país se fas o que che din, agora ben, se defendes Galicia de forma distinta ao que che din, entón non es un bo galego. Menos mal que os galegos saben distinguir entre defender Galicia e utilizar Galicia para que impere unha ideoloxía pechada e cativa como a do nacionalismo galego. *(Aplausos.)*

Señorías, non é de recibo vir aquí a escoitar lecciónns de débeda pública. Cando gobernaban os socialistas e os nacionalistas Galicia era a cuarta comunidade autónoma con máis débeda pública de España. Agora somos a terceira comunidade autónoma con menos débeda pública de España. *(Murmurios.)* E somos a segunda comunidade autónoma con menos débeda por habitante de España. E veñen os nacionalistas aquí a dar lecciónns de débeda pública. Cando estabamos no máximo de recadación fiscal resulta que seguían emitindo débeda e ademais deixaron un pufo de 2.000 millóns de euros sen pagar. ¿E agora por pagar iso resulta que o problema é do Partido Popular? E agora resulta, señorías, que cando os socialistas aquí de forma constante e continua, e en Vigo o bipartito de forma constante e continua, falaban de facer un novo hospital, non foron capaces de facer un novo hospital, nin sequera de proxectalo, nin sequera de ter un proxecto construtivo, nin sequera de doar un metro cadrado de solo para facelo. E nós, que asumimos o pago aprazado para facer un dos mellores hospitais públicos de España, aínda encima, veñen vostedes a dar lecciónns de defensa da sanidade pública, señor Álvarez. Un pouco de respecto polos hospitais públicos que estamos facendo en Galicia, *(Aplausos.)* empezando polo de Vigo en plena crise económica e en plena crise financeira. Aínda non nos cederon o solo para facer o hospital, aínda non pagaron un solo metro de acometida nin de luz nin de auga para facer o hospital; *(Murmurios.)* aínda non pediron desculpas por dicirlles a todos os cidadáns de Vigo que ese hospital era privado. E aínda o seguen dicindo agora. Comprenderá que eu non vou perder dende logo a vontade por intentar *(Murmurios.)* defender Galicia. Vostedes sigan insultando o país, sigan dicindo que ese hospital é privado porque non insultan o Goberno, insultan todos os usuarios da sanidade pública de Vigo. *(Aplausos.)*

Señorías, imos concretar. Hai moitas maneiras de expresarse, señor Álvarez, ás veces afortunadamente e outras veces menos afortunadamente. Pero dicir que este Goberno é un Goberno illado, que está encastelado e que está de costas á cidadanía, creo que é lexítimo. Pero, certamente, comprenderá que a estas alturas —volvo reiterar— critican porque dicían —esta Cámara tamén é testemuña disto—, cantas veces me criticaron porque me ía ir a Madrid. Criticáronme de forma constante e continua dende que cheguei, dende o ano 2003. A señora Pontón xa era deputada, ¡eh! O señor Álvarez non. Dígoo para contextualizalo, dende o ano 2003.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, despois criticáronme de forma constante e continua durante o ano 2013 ata o ano 2018. No ano 2018 houbo un congreso no meu partido e decidín quedar en Galicia. E resulta que me criticaban porque realmente o que pasaba é que os do meu partido non querían que fora o seu presidente. Criticáronme porque me quedei. E agora resulta, señoría, que me presento a un congreso dun partido democrático e tamén me critican. *(Murmurios.)* Certamente non sei exactamente que podo facer para non ser criticado. Se vostedes teñen un manual do que hai que facer, eu dende logo leríao con moito interese. Supoño que vostedes non estarían lexitimados para escribilo.

Estou acostumado a estar de todo. ¿Haberá algún goberno que traballa pola súa xente e pola súa terra? Si. ¿E haberá unha oposición que fagamos o que fagamos vai criticar o seu presidente? Tamén.

Levan tanto tempo, tanto tempo que comprenderá que ás veces dende ese escano estou intentando asistir... ¿Hai algunha proposta concreta que poidamos copiar? ¿Hai algunha medida que realmente poidamos construír? Hai realmente nun momento como no que estamos a vivir que polo menos acepten que nos sentamos cos transportistas, que intentamos desbloquear esta cuestión, que renunciamos ao 50 %, renunciamos ao 50 % do IVE. Pero realmente é que non lles vale nada. Non lles vale un bono de 100 euros máis a cada familia ademais do bono que xa asumimos por parte do Goberno central. Non lles vale, señorías, o bono turístico para activar. Se non lles vale nada, se nin sequera lles valeron os resultados da pandemia. Comprenderán que estamos xa un pouco, non sorprendidos, pero si un pouco cansos de escoitar de forma constante e continua que todo o que facemos en Galicia está mal e, sobre todo, de escoitar que todos os galegos se confunden cando votan. Comprenderán algunha vez que a xente con carácter xeral non se confunde, e que o resultado das urnas é un resultado sagrado, aínda que haxa deputados, que xa non están na Cámara, que consideraban que os galegos votaban ao Partido Popular porque eran uns galegos incultos.

Pero a pasada semana aprobamos as medidas para axudar aos colectivos máis afectados por Ucraína, antes do Goberno de España; aprobamos a Lei de calidade; impulsamos bastantes investimentos na cidade do señor Álvarez, en Lugo; e tomamos a decisión e anunciamos no *Diario Oficial de Galicia* a matrícula gratuíta por primeira vez en toda España das escolas infantís públicas, privadas ou concertadas. Non é un mal balance para unha semana.

En semanas anteriores aprobamos o Plan estratéxico; comprenderá que isto non se aproba en quince días, levámolo traballando un ano. Aprobamos a Lei de mellora de xestión do ciclo integral da auga; aprobamos o anteproxecto de Lei de igualdade, que presentamos para información pública; e defendemos os intereses de Galicia na Conferencia da Palma. ¿De verdade que isto cren vostedes que nunha semana isto non é tomar decisións?

Onte presentamos o novo hospital público da Coruña: 430 millóns de euros en obras. Polo tanto, a Xunta segue traballando, os conselleiros tamén, e o seu presidente está francamente moi interesado no que afecta á miña responsabilidade como presidente de Galicia. Non pode ser doutro xeito.

Agora ben, no exercicio da política e do servizo público creo que hai algunhas preguntas esenciais que deberiamos contestarnos entre todos. Polo menos eu inténtoo.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A primeira: ¿O labor que realizamos é útil á cidadanía?

A segunda: ¿O noso traballo contribúe a unha política que mellore as institucións democráticas do país, que mellore a unidade do pobo ou, polo contrario, que desprestixie as institucións, divide e fragmenta ao pobo?

E a terceira: ¿Se nos momentos máis difíciles tomamos decisións correctas, ofrecemos explicacións axeitadas e trazamos certezas, non é realmente o compromiso que ten calquera deputado ou deputada na Cámara?

Confésolles que cada paso que intentei dar na miña actividade política, cada decisión que tomei e cada reto que tivemos que enfrontar, sempre o fixen intentando contestar esas preguntas. Probablemente de forma inadecuada algunhas veces, incompleta noutras e errada nunha parte delas.

Agora ben, eu creo que deberían vostedes plantexarse estas preguntas, porque o primeiro que as plantexa ou que mas plantexo son eu. E, se me admiten un consello, fáganse esas tres preguntas máis a miúdo. Cando tomen decisións, vostedes gobernan en moitísimos sitios de Galicia, ¡eh! Vostedes son bipartitos en todos os lugares onde o PP non ten maioría absoluta, imaxínense se gobernan. Cando decidan de que e a quen apoian, señores do BNG, ou cando teñan que defender certas cousas no foro que sexa, pregúntense se realmente estas preguntas están contestadas. ¿Son útiles as propostas? ¿Hai algunha proposta concreta que poida beneficiar os cidadáns? E, realmente, que propostas podo facer eu adicionais ás que o Goberno —se estou na oposición— podo implementar.

A min non me corresponde xulgar se estas preguntas están respondidas de forma axeitada. ¿Por que? Bueno, porque recibín tanto apoio da maioría dos galegos que nunca o pagarei suficientemente, pero pódolle asegurar que creo que esas preguntas os galegos xa as contestaron cada vez que tiveron ocasión.

E coa mesma confianza que nos outorgaron neste tempo garántolles aos galegos e ás galegas que seguiremos así, contestando as preguntas, facendo políticas útiles e sendo absolutamente criticados incluso cando facemos o que se nos pide por parte da oposición.

Imos seguir mantendo un Goberno centrado porque sempre o tivemos, e ímolo seguir garantindo. Imos seguir garantindo un equipo con experiencia. Hai conselleiros e conselleiras aquí que teñen máis experiencia que varios ministros xuntos. Por tanto, esa experiencia está garantida.

E hai un conxunto de persoas que deben de saber que, como fixemos durante estes trece anos, a maioría dos galegos non van ter ningún compromiso que non sexa seguir defendendo esa maioría, porque é o noso compromiso, o compromiso solemne e un compromiso referendado polas urnas. E por iso, mentres teñamos o apoio das urnas, imos seguir dando a cara polos galegos, imos seguir comparecendo cando consideremos que algunha proposta de comparecencia da oposición é razoable, sobre todo co que pasou na última semana. E tamén incluso, señor Álvarez, aceptando críticas que non me parecen xustas. Sobre as crí-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ticas da señora Pontón non me vou a pronunciar porque levamos xa moito tempo escoitando as súas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Agora temos un pequeno problema, porque suspendemos a sesión, pero ás catro volvemos.

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto 4 da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención integral da saúde das mulleres

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Creo que deixou vostede pouco tempo para o xantar.

No pasado Pleno o BNG interpelaba o conselleiro de Sanidade sobre a situación da atención sanitaria ás mulleres en Galiza, sobre os nesgos de xénero existentes e as consecuencias que estes teñen na calidade da asistencia sanitaria que recibimos as mulleres. E faciámolo porque as mulleres estamos fartas de que queiran que traguemos con pedras de muíño, estamos fartas de agardar a que as nosas necesidades nunca se poñan en primeiro termo. E precisamos unha sanidade con perspectiva de xénero para rematar con todos os preconceptos que se foron acumulando ao longo da historia, e rematar coa desigualdade e inequidade coa que somos tratadas as mulleres en todos os campos; pero, en concreto, no tema da sanidade. Evidentemente, o conselleiro de Sanidade, como sempre, «*manzanas traigo*», falou de case calquera cousa, falou dun plan de igualdade referido ao campo profesional, aos profesionais da sanidade, mais non é ese o obxecto polo que o interpelaba o Bloque Nacionalista Galego, senón pola atención sanitaria que recibimos as mulleres —incluído o persoal sanitario, mais non nesa cuestión—.

E, fundamentalmente, traïamos aquí a interpelación coincidindo co 8 de marzo porque do que non se fala non existe e sobre o que non existe non se actúa. E no BNG dende logo non imos descansar nin baixar os brazos diante da situación da desatención que recibimos no ámbito sanitario, porque iso a día de hoxe é, bueno, un segredo a voces; é dicir, os nesgos de xénero existen, están recoñecidos, cada vez hai máis estudos que determinan a súa exis-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tencia, que os cuantifican. E diciamos no anterior Pleno que, diante diso, non facer nada non é unha opción e por iso hoxe traemos aquí unha moción con algunhas cuestións que consideramos máis relevantes, algunhas polo nivel de afectación, polo número de mulleres ás que afecta, e, outras, pola actualidade, como son cuestións derivadas da covid-19 ou do que xa denunciamos neste Parlamento do caso de abuso de poder e sexual por parte dun profesional, dun médico no centro de saúde de Padrón.

Hai arredor de 50 anos, polos anos 60, o movemento feminista empezou a poñer encima da mesa a existencia de nesgos de xénero na atención sanitaria ás mulleres. E é certo que en 50 anos algo se ten avanzado, tense avanzado nalgunhas cuestións, tense avanzado na investigación nalgúns temas, mais na maioría das cuestións non se ten avanzado practicamente nada. O modelo maioritario na investigación segue sendo o modelo androcéntrico, segue sendo o home, segue sendo o home o que se toma como referencia; segue sendo o comportamento do corpo masculino o que se ten de referencia no diagnóstico, na abordaxe terapéutica e na investigación. E insisto en que, a pesar de que hai evidencia e confirmación de carencias na abordaxe sanitaria das mulleres nos déficits anunciados, practicamente non se ten actuado, polo menos na dimensión que é o problema. E esa evidencia, dende logo, dende o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, fai preciso este cambio de óptica, esta abordaxe nas actuacións que ten que desenvolver o sistema sanitario para garantir o dereito que temos as mulleres a unha sanidade de calidade, eficiente e que se nos preste con equidade. Unha abordaxe que contemple os múltiples factores que determina a nosa saúde e que incorpore esa perspectiva de xénero.

¿Por que esa abordaxe? Podiamos estar aquí poñendo exemplos que nos levaría horas. Ás mulleres recéitasenos cinco veces máis antidepresivos que aos homes, dúas veces máis ansiolíticos. As mulleres temos un 50 % máis de posibilidades de recibir un diagnóstico incorrecto diante dun ataque cardíaco que un home. E hai estudos que determinan que hai un infradiagnóstico referido ás doenzas das mulleres, e hai arredor de 600 casos cuantificados de infradiagnóstico por razón de xénero. É dicir, razóns que consideramos máis que suficientes para que tomemos en serio esta cuestión. E por iso —insisto— presentamos esta moción que insiste nalgúns aspectos: o primeiro é demandar a aplicación da perspectiva de xénero na investigación, nos ensaios clínicos e na formación relacionadas coa saúde.

Dicía o conselleiro no anterior Pleno que xa hai mulleres en Galiza á fronte da investigación, o cal é certo. E que en Galicia hai unha lei que plantexa a perspectiva de xénero na investigación, efectivamente, unha lei impulsada polo BNG que é importante pero que agora ten que pasar do papel á realidade, ten que facerse efectiva. E é evidente que o nesgo de xénero na sanidade empeza pola investigación; se non se investiga e se esa investigación é deficitaria, ten como consecuencia que logo nas facultades non se aborda a perspectiva de xénero na formación, na docencia que se imparte. E logo esa falta de enfoque de xénero que se inicia na non investigación, que logo se consolida na docencia, pasa á práctica clínica; é dicir, é unha pescada que se come o rabo. Entón, obviar as mulleres ten como consecuencia que se crean tratamentos que non son axeitados para nós e é fundamental esta abordaxe na investigación, na formación, para que as mulleres deixemos de ser invisibles para a sanidade. E —insisto— formación e investigación para que se teñan en conta as nosas especificidades e non se nos diga que temos que convivir coa dor, para que se nos escoite, para que teñan

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

información e formación os profesionais, e para que teñamos formación e información as mulleres e que cando pidamos axuda se nos dea e non se nos trate a base de sedantes.

¿E hai cuestións nas que se ten avanzado? —como dixen antes—, si, un dos aspectos onde máis se ten avanzado é no estudo das patoloxías cardíacas. Tamén é certo que é a causa de maior mortalidade entre as mulleres. Tense avanzado pero significa que, aínda que se ten avanzado, non se ten chegado nin sequera ao 40 %, onde se inclúe a perspectiva de xénero na investigación cardíaca; é dicir, queda o 60 % por abordar. Estamos falando dun aspecto onde máis se ten avanzado.

E cremos que é fundamental garantir a investigación nunha atención específica ás patoloxías que afectan ás mulleres, que teñen máis prevalencia nas mulleres ou que son exclusivamente das mulleres, como é o tema da endometriose ou a fibromialxia, ou patoloxías endócrinas. Tamén dicía o conselleiro que no tema da endometriose pois xa temos feito non sei cantas cousas, non se ten feito nin a cuarta parte da metade do que demanda o colectivo de mulleres afectadas pola endometriose. Non se teñen creado unidades de derivación, unidades específicas, e segue sen haber esas especialidades. E, dende logo, avanzar un pouquiño é bo pero non nos conformamos con eses avances tan mornos en cuestións como a endometriose que afecta en Galiza a 60.000 mulleres —¡a 60.000 mulleres!—. Non nos vale con que se ande un pouquiño, queremos que se corra porque son moitas as mulleres que sofren esta patoloxía; e a velocidade á que vai a consellería do Partido Popular non é suficiente nin de lonxe. Igual que no tema da fibromialxia, que fundamentalmente afecta ás mulleres, e sistematicamente se nos segue tratando con opiáceos, con calmantes, con cuestións que non van ao fondo do problema nin avalían cal é a orixe da dor que padecen as mulleres que teñen fibromialxia. Polo tanto, a garantía da investigación nas patoloxías que afectan maioritariamente ás mulleres ten que ser unha prioridade.

Indo ao que é a atención afectivo-sexual e reprodutiva, dende logo aí as carencias son tamén moi importantes. É preciso aumentar as prazas de matronas na atención primaria e especializada, e garantir a equidade e que en toda Galiza haxa rateos matrona-mulleres, sexan como mínimo como a media da OCDE. Que Galiza, por moito que diga o Partido Popular e que diga o conselleiro, está moi lonxe de ter uns rateos axeitados para que recibamos a prestación que necesitamos. É dicir, é preciso o enfoque nas políticas sanitarias dirixidas á prevención e promoción da saúde das mulleres para evitar a hipermedicación, unha atención que debe ser proporcionada polas profesionais axeitadas, entre as que as matronas deben desempeñar un papel fundamental como profesionais recoñecidas, cualificadas, na atención á saúde das mulleres. Non soamente na etapa da maternidade, senón tamén ao longo de toda a vida sexual, desde a nenez ata a senectude das mulleres; nunha atención que sistematicamente non deixe desatendidas mozas e mulleres fóra da idade fértil, ou amplas zonas do territorio de Galiza.

E cremos tamén necesario que se cree un número importantes de unidades chan pelviano que permita tamén ese acceso e esa equidade. Máis do 50 % das mulleres de todas as idades presentan nalgún momento algún tipo de problema de chan pelviano de diferente gravidade, mais en todos os casos teñen repercusión na nosa calidade de vida. E, a pesar diso, a inmensa maioría non son tratadas, ¿por que?, ¿por desleixo?; pois non, porque se minusvalora siste-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

maticamente este problema e ten como consecuencia que estas disfuncións por desgraza moitas mulleres pensen que son normais —igual que outros problemas que nos afectan ás mulleres—, que é vergonzoso falar delas; e por iso nin falan nin acoden ao sistema sanitario para ser tratadas. Igual que consideramos que é fundamental a incorporación á carteira de servizos de atención primaria a categoría de Psicoloxía Clínica. Seguimos insistindo, as mulleres non temos que estar tratadas con fármacos diante de problemas de saúde mental, e para iso é necesario que haxa profesionais en atención primaria —en xeral, na sanidade pero en atención primaria— para que poidan atendernos. *(Aplausos.)* Porque o 85 % dos psicofármacos adminístranselles a mulleres porque non se realiza unha diagnose acaída.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato, presidente.

E o último que demandamos é que se presente un informe con todas as accións realizadas a respecto deste abuso de poder e abuso sexual cometido polo médico de Padrón para con mulleres. E que se elabore un protocolo que permita a actuación inmediata diante de situacións similares inaceptables como a que aconteceu en Padrón.

De momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Mal país facemos se non respectamos a hora da comida xa. *(Risos.)* ¿A onde imos chegar? ¡Isto é un desastre!

En fin, dende o noso grupo queremos manifestar xa de entrada que imos apoiar a iniciativa do BNG, como a temos apoiado en realidade noutras ocasións que ten plantexado iniciativas semellantes a esta, e nalgúns puntos iguais. E, certamente, como tamén temos presentado nós noutras ocasións iniciativas na mesma liña. ¿Por que? Basicamente porque hai unha realidade evidente, e é que a sanidade é absolutamente androcéntrica, está pensada por e para homes. Non quere dicir que non exista algunha modificación, algunha mellora nos últimos tempos, pero nunca suficientes.

Permítanme dar algúns datos, algúns foron dados pola señora Prado, pero por pararme noutras cuestións. Aínda que ninguén é capaz de explicar seguramente ningunha diferenza de xénero nisto, as esperas, as demoras, as tardanzas en atender unha muller no sistema público de saúde en Galicia son un 13 % maiores que en homes. Non hai ningunha explicación

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do porqué, pero é, non é un 1 %, non é un 2 %... o 13 %; repetido este dato cada certo tempo que se fai unha avaliación semellante. O consumo de psicofármacos é maior, é certo que algúns apuntamentos científicos indican que a realidade é que a prevalencia de enfermidades en saúde mental é maior en mulleres; pero é que a ratio de consumo de psicofármacos tamén é maior. Prescríbense máis psicofármacos ás mulleres, incluso naquel tipo de diagnósticos que non son específicos de saúde mental ou son, digamos, periféricos.

Hai 5 veces máis investigación, 5 veces máis investigación sobre problemas de disfunción eréctil que de síndrome premenstrual, 5 veces máis. Non é unha cuestión de que exista un pouco máis, 2 veces; 5 veces máis. ¿Por que? Porque hai moitísimo máis interese —cada un pode entender por que e a onde e a que obedecen os intereses— en investigar un tipo de problemas que outros, cando a prevalencia do síndrome premenstrual é moito maior nas mulleres que a disfunción eréctil en homes, pero 5 veces máis que se estuda.

Recentemente lía unha entrevista a unha traumatóloga moi coñecida que falaba dos problemas tamén no ámbito da cirurxía, non seu ámbito da traumatoloxía, e falaba dalgún caso que a min parecíame sorprendente que eu evidentemente non caera porque son home e, por tanto, tampouco son tan consciente ás veces dalgúns problemas, e que dicía que a aparataxe, que necesita ser fina, detallada milimétrica e cun nivel de precisión extrema, está pensada para homes. Porque as mans son máis grandes, porque a maneira de comportarse é distinta, porque as reaccións motoras son distintas. E é moi difícil que exista aparataxe pensada para as mulleres, haino pero é moito máis difícil. Por certo, máis caro.

O cal demostra que é unha sanidade pensada por homes, para homes, para tratar homes, cando en realidade as mulleres son máis da metade da poboación.

Por tanto temos un problema. Non quere dicir —insistimos— que non se avanzara nada neste mundo. Si, pero ¡hai daquel que non fixo nada pensando que podía facer moi pouco! Pero é certo que tampouco nos imos conformar con moi pouco pensando que xa non se pode facer máis.

Hai unha realidade e é que esta situación o que deriva é en problemas de accesibilidade. Falabamos das demoras que esperan as mulleres, por termo medio un 13 % máis que os homes. Pero ademais falamos dun problema de diagnóstico, foron citados algúns casos. Hai moitísimas enfermidades con maior prevalencia en mulleres ou exclusivamente en mulleres que demoran moitísimo máis os diagnósticos. Porque a investigación coñece menos, porque o traballo clínico coñece menos ou tamén, é certo, porque se lles achacan ás mulleres certo tipo de doenzas ou de somatizacións que non se lle achacarían a un home. Sobre dores, sobre sufrimento, sobre padecementos. Incluso se lles achaca ás mulleres que teñen como maior capacidade de soportar a dor e, por tanto, hai que tratalas máis tarde, cando lles doe máis. E, por tanto, iso leva a diagnósticos peores. Insisto, é unha cousa na que temos avanzado, pero moito queda por avanzar, moito queda por avanzar.

Iso deriva ademais en tratamentos. Temos peor capacidade de tratamentos e diagnosticamos peor e a accesibilidade é peor. Só por iso xa deberiamos ser conscientes de que temos un problema, somos menos eficientes.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Existe algunha tendencia a revisar e a reformular eses escenarios? Algunhas existen. Existe un Observatorio de saúde da atención ás mulleres, en Saúde Pública, que está na Dirección Xeral de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade. Existe, alguén poderá dicir ¿mellorable? Seguro. Pero existe.

Claro, se o trasladamos aquí á comparativa en Galicia, eu lembro perfectamente como temos debatido sobre o Plan de atención integral á saúde das mulleres, que existía. Aquí falamos en pasado. Creouse en 2007, existía. *Llegó el comandante y mandó a parar.* Porque ¿a quen lle vai importar a atención á saúde das mulleres? Chegou 2009, cancelouse. ¿Volveuse traballar algo nisto? Nunca. Non existe ningún documento, nin unha estratexia planificada sobre que exista a necesidade de traballar máis sobre o ámbito de saúde das mulleres porque hai diferenzas, que as hai, somos diferentes, non somos mellores nin peores, non son mellores nin peores, por tanto necesitamos traballar as diferencias. A sanidade debe atender especificamente sobre os problemas que ten e non utilizar modelos que ademais están tendenciosamente terxiversados.

Por tanto, estamos nesa situación. ¿Que necesitamos mellorar? Algunhas das cuestións que se plantexan aquí teñen todo o sentido do mundo e, dende logo, algunhas delas son moi específicas, citou a señora Prado algún caso específico como coñecemos sobre o caso de Padrón, sobre o que temos presentado, a miña compañeira Noa Díaz ten traballado especificamente sobre isto, e é evidente cal é a nosa posición e creo que ademais niso temos que compartilo todos; pero ademais de compartilo hai que tomar decisións, que unha cousa é compartir e outra é tomar decisións. E ás veces hai que ir ese pasiño máis alá.

Pero o que necesitamos é traballar sobre os dous planos fundamentais no eido da sanidade. Un é o asistencial e outro é o da planificación.

No plano asistencial seguimos tendo déficits claros en atención no que corresponde ao que debemos pensar en sanidade sobre mulleres. As mulleres que padecen endometriose seguen sufrindo un desplante e certo desprezo do sistema porque non se avalía, non se trata, non se traballa e non se entende suficientemente cal é a súa situación, e necesitamos traballar máis nese aspecto. Necesitamos atender máis a problemas como a fibromialxia, moi presente, moi feminizada e ademais certamente abandonada non polos profesionais, pero si polo sistema que segue sen tratala adecuadamente ou sen darlle a entidade que merecen.

A Lei de interrupción voluntaria do embarazo en Galicia non se cumpre segundo marca a lei. E non se cumpre porque hai unha vontade deste Goberno de non cumprila. Non lles gusta a Lei de interrupción voluntaria do embarazo e, polo tanto, provocan que non se cumpra. E iso, ademais de ser un problema de atención na saúde das mulleres, é evidentemente un problema de indignidade que non podemos senón denunciar claramente. Non se cumpre a Lei de interrupción voluntaria do embarazo en Galicia e isto é gravísimo.

Por certo, para que vexamos que as decisións políticas teñen consecuencias. Hoxe sabemos que —algo que sabiamos hai uns días—, pero concrétase realmente cal é a conformación dun Goberno autonómico en España que vai incluír a Vox. Vox avoga por eliminar o dereito

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

á interrupción voluntaria do embarazo das mulleres. Teñan coidado con quen acordan as cousas, porque ten consecuencias. *(Aplausos.)*

E tamén diso falamos cando falamos de atención ás mulleres, tamén diso. Teñan coidado porque é un problema de todos.

Planificación. ¿Por que non planificamos correctamente? Pois non planificamos correctamente porque culturalmente temos un problema histórico herdado, que podemos ir mellorando, pero que aínda pesa sobremaneira na nosa situación.

Por explicalo honradamente, habitualmente apelamos a algo que é erróneo, que é que a saúde é a ausencia de enfermidade. É unha situación moi clásica que se fai en torno á saúde absolutamente errónea. Non hai nada que determine máis que a saúde dunha persoa que o seu contexto socioeconómico, de maneira clarísima.

O contexto socioeconómico prexudica, como todos sabemos, por todo o que os economistas saben e nos explican perfectamente, que prexudica moito máis, na realidade que vivimos hoxe en día, as mulleres. Sen embargo, aténdese moito menos a iso e moito menos a criterios clínicos onde os parámetros están masculinizados.

Se atendemos aos contextos, necesitamos entender que as mulleres sofren certo tipo de problemáticas máis que os homes, porque cargan con máis responsabilidade. Porque asumen os problemas de xestión de conflitos intrafamiliares, porque asumen as cargas dos coidados, porque asumen unha situación de indefensión creada sobre as mulleres en moita maior medida. E non podemos esperar, o sistema sanitario non pode esperar a que as propias mulleres gañen o seu espazo, que o van gañar, necesita o sistema adaptarse e non ser unha barreira máis. Por tanto, necesitamos tamén avanzar niso.

E eu creo que necesitamos entender entre todos —e con isto termino— que este non é un debate unicamente por unha cuestión de xénero, non é unicamente unha cuestión de sexo, non é unha cuestión unicamente biolóxica. É unha cuestión plenamente cultural, porque non é posible que un sistema sanitario baseado na evidencia científica, evidencia científica que ten superado dende o punto de vista clínico as diferenzas entre home e mulleres, non pode ser que sigamos dende a política utilizando ferramentas anquilosadas, pasadas que seguen alimentando un problema que a ciencia xa non ten e que xa resolveu. Facémolo porque non se quere, porque non se sabe ou probablemente porque se ten toda a vontade de mantelo porque a ninguén lle importa. E nós cremos que ten que importar e por iso apoiaremos todas as iniciativas como esta, defenderemos as nosas e ademais empurraremos, na medida en que poidamos, todos aqueles movementos que defendan que é necesario entender que esa transformación vai ir si ou si, pero que é necesario; se non, non sería entendible, que se faga da man dos que traballamos no eido da política.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señora Prado, falta á verdade. Sen renunciar a que hai que seguir avanzando, o compromiso do Goberno do Partido Popular coas mulleres é patente e tamén contrastable, tamén no ámbito sanitario. E, como mostra disto, contamos cun Plan de igualdade do Servizo Galego de saúde para o período 2021-2024. Un documento que, tal e como lle escoitamos hai quince días na intervención que nesta mesma tribuna tivo o conselleiro de Sanidade, cando aquí se lle interpelaba en relación á saúde da muller, trátase dun feito diferencial da sanidade galega, que marca o compromiso da Xunta para acadar a igualade real no ámbito sanitario, tanto no que se refire aos profesionais, aos profesionais que traballan no Servizo Galego de Saúde, como por suposto tamén no eido asistencial.

Un plan que ademais, é importante destacar, foi aprobado e elaborado co apoio e a colaboración das organizacións sindicais presentes na mesa sectorial. Estamos falando da Confederación Intersindical Galega, de Comisións Obreiras, a Central Sindical Independente de Funcionarios, o Sindicato de Enfermería e a UXT.

A elaboración deste plan iniciouse xa no ano 2019 coa constitución da Comisión de Igualdade e aprobouse o pasado mes de xuño do ano 2021.

Outra cousa que lle quería dicir, señor Torrado, é que me pareceu que falaba do século pasado, porque pensar nestes momentos que a sanidade está feita para homes, penso que tamén falta a unha realidade.

O Plan de igualdade do Sergas recolle 59 medidas agrupadas en torno a 6 eixos: o acceso ao emprego público e provisión de prazas, as condicións de traballo e promoción profesional, a formación, información e sensibilización; o tempo de traballo, corresponsabilidade e medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral; a atención ás situacións especiais de protección, como a violencia de xénero, o acoso sexual, o acoso ou discriminación por razón de sexo ou de orientación ou identidade social, e tamén as medidas transversais para integrar o principio de igualdade na organización.

En definitiva, señorías, estamos falando dun plan ambicioso que o que quere é incluír a perspectiva de xénero en todo o sistema sanitario, niso se está traballando. Un sistema sanitario que ademais está integrado na meirande parte por mulleres, porque o 80 % do persoal do servizo galego que traballa somos mulleres.

Dito isto, penso que é importante subliñar, entrando xa nos puntos que recolle a moción do BNG, quero avanzar que evidentemente estamos a favor da maioría dos puntos que vostedes traen aquí. Ata tal punto é así que, se nos permiten, ímoslle pedir a votación separada e es-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamos dispostos a votar a favor de moitas destas cuestións. Resulta evidente que nós estamos a favor de moitos dos puntos que plantexan porque moitas delas son medidas que xa avanzou o propio conselleiro de Sanidade no pleno pasado, e das que deu boa conta cando explicou claramente o que dende a consellería se está a facer, e aquilo que tamén ten previsto implantarse porque somos conscientes de que deberemos seguir traballando neste eido. E calquera pode corroborar, porque aí está, non estou enganando a ninguén, está no *Diario de Sesións*. E, pola contra, hai outras cuestións que non entendemos moi ben por que as incorpora nesta moción. E deseguido vou empezar o meu argumento.

Esta votación por puntos que esperamos que nos acepte —porque en definitiva estamos todos aquí para chegar a acordos, para sacar iniciativas adiante—, en materia de saúde e máis en saúde da muller pensamos que é importante non polemizar e chegar a cantos máis acordos mellor, non buscar un curtopracismo nin ser partidistas, non o entenderían os galegos e as galegas, e menos cando hai consenso e poderiamos aprobar por unanimidade 5 dos 8 puntos que vostedes formulan na súa moción. E vou tratar de ir debullando punto por punto para deixar claro o sentido do voto e por que votamos a uns que si e a outros que non.

No primeiro punto estamos totalmente a favor. Este Parlamento ademais é pioneiro na aprobación dunha lei enriquecida coas achegas de todos os grupos políticos, que garante a igualdade entre homes e mulleres no ámbito científico. E Galicia, unha vez máis, vai un paso por diante no ámbito normativo e tamén no práctico, porque hai que recordar que en 2 dos 3 institutos de investigación sanitaria que temos en Galicia a dirección científica está agora mesmo en mans dunha muller. E a nivel nacional dos 33 institutos soamente 7 están en mans dunha muller.

E, se falamos das fundacións de investigación biomédica en Galicia, tamén están dirixidas as 3 por mulleres.

No período 2017-2021 autorizáronse 199 ensaios clínicos, deles 29 estiveron dirixidos exclusivamente a homes e 54 exclusivamente a mulleres. E é importante destacar que no xénero exclusivo prevalecen os das mulleres, moitos relacionados con tratamentos ou técnicas asociadas a patoloxías de exclusiva ou maior prevalencia feminina. Estamos a falar do cancro de mama, do cancro de cérvix, do cancro de colo de útero, pero tamén a incontinencia urinaria ou a osteoporose formaron parte destes estudos de investigación.

Por suposto que estamos totalmente de acordo en seguir avanzado en estudos e en ensaios específicos para a muller, e non sei cal dos voceiros dicía que é importante deixar de falar diso para que isto se normalice, evidentemente, pero o que non se pode dicir é que non hai camiño recorrido, porque o hai. ¿Falta camiño por recorrer? De acordo, pero hai xa moito recorrido e penso que na comunidade estamos no bo camiño.

No segundo punto tamén estamos a favor. Os datos que temos en Galicia na xestión da pandemia non deixan ningunha dúbida en ningún dos eidos e cunha transparencia envexable tanto no relativo a vacinación, estadías en hospitais, planta como UCI, ou tamén na atención domiciliaria e sempre estivemos situados nos primeiros postos en canto a capacidade resolutiva, eficiencia e eficacia.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É máis, temos en marcha tamén o Plan de saúde mental de Galicia postcovid, para o período 20-24 e están funcionando unidades postcovid en todos os hospitais; polo tanto, a favor deste estudo.

No terceiro punto, pois aí xa non concordamos, señora Prado, a situación en Galicia non resiste comparación polo positivo con outras comunidades do noso país, aínda que a vostede non lle gusta que dea estes datos, porque desmontan o seu discurso, pero o certo e verdade é que Galicia, segundo os últimos datos oficiais publicados no ano 2020 na web do Ministerio de Sanidade, é a cuarta comunidade autónoma co mellor dato de matronas en atención primaria, e, se engadimos esas 20 prazas incorporadas desde o ano 2020, pasariamos do 0,61 ao 0,72 por 10.000 habitantes, mellorando o posto. Incrementamos en 20 o número de matronas. Estes son datos, señora Prado, datos fronte á demagoxia que moitas veces se verte desde esta tribuna.

No cuarto punto, pois estamos tamén totalmente de acordo. Sabemos que hai patoloxías máis frecuentes na poboación feminina; outras que, sendo as mesmas, pois lles ou nos afectan directamente de maneira diferente; e patoloxías que son exclusivamente da muller. E nese sentido hai que seguir avanzando e pensamos que tamén hai que seguir fomentando que se fagan estudos máis femininos.

Dito isto, non podemos esquecer programas como o cribado de cancro de mama, de cancro de colo de cérvix, e recordar tamén que no Plan de saúde mental existe unha abordaxe específica para esta patoloxía na muller, que sabemos que afecta máis e é diferente.

Tamén en patoloxías cardiovasculares, nas que xa se conta nalgún hospital con consultas específicas; ou en patoloxías pulmonares, como pode ser a enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, cunha importancia de prevalencia tamén no xénero feminino, pero con factores clínicos que son totalmente diferentes aos dos varóns.

No referente á endometriose, hai que mellorar evidentemente, pero en seis das sete áreas sanitarias hai unha consulta específica de endometriose na que se lles presta atención integral a aquelas mulleres con sospeita ou ben con diagnóstico xa de endometriose.

E, señor Torrado, falou, paréceme que dicía que había aparataxe cara, non sei... Bueno, en medicina o que está claro é que pode haber aparatos custosos, pero sempre son un investimento e neste eido quero dicir que a incorporación da nova tecnoloxía, como os robots cirúrxicos Da Vinci en todas as áreas sanitarias, posibilita cirurxías moito máis precisas e moito menos invasivas que neste eido, por exemplo, no da endometriose, garanten unha mellor recuperación para estes pacientes.

Estamos de acordo e é necesario e fundamental seguir traballando na introdución da perspectiva de xénero en todas as patoloxías que afectan ás mulleres, e por iso se debe continuar coa sensibilización dos profesionais de cara a mellorar os diagnósticos precoces para evitar o desenvolvemento dunha enfermidade moito máis insidiosa.

No punto número cinco tamén estamos a favor, e quérolle dar a benvida señora Prado, e dígolle de verdade sinceramente que nos alegramos de que o BNG incorpore entre as súas pe-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ticións un dos anuncios que fixo o conselleiro no anterior pleno, relativo á constitución das unidades multidisciplinarias das patoloxías de solo pelviano, en todas as áreas sanitarias e a aprobación da nova carteira de servizos de matronas que no marco do Plan galego de atención primaria vai potenciar precisamente a abordaxe do solo pelviano, precisamente desde as consultas das matronas. Supoño que é un xeito de recoñecer que apoian esta iniciativa da Xunta.

O punto número sexto non llo podemos votar. Hai psicólogos clínicos nos centros de saúde, vostede sábeo e recórdolle que no Plan de saúde mental de xeito específico fálase da abordaxe da patoloxía mental das mulleres.

O punto número 7 tampouco llo podemos votar. O conselleiro deulles conta na pregunta que se formulou neste mesmo hemiciclo, a unha iniciativa precisamente súa, e cuxo contido e alcance está no *Diario de Sesións*. Díxolle o que se podía dicir, foi claro na súa resposta, pero hai datos que debería saber que son confidenciais; os que son públicos e que se poden dar xa os coñecen, non se pode polemizar nisto. Nós rexeitamos totalmente calquera tipo de comportamento neste sentido...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ... pero cada cousa no seu lugar.

No punto número 8 que vostede trae, ímoslle votar a favor, porque pensamos que é importante que a Consellería de Sanidade, que xa conta cun Plan de igualdade entre mulleres e homes para o período 2021-2024, tamén é importante saber que xa se teñen dado os primeiros pasos neste sentido. Quero destacar que no Sergas hai protocolos específicos de violencia de xénero, desde hai anos véñense programando dous cursos cada ano, un sobre a detección de violencia de xénero e [...] actuar no ámbito sanitario, destinado a persoal sanitario e outro para o persoal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ... sobre igualdade en violencia de xénero.

Remato xa coa convicción de que, se todos traballamos da man sen partidismo, seguiremos avanzando en prol da igualdade efectiva entre homes e mulleres, tanto no eido da saúde, que é do que estamos a falar hoxe, agora, como en todos os eidos da vida. E nese obxectivo contaremos, ademais, cun novo instrumento, a nova Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, que debateremos nesta Cámara e que a bon seguro que tamén será de moita axuda outro instrumento clave da tan ansiada igualdade de xénero.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo autor da moción, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Está claro que o xénero é unha construción sociocultural e política, e determina as relacións da sociedade con cada un deses xéneros construído, as relacións de poder con eses xéneros, e é evidente que a relación de poder establecida é unha relación patriarcal que fai que o xénero feminino sufra as consecuencias de que ese patriarcado, o que toma as decisións fundamentalmente pensando para si, e as consecuencias témolas a nivel xerala, e no caso que nos ocupa témolas a nivel sanitario, queiran agochalo ou non. E témolo nas enfermidades mentais, nas pulmonares, nas cardiovasculares, na fibromialxia, na endometriose e na covid-19.

Non estamos falando da Prehistoria, non estamos falando de cuestións que podían acontecer hai non sei cantos anos, estamos falando en tempo presente. Estamos falando en tempo real da existencia deses nesgos de xénero. E eu teño que insistir en que non aceptar esa realidade significa que non van actuar sobre a mesma.

E eu, con todo o respecto, señora deputada, non sei se hai que facer algún curso de comprensión lectora, porque o que o BNG pon na iniciativa e polo que vostede vai explicando e as razóns polas que vota a favor nada teñen a ver co que nós poñemos na iniciativa *(Aplausos.)*, absolutamente nada teñen a ver. Porque, claro, nós estamos demandando, efectivamente, a perspectiva de xénero na investigación. Votaron a favor, pero é que logo que haxa mulleres é condición *sine qua non*, imprescindible, pero non suficiente, pero non suficiente. É un paso moi importante que estean as mulleres á fronte da investigación, pero non estamos demandando soamente que haxa mulleres, senón que os problemas das mulleres teñan o papel que lles corresponde. E parece que esa parte non acaban de entendela, igual que nós falamos da formación, que vostede obviou. ¿Que van facer para que nas facultades se estude o corpo do home e da muller, non un corpo neutro, porque non temos corpos neutros. ¿Que van facer para que nas facultades se estude que temos corpos diferentes, patoloxías diferentes, sistemas inmunolóxicos distintos, resposta distintas... É do que estamos falando, é do que estamos falando, é do que estamos falando. Pola mesma razón que pedimos un estudo sobre as consecuencias na saúde das mulleres, tanto a respecto da vacinación como dos efectos secundarios e non, señora Amigo, non hai unidades postcovid en Galiza funcionando, non hai *(Aplausos.)*. Non hai, non, hai o anuncio e nalgún hospital hai algún profesional que, se alguén chama, igual lle fan..., pero non están facendo seguimento das persoas que teñen secuelas postcovid, non o están facendo e, se o están facendo, tráiame os datos aquí ao seguinte pleno, tráiame os datos de onde, cando e que persoas, e sobre todo que mulleres están facendo o seguimento. Cantas mulleres en Galiza manifestaron adversos pola vacinación covid, e que seguimento lles están facendo do mesmo. Non intente —díxenllo antes— que comunguemos con pedras de muíño, porque non é certo. Non é certo que se estea facendo o que demandamos aquí. Polo tanto, non me veña vostede dicir que van votar porque xa o están facendo, porque non é certo. Co cal, evidentemente, imos facerlle ese lavado de cara, e por iso demandamos esta cuestión porque foron moitas as mulleres que manifestaron esa cuestión, porque hai estudos máis que suficientes que din que non se introduciu a variante de xénero na investigación e que non se está facendo ese seguimento das consecuencias

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

postcovid, a pesar de que son moitas as mulleres que teñen manifestado e comunicado eses efectos adversos.

Igual que non hai en Galicia o número de matronas suficientes, non. Estamos nuns niveis baixísimos, e se quere dígolle un estudo da Asociación Matronas que di que no período 2021-2025 en Galiza van estar en idade de xubilarse 85 matronas, dun número xa exiguo que non chega nin ás 200. ¿Cal é a planificación para repoñer estas matronas, e que non pase como por exemplo a deputada señora Carreira, que leva quince días intentando ter unha consulta coa matrona e non o consegue, ou que a deputada María Albert xa vai facer a primeira comuñón o seu fillo e aínda non conseguira ter unha consulta puerperio, que aínda non o conseguira. ¡A ver!, é que estamos falando de casos prácticos, con nomes e apelidos aquí presentes. E que me van perdoar que o exemplifique nelas, pero é que estamos falando de realidades que padecemos todos os días as mulleres, é que vostedes están inventando unha realidade virtual que nada ten a ver co que padecemos as mulleres.

Igual que, miren, señoras e señores deputados do Partido Popular, estas son as demandas da Asociación Querendo, que se trouxeron a debate aquí a este Parlamento e que o Partido Popular unha vez votou que si outras que non a respecto do que hai que facer para atender as súas demandas, e vostede di que hai seis unidades, non queda nada, non queda nada por..., e igual podiamos falar da fibromialxia.

E o tema do chan pelviano: mire unha cousa, señora Amigo, o BNG trouxo aquí hai un ano a creación de unidades de chan pelviano cando trouxemos a petición de que se creara unha unidade de muller e saúde na Consellería de Sanidade para impulsar todas as actuacións relativas á saúde das mulleres, e ¿que fixo o Partido Popular? Votar en contra. E agora dime que o anunciou o conselleiro no pleno anterior, anunciouno. Ou sexa, que vai o BNG por detrás non, vai o Partido Popular por detrás, só con anuncios. Hai un ano que xa o demandamos. Creo que debería vostede repasar, ou saber qué vota cando vota, porque están aí os diarios de sesións para ver as iniciativas do BNG, e non era a primeira vez que o demandabamos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ... non era a primeira vez que o demandabamos, igual que demandamos..., o conselleiro non informou do que se fixo coa barbaridade do médico no centro de saúde de Padrón, que teño que denunciar aquí que segue en activo no Sergas, que non se fixo ningunha actuación cando noutros casos, e podemos poñer aquí o exemplo do médico xinecólogo de Verín, se tivo moita rapidez en actuar, e neste caso con probas máis que dabondo de abusos de poder e de abuso sexual *(Aplausos.)* aínda non se fixo nada «*porque el caso está en la vía judicial*». Non, non deu ningunha explicación nin tomou ningunha medida.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Polo tanto, se queren realmente actuar en favor da sanidade das mulleres con cuestións moi concretas como as que traemos hoxe aquí, voten a favor e non veñan con escusas de que o están facendo porque en realidade...

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ... están facendo moi pouquiña cousa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ... dado o enorme problema que existe.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Rio, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de substitución:

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o ano, a avaliación do I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, xunto ao Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia

2º.- Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o ano, o II Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2022-2025 que, coa corresponsabilidade como reto prioritario recolla xa accións concretas e orzamentadas a desenvolver nos eidos sanitario, educativo, social, etc.

3º.-Realizar un estudo exhaustivo en colaboración coas universidades galegas sobre corresponsabilidade en Galicia, con datos sobre reparto dos tempos e de distribución de tarefas domésticas e dos coidados entre mulleres e homes, así como da percepción social que existe sobre esta materia.

4º.-Deseñar unha campaña de sensibilización e concienciación no ámbito da corresponsabilidade familiar nos coidados, promovendo a participación dos homes como referentes necesarios na coeducación no ámbito das familias.»)

Para formular a moción ten a palabra a señora Díaz Varela.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boa tarde xa a todos e a todas.

Eu quería comezar esta miña intervención trasladando todo o noso apoio á familia e amizades de Jéssica Méndez, esta muller de Barro atropelada esta semana por un presunto acosador, nun crime no que todos os indicios apuntan a un feminicidio; de confirmarse, novamente estariamos diante da violencia máis extrema que sufrimos as mulleres só polo feito de selo. *(Aplausos.)* Vaia para ela todo o noso ánimo. *(Aplausos.)*

E, a verdade, sen escapar desta violencia, xa lle adianto á bancada Popular que me vou reiterar no dito por min mesma en diversas comisións a semana pasada; estaba de actualidade a cuestión. E, xa que imos debater esta moción que trata sobre corresponsabilidade —ou sexa, que trata sobre igualdade—, non quero desperdiciar a oportunidade, eu tampouco, e sumarme xa aos compañeiros e ás compañeiras que fixeron mención a esta cuestión de condenar rotundamente as lamentables declaracións do señor Feijóo negando a violencia machista. *(Aplausos.)* Porque a violencia machista, señores e señoras, é precisamente a manifestación máis cruel desa desigualdade, da desigualdade da que imos falar tamén hoxe. Francamente, xa o dixemos, no PSdG estamos moi preocupadas pola deriva deste novo Partido Popular; e moi preocupadas, por moito que se empeñe o señor Feijóo despois en tentar rectificar —hoxe tamén o fixo— unhas declaracións que foron realizadas —síntoo moito, pero foi así— coa maior das contundencias e coa maior das seguridades e dos convencementos, simplemente por branquear ese pacto da vergoña que asinaron hai poucos días, ou poucas semanas, en Castela e León.

Nós agradecemos —e tamén o teño que dicir— as declaracións públicas —as únicas do Partido Popular, por certo— onte mesmo da conselleira de Igualdade, e iso dános certa tranquilidade, pero teño que recoñecer que agardabamos unha maior contundencia por parte doutros membros do Partido Popular, que non fan máis que xogar a iso de «e ti máis» nun intento de xustificar o inxustificable. Porque que o señor Feijóo descoñeza as propias leis que se aproban no seu país e ademais moi recentemente é grave, pero máis que —como digo— se se una ás teses da ultradereita, que pretende negar a violencia machista. Iso é moitísimo máis.

Pero, bueno, ben, imos á moción que nos trae hoxe aquí e que, si, que tamén fala de machismo, dese machismo invisible que levamos aceptando séculos e que vai repartindo roles en función do sexo, vítimas dun patriarcado que debemos combater, sen dúbida. E debemos combatelo —pensamos nós—, dende logo, tamén dende as institucións; certo que boa parte desas condutas que se reproducen no ámbito privado, pero certo é tamén que os poderes públicos debemos ser quen, deben ser quen de entrar aí nese ámbito privado para ir modificando condutas inxustas e asumir a responsabilidade que lle corresponde na aplicación de políticas tamén de discriminación positiva para evitar que esas desigualdades teñan lugar.

¿E de que desigualdades falamos? Bueno, pois, por exemplo, tomando un recentísimo informe elaborado por UXT para este 8 de marzo, con datos recentísimos, facendo unha comparativa entre os anos 2019 e 2020. E fala dunha desigualdade que se produce cando a

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

asunción das tarefas de coidados familiares por parte dos homes aumenta nos permisos retribuídos, mentres que os non retribuídos son maioritariamente femininos, por exemplo. Ou esa desigualdade de cando en Galicia, con datos de 2021 das persoas que teñen un contrato a tempo parcial para coidado de menores ou persoas dependentes, o 94 % son mulleres. Ou eses datos tamén, ese informe que fala de que as reducións da xornada por coidado legal seguen a ser solicitadas en moita maior medida polas mulleres, o 76,4 % do total, máis de 3 mulleres fronte a 1 home.

E diante destas cifras que dan conta dunha terrible desigualdade, na nosa moción nós o que propoñemos é avanzar no que para nós —xa o dixemos tamén na nosa interpelación— é o primeiro chanzo desa ansiada igualdade que é a corresponsabilidade. Porque o problema da conciliación realmente xorde como consecuencia da negación ou a invisibilización da obriga das persoas de atender as súas necesidades en diferentes ámbitos: o ámbito persoal, o social, o laboral... E da invisibilización dunha realidade moi concreta sobre todo, que é a do tempo e o traballo que require cubrir as necesidades básicas das persoas.

Nós por iso insistimos nesa idea da corresponsabilidade, de poñer o foco aí; porque, xa o dixemos, de nada serven as políticas de conciliación se non avanzamos antes e non afondamos na corresponsabilidade.

É preciso revisar o contrato social entre homes e mulleres, así como o enfoque desde que se formulan as políticas públicas co fin de garantir a participación de todas as persoas —das mulleres, pero tamén dos homes— nos diferentes ámbitos da vida.

Nós nesta moción o que buscamos é a acción do noso Goberno, pero o que buscamos é unha acción continuada, non unha acción illada. Iso si, por suposto, e desculpen se insistimos demasiado nesta cuestión, pero pensamos, de verdade, que é fundamental. E, desgraciadamente, un dos talóns de Aquiles deste Goberno galego cremos que ademais desa acción ten que haber sempre unha avaliación. E, insistimos, de nada serven novos plans se non avaliamos a eficacia dos antigos; un punto ademais este no que insistiu na Comisión de reactivación a profesora da Universidade de Santiago, a profesora Bastida; por certo, proposta como comparecente polo Grupo Popular.

Nós non dubidamos, en absoluto, da vontade da conselleira de Emprego e Igualdade por promover políticas que afonden na corresponsabilidade, como así fixo no último Pleno, na interpelación. Pero, ademais de vontade, nós precisamos propostas concretas e documentos que, sustentados en datos reais e en datos actuais, aseguren un maior impacto e, dende logo, claro, unha maior eficacia.

Por iso na nosa moción o que propoñemos é presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o actual período de sesións, antes do verán, ou neste verán, a avaliación do primeiro Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021; e no terceiro trimestre xa o segundo plan de corresponsabilidade. Dende o noso punto de vista, ese segundo plan debe ter a corresponsabilidade como eixo prioritario, non o tiña o primeiro —aínda que si que é certo que afondaba moito nesta materia—, pero nós pensamos que deben ter iso como reto prioritario. E pretendemos que recolla xa accións concretas e orzadas a desenvolver nos centros educativos,

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque así o contemplaba tamén o primeiro plan no comezo do curso 2022-2023. Sei que a conselleira é certo que propuña outros prazos, pero nós tamén lle adiantamos no Pleno pasado na nosa interpelación, nós pensamos que é preciso acurtalos —e estamos falando de acurtalos uns meses— pero consideramos urxente traballar nesta cuestión e facelo canto antes.

Propoñemos tamén realizar un estudo exhaustivo en colaboración coas universidades galegas sobre corresponsabilidade en Galicia. Xa hai grupos de investigación que están traballando neste tema, hai departamentos que están traballando nesta materia, e hai que aproveitar toda a materia gris que temos no noso país para seguir avanzando.

E ¿sobre que é este estudo? Pois sobre a repartición dos tempos, sobre a distribución de tarefas domésticas e dos coidados entre homes e mulleres. Así tamén —e iso é importante— así como ter datos acerca da percepción social que existe sobre esta cuestión.

Por suposto, nós tamén cremos máis que acaído —e por iso tamén o propoñemos— o deseño dunha campaña de concienciación e de sensibilización que poña o foco nos homes, que fale dese absentismo dos coidados que teñen os homes; e que se poña en marcha a comezos xa do ano 20-23. E, como digo —e tamén sinto ser reiterativa— pero pensamos que é hora xa de poñer o foco nos homes, que son quen teñen os maiores problemas para aceptar ou para entender esta corresponsabilidade da que falamos.

E, por último —pero non por iso menos importante, moi ao contrario, aparece como o punto 5 porque vai incardinado cos puntos anteriores—, nós o que pretendemos na nosa moción é que se presente no Parlamento de Galicia, antes tamén de que se remate o período de sesións, a avaliación do primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, que rematou no ano 2020 e do que aínda non sabemos absolutamente nada. E que con eses resultados desa avaliación dese primeiro plan se presente no segundo semestre, á volta do verán, un novo para o período 22-27, pero xa con medidas concretas para este ano, acompañadas do seu correspondente orzamento.

E remato xa. Creo que é indubidable que existe un desequilibrio considerable entre homes e mulleres no que á división das tarefas domésticas e aos coidados se refire, é algo que ninguén pode negar. Somos as mulleres as que principalmente optamos pola redución de xornada ou por suspender temporalmente as nosas carreiras profesionais debido ás cargas familiares. E todo isto finalmente ten un grande impacto no desenvolvemento profesional —no noso desenvolvemento profesional—, na diferenza salarial e, por suposto, tamén nos dereitos a pensións. E de aí consideramos a pertinencia desta moción e, dende logo, a urxencia de chegar a un acordo neste asunto.

Polo de agora nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bueno, hoxe o debate é sobre a avaliación do primeiro Plan de corresponsabilidade e conciliación galego, e sobre a elaboración do segundo para este ano. Pero, como a señora Díaz introduce cuestións previas que xa temos falado na Comisión, pero como as quere traer a Pleno e como quere que lle volva contestar probablemente, pois, entón, voulle responder, señora Díaz.

Mire, eu cando vostede fala do pacto da vergoña nunha comunidade autónoma, ¿a que se refire? A min gustaríame saber que parte do pacto lle dá vergoña, gustaríame que o dixera. Porque dicir así acusacións ao aire: ¡o pacto da vergoña!, bueno, como mantra está moi ben; pero estaría tamén moito mellor que vostede fose rigorosa e seria, subira a esta tribuna e dixera: mire, o punto tal que di tal dese pacto a min paréceme unha vergoña porque vostedes con isto están renunciando a isto, a isto e a isto de defensa da violencia de xénero. Gustaríame de verdade, señora Díaz, que concretase; porque a verdade é que lanzar así ese tipo de soflamas quedará moi ben para vostedes, pero a realidade é que rigorosidade, seriedade e concreción, ningunha.

Porque, mire, eu sinto vergoña, por exemplo, coas declaracións que lemos esta mañá todos e todas nos medios de comunicación dunha comisaria provincial na provincia de Pontevedra dicindo que ás mulleres nos gustaría a algunhas pois ser violadas por un membro da UIP. Esa señora foi cesada e moi ben cesada. Pero, mire, a min tamén me resultou moi vergoñento cando a ministra de Justicia, a señora Dolores Delgado, dicía que en viaxes a Colombia vía como os seus compañeiros do Tribunal Supremo retozaban con menores e ela miraba para outro lado. Ou cando o señor Villarejo lle dicía que utilizaba prostíbulos para obter información vaginal e ela dicíalle que era un éxito ese tipo de negocios. Ou cando dicía que o señor Marlaska era un maricón, ou cando dicía que prefería traballar con homes que con mulleres; e que a ela os homes gústanlle así un pouco tontitos, máis ben así monillos... pero, bueno, que eses suelen ser unhas nenazas. É dicir, este tipo de manifestacións homófobas dicíaas a entón ministra de Justica, que, lonxe de ser cesada, foi elevada ao cargo de fiscal xeral do Estado. Esa é a fiscal xeral do Estado que temos, nomeada polo Partido Socialista. Iso, señora Díaz, iso si que é unha vergoña.

Mire, en canto ao compromiso do Partido Socialista coa violencia de xénero, permítame dicirlle que todo lle queda en palabras, porque en feitos ningún. Levan case catro anos gobernando no Estado; dende o ano 2017 hai aprobado pola unanimidade de todos os grupos, excepto por Podemos —que, por certo, é o que ostenta o poder no Ministerio de Igualdade e por iso probablemente non se estea desenvolvendo o Pacto de Estado—. No ano 2017 asinamos todos os partidos, todas as organizacións políticas excepto Podemos ese Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e nese pacto había modificacións lexislativas importantes en materia de violencia de xénero.

A primeira. A Lei de trata. ¿Para cando, señora Díaz? ¿Para cando unha Lei de trata? Porque, mire, o Plan integral de apoio para as vítimas de trata rematou no ano 2018. Vostedes nin

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sequera foron capaces de reeditalo, non hai plan; en Galicia si que o temos, no Estado non, porque o Partido Socialista, tan comprometido coa violencia de xénero, non foi capaz nin sequera de reeditar un plan, nin sequera de levar a cabo unha soa das nove medidas que establece o Plan para a atención ás vítimas de trata.

¿Para cando modificar o Código penal e introducir como tipo penal a violencia dixital? Nin está nin se lles espera. En Galicia aprobamos unha lei para introducir a violencia dixital como violencia de xénero.

E, xa que me fala da violencia vicaria, direille, señora Díaz, que a violencia vicaria tamén aquí en Galicia tivemos un caso, un caso terrible, que foi no ano 2015, e daquela ningunha lexislación nin estatal nin autonómica o incluía. E por iso o señor David Oubel, por chamarlle dalgún xeito, o asasino, foi condenado por parricidio, isto é violencia doméstica. Non foi nin tan sequera determinado como violencia de xénero. Pero é que, mire, no ano 2021, cando volvemos vivir outra situación tráxica e dramática como foi o caso das nenas Ana e Olivia, en Canarias, tampouco tiñamos unha lexislación estatal que considerase iso violencia vicaria. ¿E que fixo o Partido Socialista?, porque levaban xa gobernando tres anos, señora Díaz. Metelo pola porta de atrás na Lei de protección á infancia e violencia cando en Galicia xa estabamos tramitando nesta Cámara unha Lei de violencia de xénero, é certo que a iniciativa do BNG, pero co apoio do Partido Popular. Por tanto, o compromiso do Partido Popular coa protección das vítimas, con lexislar en materia de violencia de xénero é impecable. *(Aplausos.)* E non lle consinto, señora Díaz, que diga que non temos compromiso coa violencia de xénero cando lle acabo de relatar cal é non o compromiso, o non compromiso do Partido Socialista nesta materia.

Presentan vostedes unha moción en relación á avaliación do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade, e nós temos que dicir que estamos moi satisfeitos con ese plan, porque por primeira vez un plan da importancia e da potencia dese plan, que foi do ano 2018 ao 2021, dotado orzamentariamente con máis de 848 millóns de euros, púxose en marcha. E esa é a proba máis importante do compromiso do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galicia coa igualdade: a posta en marcha dun plan con recursos, con políticas públicas e con orzamento importante. E, neste sentido, creo que iso permite que as mulleres, porque son as grandes prexudicadas en materia de conciliación e corresponsabilidade, poidan compatibilizar as súas tarefas profesionais coa súa vida persoal e non ter que renunciar nin a unha nin a outra, nin sentirse culpables por ir traballar, nin renunciar á súa carreira profesional.

Piden vostedes na súa iniciativa a presentación da avaliación do primeiro plan. No pasado Pleno a conselleira comprometeuse, e xa dixo que se está facendo e, como vostede ben sabe, houbo que cambiar algunha serie... máis que cambiar, adaptar algunha serie de medidas, porque non sei se se dá conta de que en marzo do 2020 se parou un pouco o mundo e houbo moitas medidas que houbo que retrasar a súa implantación precisamente pola chegada da pandemia. E ese retraso é o que leva a que agora teñamos un pequeno retraso tamén na avaliación.

Pero a conselleira comprometeuse a facer esta avaliación antes de rematar o ano. Vostedes piden na súa iniciativa que sexa antes de rematar este período de sesións. Ben, a verdade é

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que a min me sorprende que presentaran esta moción cando a conselleira xa lle dixo que era inviable non facelo ata rematar o ano. Nós presentamos unha emenda nese sentido. É dicir, si hai un compromiso do Goberno de presentar o plan, a avaliación do plan, antes de rematar o ano, e nós insistimos en que na emenda poñemos antes de rematar o ano. Creo que non aceptar esta emenda é tanto como pedirnos que lles votemos en contra, porque xa lle estou dicindo que a propia consellería dixo que non ía facer a avaliación antes de rematar o ano e, por tanto, creo que é importante ter en conta iso.

A conselleira tamén explicou que xa hai unha parte de avaliación rematada, que se fixo en xuño do 2021, en relación precisamente a poder aplicar indicadores de impacto da covid-19. Destacou a conselleira que 7 de cada 10 medidas foron levadas a cabo, que as áreas estratéxicas estaban practicamente executadas. A estratéxica 1 *Xerando conciencia e coñecemento* estaba executada ao 88 % —estou falando de xuño do 2021—; a área estratéxica 2, que é *Educando para unha sociedade corresponsable*, estaba executada ao 92 %; a área estratéxica 3, *Artellando unha nova cultura dos tempos*, ao 61 %; a 4, *Reforzando o compromiso das organizacións cunha conciliación corresponsable*, ao 69 %; e a 5, *Fortalecendo os recursos de apoio*, ao 57 %. Como lle dixen, son resultados provisionais e a verdade é que non teñen malos indicadores.

Tamén hai —non me dá tempo a dicirlle todas as medidas que se están poñendo en marcha en materia de conciliación e corresponsabilidade, vostede sabe perfectamente cales son—, pero creo que é importante que se estean poñendo en marcha medidas que inciden na igualdade laboral entre homes e mulleres. E xa se ten anunciado e xa se ten levado ao Consello da Xunta, a nova Lei de igualdade, que vai incidir precisamente en regular o teletraballo, en regular o fomento da calidade no emprego feminino. E isto é fundamental, señora Díaz. E aí tamén a invito a que no Goberno de España, que tanto levan falando de que ían facer unha lei de teletraballo, despois cando dicimos que en Galicia somos pioneiros, a vostedes éntralles a risa. E din: non, é que somos pioneiros en todo. Pois si, é que esa é a realidade, é que en Galicia somos pioneiros en todo. Por desgraza non podemos lexislar en ámbitos nos que nos gustaría, porque son de competencia exclusiva estatal. *(Murmurios.)* Si, claro. Si, claro. Non, non, claro que nos gustaría que se lexislara nestes ámbitos, pero o Goberno de España, apoiado por vostedes, por certo, señorías, apoiado por vostedes e posto alí por vostedes, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pois mira cara a outro lado. Ese é o compromiso da igualdade. Vostedes que gobernan xuntos en todas as partes, ao final, ao final, «os que dormen no mesmo colchón son da mesma condición», dicía a miña avoa, que era moi sabia. Así que, señorías, creo que é importante... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, igual lles parece unha falta de respecto ou algo así porque hoxe aquí, como todo é unha indignidade. Non, pois... todo é unha indignidade. Á miña compañeira, Elena Candia, o alcalde de Mondoñedo dixo que tiña que tomar máis Prozac, que estaba moi ansiosa. Ela ten que encaixar e aquí a señora Ana Pontón pouco menos que non sei que pide amparo á Presidencia.

Eu creo que o feminismo e sobre todo as mulleres temos a obriga de defendelo e de defender a vulneración dos dereitos das mulleres cando se vulneran realmente os dereitos das mulleres, porque cando unha muller apela ao feminismo e sempre di que é machismo calquera acusación que se lle fai sen ser polo feito de ser muller, senón pola súa condición de política...

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ... porque eu teño encaixado moitas, moitas e moitas críticas e nunca apelei á miña condición de muller para dicir que estaban sendo machistas comigo, eu espero e agardo que todas as mulleres que nos adiquemos á política encaixemos as críticas políticas como críticas políticas, e non como críticas machistas. *(Aplausos.)* Porque fraco favor que lle facemos ao feminismo se cada vez que nos critican como políticas apelamos a unha crítica machista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Receitar ou prescribir só o poden facer os médicos. *(Murmurios.)* É conveniente que teñamos isto en conta. De momento a cousa está así.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción... *(Murmurios.)* Perdón, perdón. Tranquilidade. Ten vostede razón. Despistoume o da emenda.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Aquí hoxe nin comer nin falar. *(Risos.)* Era broma.

Boa tarde.

Mire, vouno coller aquí polo final. Eu non creo que o que lle dixo Orlando á señora Candia —que eu descoñecía ata que vostede o puxo no Twitter—, o que era o alcalde de Mondoñedo, fose unha crítica política que a señora Candia —perdón que a usemos agora no debate—, que fose algo que tivese que encaixar. Como non consideramos admisible cando o señor presidente da Deputación de Lugo lle fixo aquela barbaridade de comentario absolutamente misóxino. Por iso tampouco creo que se poida deslizar aquí a idea de que a unha portavoz da primeira forza da oposición lle van dar ataques de ansiedade intentando trasladar unha idea de que somos unhas histéricas as mulleres. *(Aplausos.)* Creo que a responsabilidade que temos todas, todas ¡eh!, independentemente, pero case me atrevería a dicir máis aínda cando profiren eses comentarios os nosos compañeiros de organización, é non rirlles as grazas. Porque senón o que estamos é socavando e minando un espazo que é moi difícil e moi duro para todas. Para todas, ¡eh!, todos os días. Entón eu creo que en vez de vir aquí hi hi, ha ha todo o que se di, creo é bo facer de portas para dentro —a revolución empeza na casa— *(Aplausos.)* reflexión sobre que debemos admitir nos nosos compañeiros de organización e que comentarios ou afirmacións están absolutamente fóra de lugar.

Nós, volvendo agora ao tema da cuestión, que agora volveremos sobre este tema tamén un pouquiño máis adiante, pero falando do texto e da parte resolutiva da moción que presenta hoxe o Partido Socialista, nós imos votar a favor. Concordamos coa proposta, vai en liña,

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ademais, con algunha outra que temos formulado desde o BNG e mesmo reitera acordos unánimes desta Cámara. Porque ben... Claro, aquí pódese vir a darlle lecciónes a todos o mundo e a dicir que moito prometen e non cumpren, que hai que predicar e dar trigo, pero o mesmo podía aplicarse o Goberno da Xunta, porque sen ir máis lonxe os dous primeiros puntos da moción do Partido Socialista foron aprobados unanimemente en febreiro de 2021 neste mesmo hemiciclo e a proposta do grupo maioritario que sostén a Xunta de Galiza nesta Cámara, do Partido Popular. Febreiro de 2021 sen que a Xunta de Galiza fixese absolutamente nada por dar cumprimento a ese acordo impulsado polo propio Partido Popular que exixía a avaliación do plan de conciliación e corresponsabilidade e a aprobación dun plan novo. Diso vai máis dun ano. Entón, imaxinen, se se toman a pitorreo de verdade e poden considerar algo accesorio acordos unánimes que impulsa o seu propio partido nesta Cámara, imaxinen onde van parar as 3/4 partes dos acordos aos que se chega por parte dos grupos neste hemiciclo. *(Aplausos.)*

E eu creo que ademais a emenda que presentou o Partido Popular á iniciativa do Partido Socialista é a mellor mostra de que a propaganda terma de todo, serve para todo, sobre todo para cando chegan datas relevantes como o 8 de marzo hai a quen lle entra ansia por facer que se fai e logo non se fai nada. Insisto neste caso, porque era febreiro de 2021 e estabamos ás portas desa data, do 8 de marzo, do Día Internacional das Mulleres hai un ano, pero é que naquel mesmo ano, o 23 de marzo de 2021, tamén a proposta do grupo maioritario da Cámara do Partido Popular, tamén se aprobou aquí unanimemente por todas as forzas, que había que avaliar o Plan de muller e ciencia e que había que aprobar un novo plan de muller e ciencia, e aquí estamos un ano despois sen plan nin avaliación nin nada nin présa, nin présa ningunha por sacar adiante propostas. *(Aplausos.)* Entón, home, a min paréceme estupendo, efectivamente, que hai moitas promesas incumpridas no Goberno de España, pero aquí a este Parlamento igual non estaba de máis recordar tamén que hai acordos unánimes, dous concretamente, referidos aos dereitos das mulleres no ámbito científico e no ámbito neste caso da conciliación e corresponsabilidade, e están tamén sen cumprir.

E agora dísenos que ata finais de 2022 que *nanai de la China*. Pois había un ano que tiña que estar feito e non se fixo absolutamente nada. Impulsados por vostedes mesmos eses acordos.

Eu insisto con que coa corresponsabilidade e coa conciliación xa temos bastantes incumprimentos para traer a esta Cámara se facemos un pouco de revisión e temos algo máis de memoria que os 15 minutos que lle debe durar a algún peixe. Porque aquí houbo un plan de corresponsabilidade previo á chegada do Partido Popular á Xunta de Galiza, que é o bo que teñen as novas tecnoloxías, que está todo pendurado nas páxinas web, é o bo que ten ter memoria dixital cando non se quere ter da outra. E ese primeiro plan de fomento da corresponsabilidade estivo metido nunha gabeta desde o ano 2007 que se aprobou con vixencia até o ano 2011, e desde o ano 2009 que entrou o Partido Popular pola porta da Xunta de Galiza ata o ano 2018 que decidiron impulsar outro. *(Aplausos.)* E como daquela non estaba de moda, nin sequera tiñan que facer o máis mínimo esforzo por intentar aparentar que consecuencias tiña deixar sen orzamento e sen cumprir un plan ambicioso, que tiña moito a ver coa incorporación dos homes ás tarefas de coidado e co fomento da corresponsabilidade dos homes e social tamén a través dos servizos públicos.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tiveron este país sen plan de ningún tipo de conciliación e corresponsabilidade desde 2009 a 2018, case unha década, ¡eh! Case unha década alegremente, votando en contra ademais de iniciativas e propostas que trouxo o noso grupo, o BNG, dúas propostas de lei, unha en 2011 e outra en 2014, baseadas nos dereitos de conciliación e corresponsabilidade. ¿Que país teríamos hoxe? Fagamos un exercicio así..., é retórico, non fai falta que respondan, pero imaxinemos cal sería a realidade neste país se, en vez de ter dez anos metido un plan na gabeta, estivese facéndose o esforzo orzamentario e o esforzo político de querer que as cousas cambiasen neste país.

E eu, botando un pouco a ollada atrás sobre ese debate no ano 2014, recuperaba do *Diario de Sesións* unha frase da miña compañeira Carme Adán, que foi ademais secretaria xeral de Igualdade entre o 2005 e o 2007 neste país, e dicía naquela proposta de lei de conciliación e corresponsabilidade que impulsou o Bloque, dicía que tiñamos que deixar claro —dicía Carme Adán— que as políticas de igualdade non son un luxo. Quedémonos, por favor, con esa frase, que esas políticas de igualdade non son un luxo, porque agora hai quen, pedíasenos concreción nas acusacións, pois hai quen desde o partido Popular de Galiza e a Presidencia da Xunta de Galiza intenta facer crer que é un despilafarro investir 20.000 millóns de euros nos dereitos das mulleres e nunha sociedade máis xusta e máis democrática, *(Aplausos.)* que é un luxo e que é prescindible e iso non é axudarlle á xente.

É así, absolutamente, con todo. Intenta facerse un cuestionamento público e un cuestionamento político de que os dereitos das mulleres son algo accesorio e algo secundario, algo totalmente prescindible cando non é así. E iso é ter moita cara e moi pouca vergoña para vir aquí darse golpes de peito.

A min, antes de rematar, gustaríame ou gustaríanos ao Bloque Nacionalista Galego facer unha reflexión máis ampla que dalgunha maneira tamén estivo pairando no debate nas anteriores intervencións. Un debate ou unha reflexión máis ampla arredor dos dereitos das mulleres, e do cuestionamento que se está a facer desde a dereita e desde a Presidencia da Xunta sobre investimento en materia de igualdade e mesmo sobre os conceptos de violencia machista.

As palabras, e que nós traballamos con elas dalgunha maneira como materia prima, as palabras son actos poderosos, nomean, visibilizan e constrúen realidades. Hai unha ofensiva clara, pero clara, pública, notoria e patente, dirixida a devolver a violencia machista ao ámbito familiar e privado. Non é casual, non é casual a insistencia en substituír do discurso público, do discurso político, e tamén da lexislación, o termo violencia machista por violencia intrafamiliar; é ideolóxico, é político e é intencionado e consciente, esa vontade por substituír do debate é ocultala, silenciala, ese termo do que vostede fala, que respondía aquela pregunta do xornalista ese señor que todos e todas temos na cabeza.

E aquí quero facer un rogo e unha advertencia. A vostedes o rogo, señorías do Partido Popular, a todos, pero especialmente ás mulleres do Partido Popular, non permitan que o seu partido ataque o máis mínimo o dereito das mulleres ou poña en cuestión os avances conseguidos. Non riamos as grazas porque veñen das miñas propias filas nin fagamos como que é algo irrelevante. Eu cando aconteceu o de Lugo —desculpe que a volva poñer como

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

exemplo porque non está no debate—, pero cando o vimos no xornal, cando o vimos publicado en *El Progreso*, non tardamos nin medio milímetro, porque a min éme igual a quen ataque, a min éme igual que sexa a señora Candia ou calquera deputada do Partido Popular, ou que sexan as miñas compañeiras ou as do Partido Socialista, tanto me ten. Porque sei que, como non me manteña firme e defenda os dereitos de todas, acabo dando por válido que se vaia cuestionando o dereito das mulleres a participar no espazo público; ou a que a nosa vestimenta ou o noso carácter sexa máis obxecto do debate político que as nosas propostas ou os nosos programas políticos. Non podemos rir as grazas e temos, polo tanto, que ser máis exixentes, se cabe, cos compañeiros das nosas organizacións que cos de fóra.

Pero, ademais diso, non podemos permitir que o debate político sobre a igualdade e os dereitos das mulleres se pretenda retrotraer neste país a hai máis de tres décadas. Ese era o rogo.

Agora a advertencia: Galiza é un país feminista —repito— Galiza é un país feminista e o pobo galego é un pobo feminista, por iso temos unha das lexislacións máis avanzadas de Europa en materia de violencia de xénero, malia o atranco que supón, efectivamente, para nós España nesta materia como en tantas outras. Non imos dar un paso atrás, polo tanto, na defensa dos dereitos das mulleres, nin un paso atrás do camiño percorrido polas mulleres nos últimos 30 anos, polo movemento feminista e nomeadamente polo feminismo galego. Non imos permitir nin o máis mínimo retroceso. Os dereitos das mulleres son dereitos humanos e os dereitos custan cartos; 20.000 millóns de euros en cinco anos, é máis aínda. Non imos acabar con séculos, séculos de discriminación, de menosprezo e violencia de todo tipo exercida contras as mulleres como mecanismo, por certo, de control e dominación social, non se acaba con esa discriminación secular sen recursos económicos, sen recursos materiais e sen recursos humanos. Repito, os dereitos custan cartos e máis aínda que teremos que poñer.

Quen cuestiona ese investimento público en plans de igualdade ou quen cuestiona o esforzo orzamentario e político na loita polos dereitos e a igualdade real entre mulleres e homes o único que busca é negarnos ese dereito e ese espazo ás mulleres, e perpetuar, polo tanto, a discriminación que soportamos. E aí non é que vaian ter o Bloque, as deputadas do Bloque en fronte, e que terán a todo un país.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Señora Prado, a linguaxe tamén pode ser violencia, con ela tamén se vulneran os dereitos das mulleres, tamén.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É máis, señora Prado, eu aínda non escoitei, e falaba a voceira do BNG precisamente o mesmo, e esta voceira que lles fala de igualdade si o fixo no seu momento, cando algún membro do meu partido fixo algunha declaración machista, eu aínda non a escoitei a vostede facer unha condena desas palabras do señor Feijóo. Pero, por se acaso, se había *(Aplausos.)* por se había algunha dúbida, por se había algunha dúbida, vounas ler, vou dar lectura a esas palabras exactas, literais: «Hai un tempo sufrimos un asasinato producido por un pai que, por un problema coa súa parella, asasinou as súas dúas fillas. Iso non é violencia machista, iso é violencia intrafamiliar». E non, señora Prado, eu a vostede de verdade non a interrompín, pido para min o mesmo respecto.

Señor Feijóo, nin iso é violencia intrafamiliar, nin dende logo podemos banalizar a violencia machista con expresións do tipo: «un problema coa súa parella». Un pouco máis de seriedade. *(Aplausos.)*

Mire, a propia nai desas nenas ás que se refería o señor Feijóo, a propia nai, Rocío Viéitez, denunciaba onte mesmo, ou o domingo —non o sei—, esas verbas mesmo despois dese chío no que o presidente da Xunta intentaba rectificar. E hoxe mesmo, hoxe mesmo, no *Faro de Vigo*, a coordinadora do programa autonómico para atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero facía outra vez unha emenda ao señor Feijóo, advertindo que o 26 % da atención psicolóxica de maltrato é para fillos e fillas de vítimas. Tomemos isto un pouco en serio, señora Prado, tomemos isto un pouco en serio.

Pero, claro, é certo que por lamentables non nos sorprenderon en absoluto estas declaracións do señor Feijóo, porque xa empezaba a súa carreira en Madrid, e iso é certo, bendicindo, ese si, pacto da vergoña, pacto da vergoña coa extrema dereita en Castela e León, onde a violencia no seo da familia, que por certo é onde se produce a inmensa maioría de casos de violencia machista, efectivamente, se se ten que producir entre membros dunha mesma parella ou exparella vai ter que ser aí. Vox pretende converter iso en violencia intrafamiliar. Non confundan vostedes, señora Prado, a intencionalidade da ultradereita asumida polo novo PP, claro, son os seus socios de goberno, e substituír a violencia machista que negan pola intrafamiliar.

Pero é que a cousa tampouco acabou aí, e voume *(Aplausos.)* repetir coa voceira tamén do BNG, a cousa non rematou aí. O novo PP do señor Feijóo consideraba, tamén nunha declaración pública, que non é prioritario en absoluto destinar 20.000 millóns de euros, escoiten, ¿a que?: a pagar as prestacións por maternidade e paternidade, a mellorar as axudas a mulleres en situación de vulnerabilidade, a loitar contra a violencia contra as mulleres, a facilitar a educación universal a nenos e nenas de 0-3 anos ou, por exemplo, tamén a rematar coa fenda existente nas pensións.

O señor Feijóo manifestaba sobre ese segundo plan estratéxico de igualdade entre mulleres e homes que anunciaba recentemente o ministerio que sería necesario fiscalizalo para que non se despisten os fondos, para que non se despisten os fondos. Non sei, teremos nós tamén ao mellor que fiscalizar aquí que é o que fai a Xunta de Galicia cos millóns que lle chegan cada ano polo Pacto de Estado.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O simple feito de que asocien, como fixo o señor Feijóo, a expresión gastos superfluos a un plan estratéxico para a igualdade entre homes e mulleres é máis que preocupante, señora Prado, máis que preocupante.

Señores e señoras do Partido Popular, queda moitísimo por facer, e nós somos moi conscientes de que queda moitísimo por facer, pero, miren, foi cos gobernos socialistas como fomos avanzando no Estado en materia de igualdade, así que lecciónns ningunha, lecciónns ningunha.

Sobre a emenda, e xa vou rematar con isto, porque entendo que está todo claro. Nós, sobre a emenda do Partido Popular, o que propoñemos é unha transacción, que xa teñen ademais os outros dous grupos, na que asumimos con xenerosidade, pensamos con xenerosidade, e precisamente o facemos así, porque pensamos que sería moi axeitado aprobar esta moción por unanimidade, pois aceptamos unha dilación nos tempos de presentación dese plan galego de corresponsabilidade, pero nesa transacción o que non podemos aceptar e tamén algunha mellora é certo, algunha das medidas que nós plantexábamos, o Partido Popular mellora esa redacción, pero o que non podemos aceptar é o referido plan de actuacións para igualdade nos centros educativos, e non aceptamos porque evidentemente, se aceptamos unha dilación no plan de corresponsabilidade, non podemos aceptar que ese plan para o ámbito educativo non se poña en marcha no mes de setembro.

Pola nosa banda, nada máis, agardando que finalmente haxa acordo entre os grupos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre o aumento das verteduras ás rías galegas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formulara a moción ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Hoxe é o Día Mundial da Auga e imos falar de contaminación, que vén moi acaído. E no Pleno de hai quince días fíxenlle á señora conselleira de Infraestruturas por vía da interpelación trece preguntas sobre a contaminación das augas de Galicia, pero desas 13 preguntas non me respondeu directamente ningunha, a pesar de que moitas delas eran ben clariñas e concretas: ¿cantos vertidos se produciron en tal ano ou en tal outro?, ¿cantos expedientes sancionadores?, ¿cantas sancións se impuxeron?, ¿por que importes?, etc.

E, como a Administración galega dispón e ten eses datos, é obvio que a conselleira non me respondeu porque non quixo; por tanto, teño que deducir que se nega a responder as nosas preguntas, porque os datos que eu lle pedín non os favorecen. Porque eses datos amosan que o número de vertidos crece ano tras ano en Galicia, nos ríos e nas rías de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes din que é que non haxa máis vertidos, o que pasa é que se detecta máis, argumento recorrente, o cal probaría que son vostedes moi eficientes, pero iso obviamente é unha burda falsificación dunha realidade obstinada e teimuda, que, a pesar de que pasaron 22 anos da entrada en vigor da Directiva marco de augas, nos que Galicia recibiu centos e centos de millóns de euros teoricamente dirixidos a sanear as nosas augas e evitar unha contaminación que hoxe non debería nin existir, e a pesar de que din vostedes que investiron 1.100 millóns de euros na última década en saneamento, en Galicia a contaminación non vai a menos, senón que vai a máis, porque temos un Goberno de trapalleiros propagandistas e falsificadores verdes que por acción ou por omisión permiten que se contaminen as nosas rías e ríos, e fan sistematicamente a vista gorda ante os problemas de contaminación.

Un Goberno, un presidente que dixo nesta Cámara que a ría e Vigo está saneada e a ría de Arousa practicamente saneada, a pesar de que os datos de Augas de Galicia, é dicir, os seus, amosaban que a ría de Vigo, que o señor Feijóo dicía que estaba saneada, tiña 209 puntos de vertido, 23 deles puntos negros; e a ría de Arousa 444 puntos de vertido e 56 puntos negros.

Xa sabemos, obviamente, que o señor Feijóo mente coa mesma naturalidade coa que respira; o que non lle coñeciamos era esa faceta de patinador profesional que está amosando ultimamente desde que deu o gran salto a Madrid. E teño que dicirlles que como patinador o señor Feijóo está facendo un auténtico papelón, porque cada 48 horas e media, aproximadamente mete a pata, e ofende ou media España ou algún colectivo non pouco numeroso. O xoves dixo que a violencia vicaria non é violencia machista, a pesar de que hai un ano se aprobou neste Parlamento por unanimidade unha proposición que dicía o contrario. O sábado dixo que os ricos son ricos porque traballan máis, o cal é toda unha teoría social radicalmente contraposta, por certo, a aquela de Honoré de Balzac que dicía que detrás de toda gran fortuna hai un crime —non o digo eu, que o dicía Honoré de Balzac—.

Onte mesmo o señor Feijóo cualificou despectivamente o Goberno central como autista, co lóxico cabreo e indignación das persoas que teñen autismo neste país e das súas familias.

Por tanto, o xoves ofende as mulleres, o sábado todos aqueles que en España non somos ricos, e onte os autistas, que son ao redor de 450.000 neste país, sen contar, como digo, as súas familias. E hoxe, para rematalo, disparata neste Parlamento alertando de que o número de refuxiados procedentes de Ucraína está crecendo —dicíao el literalmente— ou «pode crecer de forma exponencial», cando a un presidente da Xunta hai que presumirlle que distingue entre unha progresión aritmética e outra xeométrica ou exponencial. *(Aplausos.)* Que, por certo, é a dos virus, a exponencial é a dos virus, non a das persoas.

Vamos, que desde que saíu da súa zona de confort, o señor Feijóo está amosando unhas calidades que en Galicia tiña francamente moito máis reprimidas e que deberían facer reflexionar a moitos.

Por exemplo, sobre o problema da contaminación que nos deixa como herdanza o señor Feijóo, e a mellor proba dese problema é que hoxe temos 14 zonas marisqueiras clasificadas como C; é dicir, 14 zonas das nosas rías nas que a causa da contaminación non se permite a extracción de marisco sen pasar por un proceso prolongado de depuración. Cando rexistra-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mos esta iniciativa eran 13 zonas C, un ano antes había 12, un pouco antes eran 11. Pero hoxe temos 14 zonas clasificadas como C, iso sen contar que hai outras 98 en Galicia nas que tamén hai que depurar o marisco aínda que sexa de xeito moito menos intenso.

Xa lles puxen o exemplo da praia do Testal, en Noia, onde gobernan vostedes, o PP, que ten un dos bancos marisqueiros máis importantes de Galicia; pero nese importante banco marisqueiro non se permite o baño desde hai 6 anos porque está tan contaminado que bañarse implica un risco para a saúde. Pero, en troques, si que se pode mariscar alí, a pesar de que a moi escasa distancia na mesma ría as augas residuais de Noia, que ten unha depuradora que non funciona —e leva moitos anos, por certo, sen funcionar— se verten directamente á ría sen depurar. E, por certo, para variar, en plena Rede Natura 2000, nunha zona que ademais tamén está declarada pola Xunta zona de especial protección dos valores naturais. Por tanto, é un espazo que por lei debería estar nun estado óptimo de conservación medioambiental; pero, en troques diso, é unha cloaca nunha das rías máis importantes de Galicia e —como digo— nunha zona especialmente protexida —segundo vostedes—.

Segundo os datos —que parecen ser segredos e en todo caso parecen tamén manipulados— que facilitan vostedes con contagotas cando llos pide por escrito algún medio de comunicación, en Galicia habería hoxe moitos máis puntos de vertido que no ano 2015, cando houbo 1.296, mentres que no 2021, houbo 1.648 soamente nos 9 primeiros meses do ano. É dicir, un 27 % máis só nos 9 primeiros meses do ano con respecto a 6 anos atrás; e, deles, 270 serían puntos negros, un 10 % máis que o ano anterior. Soamente, como lles digo, nos primeiros 9 meses do ano. Isto incluso asumindo a veracidade duns datos non contrastados independentemente, que, vulnerando a lexislación sobre transparencia, nin sequera están á disposición do público na páxina web de Augas de Galicia e no portal de transparencia da Xunta. A pesar de que a conselleira dicía o outro que si, pero ela sabe que non é así e, por tanto, estaba mentindo. É dicir, non están publicados en ningún sitio, a pesar de que presumen vostedes de que teñen un inventario permanente de vertidos, que será posiblemente inventario, será posiblemente permanente, pero parece ser que é segredo.

E, a pesar de que teñen vostedes plenas competencias establecidas no Estatuto de autonomía sobre loita contra a contaminación, a ordenación do litoral, o medio ambiente, pesca, acuicultura, marisqueo, etc., e, a pesar de recibir vostedes centos e centos de millóns de euros de fondos europeos, non son capaces de estar vostedes á altura nunha materia que debería ser prioritaria para Galicia, un asunto de carácter altamente estratéxico tanto desde o punto de vista económico como medioambiental. E, se falamos dos nosos ríos, poñíalles eu como exemplo o outro día que no pobo da conselleira de Medio Ambiente, no verán de 2019, un vertido industrial matou 10.000 troitas no río Furelos, en Melide, nun espazo que tamén —para variar— pertence á Rede Natura 2000. Ese foi o último das decenas de vertidos que tiveron lugar desde que se estableceu o polígono industrial dese concello. E ante os cales a conselleira de Medio Ambiente non fixo absolutamente nada, nada, nin como conselleira nin antes como alcaldesa para evitar esa contaminación reiterada dun ecosistema que forma parte da Rede Natura, e que ademais está no concello da conselleira de Medio Ambiente. Ese vertido do que lles falo procedeu presuntamente dunha empresa láctea chamada Dairylac, participada pola Xunta a través de Xesgalicia nun 25 %, da que é presidente un señor do PP, compañeiro seu, chamado Antonio Couceiro. Empresa que recibiu

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4,88 millóns de euros —que non é pouco— en subvencións da Xunta xustamente nos dous anos anteriores a ese vertido. En fin, cousas da Xunta, dos vertidos, dos militantes do PP que son presidentes de empresas participadas pola Xunta, etc.

Tamén poderiamos falar dos ríos Deza e Asneiro na zona de Lalín, que levan décadas sufrindo episodios de contaminación reiterados. E soamente no pasado verán houbo polo menos 5 vertidos perfectamente visibles tamén en Rede Natura, un dos cales chegou tamén perfectamente visible á ría de Arousa. Tamén o verán pasado outro vertido provocou a morte de centos de troitas no río Xubia, que padece contaminación crónica recorrente e que desemboca na ría de Ferrol; na ría que ten problemas co marisqueo, que caeu drasticamente nos últimos tempos. E o ano pasado troitas, reos, anguías e bogas aparecían mortas no río Sar; por non falar dos aproximadamente 200.000 litros de puríns que se verteron ao río Tambre e obrigaron a cortar a auga da traída de Santiago. Son só uns poucos exemplos collidos de xeito máis ou menos aleatorio.

Exemplos dunha situación de constante deterioración medioambiental dos ecosistemas fluviais de Galicia e por iso, no Día da Auga, pedimos algo tan elemental como un plan de rexeneración dos ríos e rías de Galicia, que incomprensiblemente hoxe non existe como tal en Galicia; e que se fagan públicos e transparentes os datos de vertidos que hoxe, tamén incomprensiblemente, son inaccesibles, de todo punto inaccesibles, en Galicia.

Nada máis, e seguiremos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Efectivamente, volvemos falar das rías, dos ríos, dos humidais, que, como sabemos, son ecosistemas de extraordinario valor e, ademais, no caso das rías, estamos a falar de grandes factorías produtivas. Podemos dicir que da maior fábrica que temos no noso país porque, aínda que agora está á intemperie, abandonada polos gobernos, a pesca e toda a cadea mar-industria representa o 2,1 % do PIB, representa 44.000 postos de traballo e máis de 8.850 millóns de euros de volume de actividade económica. E, malia este inmenso valor, a realidade é que a situación ambiental destes ecosistemas e, especialmente, das rías, das 18 rías galegas, é moi deficiente.

E esta valoración, esta nota de moi deficiente, facémola apoiados en datos oficiais que reflicten esa mala calidade das augas. En primeiro lugar, os datos dos vertidos contaminantes que temos nas rías galegas, que son datos que fai públicos, por certo, a través de notas de prensa, Augas de Galicia porque non están accesibles, é certo, na web. E aproveito para dicirlles que deberían ir actualizando a web de Augas de Galicia porque os últimos datos que están subidos son do ano 2013, ¡2013!, ou sexa, os datos que aparecen na web. Así que, señor Calvo, se ten oportunidade de falar coa conselleira, dígalle que vaian actualizando os datos.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O que nos din eses datos que publicitan a través de notas de prensa é que o ano pasado había 1.648 vertidos, dos cales 265 eran contaminantes nas rías galegas; e, ademais, as rías que teñen máis vertidos contaminantes, por contaminación de vertidos urbanos e industriais, son as máis produtivas: as rías de Muros, Noia e a ría de Arousa. E a cuestión é que estes vertidos aumentan ano tras ano, tanto a cifra total como os vertidos contaminantes, que eran 257 no ano 2019 e pasaron a 265 no ano 2020.

En segundo lugar, outras cifras que se coñecen tamén, non por investigacións da Xunta, senón por organismos dependentes da Universidade, son as da contaminación por exemplo por microplásticos, por hidrocarburos ou por metais pesados, do que hai un auténtico silencio por parte da Xunta de Galicia, que non fai ningún tipo de seguimento deste tipo de contaminación.

E, en terceiro lugar, pola mala calidade das augas das zonas de produción pesqueira e marisqueira, que é un dos aspectos que explica o descenso da produción, por exemplo, no caso da ameixa babosa e do berberecho, sobre o que están alarmando continuamente as confrarías. Pois ben, os datos de Intecmar o que nos din é que só o 14 % —é dicir, 22 destas zonas de marisqueo— teñen clasificación A, das 145; o cal quere dicir que hai unha inmensa maioría que son zonas que están contaminadas, algunha coa peor clasificación, que é a clasificación C. E temos en total un 24 % das augas das rías en mal estado e a Xunta aínda saca peito e presume de que o 76 % das augas están en bo estado, cando levan gobernando 13 anos e só se mellorou en 10 puntos esta cifra nestes 13 anos.

E vostedes están incumprindo os mandatos da Directiva marco da auga, que dicían que xa había que ter unha boa calidade das augas no ano 2015 e despois ese obxectivo adiouse ao 2021 e segue sen cumprirse. E por iso temos enriba a ameaza de sanción da Unión Europea e da Comisión Europea; e, por certo, por iso xa a Xunta pagou 4 millóns de euros de sancións polo atraso nas obras da depuradora de Ribeira e de Vigo. E vostedes aínda por riba intentaron unha manobra de filibusterismo intentando no recurso que presentaron diante do Supremo que pagasen esa multa os concellos de Vigo e de Ribeira. E iso hai que dicirllo á xente. E ¿sabe o que alegaron vostedes nese recurso? Que era competencia dos concellos, cando está por lei e porque se declararon obras de interese autonómico en competencias da Xunta de Galiza, e tiña que facer esas obras a Xunta de Galiza. E hai outras vilas e cidades que teñen tamén esa ameaza de sancións, como Baiona, Nigrán, Gondomar, Burela, Foz, A Estrada, e está tamén aí a ría de Pontevedra.

Pois ben, esta realidade de contaminación, de mal estado das augas, este estado moi deficiente das augas é responsabilidade máxima da Xunta do Partido Popular; éo por acción, éo por omisión e éo tamén por intromisión. E temos que dicilo claramente, é responsabilidade da Xunta porque teñen as competencias. Vostedes empéñanse en dicir que non teñen as competencias, pero, miren, é que o di claramente a Lei de augas no seu artigo 28, que di que aquelas obras declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galiza son competencia da Xunta de Galiza; e todas as do Plan hidrolóxico Galiza-Costa son, polo tanto, competencia da Xunta de Galiza. Polo tanto, non vaian contando por aí esa mentira.

Tamén é responsabilidade súa por incompetencia, porque vostedes ademais presumen de que investiron máis de 1.100 millóns de euros en materia de obras hidráulicas, máis de 500

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

millóns nas rías galegas, e temos a situación que temos nas rías. Iso é que son moi malos xestores porque, se con todo ese diñeiro investido, non conseguiron unha mellora substancial é que son moi malos xestores. E ademais iso dino vostedes mesmos cando fan a avaliación dos investimentos do Plan FEDER, cando din que dos 175 millóns de euros —175 previstos para o período 2014-2021— resulta que só executaron o 36 %, cando hai tantas necesidades de investimentos; 62,8 millóns en 6 anos de 175, son unha auténtica calamidade, un desastre na xestión de fondos públicos. E despois bótanlle a culpa —non sei, ao cha-cha-cha—, aínda que recoñecen que están facendo un plan de acción para mellorar a execución dos orzamentos.

E tamén é responsabilidade súa por mala planificación e por ter un grave erro de modelo. Miren, o pasado 9..., o pasado non, 9 de decembro de 2016 —hai xa sete anos case— a señora Bea Mato, que non sei a que me recorda. Recórdame cando o señor Feixóo falaba de forrarse, recórdame Bea Mato, recórdame Greenalia, recórdame Iberdrola, recórdame Naturgy, recórdame Endesa. *(Aplausos.)* As amizades das fotografías do señor Feixóo. Pois a señora Bea Mato dicía: *La Xunta acabará en 2020 toda la planificación de saneamiento de las rías.* E, saben, estamos en 2022 e aínda está sen facer o Plan xeral de saneamento, que a ver se está para o ano que vén.

E, como xa lle dixemos no debate do ciclo da auga, hai un grave problema de modelo, porque vostedes con eses 1.100 millóns o que estiveron facendo foi grandes investimentos en infraestruturas, instalar miles e miles de quilómetros de tubaxes, facer grandes infraestruturas na beira do mar con emisarios submarinos, pero non abordaron un modelo propio para Galiza que teña en conta a realidade do país: esa poboación dispersa que necesita solucións propias para o noso país.

E ademais vostedes son un Goberno dividido, un Goberno partido, que están pelexándose entre uns e outros continuamente, que teñen as competencias en materia de augas divididas entre Medio Ambiente e entre Augas de Galicia, que dependen de Infraestruturas. Que están pelexando os de Augas de Galicia cos do Medio Rural porque non se poñen de acordo se o eucalipto é prexudicial ou non para as concas fluviais. Que Augas de Galicia di que si, que o di toda a comunidade científica, ¿a onde chegamos? Mar non se entende con Augas de Galicia e, ademais, quere entremeterse nas competencias que ten, por exemplo, en patrimonio a Consellería de Cultura e Patrimonio. Son un Goberno zombi, son un polo sen cabeza. ¿E saben por que? Porque vostedes teñen o corpo aquí e a cabeza en Madrid, co seu xefe por aí peregrinando en campaña electoral por toda España.

Pois ben, despois desta descrición crítica e despois de dicir que imos apoiar esta moción do Grupo Socialista, que nos parece moi básica e moi de mínimos, supoño que tamén a apoiará o Grupo Popular, queremos tamén centrarnos en propostas, en propostas de futuro, porque agora hai que afrontar esta grave crise que vive o sector primario e hai que aprobar medidas de choque urxentes e inmediatas, pero tamén hai que pensar en grandes transformacións, en grandes melloras para todos os ámbitos e tamén para o do mar. E por iso o BNG puxo sobre a mesa xa hai máis dun ano o Proxecto Rías, un plan para a rexeneración produtiva das rías galegas que contempla medidas como, por exemplo, asumir todas as competencias que teñen que ver co mar, a costa e os ríos.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ou a creación dun consorcio para a investigación e o estudo do mar e as rías, para ter aquí o maior complexo científico e tecnolóxico de coñecemento do mar.

En terceiro lugar, un plan de recuperación dos terreos ocupados en dominio público marítimo-terrestre, que a vostedes parece non lles interesa porque teñen que protexer intereses de empresas amigas tamén, como Ence, e defendéndoo fronte ao dominio público marítimo-terrestre.

Un plan plurianual de saneamento e depuración a partir dunha planificación xeral.

A xestión dos ríos e dos encoros, por exemplo, cun plan de desaugamento de encoros.

A recuperación e diversificación produtiva das rías. Un plan de comercialización.

Son propostas realistas e viábeis para exercer o autogoberno, para ter o control do noso mar e da nosa costa, para recuperar as rías mellorando a calidade das augas e multiplicando o seu potencial, o seu enorme potencial ambiental, paisaxístico, produtivo e de lecer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Arangüena e señor Bará, hoxe confirmamos aquel vello dito de que non hai peor xordo que o que non quere oír, porque, a pesar de todas as explicacións que a conselleira lle deu no pasado Pleno, señor Arangüena, vostede non é que non estivese atento, non; nin sequera é que non o entendese, que estou seguro de que o entendeu; o problema é que vostede xa ten unha idea preconcibida, dá igual os argumentos que poñan enriba da mesa por parte da Consellería, dá igual todos os investimentos que se poñan enriba da mesa, porque vostede o que quere é vir aquí a criticar o que está a facer a Xunta de Galicia. Non ten ou non dubida en mentir ou dicir medias verdades. E nada e ninguén van cambiar o prexuízo que vostede ten cara a este Goberno do Partido Popular.

Vostede converteuse nun bo exemplo do que se ten convertido o seu partido: só busca confrontar e encher de provocacións, de insinuacións, ía dicir, raiando a liña, incluso ás veces pasándoa. Pero é así, vostede non o pode evitar.

Efectivamente, non aporta nada, como o seu grupo político, e politicamente falando é inútil a súa aportación ou a súa intervención. É un bo exemplo desa moderación construtiva á que

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

hoxe o voceiro do seu grupo aludía aquí nesta tribuna. Falaba de facer unha contribución positiva, o mesmo que fai vostede en cada unha das súas intervencións dende que é deputado nesta Cámara.

Debería de saber —estou seguro de que o sabe, o que pasa é que non lle interesa recoñecelo—, que a Xunta dende o ano 2009, efectivamente, leva investidos máis de 1.100 millóns de euros en axudar aos concellos coas súas obrigas, no saneamento e da depuración, dos cales 500 foron para todas as concentracións das persoas, as poboacións que están ao lado, no entorno das rías. E iso fixo posible que a día de hoxe o 90 % das aglomeracións cumpran coa directiva europea de depuración e o 76 % das masas das rías estean en bo estado.

Pero non todo vale, señor Arangüena. No Pleno pasado vostede falaba da ría da Coruña, hoxe volveu falar da ría de Muros e tamén dalgunha outra. E dicía na ría da Coruña, botáballe en cara á Xunta que non investía nada. Eu non entendo como un deputado que vive na Coruña pode vir aquí e dicir iso, ir de novo para a súa casa e non poñerse colorado. Non o entendo, de verdade. Porque, por riba das disputas políticas están as persoas e está a profesionalidade das persoas. Vostede sabe que na ría da Coruña se levan investidos máis de 100 millóns de euros. E fíxose porque os concellos do contorno da ría da Coruña non fixeron o que tiñan que facer.

Por certo, Coruña, Culleredo, Cambre, gobernados sempre polo Partido Socialista salvo unhas raras excepcións. Pero non fixeron o que tiñan que facer, e eses lodos que hoxe hai que quitar da ría é porque os concellos non cumpriron cos seus deberes. E iso que vostedes intentaron manipular a Confraría de Pescadores da Coruña dicindo que foran ao xuíz para reclamar as cantidades por fin déronse conta de que eran competencia do Ministerio.

Pero ten que saber vostede —que seguro que o sabe, estou completamente seguro— que esas competencias son municipais, competencias sobre os servizos de saneamento, depuración, son responsabilidade directa e exclusiva dos concellos; e o control dos vertidos da rede de saneamento tamén é competencia dos concellos, señor Arangüena.

¿Quere isto dicir que a Xunta de Galicia mira para outro lado? Non, non mira para outro lado. Nunca o fixo. De feito imos traer pronto a este Parlamento a Lei do ciclo integral da auga. Teremos tempo para debatela. A Xunta é consciente das limitacións dos concellos. Fíxese, en Pontevedra non son capaces de levar a depuradora e lévaa a Xunta de Galicia; non son capaces de ter un servizo público de transporte e faino a Xunta de Galicia. Fíxese vostede se a Xunta de Galicia suple a incapacidade dalgúns concellos. Pero lévao facendo moito tempo.

A min gustaríame saber, na súa intervención, que quere dicir cando hai que axudar a outras administracións de maneira coordinada. ¿Quere dicir que as alegacións que fixeron as deputacións as van cambiar e o Partido Socialista considera que as deputacións —que son o concello dos concellos— van poder colaborar con estes proxectos de saneamento? Se quere dicir iso, eu retiro o dito ata o de agora, pido desculpas e agradezo o seu apoio.

Home, unha deputación como a Deputación da Coruña, na que só se executa o 40 % segundo a conta xeral aprobada, creo que ten suficientes recursos para poder atender estas necesi-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dades. Máis de 300 millóns de euros nos bancos e paga de xuros aos bancos por ter eses cartos alí 750.000 euros anuais. Todo un exemplo de xestión, señor Arangüena, todo un exemplo de xestión. ¿Cales son os seus principios?

Claro, o Bloque vén aquí e mira para outro lado. Loxicamente, colaborador necesario e, por tanto, ten a mesma carga de culpa que o Partido Socialista.

Fíxese, vostede na súa iniciativa ten un primeiro punto que di que se deseñe incluso un Plan integral de rexeneración das rías, etc. Eu dígolle que o Proxecto de lei de mellora e xestión do ciclo da auga persegue a xestión eficiente e eficaz da rede de colectores e sistemas de depuración. E xa lle dixen que se levaban investidos 1.100 millóns de euros, que 500 foron para as rías e que nos orzamentos deste ano 2022 a Xunta de Galicia ten 102 millóns de euros para apoiar os concellos; 40 millóns para os concellos que están ao lado das rías. Polo tanto, non ten ningún sentido.

Punto segundo. Publique e faga transparentes e accesibles. Voulle ler o borrador da sesión última que tivemos neste Pleno. Intervención súa, textualmente, vouna ler: «Dime vostede que non miro a páxina web de Augas de Galicia. Eu desafíoa a vostede a que me atope vostede na páxina web de Augas de Galicia ou da Xunta no portal de transparencia nalgún sitio os datos de vertidos, simplemente o número, xa non lle digo a especificación. Non existen, señora conselleira. *(Aplausos.)* E, polo tanto, está vostede enganando este Parlamento e a cidadanía. Téñenos vostedes completamente ocultos». Hoxe volveuno dicir, e o señor Bará seguiuno e secundouno nesa aportación.

Mire, como isto queda recollido no *Diario de Sesións*, atenda ben e, se quere, escríbao se lle dá tempo ou vou máis amodo.

Páxina web augasdegalicia.xunta.gal. Epígrafe: Actividades de control do medio hídrico. Apartado: Programa de control de vertidos. É un nome que pode pensar que se pode falar de calquera cousa, menos do control dos vertidos. *(Murmurios.)* Programa de control dos vertidos, é máis, páxina 38 á páxina 50. Doulle máis datos. Aquí aparecen os obxectivos, os medios, o ámbito de competencia, as actuacións, as alertas xestionadas por zonas, tipoloxía; aparece o número de alertas por semana e por zona; aparece o número de inspeccións feitas por semana, 8.000. Ano 2020, señor Bará, son os últimos datos publicados, non 2013. Debería pedir perdón, debería pedir perdón, perdón; 2020. *(Aplausos.)*

Evolución dos vertidos inventariados. Señor Arangüena, continúo. Evolución dos vertidos inventariados. Por semana, por zona, se son contaminantes, indicios ou non contaminantes. Número de vertidos segundo a natureza de vertido e por zona, diferenciando entre agrícola-gandeiro, doméstico, urbano, industrial ou descoñecido. Números de vertidos segundo a prioridade. Nas rías, as que non cumpren os límites e os que cumpren os límites; dentro dos que non cumpren os límites, altamente contaminantes e contaminantes. E tamén veñen os subsanados no ano 2020.

Estes e moitos máis datos están na páxina web, de todos os anos. O último ano publicado é o 2020. Polo tanto, despois de ter escoitado a vostede dicir no último Pleno aquilo e hoxe vir

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de novo dicir isto, eu dígolle que ten a oportunidade na seguinte intervención de pedir desculpas á conselleira e pedir desculpas a todos os cidadáns que o escoitaron porque vostede mentiu. *(Aplausos.)* Vostede mentiu.

Poderiamos dicir que vostede mente máis do que fala, como di vostede que fai o señor Feijóo, pero iso non llo vou dicir. Alá vostede. O que está claro é que vostede vén aquí e mente, insulta todo o que pode e di todo tipo de afirmacións que non pasa absolutamente nada. E despois escoitámoslles aos voceiros do Partido Socialista dicindo que hai que facer intervencións construtivas. Pois é unha pena que non escoitase totalmente a súa intervención.

Pero, mire, a verdade é que se leva traballando durante moitos anos, lévanse investido moitos millóns de euros, lévanse planificando os traballos cos concellos, axudando aos concellos de todas as cores. Coñécense as limitacións que teñen os concellos para levar a cabo estes traballos. Por iso colaboramos ata o de agora e por iso imos seguir colaborando.

Eu espero que estes datos, se quere e non os atopa, eu, que non son especialista nestas cousas, tamén me mostro voluntario para axudarlle a atopalos. Pero espero que estes datos lle sirvan a vostede para vir aquí, pedir perdón polas súas palabras por esas acusacións reiteradas. Porque eu na súa intervención hoxe me dediquei a apuntar todos e cada un dos adxectivos que lle dedicou a este Goberno, non fixen outra cousa. Enchín unha carilla, unha nota enteira. Eu pídolle que veña aquí e pida desculpas por todas as mentiras que leva dicindo neste Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

Grupo autor da moción, Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor Calvo, pois mire, seguramente non estará de máis que nos dea vostede a todos un cursiño para atopar eses datos na páxina web de Augas de Galicia, teramo que dar a min, terallo que dar ao señor Bará, que efectivamente eu concordo co señor Bará en que os últimos datos que se atopan nesa web son do ano 2013, terallos que dar tamén a moitos periodistas cos que falei e cos que falo periodicamente, que din que non se atopan eses datos na web de Augas de Galicia.

A verdade é que nos últimos dez días non mirei, ao mellor despois do que lle dixen á conselleira, meteron os datos nalgún sitio. Iso non o descarto, fíxese o que lle digo. Tamén é certo que agora mesmo estaba buscando segundo as súas indicacións e non os atopaba. Por tanto, non teño que pedir desculpas de nada, en todo caso teñen que pedir desculpas vostedes porque eses datos, no suposto de que estean aí, son absolutamente imposibles de atopar. Por tanto, desculpas cero, señor Calvo, *(Aplausos.)* e anímoo a que me axude a atopar eses datos; por favor, axúdeme a atopar eses datos vostede.

Mire, fala vostede de investimentos, bueno, pois si, seguen vostedes coa mesma matraca: 2.100 millóns de investimentos na última década. Xa llo dixen a outra vez, en primeiro lugar,

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se foran do seu peto, pois estaría moi ben, sería moi meritorio que investisen vostedes 1.100 millóns na depuración en obras hidráulicas, pero, se é certo que os investiron, procedentes maioritariamente de fondos europeos, o que tamén é certo é que a contaminación vai a máis, segundo os datos que non figuran na web de Augas de Galicia pero que si facilitan vostedes vía roldas de prensa cada certo tempo ou cando llelos pide algún medio de comunicación, que llelos teñen que pedir. Porque nos últimos tempos, varios medios de comunicación pedíronlles eses datos e tiveron que facer un gran esforzo para que vostedes llelos facilitaran, debe de ser que tampouco manexan a web de Augas de Galicia.

Por tanto, a contaminación vai a máis segundo os seus propios datos, porque eu reitérolle: no ano 2015 había 1.296 puntos de vertido en Galicia, no ano 2021, segundo os seus propios datos hai 1.648 nos primeiros nove meses, e se facemos unha extrapolación a todo ano pois case pode haber 800 puntos máis en cinco anos de vertido. E, por tanto, ¿que fan vostedes cos cartos que visten?, ¿por que medra a contaminación se vostedes invisten tanto como nos din? Logo fala de competencias, sempre están coa mesma matraca das competencias. A ver, vostedes son competentes nas obras de interese xeral, punto 1, e todas estas son obras de interese xeral; por tanto, son competentes vostedes. Punto 2, vostedes son competentes en materia medioambiental e de loita contra a contaminación, e por tanto vostedes son competentes. ¿Que hai outras administracións competentes, sinaladamente os concellos?, pois claro que si, ninguén lle di que os concellos non sexan competentes, pero a competencia prioritaria, fundamental e primordial nunha Administración pegada ao territorio e que é a principalmente responsable en Galicia é da Xunta de Galicia obviamente e vostedes neste tema como en tantos outros pois fan o de sempre, que é escorrer o vulto e dicir que non son competentes, é incomprensible que digan vostedes que non son competentes na loita contra a contaminación porque vostedes teñen organismos dedicados a iso, e vostedes mesmos están dicindo que invisten moito pero logo din que non son competentes.

En resumo, o problema da contaminación das nosas rías non é unicamente un problema medioambiental, senón que é un problema económico e social, porque, como xa dixen nalgunha ocasión, na ría de Noia chegaron a mariscar 3.000 persoas, que son o dobre que na actualidade. Na da Coruña 2.000 persoas e hoxe non hai practicamente marisqueo. Por certo, señor Calvo, falaba do proxecto de rexeneración da ría da Coruña, e dime que é incomprensible que eu diga que non sei que. O proxecto de rexeneración da ría da Coruña vaino poñer en marcha un Goberno progresista, o Goberno do Estado, son 32 millóns de euros e vostedes non poñen nin un céntimo de euro. Por tanto, vostede non me fale, non me terxiverse aquí os datos porque esa é a realidade, non invisten vostedes nin un céntimo de euro na rexeneración da ría da Coruña que se está levando a cabo por un Goberno progresista, con independencia de que, obviamente, vostedes levasen a cabo determinados investimentos ao longo da última década, só faltaría esa demostración de que son vostedes competentes. *(Aplausos.)*

¿Que lles dicía?, que por exemplo na de Ferrol mariscaban hai menos dunha década 600 persoas que hoxe non chegan a 70, e o mesmo fenómeno reprodúcese en maior ou menor extensión en todas e cada unha das rías de Galicia. E nos ríos pasa unha cousa parecida, moi parecida, e isto é un tema moi importante, un tema estratéxico, un tema que ten unha importancia económica, un tema que ten unha importancia medioambiental, un tema no que

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostedes, insisto, teñen todas as competencias do mundo e máis, reciben fondos europeos a moreas e, como efectivamente dicía o señor Bará, esta é unha proposta de mínimos, de mínimos que deberan vostedes aceptar; de feito, se me di que os datos están xa accesibles exactamente da forma en que nós pedimos na nosa iniciativa, se queren a votación por puntos, votarán vostedes que si, porque iso como xa está non lles custará votar a favor, ¿verdade que si, señor Calvo? Se votan que non, saberán vostedes por que é.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Rematado o debate destas mocións, procedemos á votación das mesmas.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de Dª María Monserrat Prado Cores.

¿Perdón? Si, solicitara a votación por puntos, ¿acéptalle a votación por puntos? Non, non acepta.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención integral da saúde das mulleres

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021

Déanlle voz ao escano da señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Acordamos unha transacción que di no primeiro punto: «Presentar no Parlamento de Galicia antes de que remate o ano a avaliación do primeiro Plan galego de conciliación e corresponsabilidade xunto ao Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia».

O segundo punto: «Presentar no Parlamento de Galicia, antes de que remate o ano, o II Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2022-2025 que, coa corresponsabilidade como reto prioritario, recolla xa accións concretas e orzadas a desenvolver nos eidos sanitario, educativo ou social».

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O terceiro punto: «Realizar un estudo exhaustivo en colaboración coas universidades galegas sobre corresponsabilidade en Galicia, con datos sobre a repartición dos tempos e distribución de tarefas domésticas e dos coidados entre mulleres e homes, así como da percepción social que existe sobre esta materia».

E un cuarto punto: «Deseñar unha campaña de sensibilización e concienciación no ámbito da corresponsabilidade familiar, promovendo a participación dos homes como referentes necesarios na coeducación e nos coidados no ámbito da familia».

O señor PRESIDENTE: Grazas polo acordo.

A verdade é que non esperaba menos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de D. Pablo Arangüena, sobre o aumento de verteduras nas rías galegas.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre o aumento das verteduras ás rías galegas

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esa moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das mocións.

Continuamos coa orde do día. Punto quinto, proposicións non de lei.

Proposición non de lei, do G. P. Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para regular a tarxeta básica e configurala como unha axuda de emerxencia que sirva de ponte cara ás outras prestacións sociais

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da do da súa deputada Marina Ortega Otero, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda de adición in fine*, que quedará redactada co seguinte contido: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á reformulación da tarxeta Básica da Xunta para incorporar nesta prestación ás familias de refuxiados e refuxiadas procedente de Ucrania.»)*

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

A escritora Rebecca Solnit di no seu último libro, *A nai de todas as preguntas*, que a empatía é un relato que nos contamos a nós mesmas para que as demais persoas nos resulten reais, para sentir por e con elas, e desa maneira —di— ampliarnos, expandirnos e abrirnos a nós mesmas. É un pouco egocéntrica a definición que fai de empatía Rebecca Solnit neste caso, que é unha escritora marabillosa e moi moi recomendable, pero eu hoxe propóñolles facer ese exercicio. Facer ese exercicio de empatía e que todas as persoas da Cámara, deputadas, deputados, traballadoras e traballadores do Parlamento, as persoas dos medios de comunicación que nos acompañan, nos poñamos na pel dunha persoa que vive soa no noso país, cuns ingresos inferiores a 535 euros ao mes, poñámoslle nome, Manuel, pensionista, ou na pel dunha nai familia monoparental, Carla, que vive con menos de 281 euros ao mes e un fillo a cargo. Non son supostos, aínda que os nomes son ficticios por razóns de privacidade, son persoas reais, de carne e óso, en situación de pobreza severa de acordo coa definición que fai desta realidade a Unión Europea. Son fogares no noso país con ingresos inferiores a 6.417 euros por unidade de consumo ao ano.

Manuel e Carla son dous nomes propios das 253.000 persoas en situación de pobreza severa que hai en Galiza con datos de 2020, e son persoas usuarios da Tarxeta Básica impulsada pola Xunta de Galicia.

Pensemos como se enfrontan nestas casas, nas casas de Manuel e nas casas de Carla ou na de calquera outra persoa en situación de pobreza e exclusión social no noso país, a que a factura da luz pase de 78 euros en febreiro de 2021 a 206 euros en febreiro de 2022. Eu pedinlles unha fotografía, porque non é un caso hipotético que eu inventase para traer aquí, son dúas facturas reais dunha casa, dun piso, dun barrio popular da cidade da Coruña, con dúas persoas adultas, un piso de 85 metros cadrados, que en febreiro de 2021 pagaba 78 euros de factura da luz e en febreiro de 2022 pagou 206 euros, 78 a 206 euros.

Imaxinemos como se enfrontan nesa casa na de Carla ou na de Manuel ou na de calquera persoa en situación de pobreza e exclusión social en Galiza a que a bombona de butano pasase de custar 13 euros a 19. ¿Como se leva que a barra de pan custe 30 céntimos máis que o ano pasado e subindo, ou que encher o depósito do coche, dun coche pequeno, dun Renault Clio de 2014 custe 37 litros de gasóleo de diésel normal 68 euros? Isto é real de onte na gasolineira de Arzúa eu, o meu Clio de 2014.

Esa brutal escalada de prezos da que levamos falando practicamente todo o que vai de sesión plenaria, esa que estamos vivindo todas e todos, esa que se chama inflación nos medios de

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

comunicación golpea toda a sociedade, toda ela. Pero afecta en maior medida a unha parte moi importante da nosa sociedade, especialmente a que xa o estaba pasando mal. Volvo a que os datos de pobreza que estaba dando son de 2020, antes de que empezase esta escalada brutal de prezos. Esa situación de pobreza e ese empeoramento das condicións materiais de vida afecta máis ás persoas desempregadas, pero tamén ás persoas que teñen traballos precarios, traballos a tempo parcial, traballos intermitentes, baixos salarios e pensións aínda máis raquíticas.

Volvamos ás cifras de antes, a esas 253.000 persoas en situación de pobreza severa que había —e hai aínda hoxe— en Galiza pero con datos de 2020. Desas 253.000 persoas en situación de pobreza severa, o 70% son pensionistas, 170.000 persoas pensionistas por debaixo do limiar no que se considera pobreza severa. 170.000 persoas son 8 veces a poboación do concello de Lalín postos así en fila, pim, pim, pim. 170.000 persoas, 8 veces a poboación do concello de Lalín en ringleira. Perciben menos de 6.500 euros ao ano, menos de 600 euros ao mes. E esas persoas teñen maioritariamente, na súa inmensísima maioría, rostro de muller, porque a pobreza en Galiza entende de clase social e entende tamén de xénero. A pobreza no noso país ten cara maioritariamente de muller, dío así a Rede Galega contra a Pobreza, dino os informes da Consellería de Política Social que fan seguimento á Risga, e dínnolo tamén os datos do Instituto Galego de Estatística. Isto antes desa suba brutal de prezos que estamos vivindo, na que estamos inmersas.

A fotografía real da pobreza en Galiza hoxe é maior a causa do empobrecemento xeneralizado da poboación, que supón unha inflación como a que non levabamos vivido nos últimos 30 anos neste país. Eu, que teño 32, non era capaz de recordar na miña vida nada semellante a esa escalada de prezos que levamos vivindo nas últimas semanas. Por exemplo, que subise 17 céntimos o prezo do gasoil e da gasolina en 3 días, era incapaz de recordar algo así. E, nese contexto, a Xunta de Galiza, ¿que fai no marco das súas competencias?, que era unha das preguntas que se lanzaban neste hemiciclo hoxe pola mañá na comparecencia do presidente da Xunta. Pois ter conxelado o complemento autonómico das pensións non contributivas, porque, efectivamente, un ten que preguntarse que pode facer e que pode facer no marco das súas competencias. Pois, por exemplo, desconxelar ese complemento autonómico das pensións non contributivas, que hai máis dunha década —hai máis de 10 anos— que o Partido Popular mantén conxelado, tendo ou mantendo unha poboación que percibe uns ingresos pírricos e que ademais non é compatible con outras prestacións económicas, téndoos nunha situación moi por debaixo do que consideramos ingresos fundamentais para ter unha vida digna.

Votan ademais sistematicamente en contra da suba dese complemento autonómico ás non contributivas cada vez que o Bloque Nacionalista Galego trae esta proposta a este Parlamento, unha e outra vez en cada un dos debates orzamentarios. Non desconxelan o complemento autonómico das non contributivas. Continúan sen reformar a Lei de inclusión social para mudar a Risga, para facela compatíbel co Ingreso Mínimo Vital; e, sobre todo, para garantir que as persoas que reciben ou son beneficiarias desta prestación social poidan contar cunha renda como merecen para enfrontar esta conxuntura económica, ou en realidade o custo que ten a vida en calquera momento. E despois que —onde nos queremos centrar hoxe máis na proposta que traemos desde o BNG— lle puxeron data de caducidade á

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tarxeta Básica, esa axuda de emerxencia para a adquisición de bens de primeira necesidade, alimentos, produtos farmacéuticos ou de hixiene persoal, que se puxo en marcha para enfrontar a crise, a emerxencia social e económica provocada pola pandemia, e que ten a súa data de finalización en xuño de 2022. Iso ten hoxe xa consecuencias para as persoas que son beneficiarias desta prestación económica de carácter urxente, porque a Tarxeta Básica renóvase trimestralmente, pero a aquelas persoas que a solicitan agora non se lles está renovando a menos que leven 6 meses sen ela. Hai casos rexistrados, documentados e trasladados a este grupo parlamentario —ao BNG— polas traballadoras e traballadores sociais do noso país, onde, concedida esa axuda en xaneiro, remata en marzo e xa non se lle renova porque terían que pasar 6 meses antes de poder levar a cabo esa renovación. E como vai acabar a partir do mes de xuño, é dicir, en xullo xa non existiría esta axuda de urxencia e de emerxencia, xa non lles están renovando esta prestación.

Hoxe volvemos traer esta iniciativa a debate, fixémolo hai practicamente un mes na Comisión 5ª, porque a situación —e hoxe creo que pola mañá coincidiamos todas e todos en que é así—, a situación é bastante peor hoxe da que tiñamos no noso país hai un mes. E daquela, naquel debate xa advertiamos desde o BNG que a situación ía ir a peor porque acababa de producirse uns días antes —se non a véspera— esa invasión militar de Rusia en Ucraína. E iso tiña, ademais dunhas evidentes consecuencias humanas, como toda guerra, ía ter tamén unha consecuencia económica que ían pagar as traballadoras, os traballadores e as maiorías sociais dos estados membros da Unión Europea. Daquela dixemos que volveriamos traer unha e mil veces —as veces que fose necesario— esta proposta porque consideramos que é o mínimo que pode e debe facer un Goberno nestas circunstancias.

A Tarxeta Básica non vai solucionar os problemas estruturais que fan que unha persoa —milleiros no noso país— se atope en situación de pobreza e exclusión social, ou risco de padecela. Non vai resolver os problemas estruturais de Manuel ou de Carla —os exemplos que poñía ao comezo— que viven, insisto, con menos de 600 euros ao mes, porque o seu principal problema moitas veces deriva de problemas de carácter estrutural económico, de falta de emprego ou dun emprego de calidade. Pero para Carla e para Manuel o principal problema, a súa urxencia coa que se levantan cada día da súa cama é como van facer para pagar a factura do gas ou a factura da luz, ou pensar que lle van dar de comer ao seu fillo. E aí a Tarxeta Básica é unha medida —que nós témolo dito e non nos caen os aneis—, é unha boa medida, unha medida necesaria e que debe manterse no tempo. Por empatía —como dicía Solnit— pero sobre todo por xustiza social e porque é de dereito, o que nós propoñemos é que esa tarxeta se manteña, que se regule como medida de emerxencia, e que teña un carácter permanente, regulándoa como unha parte, como unha ponte, perdón, ata o acceso real e efectivo a prestacións económicas doutras características como a Risga ou o Ingreso Mínimo Vital.

Hoxe pola mañá facíase referencia a unha cita de Oscar Wilde, coa que eu estou de acordo e tamén me parece oportuna neste momento: «*¿Imos aceptar a desesperación sen facer nada*?». A cuestión é ¿quen fai algo?, e ¿quen non fai nada? Hoxe temos unha proposta concreta, simple —simple na súa formulación, complexa para moitas familias—, que só depende da Xunta, de ninguén máis, non depende de ninguén máis, só da Xunta de Galiza no marco das súas competencias. É unha medida necesaria, xusta e de dereito. Agardamos contar —agora si— co apoio unánime desta Cámara.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodil.

Polo grupo emendante, o Partido Socialista, ten a palabra a señora Ortega Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, señora presidenta.

Bueno, non me quero adentrar exactamente en que consiste a Tarxeta Básica, que é unha prestación fundamental, porque o relatou moi ben a señora Rodil, pero si que quero empezar dando uns datos que creo que son relevantes e que a cidadanía galega ten que coñecer.

Xaneiro de 2022 —hai moi pouco—, tras dous anos de pandemia faise público o Informe sobre rendas mínimas de inserción da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais a nivel estatal. Os resultados do dito informe deixan a Galicia nunha situación preocupante xa que é das comunidades autónomas que peor dato obtén. De feito, Galicia apenas chega ao 5 % da cobertura de galegos e galegas que viven baixo o umbral da pobreza, cando noutras comunidades autónomas chegan ata o 60%. Ademais, deixa constancia de que a propia contía da Risga é das máis baixas do Estado respecto á media de comunidades autónomas. E a todo isto témoslle que sumar o agravante de que tamén somos das comunidades autónomas que menos inviste por habitante potencialmente dependente. Pero, ademais, tamén nun dos últimos informes tamén soubemos que somos das comunidades autónomas que menos inviste tamén realmente nos servizos sociais, empeorando a calidade dos mesmos, que repercute na cidadanía máis vulnerable.

Ante esta situación e tras numerosas propostas por parte do Grupo Parlamentario Socialista en canto á necesidade de estudar o novo contexto de exclusión social en Galicia derivado do paso da pandemia; e, neste contexto, así como na necesidade dun plan potente contra a pobreza, con especial atención á pobreza infantil; e dende o ano 2020 no que o Goberno de España creou o Ingreso Mínimo Vital, que foi concibido como un ingreso complementario coas rendas autonómicas, xa lle advertimos á Consellería de que a renda galega, a Risga, é incompatible co Ingreso Mínimo Vital na Lei de inclusión social de Galicia. Polo que, dende o Grupo Parlamentario Socialista, insistimos e reiteramos dende hai case máis de dous anos na necesidade de adaptar a propia Lei galega de inclusión para permitir a compatibilidade co Ingreso Mínimo Vital, porque é urxente. A consellería di que si e que está de acordo —isto dende hai un ano e medio, case dous— pero realmente non se materializa, non se concreta; e hai moita xente que está a agardar en situacións moi complicadas e nunha situación de vulnerabilidade que é unha emerxencia que non pode agardar.

Na actualidade, o Ingreso Mínimo Vital cobre case 40.000 galegos e galegas, e no último informe sobre rendas mínimas de inserción da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais indícase que hai 7 comunidades autónomas que reducen o número de persoas beneficiarias das súas rendas mínimas e recortan o presuposto coa coartada do Ingreso Mínimo Vital, e, entre elas, Galicia. Isto é o que Feijóo chamaría forrarse pero á custa das

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

persoas máis vulnerables, *(Aplausos.)* e sendo el mesmo o máximo responsable en Galicia. *(Aplausos.)*

Hai unhas semanas o Ministerio de Inclusión, José Luis Escrivá, anunciou, xunto co presidente da Xunta, un proxecto piloto contra a pobreza infantil dotado con máis de 10 millóns de euros do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que beneficiará aproximadamente 6.000 persoas ata xuño de 2023, o que supón un paso importante na loita contra a pobreza infantil, tendo en conta que Galicia ten cifras moi altas de pobreza infantil, tal como reflicte o mapa oficial cos datos do Alto Comisionado contra a Pobreza Infantil, onde se acumula a incidencia e os datos, os tristes datos de pobreza infantil en Galicia. Porque, como ben dicía a señora Rodil, a pobreza en Galicia ten rostro de muller pero, lamentablemente, a pobreza en Galicia tamén ten rostro infantil, e temos que tomar medidas importantes neste asunto.

Temos que seguir avanzando a través da Consellería de Política Social e materializar dunha vez por todas a compatibilidade da Risga co Ingreso Mínimo Vital na Lei de inclusión; así como un plan de incremento do propio persoal dos servizos sociais comunitarios para axilizar os trámites das rendas mínimas; e un proxecto potente de inserción laboral adaptado ás novas circunstancias socioeconómicas, que son —como dicía a señora Rodil— peores agora.

E, por suposto, unha das cuestións que funcionou e funciona é a Tarxeta Básica, por iso dende o Goberno galego teñen o deber de blindar unha prestación que supón un claro avance. Levamos dous anos moi difíciles para a xente; a primeira onda da pandemia impactou de xeito inesperado na vida das persoas que nunca pensamos que teriamos que vivir algo similar. De repente, os servizos sociais recibían usuarios con distintos perfís derivados das propias circunstancias da pandemia, incrementándose os sobrecustos para os propios concellos, cifrados en máis de 6 millóns de euros ao mes. E o certo é que se puxeron en marcha por parte das administracións mecanismos de protección da cidadanía sen os cales sería inviable avanzar. Por parte do Goberno de España activáronse medidas urxentes no ámbito social e económico, axudas imprescindibles, como os ERTE para máis de 200.000 galegos, beneficiados a través dos máis de 600 millóns de euros; o Ingreso Mínimo Vital, a finais do ano pasado, o balance de perceptores en Galicia era xa de case 40.000 galegos e galegas; o incremento do salario mínimo interprofesional, a reforma das pensións para lograr ese incremento para máis de 10 millóns e medio de persoas que cobran unha pensión en España, e case 800.000 galegos e galegas en Galicia que —como ben dixo a portavoz do Goberno de España— tan só esta medida xustificaría unha lexislatura enteira.

Máis de 500 millóns para autónomos, e mais os 234 millóns destinados no primeiro semestre a axudas directas para autónomos e as empresas de sectores económicos máis afectados pola pandemia. Case 6 millóns de euros de subsidio extraordinario para blindar eses 4.660 galegos e galegas que esgotaron a súa prestación de desemprego durante o primeiro estado de alarma. Máis de 9 millóns de euros para galegos e galegas con contrato fixo descontinuo. Máis de 2,5 millóns para cubrir os 60.000 galegos e galegas dentro do Plan de axuda alimentaria. Máis de 13 millóns para o bono social térmico, máis de 6 millóns para o Plan concertado. Máis dun millón de euros para o Programa para a garantía dos dereitos da

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

alimentación de menores durante as vacacións, cando pechan os colexios e con iso tamén os comedores. Máis de 215 millóns destinados a políticas activas de emprego, para a cidadanía galega. Máis de 10,8 millóns destináronse para o Plan corresponsables 2021. Máis de 6 millóns destináronse para o programa de reforzo educativo: máis de 2,3 millóns para o financiamento de libros de texto; máis de 21 millóns para o impulso de formación profesional; máis de 10 millóns para a educación de 0-3 anos para a creación de 1.139 prazas públicas e gratuítas; máis de 17 millóns para as universidades galegas. Máis de 45 millóns para coidados de longa duración, servizos sociais e accesibilidade universal; case 20 millóns para o plan de choque de dependencia; máis de 4,2 millóns para asegurar a accesibilidade universal a vivenda para persoas maiores con discapacidade ou en situación de dependencia... E outros moitos fondos que non teño tempo para nomear, pero creo que é de xustiza que a cidadanía galega coñeza a inxente cantidade de recursos que dende o Goberno de España se transferiron a Galicia e ser conscientes de que, así como noutras comunidades autónomas se aproveitan estes fondos e os recursos propios para poder chegar a máis persoas en situación de vulnerabilidade, en Galicia somos das comunidades autónomas que menos cubrimos. Pero, mentres outras comunidades autónomas aproveitan todos estes recursos para, por exemplo, superar o acceso a vivenda, por exemplo, políticas potentes para o emprego.

E, así como o Goberno de España creou axudas excepcionais motivadas pola emerxencia social da pandemia, como o Ingreso Mínimo Vital, en Galicia a Tarxeta Básica, xestionada pola Cruz Vermella, supuxo un recurso clave, non só para atallar a crise socoeconómica, senón para avanzar nun novo concepto de recursos que alonxen do tradicional asistencialismo respectando ao máximo a dignidade das persoas. Por iso cremos que, así como o Ingreso Mínimo Vital naceu nunha emerxencia pero chegou para quedar, a Tarxeta Básica ten que vir tamén para quedar. E, en verbas da Rede Galega contra a Pobreza: «Valora positivamente la puesta en marcha de una medida reclamada desde hace años como un primer paso imprescindible, apuesta por la dignidad de las personas, apuesta por la dignidad de las personas, el alejamiento del asistencialismo y la estigmatización y la inyección económica que supondrá para los comercios de proximidad, donde las personas podrán adquirir los artículos como el resto de la ciudadanía».

Non hai moito máis que engadir, este tema é clave tendo en conta que levamos dous anos inmersos nunha pandemia e agora dentro dunha situación complexa pola invasión de Ucraína, polo que ademais propoñemos tamén a emenda de engádega que teñen á disposición para valorala.

Dende o Grupo Socialista apoiamos absolutamente esta proposta que coincide coa demanda que están a facer os movemento que loitan a diario en Galicia contra a pobreza. E lamentamos profundamente unha cuestión que sucedeu hai uns días, que quero dicir hoxe aquí, porque a verdade é que foi lamentable. Lamentamos moitísimo isto, isto é nada máis e nada menos que o portavoz do Goberno de Madrid do Partido Popular da señora Ayuso frivolizando coas persoas máis vulnerables, xirándose para buscar a ver onde estaban os pobres e cuestionando os datos do informe de Cáritas. Consideramos que Feijóo no seu novo rol como líder do Partido Popular a nivel nacional ten a obriga de dar non só explicacións por decencia e responsabilidade, senón de exixir medidas inmediatas a Ayuso respecto a esta cuestión. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero da mesma forma lamento profundamente, e máis pola miña profesión como psicóloga, que aquí se fale de xeito banal, por exemplo, dun ataque de ansiedade, cando eu vin moitísimas persoas pasalo moi mal por este tipo de situacións ou por un ataque de pánico, por exemplo; pero tamén lamento profundamente a forma pexorativa do termo autismo por parte do señor Feijóo para atacar o Goberno, polo que quero dar voz ás palabra neste Parlamento, ao que aínda pertence o señor Feijóo, por parte da Asociación Autismo-España. «Desafortunadas palabras de Feijóo utilizando autista de manera peyorativa. Las personas con autismo luchan cada día por el respeto a su dignidad como ciudadanos y ciudadanas de pleno derecho, y los representantes públicos...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: ... tienen especial responsabilidad en su tratamiento adecuado».

Exiximos rectificación das palabras por parte do señor Feijóo e que teña responsabilidade e coide as palabras que utiliza.

E remato, presidenta, dicindo que esta iniciativa e o apoio do noso grupo á mesma demostra que, cando as cousas funcionan ben, as apoiamos independentemente do partido do que proveñan, e así debera ser cando se persegue a mellora da vida das persoas. Polo que o Partido Popular, que sustenta o Goberno galego, ten o deber neste momento tan difícil...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: ... de corresponder co compromiso polos galegos e galegas en situación de vulnerabilidade.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Ortega.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É agora a quenda do Partido Popular, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Cito: «Desde Autismo España queremos mostrar nuestro agradecimiento a Feijóo por sus disculpas y por el interés mostrado en contribuir a difundir una imagen positiva de las personas con autismo y sus familias». ¡Que ben nos iría a todos os políticos se, cando un comete un erro, tivera a rapidez así que tivo o presidente para desculparse! *(Aplausos.)* Por decencia...

Parafraseando o señor Álvarez, efectivamente; en fin...

Mire, eu creo que todos podemos empatizar coa situación de xente que o está pasando mal e iso non significa que teñamos que coincidir nos instrumentos para combater esa situación

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de dificultade. Hoxe escoitamos aquí, por exemplo, unha longa profusión de investimentos e transferencias que parece ser que nos fixo o Goberno de España, que fixo a voceira do PSdeG. Mire, fíxonos tanto que, ata cando o obrigaron xudicialmente a devolver o IVE que lle tivemos que reclamar, foron vostedes capaces de sacar unha nota felicitándose da aportación que facía o Goberno socialista á comunidade de Galicia. Hai que ter a cara moi dura, dígollo de verdade, hai que ter a cara moi dura. *(Aplausos.)*

Mire, recordoume hoxe algunha das intervencións aquela famosa frase dunha muller moi destacada que dicía que «o socialismo ama tanto os pobres que insiste moito en multiplicalos». Eu tamén recordei outra de Einstein que dicía: «se queres resultados distintos, fai cousas distintas».

Mire, hai menos dun menos eu amoseille a miña satisfacción pola excelente valoración que vostedes fan da Tarxeta Básica, unha valoración que teño que dicir que compartimos con vostedes e coas asociacións que así a defenden. 54.000 tarxetas serviron para proporcionar recursos básicos de alimentos e hixiene-farmacia a miles de cidadáns de forma anónima e sen estigmatizalo, e a iso a Xunta de Galicia dedicou 42 millóns de euros.

Pero tamén lle explicamos que a Tarxeta Básica naceu como unha resposta temporal a unha situación extraordinaria, a causada pola pandemia, e que, no tránsito progresivo cara a unha nova situación de normalidade, precísase unha nova planificación dos recursos ordinarios dos que dispón o sistema social galego, e iso non quere dicir nin que desapareza nin que se garanta, simplemente que hai que avaliala.

Política Social xa está a traballar na reforma da Lei de inclusión social de Galicia para mellorar e incrementar a cobertura das prestacións económicas, incluídas as axudas de inclusión social.

E eu creo recordar que tendín a man para que votedes fagan aportacións, porque penso que a nova situación precisa de achegas de todos, de achegas reais, porque todos recordamos algunha panacea como a do ingreso mínimo vital, que se nos olvidou, e resulta que a xente segue sen ter cubertas as súas necesidades básicas a pesar de que nos garantían xusto o contrario.

A nova situación social precisa de novos instrumentos, porque ás feridas da pandemia imos ter que engadir as derivadas da crise de prezos da cesta básica de alimentos, da luz, dos carburantes, e do aumento desbocado e xeneralizado da inflación.

Eu creo que isto é unha realidade innegable. A partir desta realidade innegable cada Administración ten que decidir cal vai ser a súa actitude. A Xunta decidiu remangarse, buscar solucións e poñerse do lado dos cidadáns máis afectados. Tomou medidas no Consello do pasado xoves, anunciou hoxe mesmo medidas que tomará no seguinte Consello e seguirá a tomar medidas, como ben dixo o presidente Feijóo esta mañá, durante todo o tempo que sexa necesario.

A semana pasada coñecemos a ampliación do Bono Social Térmico para aliviar a situación de máis de 66.000 familias, con esas achegas de entre 128 e 373 euros para a calefacción,

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

auga quente e cociña, que agora se aumenta ata 100 euros máis para pagar a factura, o recibo da luz. Axudas ao sector gandeiro, que o está pasando mal, vía de financiamento do circulante, polo anticipo de axudas, especialmente esa do PAC; axudas ao sector do mar dándolle liquidez a través da compensación de taxas portuarias; axudas ao sector do transporte, do transporte de competencia autonómica, evidentemente, cunha inxección económica para compensalo pola suba dos carburantes.

Hoxe anunciáronse avais do Igape para pequenas e medianas empresas, préstamos directos da industria manufactureira; dúas medidas por valor de 70 millóns de euros que se van mobilizar, 140 de mobilización que arrastrarán estes 70. Flexibilización dos avais que xa concedidos e que xa desfrutan algunhas pequenas empresas pola Xunta de Galicia, o Bono de Enerxía Peme, adicado e enfocado ao comercio, á hostalería, á pequena e mediana empresa, e que lle vai permitir afrontar unha axuda de ata 6.000 euros para adquirir equipamentos que reduzan o consumo enerxético, a activación do bono turístico, as axudas de dixitalización do sector turístico e o reforzo das medidas xa existentes para facer fronte á factura da luz por parte das familias.

Poderase compartir, poderase considerar que se poden mellorar. Eu todo iso enténdoo, pero dicir que a Xunta non está poñéndose mans á obra para mellorar a situación das persoas que o están pasando mal simplemente é falso. A Xunta está traballando e está traballando intensamente.

Pero eu dicía que cada Administración ten que decidir cal vai ser a súa actitude. O Goberno do señor Sánchez, o Goberno que vostedes, uns e outros, investiron, adoptou outra actitude distinta.

En primeiro lugar, anunciou que retrasaba calquera toma de decisión ata o final de mes, porque, segundo escoitar aquí falar as voceiras dos dous partidos que me precederon no uso da palabra, a situación é insostible e urxente. Pero parece ser que as medidas compensatorios se poden adiar a final de mes, e non pasa nada, non pasa nada. A partir de aí, pois fixo o habitual, poñer en marcha a estratexia do ventilador e ordenar a busca de culpables da situación entre, se me permiten a expresión, os sospeitosos habituais, os de sempre.

A inflación está disparada, a culpa é de Putin. Arrecian as protestas sociais, un clásico, a culpa é da extrema dereita. Para calquera outro problema que xurda, pois interiorizar unha novidade, a culpa é de Feijóo. E así arranxan vostedes calquera explicación a calquera problema que está acontecendo en España neste momento. Claro, esquecen algúns pequenos detalles. Mire, a inflación xa nos golpeaba e moi duramente, por certo, antes de que se producise a invasión de Ucraína.

O único carné en común que teñen os transportistas deste país non é o de ningún partido, é o de conducir, e, como vostedes non lle poñan remedio de inmediato, vai ser o do paro. Así que, ¡por favor!, e isto si que lle vou facer a petición xa como fillo de transportista, que nesa casa nacín, como fillo de transportista, eu pediríalles un pouco de respecto para a xente que se manifesta porque quere comer. *(Aplausos.)* Un pouco de respecto. Porque eu non sei se algún ten familia no mundo do transporte, pero eu asegúrolle que é un traballo de enorme dureza e creo que merece un certo respecto.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E claro, á parte, Feijóo xa coñecemos, Feijóo é o líder da oposición xa con plenos poderes para botarlle absolutamente a culpa de todo, pero iso si, para coller o teléfono e informalo sobre os asuntos de Estado, isto non toca. Isto xa a partir de Sevilla, pero mentres pódeselle cargar sobre as costas calquera responsabilidade de calquera cousa que aconteza en calquera parte deste país. Hoxe pedíronlle aquí que tome medidas sobre a señora Ayuso, aquí no Parlamento de Galicia. ¡Bueno! E os que non queremos falar de Galicia somos nós, é que manda truco, manda truco!

Mire, eu lamento, e dígoo de verdade, lamento profundamente que o PSdeG se sume a esta estratexia da demagoxia do señor Sánchez, presentando unha emenda, por certo, que oculta dúas cuestións básicas: a primeira, que a Tarxeta Básica segue en vigor, é que vostedes falan da Tarxeta Básica como se..., segue en vigor. E, como se flexibilizou varias veces, xa veremos cal é o percorrido que ten.

E a segunda, que a Tarxeta Básica é accesible, dende o primeiro minuto, a todos os refuxiados, a todos, sexa cal sexa a súa orixe; porque nós non imos distinguir entre refuxiados de primeira e refuxiados de segunda.

E vaime permitir unha reflexión, porque, se eu non a fago hoxe aquí, hai xente á que non lle podo mirar á cara. Mire, hai que ter un sentido do humor un pouco estraño, se mo permite, para pedir apoio explícito para os refuxiados que foxen pola invasión dunha potencia estranxeira do seu país catro días despois da puñalada trapeira aos 174.000 refuxiados que habitan nos campos en Alxeria, aos 174.000 saharauís que confiaban no apoio de España para unha solución xusta ao seu conflito.

Non, igual non se deron conta... Si, efectivamente, ten razón, ten razón, señora Rumbo, é incrible. Nós imos ofrecer aos refuxiados ucraínos todos os instrumentos sociais dos que dispoñemos, incluídos a Tarxeta Básica e a Risga como se dixo esta mañá. Por certo, eu espero que a colaboración do PSOE para eses refuxiados sexa incluílos no programa de protección internacional, que lle daría a cobertura completa que entendemos que merecen e non converter Ucraína nunha autonomía dependente da soberanía de Rusia, que foi a solución que lle deron ao pobo saharauí, lamentable. Si, lamentable.

Nós estamos aquí, señorías, e dígollo porque as propostas que se escoitan ao longo deste día sobre como afrontar esta crise, nós estamos aquí, e quixera recordalo, para facer que os pobres sexan máis ricos e non enfrontarse todo o día, intentar todo o día xustificar que son os ricos os que teñen que ser máis pobres.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Pazos.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para pechar esta proposición non de lei, ten a palabra a súa autora, a señora Rodil Fernández.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

¡Pobre Marx! Se ergue a cabeza, porque os pobres non son pobres porque naceran así, aínda que se reproduza a pobreza de pais e nais a fillas e fillos. Hai algo que se chama acumulación de riqueza, loita de clases e até un... Hai situacións materiais que explican o feito de que haxa persoas que se atopen nunha situación de pobreza e exclusión social, e están tamén outras que acumulan e acumulan riqueza que moitas veces non fan absolutamente nada nin sequera para xeralas, pero tampouco nos imos poñer agora con iso.

Eu sobre a emenda, non lla imos aceptar; creo que acaba de explicarse perfectamente quen pode acceder xa hoxe á Tarxeta Básica, e eu coincido plenamente en que me parece moi inxusto, e estamos totalmente de acordo con que as persoas refuxiadas da guerra e a invasión rusa na Ucraína teñan acceso, por suposto, a todos os recursos que necesitan como calquera persoa refuxiada ou demandante de asilo veña de onde veña, veña de onde veña. Porque tamén aquí, eu creo que é unha reflexión e traeremos este debate porque merece facelo de maneira específica, pero que se activen directivas europeas que teñen máis de dez anos agora e, cando se converteu Grecia case nun campo de refuxiados a ceo aberto, non se utilizasen eses mecanismos para garantir o dereito á vida e á dignidade humana de tantas persoas que acabaron metidas nunha fosa común como é o Mediterráneo, pois eu creo que tamén nos debera ás persoas que viviron na Unión Europea unha reflexión bastante profunda sobre a dobre vara de medir que hai, *(Aplausos.)* a dobre vara de medir que hai. Entón, non imos aceptar a emenda.

E dicíase que, se queriamos resultados diferentes, eu tamén facía referencia na miña primeira intervención a que era unha iniciativa que xa a trouxemos a debate na comisión 5ª hai un meses, e queriamos resultados diferentes deberiamos facer algo diferente. Mire, eu hai unha semana o BNG propoñía na Xunta de Portavoces a comparecencia que hoxe subsanamos a primeira hora da mañá. Sete días despois, as circunstancias cambiaran ou viran a oportunidade política e aceptouse o que sete días antes era inaceptable.

Vostede falaba de que o mantemento ou non da Tarxeta Básica dependía da situación social e económica que no seu momento fora creada pola pandemia, polas circunstancias derivadas da pandemia e que hoxe a situación era outra, distinta, unha nova situación social e económica que polo menos facía dubidar sobre se era pertinente ou non este instrumento para paliar as consecuencias económicas que temos hoxe, a actual conxuntura económica.

Eu dígolle que a situación hoxe de empobrecemento xeneralizado da poboación é bastante peor hoxe da que tiñamos no peor momento do confinamento cando había moitísimas persoas que tivemos que quedar na nosa casa. Porque hoxe, daquela quen tiña 50 euros, pois ía cos seus 50 euros ías comprar e dábache para o que daban 50 euros; hoxe 50 euros non chegan a nada para facer a compra. É dicir, temos unha precariedade moitísimo maior e unha situación de empobrecemento xeneralizado da poboación que é moitísimo maior que a que tiñamos neste país hai un ano. Entón, se os instrumentos eran útiles hai un ano para sacar as persoas que tiñan peor situación económica adiante, eu dígolles que hoxe é pertinente mantela.

E dicía vostede: «segue en pé», si, pero o feito de poñerlle data de caducidade e que a partir de xuño deste ano, é dicir, desde xullo de 2022 en diante non existe, xa está provocando que

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

haxa persoas ás que non se lles renove, porque ten unha renovación, como vostede coñece perfectamente, trimestral, e isto é algo que nos advirten as traballadoras e traballadores sociais e as persoas que son beneficiarias desta prestación económica. Eu insisto en que era necesario e urxente manter a Tarxeta Básica a última vez que se renovou, e a conxuntura económica exixe aínda con máis firmeza que se manteña en vigor a partir de xuño de 2022, ou polo menos que se manteña en vigor até que non se recupere un pouco a normalidade no que ao encarecemento e á carestía da vida se refire. Porque esta situación non a van solucionar, de verdade, non a vai solucionar nin sequera que se puxese fin á folga do transporte. Quero dicir, estamos nunha escalada de prezos que viñan desde antes da invasión de Rusia e que vai ter un impacto e unhas consecuencias moito máis alá da parálise que supuxo frear os servizos de transporte nos últimos anos.

A nós parécennos ben os anuncios que se fan, pero, claro, o que cambia a vida das persoas é o DOG, non as declaracións que faga un presidente da Xunta, un informe que saquen da manga no Consello da Xunta do 17 de marzo. *(Aplausos.)* O que cambia realmente a vida das persoas neste país é publicar eses anuncios no *Diario Oficial de Galicia*. A nós parécenos estupendo anunciar un bono enerxía para pemes, para que unha persoa autónoma, por exemplo, pois poida optar á compra dun equipamento máis eficiente enerxeticamente; pero é que hoxe temos moitas persoas autónomas incapaces de facer fronte ao que custa a factura da luz. E eu que lle digo: «Cómprate otra cafetera». *(Aplausos.)* O que necesitamos son medidas urxentes que doten as persoas de recursos. Esta é unha boa fórmula, dixémolo desde o primeiro momento, porque efectivamente permíteche sen ningún tipo de estigma que poidas adquirir bens de primeira necesidade, falamos de alimentos, falamos de produtos de hixiene persoal e produtos de farmacia e parécenos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ... que debe manterse no tempo máis alá de xuño de 2022. Porque hoxe poñerlle esa data de caducidade xa fai que moitas persoas non poidan acceder á renovación deste recurso. Imos votar mañá, teñen tempo para contrastalo coa Consellería e...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ... e eu insisto en que é necesario, é urxente e, sobre todo, é xusto e é de dereito.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se presentaron emendas. E, para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e todos.

Falabamos agora de qué se prioriza en canto a fondos públicos, a que se destinan, con que criterios, os fondos de todas as galegas e galegos por parte da Xunta de Galicia. E traemos hoxe un debate que non é nada novidoso neste Parlamento, traemos unha vez máis unha demanda histórica, xusta, bueno, pois que está de plena actualidade, cunha serie de ingredientes ademais rocambolescos que fan que teñamos que poñer esta histórica demanda —diciamos— desatendida por parte da Consellería de Educación novamente sobre a mesa.

Falamos da situación dos conservatorios profesionais que están espallados en tantos concellos galegos. Sustentamos unha iniciativa, en definitiva, que, ademais, trata de dar resposta a unha petición, a unha resolución conxunta no seo da propia Federación Galega de Municipios e Provincias; e que trata de corrixir, diciamos ese agravio histórico que padecen as alumnas e os alumnos que están nestes conservatorios profesionais, tamén as profesoras e profesores que teñen que estar xestionados sen ser da súa competencia directa polas arcas municipais, moitas veces afogadas por ter que atender esta competencia que non atende a Consellería de Educación.

Falamos, en definitiva, de rematar cun agravio a distintos niveis que padecen estas alumnas, estes alumnos, estes profesores e que sustentan, como diciamos, a duras penas as propias entidades locais.

Aínda que dicía, este debate non é novidoso, ten unha serie de ingredientes que o fan rocambolesco e que ilustran, dende o noso punto de vista, a arbitrariedade coa que actúa a Consellería de Educación e o Goberno galego en canto ás súas prioridades.

Porque, en canto non ten interese en dar cumprimento a esta demanda xusta e histórica, o Consello da Xunta vén de autorizar un convenio, un acordo, a través da Axencia de Turismo de Galicia, da Consellería de Educación, da Consellería de Medio Ambiente, co Concello de Begonte para investir máis de un millón de euros para transformar e adaptar a escola de música que xestionará a Asociación Músico Crisanto, que logo diremos tamén quen está tras esta asociación.

E poderían dicir se estamos en contra de que se dinamice, de que se aposte por este tipo de ensinanzas, se temos algo en contra deste investimento no concello de Begonte, na parroquia de Bahamonde, pero temos que lembrar a que prezo chega este acordo que ilustra, como diciamos, a arbitrariedade e mesmo, se mo permiten, o caciquismo á hora de tratar os investimentos e atender os concellos segundo a súa cor política por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Este acordo do Concello de Begonte, gobernado polo Partido Popular, chega despois de pechar —¿por que será?— nesas instalacións o colexio público de Bahamonde, onde estudaban

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

30 alumnas e alumnos; é dicir, chega despois de pechar un colexio público no rural, tanto que se nos enche a boca de apostar polo rural.

Así foi defendido e impulsado polo propio alcalde do Partido Popular, que non quixo en ningún momento escoitar tampouco a Consellería de Educación nin a Xunta de Galicia as alternativas que se puxeron en todo momento enriba da mesa para tratar que, polo menos, como solución desesperada convivisen ambas as dúas actividades e realidades, mesmo as comunidades de montes, e a Comunidade de Montes estaba disposta a ceder terreos para non ter que tirar ningunha das edificacións que estaban en uso para as alumnos e os alumnos de Bahamonde.

Teñen no PP, dicíao o que foi o noso voceiro de educación, hoxe en día voceiro do grupo parlamentario neste Pleno, teñen no partido Popular o único alcalde de toda España que ten defendido e traballado arreo para que se peche no seu concello un colexio público. No canto do que se espera dun alcalde elixido polas veciñas e veciños de defender os servizos públicos, ten traballado por reducilos.

O PSdeG apoiou nese momento desde o principio preguntando neste Parlamento, mesmo ao conselleiro de Educación, polos plans que estaban detrás, que agochaba esa decisión de pechar o colexio público no concello de Begonte, na parroquia de Bahamonde, e as respostas, as explicacións, evidentemente, brillaron pola súa ausencia, porque estamos ante unha decisión absolutamente inxustificable. Agora entendemos, se se confirma ese porque a través dese acordo de máis dun millón de euros para transformar esta escola de música no medio desa perda de servizos públicos. En concreto, aquí en Bahamonde, diciamos, con argumentos tan peregrinos como que por aí pasa o Camiño de Santiago. Non escoitaron o pobo manifestarse, as veciñas e veciños; non escoitaron nin atenderon as máis de 3.000 firmas en contra do peche do colexio público. Non escoitaron e mesmo atrasaron a presentación todo o que puideron de informes, e remolonearon, dos que pediu a Valedora do Pobo daquel momento. E, polo tanto, puxeron fin ao centro situado nese concello lucense, que estaba, por certo, a piques de celebrar o medio século de vida; para que presuman, como diciamos de apostar polo rural e para que defendan que non están a desmantelar a ensinanza pública nestes concellos.

Ben, agora si volvemos a ese acordo, a ese investimento, diciamos de máis de un millóns de euros que, curiosamente, chega para que a xestione a Asociación Músico Crisanto, que está presidida, nin máis nin menos, permítanos que digamos que é un asunto rechamante, o presidente desta asociación que xestionará este importante acordo con estes importantes recursos públicos, polo irmán dun concelleiro do Goberno local do Concello que votou a favor do peche do colexio público en defensa deste acordo. (*Aplausos.*)

En definitiva, falando de ética e de arbitrariedade, pouco máis penso que non fai falla engadir cualificativos, agardamos explicacións arredor deste asunto, aínda que penso que o debate irá por outros derroteiros.

Así que, para rematar, porque eu penso que poucas explicacións fan falla, ingredientes temos dabondo, temos o peche dun colexio público que tiña 30 alumnas e alumnos nunha parroquia

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do rural neste concello lucense; desoíron a veciñanza; non asumen as resolucións da Federación Galega de Municipios e Provincias de asumir, como compete, a Consellería de Educación a xestión e, polo tanto, o financiamento dos conservatorios profesionais de música; e tamén arredor disto poderiamos falar do que custou, por exemplo, licitar as obras, que veñen de facelo hai poucos días, dun conservatorio superior, o primeiro que tivo Galicia, como é o de Vigo, onde tiveron que convivir tanto tempo as alumnas e alumnos mesmo con caldeiros polas pingueiras porque lles chovía dentro.

Este é o desleixo da Consellería de Educación, estas son as prioridades —insistimos—pechar un colexio público para apostar por unha escola de música xestionada por unha asociación Músico Crisanto, cun investimento público de máis dun millón de euros, cando ten desatendida esta petición, entre outros, da Federación, como dicíamos, Galega de Municipios e Provincias.

Agardamos, polo tanto, que se dea cumprimento á petición que sustentamos —diciamos— nesta demanda histórica de sobra coñecida por este Parlamento de que, en definitiva, a Xunta de Galicia e a Consellería de Educación asuma o que é da súa competencia e deixe de afogar os concellos, sobre todo cando non son da súa cor política.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Moitas grazas, presidente.

Eu, como a lameira da Xunta nesta tema é importante, eu vou intentar empezar polo final para ver se somos capaces de trasladar toda a dimensión do tema, porque, en efecto, afecta a xente de Baamonde, máis afecta tamén, en definitiva, a todo o alumnado dos conservatorios deste país.

Polo tanto, *in extrema res*, que diriamos nas clases de literatura, o que se propón nesta proposición non de lei é basicamente que a Xunta asuma os conservatorios profesionais de música, que actualmente este servizo está a ser prestado polos concellos. E, polo tato, é unha demanda que non é nada novo, que xa, como aquí se dixo, veu en varias ocasións a este Parlamento, o BNG trouxo en varias ocasións, a última vez o 7 de xullo na Comisión 4ª pero, en efecto, como aquí se trasladou, eu creo que nesta ocasión temos un feito diferencial, hai unha sorte de elefante rosa.

E dicimos isto porque ata o de agora o PP mantiña un relato tanto tiña o teimuda que fose a realidade, tanto tiña que mesmo os seus propios alcaldes non cresen estas premisas das que partían, pero o mantra do Partido Popular estaba sostido sobre estes dous eixos de absoluto carácter funambulista.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por unha banda, que a competencia destes estudos regulados de conservatorios lles correspondía aos concellos; e despois a outra destas premisas falsas era que os concellos pois que, dalgún xeito libremente optaban por ofertar estes estudos. Despois afondaremos nestes dous eixos, porque eu creo que é importante, mais si que é certo que aquí en todo este tempo que atopamos unha sorte de relato Matrix, si me permitides, pero onde Morfeo só daba dúas pílulas azuis, ata que de súpeto aparece a pílula vermella e, neste caso a pílula vermella, como se vén de trasladar, é que se avanza por parte da Xunta de Galiza a intención de construír un conservatorio en Baamonde, faise despois de pechar o centro de Baamonde, faise despois de obrigar os rapaces a ter que percorrer 9 quilómetros, e faise, basicamente, polo capricho dun alcalde.

Entón, eu creo que despois destas circunstancias, eu creo que o Partido Popular cómpre que expliquemos, señor Rodeiro, non teño ningunha dúbida de que o vai facer na súa intervención, pois algunhas consideracións que eu creo que é importante e que a veciñanza de Baamonde merece ter esta resposta, pero que, sobre todo, os alumnos dos conservatorios de música deste país tamén merecen a resposta. Porque, fíxense nisto que dicía unha portavoz do Partido Popular, que segue neste Parlamento, cando o BNG traía que a Xunta asumise o conservatorio de Lalín. Fixémonos no que dicía o Partido Popular: «A proposta de que a Xunta asuma a xestión do Conservatorio Profesional de Música ten como única finalidade lavarlle a cara ao alcalde» E eu, señor Rodeiro, estou convencido de que vostede nos vai responder a esta pregunta. Logo, ¿esta iniciativa da Xunta de Galiza ten como única finalidade lavarlle a cara ao alcalde de Baamonde ou iso só é cando o pida o Bloque? (*Aplausos.*)

7 de xullo do ano 2021, Comisión 4ª, de Educación e Cultura, unha deputada tamén do Grupo do Partido Popular dicía: «ada Administración pública é responsable das súas decisións e non é de recibo que a Xunta asuma problemas que non son da súa competencia». ¿Isto hai seis meses non era problema da súa competencia e agora si o é, señor Rodeiro? O que acontecía en Ponteareas, Carballo, Cangas, Lalín, Redondela e así ata 27 conservatorios municipais deste país non era da súa competencia, pero o que acontece en Baamonde agora xa si.

Pero, fíxense, porque seguimos. Un concello ten toda a liberdade para facer calquera servizo aos cidadáns pero asumindo a capacidade propia e os custos que ten o seu funcionamento. E aquí é a onde temos que ir, porque eu creo que aquí, tanto a veciñanza de Begonte, como sospeito que tamén a interventora dese concello, quererán saber cal vai ser o criterio para xestionar o conservatorio que vén de anunciar o señor Feijóo; e dicimos isto porque aquí a propia deputada do Partido Popular sinalaba que dun orzamento, presumía de que para as transferencias aos orzamentos da Xunta de Galiza para conservatorios había unha partida de 900.000 euros. Imos obviar que esta cifra estaba repartida en máis de 80 conceptos diferentes, que mesturaban conservatorios con escolas de música, que falaban de transferencias a concellos..., tanto ten, aceptemos a cifra máis optimista do Partido Popular. Pero é que, se dividimos esa cifra de 900.000 euros entre os case 30 conservatorios que temos no país, estamos a falar de que hai pouco máis de 32.000 euros para cada conservatorio. É que non dá nin para pagar a nómina dun profesor deses conservatorios. E, claro, ante isto o que nos atopamos é que, ao tempo que hai 900.000 euros para todos, isto é como os tres mosqueteiros, hai 1.050.000 euros só para un, para o de Baamonde. Polo tanto, entendemos que aquí hai unha anomalía e que merece unha explicación para os profesionais e os alumnos dos conservatorios de música deste país.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque o que demostra esta realidade é que o relato do Partido Popular estaba sostido en premisas que son absolutamente falsas. E a primeira premisa falsa era de carácter normativo e a segunda ten que ver coa motivación —xa que falabamos de Matrix, podemos falar dos *déjà vu*— e absolutamente convencido de que o señor Rodeiro vainos aquí falar do Decreto 23/2010, do 30 de decembro, no que no seu artigo 2º fai unha referencia a que os concellos tamén poden asumir, decreto do Partido Popular para, digamos, xestionar unha realidade que estaba presente no país. Pero é que, se vostede le o que di ese decreto, e se vai, ademais, despois ao punto 4º, tamén di que as empresas privadas poden asumir a xestión destes conservatorios. E ¿iso quere dicir que a competencia e a obriga de prestar este servizo é das empresas privadas? Polo tanto, nun contexto no que esta demanda está enriba da mesa, eu creo que a pregunta que nos temos que facer é a quen lle corresponde o dereito de garantir que os mozos e mozas galegos teñan unha dedicación musical regrada e conducente a un título oficial; e aquí está absolutamente claro, porque o artigo 31 do Estatuto deixa con meridiana claridade que é unha obriga da Xunta.

Polo tanto, aquí hai esta primeira premisa, a que se obtén a Xunta —e que estou seguro que o señor Rodeiro nos vai traer—, pero é que hai unha segunda, que ten que ver con esa motivación. Porque os concellos imparten, digamos, estes estudos conducentes a títulos oficiais nos conservatorios porque se converteron nunha sorte de mecenas ou é porque o sistema da Xunta non ten capacidade para asumir toda a demanda e, polo tanto, os concellos vense na obriga de garantir este tipo de estudos. E fano, os números están aí: é que de 34 conservatorios que temos neste país 27 están a ser xestionados polos concellos. O peso de que neste país haxa estudos regrados está no lombo dos concellos. E hai unha realidade que é evidente, señor Rodeiro. Se mañá os concellos deixan de prestar este servizo, o sistema colapsa, a Xunta non ten capacidade de asumir todo ese alumnado. E ¿isto que está a ocasionar? Pois problemas no profesorado, de precariedade laboral, falta de estabilidade; problemas para os conservatorios, que están sometidos ao réxime curricular e de inspección, pero que despois non teñen as vantaxes que poderían ter cunha xestión por parte da Xunta; e tamén, sobre todo, problemas para o alumnado, que nun contexto de suba de prezos, co que están a padecer as familias, nun contexto no que chegar a fin de mes se fai cada vez máis difícil, pois hai que asumir uns custos de matrícula para estes conservatorios que ás veces non só duplican, non só triplican, senón que chegan a cuadriplicar as taxas que terían para un conservatorio xestionado por quen lle corresponde, que é a Xunta de Galiza.

Temos casos —e iso creo que no caso de Begonte tamén teremos que afrontalo—, de conservatorios, o caso de Ponteareas, que é un caso paradigmático que ademais estivo no candeleiro nestes últimos tempos, 19 profesores do música, 15 especialidades ao que asiste ademais alumnado de moi diferentes concellos: A Cañiza, Arbo, As Neves, Covelo, isto está a xerar un déficit no concello de case medio millón de euros, e coa Xunta poñéndose de perfil.

Polo tanto, eu creo que é absolutamente inasumíbel que nun contexto no que, segundo os datos que están a traer, máis optimistas que está a traer o propio Partido Popular, a repartición, o esforzo que está a facer a Xunta non chega a 900.000 euros de repartición para os conservatorios, o feito de que implemente máis dun millón de euros para un único conservatorio, contradicindo todo o seu discurso, eu creo que merece unha explicación.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E merece unha explicación non porque este tema viñese aquí en varias ocasións e que o PP teña unha contradición evidente a respecto do relato que estaba a traer, senón porque o que hai detrás disto, como aquí se dixo, é xa non só un capricho dun alcalde que por 30 moedas vendeu e traizoou a súa veciñanza, é algo que vai moito máis alá.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOURENZO SOBRAL: O problema de todo isto é que se fai como unha práctica de nepotismo absolutamente inaturábel que nada bo lle traerá nin á veciñanza de Begonte...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LOURENZO SOBRAL: ... nin moito menos aos alumnos dos conservatorios profesionais deste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi boa tarde.

Efectivamente, é un tema que xa se debateu en varias ocasións e, desde logo, que a Xunta de Galicia mantén neste asunto a mesma posición que mantiveron vostedes cando gobernaron no bipartito en canto á xestión dos conservatorios de música. Polo tanto, saben perfectamente que falamos de conservatorios municipais, polo tanto, como o seu nome ben indica, pois son de competencia municipal. E a verdade é que trouxeron propostas, fixeron vostedes propostas en pasadas iniciativas de homologar e de unificar as taxas, os prezos, os salarios dos docentes, e mesmo as taxas, como acaba de dicir o señor Lourenzo, que nalgún caso cuadriplicaban os prezos.

Pois ben, esta homologación e esta unificación, ao ser de carácter municipal, a quen lles corresponde facelo é aos concellos no marco da competencia municipal e, en todo caso, tamén poden pedir a colaboración da Fegamp se os propios concellos pois teñen dificultades para coordinarse. Pero unha vez máis vostedes traen aquí un tema para dimitir da responsabilidade que teñen os concellos, e vostedes como proposta traen unha proposta para dimitir desa responsabilidade seguindo co seu actual modelo Sanchista, porque vostedes seguen a política da avestruz, agacharse e pasarlle os problemas doutros, neste caso, á Xunta de Galicia, como fai o señor Sánchez empaquetándolle os seus á Unión Europea.

Miren, o Partido Socialista hoxe presenta unha iniciativa repetitiva, e ademais cunha gran aportación, que é a da palabrería sen buscar ningunha responsabilidade do que ten cadaquén

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aquí. E isto sábeno perfectamente por cal é o posicionamento da Xunta, porque xa foi respostado en múltiples ocasións.

E, efectivamente, é a mesma que mantiveron vostedes, cunha diferenza ou, mellor dito, con dúas grandes diferenzas: hoxe o financiamento por parte da Xunta de Galicia aos conservatorios municipais é o dobre do que cando gobernaban vostedes; pero, ademais de ser o dobre, é que este financiamento está garantido a través dun acordo coa Fegamp, que se libra mes a mes aos concellos, a través do Fondo de Cooperación Local. E é unha mellora moi importante, porque xa non depende dunha orde ordinaria de axudas, que había que convocala todos os anos, e que os concellos tiñan que solicitar a subvención en cada convocatoria. Polo tanto, isto favorece deste xeito unha mellor planificación por parte dos concellos. E a verdade é que presentan vostedes seta iniciativa tamén por parte do Partido Socialista para seguir atacando proxectos dos concellos que non son da súa cor política, e isto é moi evidente. Insisten vostedes en seguir criticando unha iniciativa do Concello de Begonte, utilizando unha boa parte da exposición de motivos desta PNL, utilizando unha parte criticar unha iniciativa dun concello. E, miren, a verdade é que houbo dous casos exactamente iguais en Galicia no curso pasado, dous exactamente iguais de dous concellos rurais, de dous centros de educación Infantil e Primaria do medio rural galego. Evidentemente, un gobernado por un alcalde nacionalista e outro gobernado por un alcalde popular. Se a agrupación se fai por parte dun alcalde popular chámaselle peche, se o fai un alcalde nacionalista, ¿que lle chaman, señor Lourenzo?, ¿que lle chaman?, ¿que lle chaman vostedes a iso?

Polo tanto, o Concello de Begonte propón agrupar efectivamente, como se dixo aquí, o CEIP de Baamonde no CEIP Virxe do Corpiño; e o Concello de Mazaricos facilita agrupar o alumnado do CEIP Pino de Val, integrándoo no CPI da Picota. Señorías, ¿e a isto que lle chaman vostedes?

E ata aquí, a verdade é que todo igual, pero a única diferenza é que o alcalde do Partido Popular de Begonte someteu este tema a unha sesión plenaria, e someteuno a debate no órgano de representación da democracia municipal, e co obxectivo de darlle maior transparencia, mentres que o alcalde nacionalista solicitou e facilitou que se fixera de oficio por parte da propia Consellería.

Polo tanto, eu creo que a oposición nesta Cámara ante dúas situacións iguais fai plantexamentos radicalmente distintos dependendo de quen goberne. Para o Bloque Nacionalista Galego, este caso non existía, e fala de caprichos, o señor Lourenzo. Para o Partido Socialista sabía del, pero ten que estar calado porque non poden falar dos seus socios de Goberno.

Miren, a oposición está practicando neste caso unha actitude de acoso e derribo un alcalde do PP, e ademais hai que recordar a visita do anterior portavoz do partido Socialista e mesmo tamén o actual portavoz do Partido Socialista. Home, ben podían facer esta visita tamén ao concello de Mazaricos e practicar toda esa escandaleira que tanto se asustan que pasou.

Polo tanto, mire eu creo a política require de algo máis de seriedade, e vostedes veñen aquí dicir que lle damos cobertura a unha decisión desafortunada, pero estas son as dúas realidades, e, polo tanto, pois que un alcalde queira utilizar esa escola na que foi integrada noutro

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

centro en desenvolver unha actividade cultural e musical pois este grupo non nos parece para nada mal. Outra cousa é o que pregunten para que se destina no concello que gobernen vostedes esa outra escola, señor Lourenzo. Pregúnteo que igual leva unha sorpresa.

Polo tanto, miren, esta comunidade autónoma pois conta, como se dixo aquí, non con 34 conservatorios senón con 35 e 9 son dependentes da Xunta de Galicia e os outros 26, que non 27, son de titularidade dos respectivos concellos, tal e como se lles respondeu a vostedes nunha pregunta parlamentaria que despois sempre din que non se lles da información e, cando se lles dá información, pois non a utilizan.

E, evidentemente, ao amparo da normativa vixente os concellos teñen recoñecida a súa competencia, e é así, para crear e xestionar os seus conservatorios municipais de música e escolas de música, previa autorización, evidentemente, da Xunta de Galicia para que poidan impartir estas ensinanzas. Polo tanto, baixo o cumprimento da regulación vixente cada Administración pública é responsable das súas actuacións en canto aos prezos públicos e organización dos seus recursos humanos. Señor Lourenzo, insisto, e insisto en que o establecido baixo a xerarquía normativa, desde a Constitución, que recoñece a autonomía dos municipios, ata a normativa específica, os concellos teñen competencia para crear, como dicía, e xestionar os conservatorios de música. Polo tanto, os conservatorios municipais son competencia dos concellos, e cómpre sinalar, ademais, que se trata de ensinanzas non obrigatorias que os concellos deciden ofertar por iniciativa propia. Polo tanto, queda claro que non se trata dun servizo básico, pero foron creados a instancia municipal, polo que son os responsables do seu mantemento e dende a Administración autonómica autorízanse. O Grupo Parlamentario e a Consellería respectan a iniciativa dos concellos, que desde a súa competencia, queren e poden ofertar aos seus veciños ensinanzas musicais. E, en todo caso, a Xunta de Galicia leva anos financiando os conservatorios a través, como diciamos, do Fondo de Cooperación Local.

No ano 2018 houbo un acordo coa Fegamp para incrementar desde o orzamento 2019 o Fondo de Cooperación Local e neste marco introducíronse novas achegas para o financiamento dos conservatorios municipais. Polo tanto, a través do Fondo de cooperación local implántase unha nova vía de colaboración que neste momento estaba en 500.000 euros no 2019, nun millón de euros no ano 2020 e 900.000 euros no ano 2021, e 900.000 euros no ano 2022.

Polo tanto, a min gustaríame apelar a ese acordo que houbo, ese acordo acadado cun presidente socialista da Fegamp, con Alfredo García, e ademais este acordo segue vixente con outro presidente socialista da Fegamp. Non sei se o que plantexan vostedes é rachar este acordo firmado por un presidente socialista. Con esta iniciativa realmente, ¿cal é a proposta do Partido Socialista?, ¿eliminarlle aos concellos esta competencia? ¿Queren vostedes restrinxir as capacidades dos concellos, da Administración local, e que pasen todos os conservatorios a pertencer á Xunta de Galicia aínda que non todos os concellos o queiran?

A verdade é que non queremos pensar que pasaría se a Xunta tomase a iniciativa *motu proprio* de arrebatarlles aos concellos estas iniciativas dos conservatorios. Seguro que habería concellos do BNG e do Partido Socialista que se rebelasen.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu non sei se queren vostedes que ao mesmo tempo, os concellos sigan mantendo esas competencias de crear e xestionar os conservatorios unha vez pasados á Xunta de Galicia ou só crealos porque despois xa llelos vai xestionar a Xunta. ¿Esta é a proposta do Partido Socialista, compartida polo Bloque Nacionalista Galego? Desde logo pois que así, se lles mantemos a competencia aos concellos de crealo e llos pasan á Xunta para xestionar, pois evidentemente é un gran exercicio de planificación e de responsabilidade.

Polo tanto, señorías, eu creo que con frecuencia estas propostas chegan a esta Cámara cando hai casos de conservatorios municipais que non se xestionan axeitadamente; porque, se o fixeran axeitadamente, teñan por seguro que non pedirían que a Xunta os asumise, sobre todo polo valor que teñen para os concellos.

Polo tanto, se os queren pasar á Xunta de Galicia, estou convencido de que é porque se lles atasca a xestión, como debatemos aquí nesta Cámara, onde na Comisión 4ª do 25 de xuño o Partido Socialista culpou o BNG de que os problemas do conflito laboral do conservatorio de Monforte tiñan a orixe nunha RPT aprobada por un alcalde do BNG.

Polo tanto, se entre vostedes se pelexan, despois queren trasladarlle á Xunta de Galicia toda a responsabilidade. Polo tanto, miren, volvemos ao xogo de sempre, dimitir das responsabilidades que ten cada un para despois trasladarllas a outros. Polo tanto, eu creo que o actual modelo común de xestión dos conservatorios, pois, evidentemente, inclúe os xestionados polas administracións públicas, pola Xunta, polos concellos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODEIRO TATO: ... —remato xa, señor presidente— e os xestionados tamén pola iniciativa social.

E, de verdade, señora Otero Lago, creo que dicía todo o que dixo aquí da asociación Músico Crisanto, que leva moitos anos traballando e leva no ámbito da música, e ademais quero dicirlle que ademais ten un convenio nominativo coa Deputación de Lugo, polo tanto, supoño que será porque está facendo ben as cousas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RODEIRO TATO: Polo tanto, señor presidente, máis nada que poñer en valor a iniciativa tanto da Xunta de Galicia como tamén dos concellos que desenvolven esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Otero Lago.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora OTERO LAGO: Ben, señor Rodeiro, ¿que dixen da asociación Músico Crisanto? Pregunto, aí estará o *Diario de Sesións*. O único que dixen como cuestión a poñer en valor é que chamaba a atención que vai xestionar este importante investimento e a xestión deste recurso educativo, artístico, musical do concello de Begonte no mesmo lugar onde se pecha un colexio público, que está presidida por un irmán dun concelleiro que forma parte do mesmo Goberno local que impulsa e que defende o peche do colexio público *(Aplausos.)*, para que despois se invista nese lugar unha reforma millonaria importante para que xestione este recurso. Isto é o que dixemos da asociación, nin se cuestionou a súa actividade e a súa importancia.

E xa dicía eu que ía ser complicado no seu día xa foi bastante complicado para o conselleiro responder as preguntas que plantexou e que achegou neste Pleno o noso voceiro, o señor Luís Álvarez, xa dicía, xa adiantaba na miña intervención que ía ser complicado, e adiantabamos as dificultades para xustificar certas actuacións a este relato dos feitos e das realidades do que ten acontecido neste concello.

Non agardaba menos que recorrer aos grandes éxitos, porque tivo vostede oportunidade de falar do bipartito, das competencias dos concellos, de sanchismo e mesmo da Unión Europea. Non agardabamos tampouco menos vendo despois a comparecencia neste contexto de crise do presidente da Xunta Feijóo, probablemente non sei se a última ou das súas últimas comparecencias nin máis nin menos despois de trece anos que neste Parlamento que empregalo nun contexto de crise no que se pide a súa comparecencia para falar das competencias propias neste marco, ademais que estamos a celebrar o aniversario do Estatuto de autonomía galego, que fuxir das competencias públicas e estar a voltas cos grandes éxitos do bipartito, de a culpa téñena os concellos. En definitiva, non sorprende.

Sabe vostede perfectamente, como dicía, tense debatido neste Parlamento en diversas ocasións a situación destes conservatorios, 27 nos distintos concellos que, como sabe, están asumindo unhas competencias que non son propias, e nomeaba aquí o que acontece no caso de Ponteareas. Tamén se ten debatido arredor do que acontece nun conservatorio grande como o de Lalín, que dan servizo ás alumnas e aos alumnos non só deste concello senón, como sabe vostede, de toda a contorna. E eu pregunto, insisto, cal é o feito diferencial para que non atendan con recursos públicos como merecen as alumnas e alumnos destes 27 conservatorios profesionais dos concellos galegos que teñen que sosterse en ser as súas competencias os concellos e que fagan este acordo e vaian investir nun novo conservatorio un millón de euros, nun concello gobernado polo Partido Popular e á custa de pechar un colexio público. *(Aplausos.)* Explíqueme cal é o feito diferencial. E, para rematar, dicíao eu antes, que o desleixo da Consellería de Educación arredor dos conservatorios nos daría tamén para un debate non só incumprindo esta demanda histórica e xusta que dicía de facer fronte e asumir a xestión e non afogar os concellos dos conservatorios profesionais de música. E poñía o exemplo do que vén acontecendo nos últimos anos co que foi o primeiro conservatorio superior de música de Galicia, que é o de Vigo, que é un caso que todas e todos coñecemos e máis as que somos de Vigo.

Cantas manifestacións das alumnas e alumnos, dos profesores, abocados nos últimos anos mesmo a dar clases entre caldeiros pola auga, a estar con instrumentos absolutamente inu-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tilizados. Pois agora acaban de licitar, despois de tanto ruído, durante tanto tempo, as obras, agora si se dan paseos, a delegada da Xunta e o conselleiro polo conservatorio, para arranxar esas deficiencias, van investir, tanto custaba, practicamente os mesmos cartos que en asinar este acordo co Concello de Begonte e con esta asociación do irmán do concelleiro do grupo que goberna o Concello de Begonte. Dígame vostede que isto non é arbitrariedade, que isto non é política caciquil, segundo os concellos e as cores políticas, por que o Conservatorio Superior de Música de Vigo tivo que agardar durante tanto tempo dando clases con humidades, con infraestruturas que non estaban sequera ben insonorizadas e no medio da chuvia enchoupándose alumnas e alumnos, dígame vostede que iso tamén era unha competencia municipal, asumir o arranxo e rehabilitación tan demanda do Conservatorio Superior de Vigo.

En definitiva, é unha mágoa, e preguntaba vostede que é o que pide o grupo municipal socialista, ten aí a iniciativa, pero, se quere, repítolla para rematar: é cumprir coa resolución aprobada pola Federación Galega de Municipios e Provincias no ano 2019 para que a Xunta de Galicia e a Consellería de Educación se faga cargo das súas competencias e libere os concellos de ter que asumir cos seus fondos a xestión destes conservatorios profesionais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO: ... de música.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Noa Presas Bergantiños e tres deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da regulación por lei do dereito ao acceso da poboación á enerxía

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación

O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«1. Demandar do Goberno central que as medidas extraordinarias aplicables ás situacións de vulnerabilidade económica e social recollidas no Real decreto-Lei 8/2021, de 4 de maio, polo que se

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

adoptan medidas urxentes na orde sanitaria, social e xurisdiccional, a aplicar tras a finalización da vixencia do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SRAS-CoV-2, polas que se impide facer cortes de subministro aos beneficiarios do bono social, se regule sen data de finalización e se amplíe para as subministracións básicas de auga e gas.»

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Tal e como falamos ao longo do día de hoxe, Galiza está sufrindo nestes momentos a maior suba de prezos dos últimos 30 anos, e, desde logo, hai que insistir nunha cuestión, que é que tan rápido como están a subir os prezos en diferentes ámbitos, está a incrementarse tamén ao mesmo ritmo ou máis rápido o empobrecemento da sociedade. E iso require dun Goberno que estea actuante ante os problemas que ten o seu país. Pola contra, xa vimos hoxe, especialmente na comparecencia do señor Feijóo, que temos un Goberno que basicamente está centrado en facer propaganda e en resolver os propios problemas do Partido Popular, buscando a supervivencia das súas siglas no lugar de estar centrado en buscar a supervivencia da xente que peor o está pasando neste país. *(Aplausos.)*

E, mentres, pois a situación é insoportable. É insoportable en todos os ámbitos, pero hai un en que é especialmente insoportable, o enerxético, e iso é así precisamente porque, sen acceso a enerxía, ninguén pode vivir dignamente. E, ante esta situación, ¿que están a facer os gobernos?

Pois, por unha banda, quen máis capacidade de actuación inmediata tería, o Goberno central, xa vemos que está absolutamente noqueado, que basicamente se dedica a cada dous por tres dar un titular diferente buscando a confusión e buscando dar unha sensación irreal de que está facendo algo, cando en realidade o que está facendo é dilatar no tempo tomar ningunha medida; para mostra un botón: hoxe mesmo reunido co propio *lobbie* eléctrico para dicirnos xa que todo o mundo tranquilo, que aquí os beneficios das grandes eléctricas non se van tocar.

E o Partido Popular, pois basicamente máis do mesmo. Coas súas decisións políticas xa ao longo destes anos fixo que vivamos no disparate de que, pese a sermos un país rico en produción enerxética, teñamos cada vez máis xente con problemas para pagar a súa factura, senón que non exerce as súas competencias propias, ese autogoberno que tanto proclama noutras ocasións para mitigar esa situación; prefire estar quieto, esperando, buscando culpables, que é o que mellor se lle dá ao Partido Popular.

Pero, desde logo, no Bloque Nacionalista Galego estamos convencidas de que a situación non está para quedar parados. E por iso, fronte á inacción e fronte á falta de concreción, traemos hoxe propostas concretas. Á mañá precisamente o portavoz parlamentar do Grupo Popular pedíanos algunha proposta concreta que non fose nacionalizar o sistema eléctrico, porque é

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moi cómodo para o Partido Popular quedar na caricatura, como se aquí simplemente trouxésemos as propostas máis estratéxicas, que por suposto non renunciamos a elas, se o sistema estivese controlado desde o público non estariamos nunha situación tan preocupante, desde logo. Pero, en todo caso, traemos aquí propostas moi concretas e moi tanxibles no inmediato, tal e como se dicía hoxe pola mañá, que a golpe de DOG sería posible. Desde logo xa hai un anaco nos dicían que non a unha, veremos que fan coas propostas que traemos hoxe para algo tan elemental como garantir o acceso á enerxía das persoas que menos posibilidades están tendo, e para iso propoñemos unha cousa moi concreta, que é triplicar o orzamento destinado para as axudas directas aos consumidores máis vulnerables.

Porque, desde logo, insisto: se unha inflación disparada é un problema económico-social de primeira orde, desde logo, no ámbito enerxético aínda máis grave é a situación.

En primeiro lugar, hai que falar brevemente tamén de que isto é así porque hai un problema estrutural de fondo, que é que aquí a enerxía neste país non é un ben público. A enerxía neste país foi convertida nun ben de especulación privado do *lobbie* eléctrico, nun modelo enerxético absolutamente corrompido no que mandan máis as eléctricas que os gobernos, un modelo que é unha estafa en si mesmo, como demostra que paguemos a enerxía eléctrica segundo o prezo que marca a tecnoloxía máis cara. Ademais disto, hai cuestións concretas do contexto actual que empeoran a situación, pero, desde logo, é necesario que hoxe insistamos, en segundo lugar, en falar de que a suba de prezos da enerxía eléctrica ten un efecto dominó no resto dos prezos e no resto da economía. Por iso insistimos en que habería que tamén intervir os prezos, porque hai que recordar que no 2021 batemos todos os récords de prezo de enerxía, superando a media anual dos 119 euros. Pero é que no que vai de 2022 —insisto, no que vai de 2022— xa se duplicou o récord de 2021; é dicir, que a situación está empeorando e moito. E isto repercute en todo, incluso nas cuestións máis elementais, como os alimentos.

Por iso, insistimos, en terceiro lugar, en que a suba dos prezos enerxéticos e a dificultade no acceso da xente a un ben tan básico como é a enerxía pois é especialmente grave do punto de vista social. É especialmente grave porque o que fai é precisamente agravar drasticamente a desigualdade social, porque iso, o que mal chamamos pobreza enerxética, non é algo minoritario. Hoxe en día, pagar unha factura da luz é un problema para a maioría da sociedade galega —repito— é un problema para a maioría da sociedade galega; non lle pasa a unha minoría, e, aínda que fose para unha minoría, sería un problema de primeira orde, pero é que a maioría dos galegos e galegas teñen hoxe un problema para pagar a factura da luz. Isto é algo que percibimos calquera falando no día a día cos nosos veciños na barra do bar, onde sexa, pero é que os datos están aí tamén. Insisto, a Rede Galega contra a Pobreza dicía xa no seu último informe que máis de 700.00 persoas do noso país, máis dun cuarto dos galegos e galegas estaban en risco de exclusión social no ano 2020; e que, ademais, se aumentaba a xente en carencia, en privación material severa e que se aumentaba dun 6 a máis dun 9 % a porcentaxe de fogares que non poden ter o seu fogar —valla a redundancia— a unha temperatura adecuada. Esta é a situación de onte, de hai ano e pico, cando aínda non se reflectía o impacto total da pandemia. Imaxinemos como é a situación dos galegos e galegas hoxe que hai ese impacto total da crise da pandemia e que hai o impacto desta suba de prezos.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Desde logo é a tormenta perfecta para un aumento drástico da pobreza, iso é innegable. É innegable esta situación. E ante esta situación hai que facerse unha pregunta, que é basicamente: ¿que facemos para mitigar este problema e para que a xente poida acceder a algo tan básico como a enerxía para ter unha vida digna?

Desde logo, entendemos que os gobernos non están á altura das circunstancias, e, desde logo, o panorama se non é alentador respecto ao Goberno central, que dilata ata o próximo día 30 tomar algunha medida, pensemos que calquera medida que se tome non se vai reflectir na factura ata o mes de maio, iso é gravísimo, significa que vai haber moita xente coa factura en febreiro, marzo e abril nunha situación extrema. Pero é que o certo é que a Xunta de Galiza, máis alá de empregar este Parlamento como plataforma electoral, pois tampouco está poñendo solucións enriba da mesa. De feito, o que fai é basicamente a propaganda, e desde logo vou dedicar a miña última parte da intervención en explicar a propaganda da Xunta e cal é a proposta do BNG, que imaxino que o coñecen porque eu sospeito que se inspiraron un pouco para a literatura, non para concreción, do que acordaron no pasado Consello da Xunta.

Vexamos. Ata día de hoxe, a Xunta basicamente tiña un recurso ou empregaba un recurso para complementar a protección social do ámbito do Estado en materia enerxética. Entón no Estado hai un bono social eléctrico e a Xunta complementaba cunhas axudas para evitar os cortes. Ata aí, estupendo, un modelo con moitas debilidades porque chegaba, chegou no ano 2021, segundo os propios datos da Xunta, a cinco mil e pico persoas, cando hai máis de 44.000 fogares con privación material severa segundo o propio Instituto Galego de Estatística. Polo tanto, chega a menos de un 12 % do público, digamos, máis necesitado. Entón, esas axudas que o Goberno galego volveu sacar este ano por 1,9 millóns de euros estaban aí. E despois hai outra cuestión, que é o bono social térmico do Estado, que transferiu no mes de decembro 13 millóns de euros á comunidade autónoma para que xestionase un reforzo dese bono social eléctrico. E de repente vimos esa gran proposta do Goberno galego do pasado Consello da Xunta, que o señor Feijóo, que olvidou a calculadora, hoxe pola mañá díxonos que ían triplicar as axudas, triplicar a contía de 13 millóns de euros non é engadir só 6 millóns de euros. En todo caso, xa que por fin o Goberno galego rectifica e espreme algo do seu autogoberno para incrementar unha axuda social, dariamoslle a benvida, pero a cuestión é que é absolutamente insuficiente, entón convidamos a que collan a proposta íntegra que fai o Bloque Nacionalista Galego e a que tripliquen as axudas existentes. *(Aplausos.)* É dicir, a axuda complementaria para evitar os cortes debería pasar de 1,9 millóns de euros a seis, e a axuda para reforzar o bono social térmico do Estado que, efectivamente, é absolutamente insuficiente, pois debería incrementarse en 26 millóns de euros máis. Porque o certo é que o que hai non chega nin a unha parte moi, moi mínima da xente que necesita axuda; e volvo poñer o exemplo das axudas aos cortes, chegou a 5.278 familias no 2021 e non cobre nin sequera as 7.200 que percibían a Risga, tamén segundo os propios datos da Xunta, no 21 ou os máis de 16.000 fogares que percibían o ingreso mínimo vital.

Polo tanto, propoñemos exercer ese autogoberno para facer de colchón social, aumentando o número de preceptores e preceptoras e incrementando as contías. E, por suposto, iso sen renunciar ás reivindicacións básicas ao Estado, como, por exemplo, que se prohiba permanentemente xa o corte de subministracións básicas, como a enerxía, o gas ou a luz.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, esta é a cuestión, Galiza ten capacidade para facer, para facer máis, e, desde logo, nós o que defendemos neste país é que o Goberno galego cumpra e que axude a facer valer Galiza nun momento no que cada vez hai máis persoas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... neste país que non poden ter nin o máis elemental, que é ter acceso a enerxía.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

A loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia nunca foi unha prioridade para os distintos gobernos encabezados por Núñez Feijóo na Xunta de Galicia. Unha situación límite para moitas persoas e fogares que aínda non se tiñan recuperado da crise de 2008 e unha situación que se viu agravada polas consecuencias económicas e sociais derivadas da pandemia provocada pola covid-19.

Segundo os datos do último informe publicado pola Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, sobre o estado da pobreza en Galicia no ano 2020, pois dinnos que en 2020 en Galicia tiñamos case 696.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social; é dicir, o 25,7 % da poboación total galega, case o 26 % da nosa poboación en 2020 estaba en situación de risco de pobreza ou exclusión social. Ademais, 1,4 puntos máis que en 2019.

A actual situación da escalada nos prezos da enerxía é un elemento que agrava aínda máis a situación económica dos fogares, pero especialmente daqueles fogares máis vulnerables que en 2020, segundo o mesmo informe, nos revela que había no noso país 598.000 persoas no umbral da pobreza. É dicir, 22,1% da poboación galega; 2,1 puntos máis que en 2019 e 1,1 puntos máis que para o conxunto do Estado.

Polo tanto, a situación de pobreza e exclusión social en Galicia xa eran alarmantes antes da pandemia, pero a Covid, a insuficiencia de políticas sociais, a inexistencia de políticas de acceso á vivenda agravaron a pobreza e a privación material severa nos fogares galegos. En 2020 chegamos a 44.442 fogares que se atopaban en Galicia en carencia material severa, segundo os datos publicados polo IGE, e que ademais son 4.330 fogares máis que había en 2019. E vostedes saben perfectamente que esa situación de carencia material severa dáse

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cando se ten carencia de polo menos 4 de 9 variables que se estudan, e entre esas atópase non poder permitir a vivenda cunha temperatura adecuada.

O mesmo informe da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social di literalmente que a emerxencia residencial ante a falla en Galicia de vivendas dignas e accesibles está impedindo *de facto* o éxito dos procesos e medidas de inclusión social e loita contra a pobreza. Xa que logo, ter unha vivenda en Galiza non é garantía de ter unha vida digna; igual que ter un traballo en Galicia tampouco é garantía para saír da pobreza.

O acceso ao emprego debería ser a ferramenta fundamental para saír da pobreza, pero a enquisa de condicións de vida elaborada polo INE reflicte que as persoas accederon de forma moi limitada ao emprego nos anos de recuperación económica anteriores ao confinamento e que as que atoparon emprego foi de baixa calidade e en condicións de precariedade laboral.

Recórdolles, seguramente que todos vós o saben perfectamente, pero recórdolles que, grazas ás políticas de emprego do Partido Popular de M. Rajoy no Estado, naceu a clase traballadora pobre. Pola contra, mentres as políticas de emprego adoptadas no Estado con Pedro Sánchez supuxeron que en 2021 se crearan en España 840.000 empregos nun ano, superando a ocupación prepandemia, cun crecemento dun 4,35 %, o maior nivel de emprego dende a crise de 2008, mentres que os datos para Galicia na nosa comunidade son dos peores de todas as comunidades autónomas, cun crecemento de só 0,96 %, sendo a terceira peor evolución de todas as comunidades autónomas, incluídas as cidades autónomas. E que, ademais, no cuarto trimestre de 2021, seguimos tendo en Galicia 50.900 fogares con todos os seus membros en paro ou 28.000 fogares sen ingresos.

Este datos, polo tanto, poñen de manifesto o fracaso das políticas económicas, sociais e de emprego da Xunta de Galicia do Partido Popular durante os 13 anos de Goberno de Núñez Feijóo, que, tendo a competencia exclusiva en servizos sociais, competencia en políticas activas de emprego, competencia en industria, no canto de contribuír a diminuír as desigualdades, se ten incrementado a fenda inicialmente existente, chegando, nalgúns casos, a considerarse situacións naturalizadas e, polo tanto, pasan de ser lacras a combater a feitos que aceptar.

E ademais, co incremento en máis de 1.500 millóns de euros no orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021 ata chegar aos 13.396 millóns de euros, grazas aos fondos provenientes do Estado e da Unión Europea, non supuxo que o Goberno galego puxera as medidas precisas para reverter esta situación. E neste exercicio 2022, cos orzamentos da Xunta de Galicia, que volven a acadar créditos históricos con 13.118 millóns de euros, unha vez máis grazas aos fondos que veñen do Estado e da Unión Europea, moitos deles finalistas para políticas de vivenda, para políticas de emprego e para axudas ás persoas máis vulnerables ou para a igualdade, entre outros, esperamos que este ano a Xunta de Galicia execute a totalidade destes orzamentos para reverter esta máis que preocupante situación dos fogares galegos.

Hoxe pola mañá o señor Puy dicíanos que eles partían das necesidades da xente. Pois, miren, señores e señoras do Partido Popular, díganlle á Xunta de Galicia que se aplique o conto, que

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

partan das necesidades da xente e que se pregunten, como dicía o señor presidente Feijóo, tamén hoxe pola mañá, se o labor que fan é útil para a cidadanía. Pois, miren, vostedes contan coa necesidade da xente, coas competencias que lle outorga o Estado de autonomía e cos orzamentos máis altos da historia, así que atendan as necesidades da nosa cidadanía e sexan útiles para as persoas que máis o necesitan. Si, señores e señoras do Partido Popular.

Mirade, o acceso á enerxía eléctrica é unha necesidade básica e, ante a escalada dos prezos da electricidade, o Goberno do Estado foi adoptando, xunto ao liderado europeo, distintas medidas. A rebaixa do IVE ao 10 %, a suspensión do imposto da produción de enerxía eléctrica ou outras rebaixas fiscais e de cargos na factura eléctrica, como o imposto especial á electricidade, que o baixan ao mínimo que se pode baixar, o 0,5 %, ou a redución do 80 % das peaxes da industria electrointensiva.

Vostedes saben que no Real decreto lei 897/2017 se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores en risco de exclusión social e aplicación do bono social. Pois ben, este real decreto foi modificado polo Real decreto 821 e, posteriormente, polo Real decreto lei 23/2021 de medidas urxentes en materia de enerxía para a protección dos consumidores.

A aprobación destes reais decretos supuxo que, ante a escalada da factura eléctrica, o Goberno do Estado actuase e atendese as necesidades das familias máis vulnerables, garantindo a subministración de auga, enerxía eléctrica e gas natural aos consumidores vulnerables, vulnerables severos ou en risco de exclusión social ata o 30 de xuño de 2022. Regulando o dereito á percepción do bono social por determinados colectivos que son considerados consumidores vulnerables por covid, como son en situación de desemprego, afectado por un expediente temporal de regulación de emprego, ou no caso de ser empresario que teña reducida a súa xornada por motivo de coidados ou doutras circunstancias similares que supoñan unha perda substancial de ingresos.

Incrementouse tamén a contía do bono social de electricidade; é dicir, o desconto da factura eléctrica, pasando dun 25 ao 60 % no desconto para consumidores vulnerables; pasando dun 40 ao 70 % para consumidores vulnerables severos; e, nos casos de consumidores en risco de exclusión social, entendendo que están nesta situación as persoas que están sendo atendidas polos servizos sociais ben dunha Administración autonómica ou ben da local que paguen polo menos o 50 % da factura, non terán que facer fronte á factura eléctrica; e, no caso de imposibilidade temporal para facer fronte ao pago, non se poderá interromper a subministración eléctrica.

É verdade que a maiores hai outro tipo de beneficios, como maior clarificación nas facturas; que os beneficiarios do bono social que conten cun período máis prolongado para facer fronte ás facturas impagadas; ou que tampouco se poderá interromper a subministración en caso de impago aos fogares acollidos ao bono social, nos que haxa polo menos un menor de 16 anos na unidade familiar ou se o consumidor ou un dos membros da súa unidade familiar, sexa persoa con discapacidade igual ou superior ao 30 % ou con grao de dependencia 2 ou 3.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ben, remato xa, señor presidente.

Os socialistas imos votar a favor desta proposición non de lei, entre outras cousas porque nós temos presentado iniciativas similares. Entendemos que as medidas aprobadas polo Goberno do Estado están ben, pero que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ... ultimamente e ante a situación da escalada dos prezos, son insuficientes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Polo tanto, imos votar a favor. Presentamos unha emenda que clarifica o punto número 1, e esperamos que sexa atendida e aceptada polo Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Bueno, vaia papelón, señora Rodríguez Rumbo. Mire, defínolle, definición de emerxencia: asunto ou situación imprevisible que requiren dunha especial atención e deben solucionarse o antes posible. Mire, vaia (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) papelón, un mes, un mes desde que comezou a guerra...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Silencio.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... e vostedes cero medidas, no ámbito enerxético nin no ámbito do combustible (*Aplausos.*) ¡Vaia papelón, señora Rodríguez Rumbo!

Mire, señora Presas, compartimos con vostedes a sensibilidade e a preocupación polas persoas que máis o necesitan, estamos de acordo, o que é inasumible o prezo da luz que están a pagar non só as familias, senón os autónomos, as pequenas empresas, as grandes empresas, que empregan moitos traballadores e que vén de lonxe; vén xa dende mediados do ano 2021, no que aprobou ese fatídico sistema novo de tarifas que provocou máis incremento no

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prezo da luz, por aquela uns 80 euros o megavatio/hora, hoxe —como ben dixo vostede— 300 euros megavatio/hora, con picos de ata 700 euros. Iso é inasumible, é inasumible o prezo dos combustibles a case 2 euros o litro da gasolina que provocan que case sexan un artigo de luxo. Todo iso provoca que o IPC estea no seu máximo histórico e que se prevé que siga subindo. Un escenario dantesco que provoca, parece ser, que o Goberno central estea ausente, non se pode dicir outra palabra, dicimos ausente ou anestesiado.

E, señora Presas, vostedes de novo equivócanse en identificar o responsable, unha vez máis acusan o Goberno da Xunta falseando a realidade. Esta mañá estivo aquí o presidente da Xunta comparecendo e explicando todas as medidas nesta materia, xustamente nesta materia, en tema de pobreza enerxética, aumentando o bono social eléctrico e o bono social térmico. Pero vostedes, coma sempre, identifican mal o responsable.

E vostedes que son tanto de crear lemas e teñen o último xa preparado para a próxima manifestación do día 3 de abril, falan de facerse valer. ¡Oian!, pois facerse valer, eu creo que o Bloque Nacionalista Galego podería facerse valer, ¿ou non? Vostedes cogobernan co PSOE en concellos e deputacións en Galicia, ademais de apoialos na investidura do Estado. ¡Oian!, eu creo que despois de non aprobar ningunha daquelas medidas firmadas por Adriana e Ana, eu creo que vostedes poderían cumprir o seu lema facéndose valer e rachando todos os gobernos nos concellos e nas deputacións. (*Aplausos*.) Iso é facerse valer ata que se aproben as súas medidas, claro que si, estamos de acordo.

Pero, mire, vostedes traen aquí unha serie de medidas, pero agochan as súas propias medidas, que son: a tarifa galega —ruinosa para os galegos— e a empresas pública de enerxía, que se basea en nacionalizar ou utilizar enerxías, non sei cales, porque non vale a eólica, non vale a térmica, non vale ningunha, a hidráulica tampouco, non sei con que enerxía crearían esa empresa pública de enerxía.

Pero, mire, eu vou entrar igualmente na iniciativa, voulle dar cumpridos motivos de por que lle imos votar que non, señora Presas, á súa iniciativa.

Miren, o primeiro punto, falan de regular por lei de forma permanente o impedimento dos cortes da luz. Xa a hai, dixeron aquí, está regulado por lei, ¡claro que está regulado por lei, señoría! E, en Galicia, fomos pioneiros, e complementouse cunha lei, que se aprobou de forma pioneira aquí no ano 2017, de garantía á enerxía eléctrica, que vostedes votaron... Vostede e máis eu fomos ponentes desa lei, e vostede votou e todo o seu grupo que non. E a señora Rodríguez Rumbo tamén, que estaba daquela neste Parlamento, votou que non, a cumprimentar o bono social cun 50 %. Iso só se fai en Galicia.

E as únicas familias en risco de vulnerabilidade social ás que non se lles pode cortar a luz, porque o 50 % o paga o Goberno da Xunta, é aquí en Galicia. Somos a única comunidade, a única. *(Aplausos.)* E iso que poñen na súa emenda xa se está facendo, señorías.

E fomos pioneiros dende o ano 2014 co tícket eléctrico social. E dende o ano 2014 ao ano 2021 as axudas ás familias ascenden a 6,35 millóns de euros, con máis de 27.000 familias beneficiadas.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, dende este ano 2022 están abertas xa dende o pasado 13 de xaneiro, 1,9 millóns de euros. É unha contía que vai ser ampliada e que se atenden todas as solicitudes. Vostede, señora Presas, fala aquí de que só se atenden un número de solicitudes, que non, que todas. Todas e, se hai que ampliar o presuposto, amplíase. Si, señorías.

E a maiores xestiónase tamén o bono social térmico para todas as familias galegas que no ano pasado 2021 se fixo un investimento de 13,1 millóns de euros.

Mire, cando vostede pedía tamén aquí estender ás persoas potencialmente beneficiarias do bono social eléctrico e térmico de Galicia —insisto— xa se adiantou, en Galicia xa se fai. E hoxe e no pasado Consello da Xunta o presidente Feijóo xa anunciou a complementación do bono social térmico en 100 euros. Si, señoría, xa se fai; polo tanto, medida máis que cumprida.

Impulsar medidas para a socialización destes recursos, insisto, señoría, no bono eléctrico aténdense todas as solicitudes, todas; todas as que cumpren os requisitos, claro, evidentemente. No ano 2021 pasouse de 1,3 millóns de euros que estaba orzamentado a 2,1 millóns de euros. Esa é a realidade. Por tanto, aténdense todas as solicitudes e ademais é unha tramitación áxil e transparente, e que conta con toda a colaboración e asistencia das entidades sociais, como Cruz Vermella ou Cáritas.

En canto o que di vostede de facer un estudo —xa estamos cos estudos do Bloque Nacionalista Galego—, nunca lle valen as... Vamos a ver, vostede fala aquí do INE, pero non, logo pide outro estudo, estamos sempre cos estudos. Xa existen estudos, e vostede... o que pasa é que os nomea aquí como os nomea. Vostede falaba dunha porcentaxe de fogares que non poden permitirse manter a vivenda a unha temperatura axeitada, 9,8 % en Galicia fronte ao 11,1 % dunha media nacional. Si, señoría, eu... É curioso porque vostede utiliza os datos como lle parece. Eu podo ensinarlle a estatística e, mire, se collemos os datos do 2006, ¿sabe cantos eran estes fogares en Galicia? ¿Quen gobernaba no 2006? ¡Ui!, o bipartito. Pois en Galicia daquela os fogares que non podían atender as súas demandas enerxéticas eran un 16,5 % e en España un 10,2 %. ¡Ah!, e gobernaba o Bloque Nacionalista Galego. ¿Como pode ser iso, señora Presas? ¡Ui, ui, ui! *(Aplausos.)* Non sei. Bueno, utiliza os datos como quere.

Miren, insisto. Cando fala vostede no seu último punto de comprometer unha reserva orzamentaria —insisto—, xa llo explicou ben, deu detalles esta mañá o presidente da Xunta aquí, cun plan de choque que se aprobou no pasado Consello da Xunta e que se vai ampliar. E explicoullo, vólvollo recordar eu porque parece que non lles quedou claro. Estas medidas, non sei cales non lles valen, porque estas medidas van nesa liña, señoría. Vostedes como din que non a todo, aínda que estean ben, din que non.

Miren, axilizar o lanzamento do bono social térmico para axudar aos fogares a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña que se intensificaron nos últimos meses. Trátase dun investimento de 13,1 millóns de euros que chegará a máis de 64.400 fogares vulnerables e que se realizará a través dun ingreso directo na conta das familias beneficiarias, que son as mesmas que xa contan con descontos nas súas facturas da luz grazas ao bono social eléctrico. Aprobouse tamén un complemento extraordinario de 100 euros para reforzar a contía

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do bono social térmico. E será posible grazas á habilitación duns fondos adicionais de 6,6 millóns de euros que elevan un investimento total nesta medida aos 19,7 millóns de euros.

Eu creo que nesta liña e nas súas competencias, que son as competencias que ten a Xunta de Galicia, o Goberno da Xunta de Galicia actuou. ¿Que Goberno non actuou? O Goberno central, señora Presas. É iso o que tiña que estar hoxe aquí reclamando. Vostede sabe que as medidas para rebaixar a factura eléctrica pasan por medidas que ten que implementar o Goberno estatal, e pasan por tocar o sistema eléctrico —si, a factura—. Claro que si. Terá que rebaixar impostos ou teranse que sacar certos custos que están na factura enerxética, que non pintan nada, por certo, doutros gobernos que vostedes tamén apoiaron no pasado... Si, si, o déficit de tarifa das primas das renovables. Si, dese Goberno do señor Zapatero que tamén apoiaron daquela. Entón, podería sacarse iso; podería desvincularse o PVPC como xa se pediu dende aquí do mercado maiorista, esa é outra das medidas que se podería facer. ¿E de quen é responsabilidade? É responsabilidade do Goberno central. Esas son as medidas que abaratarían a factura eléctrica, como vostede di, de todos os consumidores que hoxe o están pasando francamente mal, non o están pasando só mal as persoas vulnerables que... É que non lle complementa... Miren, señorías, o bono social non chega a complementar a subida da factura eléctrica, esa é a realidade. Esa é a realidade, por iso desde aquí se vai axudar máis. O que non pode facerse, señora Presas, é que os prezos da enerxía diarios estean en 200, 300, e vostedes a pancarta só a sacan cando é para acusar a Xunta de Galicia. Si, señoría, esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Miren, o Goberno ten que sentarse e ten que falar... O outro día houbo unha conferencia sectorial coas comunidades autónomas e cero medidas. Oia, señora Rodríguez Rumbo, vostede que defende tanto o diálogo e que se atendan as súas propostas. É que o Goberno o outro día cero propostas. Oia, non pode ser que convoquemos todos os conselleiros de Economía e Industria a unha conferencia sectorial para falar do tema enerxético e non se faga ningunha proposta. ¿Cando se van anunciar? Nun mitin. Nun mitin deses do Partido Socialista, esa é a realidade.

Mire, señora Presas, eu creo que lle dei cumpridas explicacións do que se está a facer aquí, no ámbito das competencias da Xunta de Galicia actuouse, actuouse con rapidez, anticipándose a calquera outra comunidade e, por suposto, ao Goberno central. Creo que somos pioneiros en medidas de complementación do bono social dende hai moitos anos, e esa é a realidade. Agora, o seguinte paso e que debería estar facendo xa o Goberno central dende hai moitos meses, non dende que empezou a invasión en Ucraína por parte de Rusia. Non, non, é que o prezo da luz leva subindo desorbitadamente dende mediados do ano pasado...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ... e non se fixo nada.

Polo tanto, eu creo que debería identificar ben os responsables, señora Presas, unha vez máis, non equivocarse, e seguro que todos os cidadáns galegos o entenderán.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, case me emociona na primeira parte da súa intervención, porque vexo que cada vez na crítica ao modelo eléctrico estatal o Partido Popular de Galiza de vez en cando vaise aproximando ao BNG; pensei que seguía nesa liña de rectificación de agora pedir tamén o IVE súper reducido da enerxía despois de votar sistematicamente en contra, pero logo xa vin que daba marcha atrás e teño unha mala noticia para vostede. Non sei se lle molestan máis as pancartas ou as propostas concretas, pero desde o Bloque Nacionalista Galego imos seguir coas dúas, saíndo á rúa cando faga falta e traendo propostas concretas pleno tras pleno, tras pleno. *(Aplausos.)* Porque iso é o que necesitan os galegos e galegas nun momento no que a maioría deste país ten o pescozo afogado pola situación socioeconómica e vostedes teñen capacidade de actuar e non o queren facer.

E, miren, non nos equivocamos de responsables. Hai responsabilidade nalgunhas cuestións por parte do Goberno central, pero hai unha gran irresponsabilidade da Xunta de Galiza por ter capacidade de actuar en cuestións concretas e non querer facelas. E, miren, non llelo imos consentir, porque desde logo hai propostas, e tamén van na iniciativa algunhas delas, para o ámbito do Estado, pero hai moito que podía facer a Xunta e vostedes non queren facer.

E, mire, cando traemos propostas máis do punto de vista estratéxico ou que teñen que ver máis co modelo eléctrico e, polo tanto, coas competencias estatais, vostedes votan en contra; cando traemos propostas que teñen que ver coas súas competencias directas, votan tamén en contra porque non queren facer nada.

E, desde logo, non me vai distraer do fondo, vou explicar por que vostedes son os do non. Miren, mentiu pola mañá Feijóo e agora vostede tamén manipulou a realidade.

Primeiro. O que se pide aquí de prohibir de forma permanente e por lei os cortes das subministracións básicas de auga, gas, electricidade, lamentablemente é algo que só pode facer o Estado. Incluso o propio presidente da Xunta hoxe pola mañá instaba o Goberno central a prorrogar de comezo do verán a final de ano as medidas extraordinarias da cuestión enerxética. Nós concordamos con iso, xa o temos pedido e, desde logo, pedimos tamén que se amplíe iso e que xa por fin o corte da subministración, que é unha cuestión básica, elemental e un dereito, que se regule de forma permanente.

En segundo lugar, claro, vostede fala aquí das axudas aos cortes de subministración e ten que outra vez, como o señor Feijóo, dar a cifra desde 2014; porque se imos á cifra de 2021 ¿que pasa? Que vemos que habendo máis de 44.000 fogares que non son quen de ter a temperatura da súa casa a uns niveis adecuados, as axudas da Xunta foron 5.000; habendo máis de 7.000 persoas que reciben o recurso da Risga e máis de 13.000 que reciben o Ingreso Mí-

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nimo Vital, que son circunstancias económicas que é que non están boiantes de axuda económica, pois só hai 5.000 complementos a ese bono social eléctrico. Esa é a realidade da axuda da Xunta. E, de feito, o que é xa delitivo é que o ano pasado vostedes tiveran que facer dúas ampliacións de crédito ata chegar, efectivamente, aos 2,1 millóns de euros... ¿E canto orzan nos orzamentos de 2022? ¿É un Goberno previsor e rigoroso que ve que a situación económica empeora e que polo tanto hai que orzar máis? Non, collen e orzan tamén 1,9 millóns de euros. ¿Para que? Para facer logo propaganda cando teñan que facer unha ampliación de crédito, como facían antes coa Risga, que saben que van necesitar máis e poñen menos no orzamento para despois vir aquí a facer propaganda coas necesidades sociais deste país. *(Aplausos.)*

E, en todo caso, non anunciaron, non aprobaron no pasado Consello da Xunta nin anunciou hoxe aquí o señor presidente nada respecto das axudas aos cortes. ¿Nós que pedimos? Que se triplique a contía, que chegue aos 6 millóns de euros. ¿Parécelles a vostedes demasiado investir dos máis de 11.000 millóns de euros do orzamento da Xunta, facer unha modificación orzamentaria para que 4 millóns estean blindados para axudar os galegos e galegas que poden estar en risco de corte de enerxía? Pois a nós desde logo non nos parece que sexa tanto pedir.

E respecto do bono térmico é tamén delitivo. Primeiro, porque manipulan: non están triplicando a contía; se triplican a contía, hai que apostar por suplementar 26 millóns de euros. Pero é que, en todo caso, a cuestión é que eses 13 millóns de euros dos que vostede fala e que transferiu o Estado están aínda sen publicar no DOG. Estamos en marzo e esas axudas non saíron no *Diario Oficial de Galiza*; esas axudas que o Goberno galego teoricamente vai ampliar aínda non saíron publicadas no *Diario Oficial de Galiza*, señora Nóvoa. Se queren axilizar, axilicen de verdade. Estamos en marzo, publíquenas no *Diario Oficial de Galiza*.

¿E nós que dicimos? Non chega co que hai, hai que aumentar os recursos económicos. E por suposto que hai que aspirar a que os beneficiarios sexan máis, porque esas axudas teñen un problema de fondo, que están dirixidas a quen xa ten a axuda do Estado. ¿E cal é o problema da axuda do Estado? Que tal e como está configurada, por iso tamén temos pedido en reiteradas ocasións a súa revisión, chega a unha parte moi minoritaria. Hai máis de 700.000 galegos e galegas en risco de exclusión social, que teñen un problema serio para pagar a factura, e o bono social do Estado non chega nin a 100.000. Esa é a realidade. Entón, poden vostedes conformarse, poden vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... botar a culpa ao Goberno central ou poden usar o autogoberno para axudar aos galegos e galegas, que é o que propón o BNG con esta iniciativa, porque hai capacidade por parte da Xunta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... e, se non o fan, é porque non hai vontade política.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto da emenda, confío en que de hoxe a mañá poidamos concretar unha redacción que contente as partes e que poidamos chegar a un acordo co Partido Socialista.

E para rematar telegraficamente,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... se me permite o señor presidente, pasa das 8 da tarde e non quería rematar sen recordar que nestes mesmos momentos en máis de 20 localidades o feminismo deste país está reclamando que o asasinato cometido hai uns días en Barro é un feminicidio con todas as letras, que así ten que computar nas estatísticas e que temos que seguir avanzando polo recoñecemento da violencia machista...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... en todas as súas esferas, tamén fóra do ámbito da parella cando de fondo hai un motivo de acoso continuado por culpa da vixencia do patriarcado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Rematamos a sesión ata mañá ás 10 da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e dezaseis minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-dA8aRebhk-4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/